

CATÁLOGO
DE LIBROS

2026



EDITORIAL

TOXOSOUTOS

CATÁLOGO



www.toxosoutos.com

2026

editorial@toxosoutos.com

www.toxosoutos.com

ÍNDICE

SERIE KELTIA	5
SERIE TRIVIUM	14
OS BARBANZONS	24
OS PEQUENOS BARBAZONS	25
GALICIA EN CÓMIC	26
ANAIS	27
NUME	29
NARRATIVA HISTÓRICA	66
MEMORALIA	69
TRASMONTES	72
FASQUÍA	75
CADERNOS CRUCEIRO DO REGO	78
DIVULGACIÓN E ENSAIO	81
SERIE ESMORGA	93
LETRA INVERSA	98
COLECCIÓN SEITURA	107
ENSINO	109
FÓRA DE COLECCIÓN	116
COLECCIÓN DELFÍN	129
PONTO BÁSICO	132
PALESTRA	134
BIBLIOTECA FILOLÓGICA	135
COLECCIÓN LINGÜÍSTICA	138
CUCO REI	139

Distribución

TOXOSOUTOS, S.L. • Galiza

CONSORCIO EDITORIAL GALEGO • Galiza

AZETA DISTRIBUCIONES • España



CONTOS E LENDAS DOS PAÍSES CELTAS. Nº 1 (3ª edición)


Autor: **Jean Markale**
372 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-89129-47-9

PVP: **18 €**

Versión en galego e castelán



A tradición popular oral é unha das riquezas do patrimonio da humanidade. Desprezados ou descoñecidos durante moito tempo, os contos e os relatos lendarios espallados por vía oral no decurso dos séculos foron conservados pola memoria dos nosos ancestrs. Recollidos a partir do século XIX e hoxe afortunadamente rehabilitados, estes contos e relatos pola súa autenticidade, pola súa marxinalidade, e pola súa actualidade nunca desmentida, fannos comprender mellor a nosa civilización e como se pode humanizar unha sociedade industrial universalizada cunha reflexión específica sobre a vida cotiá e o destino humano.



OS CELTAS. Os deuses esquecidos. Nº 2 (2ª edición)

Autor: **Marcel Brasseur**
236 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-89129-60-6


PVP: **17 €**

Versión en galego e castelán



Quen sabe, aínda hoxe, que o universo mental dos Celtas, os nosos antepasados, é o produto da fusión de dúas culturas: aquela dos agricultores neolíticos dos megalitos, sedentarios, adoradores da Terra-Nai e do deus fecundante da Tempestade, e aquela dos indoeuropeos, pobo guerreiro cun panteón de cinco deuses activos?

Despregándose dende a chaira do Póntico norte, eles conquistaron o mundo, dende a India ata Irlanda, hai xa moito tempo... Esta grandiosa simbiose deulle forma ao Occidente céltico, ese imperio abortado, pola romanización, despois a cristianización, aniquilando ata a lembranza dun modo de pensar.



COCIÑA CELTA E O POTE MÁXICO. Nº 3


Autores: **Jean Markale** e **Valerie Jones**
224 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-89129-64-9

PVP: **17 €**

Versión en galego e castelán



Coñecer os autores da cociña celta nas súas diferentes facetas, comprender a súa historia, o seu simbolismo, os seus segredos de fabricación; saber o que representa o xabaril na mitoloxía celta, cómo se prepara, etc... Tales son os misterios que aquí nos confía o historiador Jean Markale, nome que nos é familiar como bardo das tradicións celtas, mentres que a cociñeira é a alumna das feiticeiras verdes dos outeiros, a vulgar polas súas receitas máis habituais aos produtos caseiros que aos refinamentos da nova cociña. E o poeta? –preguntáranse– Quen é o misterioso paxe que segue paso a paso a este gran bardo?



CONTOS PILLEIRENTOS I. Nº 4

Autor: **Philippe Camby**
136 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-89129-67-3

PVP: **11 €**



A través da lectura da compilación dos contos e lendas da tradición oral bretoa, levada a cabo durante anos, podemos pensar que os bretóns eran uns seres «supersticiosos, esaxeradamente místicos e melancólicos ata a desesperación». Hai que ter en conta que era normal que os colectores deixasen para os seus adentros, ou ignorasen dalgún xeito, outras formas máis «relegadas» dentro da tradición.

Estes contos pilleirentos están precedidos dun limiar de Pierre Dubois e dunha introdución, a modo de investigación, realizada por Philippe Camby.



CONTOS PILLEIRENTOS II. Nº 5

Autor: **Philippe Camby**
136 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-89129-67-3

PVP: **11 €**



Á serie de historias sobre enganadores-enganados, cregos corruptos, herdeiros cretinos, cornudos resignados e doncelas arteiras que xa se nos presentara no primeiro tomo de *Contos Pilleirentos Bretóns*, engádeselle agora un rosario de contos sobre parvos e malpocados de toda condición, falsos santos, cregos comellóns coma eles sós, criados máis renartes que os amos, monxas indecentes e avarentos sen intención de reformarse.



ALENTO DE GAITA. O sopro dun pobo. Nº 6


Autor: **Óscar Losada Castro**
130 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-89129-05-3

PVP: **12 €**

Versión en galego e castelán



É unha peza musical, fóra das construcións pentagramáticas que, derramando notas con categoría de anécdotas, acaban convertidas en historia. Historia de historias feitas con figuras de cores debuxadas por Brueghel, por Van Dick, con relevos pétreos de igrexas ou mosteiros que, abrandados pon ondas, lévannos de Rosalía a Curros, de Shakespeare a Rabelais para, arrastrados polo «fraitista» de Hamelin, incorporárnos a unha gran pantalla na que escoitar Laparadas arripiándonos, como mareas vivas, do exército das tebras.




ARTE CELTA.
Os métodos de elaboración. Nº 7

Autor: **George Bain**
260 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-95622-04-1

PVP: **17 €**



Os principios de elaboración da Arte Celta foron redescubertos a mediados do século XX por George Bain. Antes do seu traballo, os complexos nós, os entrelazados e espirais empregados na iluminación do Libro de Kells, na artesanía decorativa e na xoiería semellaban case imposibles, «obra dos anxos». Nesta obra pioneira, George Bain amosa como estes métodos simples, non máis difíciles que os empregados no bordado, eran utilizados para crear algunhas das obras de arte máis fermosas xamais vistas. Así mesmo, explica como empregar estes principios na recreación de obxectos feitos polo home e na creación dos nosos propios deseños celtas, para o seu uso artístico, artesanal ou incluso recreativo.




A CIVILIZACIÓN MEGALÍTICA.
Dolmens e menhires. Nº 8

Autor: **Jean Markale**
346 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-95622-05-X

PVP: **18 €**



Considerados na época romántica como os «altares druídas» ou como as «pedras do sacrificio», os dolmens, estas mesas de pedra xurdidas nun pasado afastado, así coma os menhires, os aliñamentos e os *cromlechs*, alimentaron tanto a imaxinación popular como as especulacións científicas. Cómpre recoñecer que estes monumentos megalíticos, polo seu aspecto estraño, polas súas dimensións a miúdo imponentes e pola ausencia de toda referencia histórica, sorprendían. Abundan as lendas sobre a orixe da súa construción por seres fantásticos, fadas ou demos. Poboraron de trasgos, de *Korrigans* ou de pantamasas.



OS MISTERIOSOS CAMIÑOS DE COMPOSTELA. Nº 9

Autor: **Louis Charpentier**
266 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-95622-06-8

PVP: **17 €**



Durante moito tempo pensamos que a viaxe a Compostela «nacera» [ou «inventárase»] no século IX, cando o mundo cristián descubriu a tumba de Santiago, alí, na costa cantábrica, ao norte de España. Pero, entón... Por que existen numerosos vestixios de arquitectura e de escritura que indican a presenza dunha ruta, dun camiño iniciático, dende a orixe da Historia? Homes que camiñaban ata aquelas afastadas ribeiras na busca de mensaxes que deixaran os mariñeiros «atlantes»...



A SAGA DA ILLA SEN NOITE. Nº 10


Autor: **Xoán Bernárdez Vilar**
166 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-95622-10-6

PVP: **14 €**

Versión en galego e castelán



Por pouco que o poida parecer o presente relato é a reconstrución dun feito real, acontecido hai máis de once séculos, que tivo como consecuencia inmediata a creación dun país capaz de aportar ao patrimonio universal unha das literaturas máis fermosas e admirables. O acontecemento recompoñémolo nestas páxinas tratando de ser fieis en todo momento ao que sobre el refiren os diferentes textos e códices existentes, máis ou menos próximos ao tempo no que aconteceu, logo de esforzarnos en conseguir a debida coherencia interpretativa dos informes –ás veces en aparente contradición, e sempre concisos– que conteñen.



OS CELTAS.
Os guerreiros esquecidos. Nº 11


Autor: **Marcel Brasseur**
246 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-95622-20-3

PVP: **14 €**

Versión en galego e castelán



O mundo celta tamén tivo sentido a través da guerra, os pequenos clans nunca deixaron de loitar entre eles, ou contra o poderoso inimigo romano. Como loitaban? Que armas usaban? Que tipo de estratexias empuxían no campo de batalla? Brasseur fai unha análise pormenorizada de todo isto paseando, tranquilamente, pola historia deste pobo indoeuropeo e usa, co máximo rigor posible, as fontes que a Historia deixou ao noso alcance, fundamentalmente a arqueoloxía e os textos de César, Polibio, Suetonio, Tito Livio e a pléiade de clásicos que ilustraron o noso pasado.



A MULLER CELTA.
Espírito e misterio. Nº 12


Autor: **Edain McCoy**
360 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 84-95622-23-8

PVP: **16 €**



«Esta muller guerreira sabe cando loitar coma un león... A coraxe da súas accións é o seu escudo, a súa alma é a súa lanza, e a súa vontade a súa fonte de sabedoría».

Moitas mulleres andan a buscar unha imaxe do divino que reflecta como queren ser: fortes, creadoras e femininas. Atopándose a si mesmas na espiritualidade céltica, unha tradición que louva tódolos aspectos da divindade feminina.

**OS CELTAS.****Os heroes esquecidos. Nº 13**Autor: **Marcel Brasseur**

276 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-95622-36-X

PVP: **16 €**

As grandes culturas do mundo antigo proxectan modelos que trascenden ás sociedades que os crean, xa porque cada unha das familias culturais que se van afastando do tronco teñen ese xérmolo, ou simplemente porque o ser humano ten un mecanismo atávico que fai reproducir esquemas semellantes en calquera parte do planeta. A obra mostra isto comezando polo Gilgamesh, viaxa con Ulises no retorno a Ítaca e mergúlanos na batalla de Mag Tured da man da ideoloxía trifuncional de Dumézil e do modelo de Propp.

**¿QUEN FORON OS CELTAS? Nº 14**Autor: **VV.AA.**

68 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-95622-41-6

PVP: **10 €**

A mediados do século XX, durante tres estacións ao longo de varios anos, Radio Éireann xuntou o mellor da erudición e da ciencia irlandesa para dar a coñecer durante charlas de media hora, a cultura celta dun xeito popular. Aquí presentamos as seis máis representativas.

**SERES GALEGOS DAS AUGAS.****Mitoloxía comparada. Nº 15**Autor: **Xoán Xosé Teijeiro Rey**

218 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-95622-49-1

PVP: **15 €**

Versión en galego e castelán



Sabiades que os bois das augas podían ficar encantados a xeito de illeiros no mar? Que existen trasnos piratas na nosa terra? Que as Aureanas ou Anas se atopan en todo o mundo cuns nomes moi parellos aos nosos? Que hai cabalos, pantanmas, que conducen ás xentes cara o país dos mortos?

Esta temática forma parte dos dezaseis seres míticos acuáticos que se presentan neste libro escollidos ao chou de entre os moitos existentes en Galiza.

**MITOS E LENDAS CELTAS. Nº 16**Autor: **Eoin Neeson**

226 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-95622-50-5

PVP: **15 €**

Un dos aspectos máis significativos dos mitos irlandeses é que foron recollidos antes de que nacese a literatura da Europa moderna e cando a enerxía literaria do mundo clásico xa morrera. Estas lendas constitúen unha conexión entre as dúas tradicións literarias e foron recollidas primeiro en forma escrita na Irlanda paleocristiá, que non sentira o influxo directo de Roma. Estes primeiros escritos mitolóxicos foron rexistrados por un pobo para o cal estes relatos eran aínda unha forza vibrante nas súas vidas e que, quizais, herdara unha literatura rudimentaria derivada das antigas fontes celtas. Os homes que escribiron os mitos comezaron a emerxer como os primeiros eruditos clásicos do mundo moderno.

**BRITONIA: CAMIÑOS NOVOS. Nº 17**Autor: **Simon Young**

168 páx. (140x215 mm.)


ISBN: 84-95622-58-0

PVP: **15 €**

Versión en galego e castelán



Este é un estudio sobre Britonia, un asentamento celto-británico do noroeste da Península no alto medioevo. Moitos historiadores de calidade como, por exemplo, Pierre David e Antonio García y García, aportaron valiosas contribucións sobre Britonia. Pero a tese deste libro é que o corpus establecido por estes especialistas é limitado. Neste traballo, o autor, combinando elementos da civilización celto-británica e do medioevo galego, achégase a esta área xa ben explorada da historia a través de rutas pouco usuais e inesperadas: a toponimia, a antroponimia, o folclore, documentación medieval anteriormente desatendida e a comparación coa diáspora celto-británica noutras rexións de Europa.

**OS CELTAS EN GALICIA****Arqueoloxía e política na creación da identidade galega. Nº 18**Autor: **Beatriz Díaz Santana**

196 páx. (140x215 mm.)


ISBN: 84-95622-73-4

PVP: **16 €**

Versión en galego e castelán



Excelente traballo de historiografía no que se conta o que moitos pensan mais case ninguén se atreve a dicir. Beatriz Díaz preséntanos un discurso revolucionario no que se rexunen teses do século XIX e se critica abertamente aos detractores do celtismo en Galiza con nomes e apelidos. O reduccionismo dos que defenden a terminoloxía de *cultura castrexa* fronte á lóxica dos celtiberistas que defenden a presenza dos celtas na Península. Galiza, desde o seu diferencialismo, non é unha *rara avis* dentro do contexto da cultura europea do bronce e do ferro.



LINGUAS E LITERATURAS CELTAS.

Orixe e evolución. Nº 19

Autor: **Ramón Sainero**

322 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-95622-85-8

PVP: **18 €**



Ramón Sainero é un reputado estudioso do celtismo e doutor en literatura celta. Ofrecenos aquí o estudo das primitivas linguas celtas, en especial do irlandés, lingua nacional de Irlanda, posuidora dunha literatura de gran beleza temática. Este é o primeiro libro que aporta un estudio detallado das linguas e literaturas celtas no seu pasado e no presente, ao tempo de ofrecer unha morfosintaxe básica da lingua celta cun método de pronunciación figurada –usando o alfabeto fonético internacional– das frases e oracións básicas de uso cotián da lingua gaélica, cousa pouco ou nada usual noutros métodos de ensino da mesma.



AS FESTAS CELTAS. Nº 20

Autores:

Françoise Le Roux e Christian-J. Guyonvarc'h

202 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-95622-87-4

PVP: **14 €**



Por vez primeira tradúcese a unha lingua do estado español unha obra de Christian-J. Guyonvarc'h e Françoise Le Roux. Estúdiáanse nela as catro festas celtas (Samain, Belteine, Imbolc e Lugnasad) a partir da base irlandesa medieval, que é, desde esa época ata o mundo contemporáneo, a única fonte válida de documentación e interpretación. Este traballo tamén supón a ocasión de subliñar a orixe polar da tradición céltica e esclarecer as relacións entre o tempo e a eternidade nas concepcións celtas sobre o outro mundo.



A ECONOMÍA DOS CELTAS DA HISPANIA ATLÁNTICA. I. Nº 21

Autor: **Jesús F. Torres Martínez (Kechu)**

406 páx. (215x140 mm.)

ISBN: 84-96259-18-8

PVP: **16 €**

Versión en galego e castelán



O traballo de campo de investigación etnoarqueolóxica que Kechu Torres está a realizar sobre a explotación de recursos económicos no norte da Península Ibérica desemboca nesta obra, que terá continuación nun segundo volume. Nela apórtanse interesantes datos sobre as actividades económicas dos pobos que habitaron o norte da Península Ibérica durante a Idade do Ferro. Para iso botouse man dos coñecementos arqueolóxicos, revisáronse criticamente os textos clásicos e empregáronse as técnicas da etnoarqueoloxía. Neste primeiro volume trátase a obtención de recursos naturais e o coñecemento do medioambiente antigo e a súa evolución, os cambios do clima e nos ecosistemas e cómo isto repercutía nos diferentes recursos.



A NECRÓPOLE CELTIBÉRICA DE VIÑAS DE PORTUGUÍ (OSMA, SORIA). Nº 22

Autor: **Carolina Fuentes Mascarell**

202 páx. (215x140 mm.)


ISBN: 84-96259-10-2

PVP: **14 €**

Versión en galego e castelán



A autora conseguiu, con este traballo, o Primeiro Premio de Investigación en Estudos Célticos outorgado polo Instituto de Estudos Celtas no ano 2003. Esta necrópole pode considerarse como un dos depósitos clásicos da Celtiberia. Escavado a comezos do século XX, fora obxecto de publicacións parciais, faltando unha síntese completa do mesmo. A obra aporta esta visión de conxunto apoiándose nos exnovais depositados no M.A.N. de Madrid e nas outras coleccións espalladas pola xeografía española.



OS CELTAS DA ANTIGA GALLAECIA. Nº 23

Autor: **Manuel Alberro**

186 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-19-6

PVP: **16 €**

Versión en galego e castelán



Obra interdisciplinaria que sintetiza todo o coñecido sobre este tema engadido ao comparativo sobre o mundo celta dos países atlánticos. Valioso libro de referencia, de extensa bibliografía que axudará aos interesados en profundizar no estudio desta área. Na obra engádense un número de selectas ilustracións referentes ao texto, algúns delas das máis espectaculares difundidas até o momento.



A VIAXE DE SAN BRANDÁN (NAVIGATIO SANCTI BRENDANI). Nº 24

Autores: **José Antonio González Marrero**

e **Fernando Lillo Redonet**

158 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-24-2

PVP: **15 €**



A Viaxe de San Brandán, coñecida polo texto latino *Navigatio Sancti Brendani Abbatis* (*Navegación do Abade San Brandán*) conta a extraordinaria viaxe polo Atlántico Norte que un grupo de monxes, liderados por San Brandán, realizou no século VI, en busca do paraíso na terra. Foi redactado por un monxe anónimo, tal vez arredor do 800 d.C., sendo moi pronto un verdadeiro *best seller* da literatura medieval. O traballo vai introducido por un estudo filolóxico. Trátase da primeira versión publicada en galego deste texto latino.



O CABALO NA CULTURA CELTA. Nº 25

Autores:

Sioned Davies e Nerys Ann Jones (coords.)


234 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-27-7

PVP: 14 €



O cabalo desenvolveu, dende a súa domesticación, un papel decisivo na historia da humanidade. Foi o responsable de revolucionar os medios de transporte e as técnicas de combate, e provocou, co tempo, importantes cambios sociais, económicos e culturais. Este libro investiga o mundo dos cabalos na cultura celta, tema ao que, ata o de agora, se lle prestou pouca atención por parte dos historiadores e especialistas en literatura. En xeral, o interese polos cabalos e a hípica na Europa medieval está aumentando, pero faise pouco uso das fontes galesas. É unha publicación importante non soamente *per se*, senón tamén nun contexto máis amplo do desenvolvemento da equitación e das tácticas militares na Gran Bretaña e na Europa do medievo.



DRUÍDAS. Nº 26

Autor: **Anne Ross**

216 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-28-5

PVP: 14 €



No mundo celta antigo os druídas, que estaban no ápice das tres xerarquías de homes sabios, eran os homes máis instruídos da sociedade. Ostentaban o máximo poder e antepoñíanse aos propios reis (aínda que algúns tamén eran druídas). En contra das crenzas populares, o druidismo non era un apéndice máis da relixión celta senón que constituía unha relixión de por si.

A mellor canteira de información verbo dos druídas xace no prolífico material vernáculo de Irlanda e, en menor medida, de Gales. As complexas linguas celtas, a continua evolución da arte celta, a permanente paixón pola poesía e a complexidade métrica revelan a forza do pensamento druídico, da sabedoría e das ensinanzas.



ÁSTURES E ASTURIANOS. HISTORIOGRAFÍA DA IDADE DE FERRO EN ASTURIAS. Nº 27

Autor: **Carlos Marín Suárez**

228 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-53-6

PVP: 14 €

Versión en galego e castelán



Neste estudo repásanse desde a primeiras escavacións en castros na Asturias decimonónica, á implantación do "paradigma celta" no período franquista e a súa substitución por un cientifismo aséptico na actualidade. Pero sen olvidar que fóra da ciencia se deron na sociedade asturiana múltiples representacións históricas sobre o período prerromano, sexan as dos primeiros ilustrados, as de contido político por parte do rexionalismo conservador de comezos do S. XX e o nacionalismo de esquerdas actual ou as míticas da Asturias tradicional.



A ECONOMÍA DOS CELTAS DA HISPANIA ATLÁNTICA II. Nº 28

Autor: **Jesús F. Torres Martínez (Kechu)**

444 páx. (140x215 mm.)


ISBN: 84-96259-54-4

PVP: 17 €

Versión en galego e castelán



Este é o segundo volume da obra que xorde a partir do traballo de campo e a investigación arqueolóxica de Kechu Torres sobre a explotación de recursos económicos no norte da Península Ibérica. Este segundo volume profundiza sobre o tratamento que reciben os distintos recursos vexetais e animais no seu procesamento, conservación e almacenamento, e na elaboración de manufacturas. Aborda as obras de construción dos castros, as comunicacións, o comercio e a concepción tempo na Idade do Ferro. Tamén trata, desde a economía, a construción do territorio, da estrutura social e a proxección ideolóxica.



TÁIN BÓ CUALNGE (A RAZZIA DE GANDO DE CUALNGE). Nº 29

Autor: **Manuel Albero**

364 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-63-3


PVP: 18 €

Versión en galego e castelán



Táin Bó Cuailnge, a obra magna da Literatura clásica de Irlanda e saga épica central do Ciclo Ulster, reflicte a tradición oral, a mitoloxía, a relixión, a historia e os costumes e formas de vida da sociedade céltica de corte heroico da época pagá. O texto foi preservado oralmente polos filid, e recollido en manuscrito por monxes-escribas tras a cristianización de Irlanda no século V.

Unha adecuada edición e tradución dunha obra como esta require un profundo coñecemento das crenzas pagás, a Mitoloxía, a Relixión, e o Folclore do contexto onde ten lugar a acción. Algo que cremos que reúne o autor, e por iso nos compracemos de poder presentar aquí esta singular saga céltica, a primeira tradución que se fai ao galego de *Táin*.



OS CASTROS DE NEIXÓN BOIRO, A CORUÑA. Nº 30

Autor: **Xurxo M. Ayán Vila (coord.)**

378 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-71-4

PVP: 16 €



Este libro pretende acadar un triple obxectivo. En primeiro lugar, procúrase encher o baleiro bibliográfico existente sobre Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña) mediante a elaboración dunha monografía rigurosa, interdisciplinar e divulgativa.

En segundo lugar, quérese amosar a vertente patrimonial deste espazo arqueolóxico, un ben cultural da Península do Barbanza que está a ser potenciado por varias institucións.

O terceiro obxectivo é presentar os resultados da estratexia de investigación deseñada desde a Arqueoloxía da Paisaxe para tentar maximizar a información e o potencial destes castros.



SOBERANÍA E SANTUARIOS NA GALICIA CASTREXA. Nº 31

Autor: **Marco V. García Quintela**

280 páx. (140x215 mm.)


ISBN: 84-96259-90-0

PVP: **14 €**



Neste ensaio histórico preséntanse argumentos para sustentar dúas teses estreitamente imbricadas. Por unha banda amósase a existencia na Gallaecia prerromana dunha ideoloxía da realeza, ou da soberanía, semellante á difundida no conxunto do mundo celta na antigüidade.

Por outra banda propónse o exame de emprazamentos arqueolóxicos formados basicamente por petroglifos. Estas dúas ideas implican contemplar as formas tanto sociais como arqueolóxicas na Idade do Ferro en Galiza máis alá dos castros. Estamos pois ante unha sociedade complexa e artellada cunhas formas relixiosas polimorfos que, en certos casos, mudan ao longo do proceso histórico para constituír o fundamento de segmentos do folclore actual ou, incluso, da tradición xacobeá.



CONTOS MEDIEVAIS IRLANDESES. Nº 32

Autor: **Juan Renales Cortés, Víctor M. Renero**

Arribas e Pilar Ortiz Ostalé

320 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-97-8

PVP: **15 €**

Versión en galego e castelán



O conxunto épico que nos lega, a través dos seus códices medievais, a antiga Irlanda, resulta excepcional tanto polo seu arcaísmo e variedade como pola súa forza e poder de evocación poética.

Esta epopea, preservada pola escritura desde o século VIII da nosa era, perviú até a época moderna na tradición bárdica, da que foi rescatada polos cronistas, e en boca do pobo até os nosos tempos.

Reivindicadas polo Romanticismo, asociadas aos movementos de emancipación que suscitaron a simpatía da opinión pública, as velas lendas gaélicas irrumpen na fantasía do noso mundo actual ocupando nela un lugar que non volveu a perder.



DEIRDRE. A ORIXE CELTA DA TRAXEDIA AMOROSA. Nº 33

Autor: **Ana Garzón Sanz**

168 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96259-96-X

PVP: **13 €**

Versión en galego e castelán



Os coñecidos relatos de Perceval e Blanchefleur, Guinevere e Lancelot, Tristán e Isolda comparten un argumento básico: o triángulo amoroso formado por un vello rei que desexa a unha muller bastante máis nova ca el, que non lle corresponde, e ela solicita a un valente cabaleiro que a axude na súa fuxida para evitar unha unión non desexada. Todas estas historias exaltan a xuventude, a liberdade e a honra, pero a dor e a traición tamén están presentes. A lenda de Deirdre e Naoisi é unha das máis belas da literatura irlandesa e posúe todos estes ingredientes, realizados por cada un dos autores que se achegaron a ela con interese de erudito e remataron namorados da mesma, decididos a crear cada un deles, o que puido ser a verdadeira historia daquela muller celta.



PONTHUS E SIDOINE, REIS DE GALIZA E BRETAÑA. Nº 34

Edición: **Paulo Nogueira Santiago**

144 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96673-06-5

PVP: **12 €**



Este libro francés de gravados, de autor descoñecido, da derradeira década do século XIV, relátanos a historia do príncipe suevo-galaico Ponthus, fillo do rei de Galiza, que se viu obrigado a fuxir do seu país, tras a invasión de Galiza e o asasinato do seu pai, o rei Thibour, polos sarracenos.

Exiliado na Corte bretoa, en Francia, Ponthus namórase da bela Sidoine, filla do rei de Bretaña, e atinxirá a amizade deste soberano e a dos reis de Inglaterra e Irlanda. Tras o seu casamento coa súa amada Sidoine, Ponthus terá por obxectivo motu proprio reconquistar o seu reino, Galiza, ocupado polos sarracenos, e derrotar ao rei mahometano Broada, o asasino do seu pai.



AS CIDADES ASOLAGADAS. As augas e o Alén en Galicia. Nº 35

Autor: **Antonio Balboa Salgado**

192 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96673-14-6

PVP: **14 €**



As cidades asolagadas constituén un dos elementos máis destacados do folclore galego actual, xa tratados por Murguía ou Taboada Chivite. Este estudo trata de indagar acerca do seu significado, e das augas en xeral, analizando os casos existentes en Galiza e noutros países atlánticos, como a célebre cidade de Is na Bretaña.

Durante moito tempo consideradas como recordos cristiáns de palafitas prehistóricas, neste libro abórdase o tema desde un novo e máis actual punto de vista, analizando posibles antecedentes históricos na historia antiga galega e europea, como a loita co mar dos pobos celtas ou os "países baixo as ondas" irlandeses.



DA ARQUEOLOXÍA AO SOÑO POPULAR. A deconstrución da paixón céltica. Nº 36

Autor: **Ana Ibarra Jiménez**

304 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96673-16-2

PVP: **15 €**

Versión en galego e castelán



Da Arqueoloxía ao Soño Popular: a deconstrución da paixón céltica é un suxerente título que anuncia a traxectoria e o propósito dun traballo de investigación que pretende revelar a situación actual sobre a divulgación do coñecemento dos celtas.

As ideas que sobre os celtas se achegan actualmente á sociedade proceden de campos moi diversos, por este motivo, o interese deste libro vai encauzado á análise con criticismo, a través do estudo de tres ámbitos claves desde onde acostumamos recibir información sobre os celtas: a Investigación, a Educación e a Divulgación, a visión paixonal dos celtas e o celtismo fóra da academia



O CASTRO DE MONTEALEGRE Moaña, Pontevedra. Nº 37

Autor: **Roberto Aboal Fernández** e **Virginia**

Castro Hierro (coords.)


408 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 84-96673-10-3

PVP: **18 €**



Este volume colectivo achega ao lector unha visión integral, interdisciplinar e actualizada do castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra), xacemento clásico dentro da arqueoloxía castrexa do NW e que foi obxecto dunha afección crítica pola construción do corredor do Morrazo en 2003 e 2004. A obra parte dun enfoque teórico, asumido polo Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-XuGa). Asemade, foi concebido como unha monografía de carácter interdisciplinar, está artellado a partir dunha serie de artigos específicos centrados en temáticas moi diversas.



OS CASTROS DE NEIXÓN II. Nº 40

Autor: **Xurxo M. Ayán Vila (coord.)**

480 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-96673-64-9

PVP: **16 €**



Este segundo libro colectivo sobre os Castros de Neixón recolle sistematicamente os resultados da investigación interdisciplinar levada a cabo nas campañas de traballo de 2005 e 2006 en dito castro, abrangendo as achegas dun total de deza-seis investigadores de diferentes disciplinas: arqueólogos, xeomorfoloxos, malacólogos, antracólogos, historiadores medievalistas, historiadores modernistas, debuxantes, especialistas en paleometalurxia, investigadores en Historia Antiga, etc.

O libro exemplifica o que é e debe ser a Arqueoloxía, unha práctica social no presente que debe contribuir a formar o espírito crítico da cidadanía e transformar a realidade.



ESTUDOS SOBRE A ÉPOCA CELTA EN GALIZA. Nº 38

Autor: **Leandro de Saralegui y Medina**

Edición: **Laureano F. Carballo**

160 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-96673-07-6

PVP: **15 €**



Estudos sobre a época céltica en Galiza (Ferrol, 1867). Texto fundamental e imprescindible na historiografía galega, foi a primeira publicación monográfica sobre a civilización celta de Galiza. Estamos perante unha obra sobranceira, unha moi erudita achega ao noso celtismo, cun grande dominio das fontes clásicas e dos historiadores contemporáneos do resto da Celta (cunha especial atención ás Bretañas) nunha obra cun discurso celtista perfectamente integrado no contexto histórico do momento e enxerido nas correntes de pensamento da época, engadíndolle, ao mesmo tempo, as xa vizosas achegas dunha aínda nacente mais prometedora arqueoloxía.



O PETRÓGLIFO DO FILLADUIRO. Enigma na pel da pedra. Nº 41

Autores: **Fernando Alonso Romero, Francisco X. Fernández Naval** e **Maribel Longueira**

128 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-96673-70-0

PVP: **11 €**



No lugar de Mallou (Carnota), nunha paisaxe de beleza singular e nun contorno de alto valor arqueolóxico, atópase un dos petróglifos máis enigmáticos de Galicia. Neste libro realízase unha detida análise etnoarqueolóxica desta inscrición, propoñendo unha posible interpretación, así como doutras situadas na súa contorna.



OS CELTAS DA PENÍNSULA IBÉRICA. Nº 39

Autor: **Manuel Alberro** e **Carlos Jordán Cólera**

392 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-96673-58-8

PVP: **19 €**



Nesta obra descríbense todos os coñecementos actuais acerca dos celtas da Península Ibérica. Ademais, Alberro presenta as semellanzas culturais atopadas entre os celtas peninsulares, especialmente do NO, a rexión con máis herdanza céltica, e os das Illas Británicas. A segunda parte está a cargo de Carlos Jordán, un dos lingüistas máis distinguidos no estudo do idioma celtibero ou hispano-céltico entre as novas xeracións.



A CONSTRUCCIÓN ARQUEOLÓXICA DA ETNICIDADE. Nº 42

Autor: **Manuel Alberto Fernández Götz**

176 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-96673-86-1

PVP: **12 €**

Versión en galego e castelán



Neste libro ofrécese, por primeira vez no panorama bibliográfico español, unha revisión en profundidade das complexas e a miúdo problemáticas relacións entre Arqueoloxía e Etnicidade. A través dunha perspectiva historiográfica que abarca desde os traballos de Kossinna ata as últimas propostas posprocesuais, o autor aborda temas como a definición de grupo étnico, a conceptualización da etnicidade en Antropoloxía e Socioloxía ou a instrumentalización do pasado con fins actuais. A conclusión que se deriva de todo iso é que resulta necesario repensar a maneira na que os arqueólogos se aproximaron tradicionalmente ao estudo das identidades étnicas, tarefa para a cal se avanza unha serie de propostas e reflexións de carácter teórico-metodolóxico.



SAN ANDRÉS DE TEIXIDO E AS ILLAS DO MÁIS ALÁ. Nº 43

Autor: **Ramón Sainero**
96 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 978-84-96673-85-4

PVP: **10 €**

Versión en galego e castelán



Ao outro lado do mar no Ortegal galego, fronte a Irlanda, consétrase o Santuario de San Andrés de Teixido, sobre os acantilados do Atlántico próximos á ría de Ortigueira, no mesmo vórtice onde se unen as augas do Cantábrico e do Atlántico. Para os clásicos era o lugar onde remataba a terra e empezaba o mar da morte e do Máis Alá. Mirando cara o oeste, dende o alto das rochas, vese a inmensidade do océano e, ao atardecer, podemos ver o sol declinando sobre o final das augas. Quizais en días de néboa algúns albiscaron ao lonxe os contornos dunha illa; illa á que se dirixen atravesando o mar as almas que viaxan dende o santuario despois da súa morte.

Encontrámonos ante unha tradición cristiá que ten as sus raíces nas crenzas do mundo clásico e do mundo celta sobre as enigmáticas illas do Máis Alá sobre as que este libro ofrece unha síntese.



A ROMANIZACIÓN EN GALICIA. Nº 44

Autor: **Ana Mª Suárez Piñeiro**
136 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 978-84-96673-97-7

PVP: **14 €**



Nesta obra abórdase o significado dun termo rico e complexo: romanización. A partir do debate que o concepto suscita na historiografía e nas diversas rexións do Imperio reflexiónase sobre o caso galaico. O estudo da romanización en Galicia enriqueceuse nos últimos anos, sobre todo polos achados da arqueoloxía que permiten reformular a interpretación deste complexo proceso de convivencia de diversas realidades culturais.



DOS FASTOS ÓS FESTEXOS. Dos antigos mitos á relixiosidade galega. Nº 45

Autor: **Rosa Benigna Vizcaya e Francisco A. Vidal**
248 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 978-84-92792-16-0

PVP: **14 €**



Pese ós avances da sociedade e a que a tecnoloxía prime na vida actual, aínda seguimos tendo os mesmos medos e usando os mesmos ritos para desconxuralos ca os nosos antepasados de vinte ou trinta séculos atrás. Costumes que chantan as súas raíces nas máis arcaicas culturas, e seguen practicándose e tendo valor.

Percorrer os festexos do calendario é encontrarnos cos medos que antano e hoxe nos lle temos ós males e perigos que nos asedian.



O FENÓMENO CULTURAL DA FASCINOLOXÍA. As Illas Británicas e Galiza. Nº 46

Autor: **Milagros Torrado Cespón**
136 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 978-84-92792-30-6

PVP: **13 €**



O fenómeno cultural da fascinoloxía. As Illas Británicas e Galiza é una toma de contacto co mundo do mal de ollo dende o noso entorno máis inmediato no que aparecen explicados algúns dos porqués que nos presenta esta tradición. Podemos consideralo como unha pequena recompilación de costumes en moitos dos casos só vivas no papel ou na mente dalgúns persoas e que deixaron de levarse a cabo por considerarse como algo pasado de moda. O material, aínda que analizado, expónse dende un punto de vista obxectivo para que cada quen emita os seus propios xuízos de valor. Temos aquí unha singradura entre as Illas Británicas e Galiza que fai que nos decatemos de cómo compartimos formas de actuar derivadas das antigas relacións atlánticas que un día nos uniron con forza.



A PESCA NA GALLAECIA ROMANA. Nº 47

Autor: **Borja Antela Bernárdez**
72 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 978-84-92792-23-8

PVP: **10 €**



O mar é parte de Galiza. Ao longo do tempo, a explotación mariñeira foi unha constante definitiva da realidade galega, incluso nos tempos máis remotos do pasado, cando Galicia non era senón Gallaecia. Coa chegada das lexións romanas ao Noroeste da Península Ibérica, o territorio galaico entrou a formar parte da historia do mundo clásico. Moitos foron os cambios provocados pola dominación e a integración de Gallaecia no organigrama político e, sobre todo, económico de Roma, e moitas foron tamén as cousas que continuaron a seguir igual. O mar e o seu idilio coa nosa terra foi unha desas cousas que non cambiaron. O presente libro pretende achegar ao público xeral unha aproximación sinxela e amena á realidade mariñeira do mundo galaico, da Galicia máis antiga.



O VÁKNER E O DRAGÓN. Nº 48

Autor: **Mª Aurora Lestón Mayo**
109 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 978-84-92792-59-7

PVP: **14 €**



O vákner é unha das máis ferozes bestas do imaxinario galego, hoxe case esquecida, pero que infundía profundo temor nos habitantes e viaxeiros da Galicia medieval. É tamén, debido ao misterio que a envolve, unha das máis fascinantes. Na actualidade sabemos que un encontro co vákner era case invariablemente mortal, pero, sen embargo, non conservamos nin unha soa referencia con respecto ao aspecto que se lle atribuíu.

O vákner e o dragón parte dunha hipótese que tenta buscar os puntos en común entre o vákner, o monstro que os viaxeiros que percorrían o noroeste galego temían atopar na espesura, e o dragón, criatura que poboa o imaxinario lendario de todos os pobos.



A MORTE DO REI ARTUR. Nº 49

Autor: **Anónimo**

Tradución de **Olalla García**

202 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-92792-64-1

PVP: **14 €**



Rematada cara ao ano 1230 e de autor descoñecido, pon fin ao extenso ciclo en prosa dedicado ás fazañas dos compañeiros da Mesa Redonda, o coñecido ciclo da Vulgata artúrica.

Nesta obra nárrese o crepúsculo da gloriosa "era artúrica". Os principais protagonistas aparecen xa entrados na vellez e botando en falta o esplendor perdido das épocas anteriores. A envexa que Agravain sente por Lanzarote lévao a desvelar ao rei os amores adúlteros do afamado cabaleiro coa raíña. Este feito desencadea unha serie de enfrontamentos que culminan na sanguenta batalla da chaira de Salisbury, que marca o fin do reino artúrico coa desaparición de todos os seus cabaleiros. Lanzarote e Xenebra pasan os seus últimos días separados, Mordret e Artur mótanse mutuamente, morren os heroes e os poucos que sobreviven refúxianse en mosteiros.




IMAGEN Y RITUAL EN LA CÉLTICA PENÍNSULAR. Nº 50

Autor: **Silvia Alfayé Villa**


334 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-15400-11-0

PVP: **18 €**



Este libro pretende ser unha aproximación multidisciplinar ás imaxes do ritual e no ritual producidas e consumidas polas sociedades da Céltica peninsular, que aspira a comprender as dinámicas visuais do culto desas comunidades e as súas formas de representar, imaxinar, experimentar e relacionarse co sacro. Analízanse as imaxes de contido relixioso, as supostas representacións divinas, a utilización e funcionalidade das imaxes en diversos contextos culturais.



A TOPONIMIA CELTA DE GALICIA. Nº 51

Autor: **Fernando Cabeza Quiles**

528 páx. (140x215 mm.)

ISBN: 978-84-942224-4-3

PVP: **20 €**



Neste libro recóllese a toponimia galega, antiga e actual, de orixe celta, interpretándose nomes de lugar que ata o de agora permanecían inéditos e perdidos para a causa celta, verbigracia: Glandomiro, hoxe transformado en Brandomil. O autor presenta, xunto cos topónimos galegos de procedencia celta, as súas correspondencias peninsulares e europeas, documentadas noutras terras onde así mesmo viviron os celtas; caso, con relación ao devandito Glandomiro, dos topónimos galeses Glanofon, Glandwr e Glanmwrwg, dos escoceses Gleann e Gleann Dubh e Gleann dá Locha e do bretón Glenneq.



DA MOURA Á SHEELA-NA-GIG: reflexións sobre significado, orixe e evolución. Nº 52

Autor: **Milagros Torrado Cespón**

90 páx. (140x215 mm.)


ISBN: 978-84-946837-2-5

PVP: **13 €**



Este libro busca espertar o interese dos que queren atopar resposta ás figuras que vixían as nosas cabezas dende os adros das igrexas e tamén deses que nunca se decataron de que estaban alí. Nesta ocasión, centrándonos na coñecida como Sheela-Na-Gig nas Illas Británicas, esa muller impúdica ou liberal, deusa nai ou pecadora que mostra sen reparo de onde ven a vida. Nas páxinas deste libro recóllese esas sheelas esquecidas do territorio galego e ofrécense varias teorías para poder buscarlle unha explicación e tentar que sigan a ser obxecto de máis investigación. Aparecen tamén as moursas para establecer esa orixe incerta que as conecta co folclore prehistórico e cos misteriosos gravados en pedra, coa Moura de Coirós como personaxe principal, moi anteriores ao románico no que habitan estas mulleres espidas.





AS CONFRARIAS DOS CLÉRIGOS DA CONCEPCIÓN NA DIÓCESE DE SANTIAGO.

Nº 1

Autor: **Xoán Manuel Neira Pérez**

240 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-48-7

PVP: **15 €**



O presente libro pon de manifesto a importancia de Galiza, máis concretamente da Terra de Santiago, nos séculos centrais da Idade Media. Trata de estudar os seguintes temas: o movemento gremial e o seu desenvolvendo en base ás prescricións políticas e sociais; a reforma do clero na diocese de Compostela en base á aplicación da Reforma Gregoriana; o culto á Inmaculada Concepción, podendo situar a Galiza como pioneira neste culto Inmaculista dende o *sensus fidelium* emerxido no pobo; a historia das vilas de Noia, Santiago e Pobra nos séculos centrais da Idade Media; a morte como realidade existencial do pobo galego dirixida á esperanza na resurrección.



DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DE GALICIA. Nº 2

Autor: **Pedro Fiaño González**

224 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-49-5

PVP: **16 €**

Versión en galego e castelán



A presente edición consta de oito traballos que abranguen un longo período histórico. *Orixes de Noia* é un intento de analizar canto hai de mito e de lenda sobre as tradicións que sempre envolveron a realidade histórica. *O escudo de Noia*, é unha excelente aportación no estudo dos diversos símbolos que desde o pasado representaron ao concello. *Documentos sobre igrexa e cemiterio de Santa María a Nova* convértese na transcripción de documentos sobre a situación do composanto no século XIX. *A igrexa e cemiterio de Santa María a Nova* pon en cuestión algunhas das afirmacións mantidas ata o presente sobre estes lugares históricos.



GALICIA NA BAIXA IDADE MEDIA. Igrexa, señorío e nobreza. Nº 3

Autor: **José García Oro**

356 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-58-4

PVP: **18 €**



O presente libro é un percorrido panorámico sobre a vida galega baixomedieval, un período especialmente axitado e ás veces convulso no que todo se replantea. A mirada do historiador fíxase con precisión documental nos grandes protagonistas da vida galega: unha Monarquía distante, que non consegue arbitrar nos conflitos ata finais do século XV; unha nobreza en cambio que forcexa en todos os currunchos por introducirse nos espazos e decisións do poder; unha Igrexa, instalada no beneficiarismo eclesiástico, con prelados meteóricos que non se distinguen por iniciativas renovadoras.



OS FONSECA NA GALICIA DO RENACEMENTO. Nº 4

Autores: **José García Oro e**

María José Portela Silva

610 páx. (150x210 mm.)


ISBN: 84-89129-92-4

PVP: **17 €**

Versión en galego e castelán



Este libro presenta o cadro biográfico e señorial dos arcebispos composteláns Alonso de Fonseca I (1460-1464), Alonso de Fonseca II (1464-1506) e Alonso de Fonseca III (1507-1534) que cobren un século de historia política e eclesiástica da España do Renacemento: os reinados de Enrique IV, Reis Católicos e Carlos V. En Galiza son prelados e señores, políticos e guerreiros, humanistas e mecenas. Compostela e Salamanca, en primeiro lugar, Sevilla e Toledo, en segundo termo, conservan aínda os monumentos e recordos das súas iniciativas.



LOS TEMPLARIOS

Artículos y ensayos. Nº 5

Autor: **Carlos Pereira Martínez**

186 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-29-0

PVP: **12 €**



Recole os traballos que, sobre o tema, o autor publicou en revistas especializadas e de divulgación na última década. Inclúe a primeira tradución ao galego de textos fundamentais da Orde do Temple como a súa Regra latina e a obra de San Bernardo, *Eloixio da nova milicia. Aos cabaleiros templarios*.

Esta obra é a primeira monografía que se publica en Galiza referida á xa mítica Orde militar fundada en Xerusalén, enchendo un valeiro na historiografía medieval do noso país.



OS CLÉRIGOS NA IDADE MEDIA. Nº 6

Autor: **José Antonio Martínez Domínguez**

240 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-11-4

PVP: **16 €**

Versión en galego e castelán



Achégase á vida dos eclesiásticos durante a Idade Media, máis concretamente a aqueles que viven en Galiza entre os séculos XIII e XVI. A través dunha profunda análise da lexislación sinodal, o autor adéntrase no estudo de determinados aspectos do comportamento clerical.

Esta monografía enfoca o controvertido tema dende unha nova perspectiva, ao pór en relación a conduta dos clérigos cos valores en que se sustentan, no que denomina modelo eclesiástico, e ó presentar e traballar a hipótese da existencia de dous modelos eclesiásticos diferentes na Galiza medieval.



MENTALIDADE NOBILIARIA E NOBREZA GALEGA. Ideal e realidade na Baixa Idade Media. Nº 7

Autor: **M^ª Pilar Paredes Mirás**

280 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-47-5

PVP: **16 €**



Traballo gañador do Premio de Investigación de Historia Medieval de Galicia 2001. Tomando como base as informacións e a estrutura dos Nobiliarios medievais portugueses, a presente investigación aborda un estudo da nobreza medieval galega no que se combinan e complementan a historia social e a historia das mentalidades; a realidade e o ideal, vividos coa mesma intensidade polos seus protagonistas.



O COMEZO DA NOSA IDADE MEDIA. Nº 10

Autor: **Xoán Bernárdez Vilar**

208 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-80-7

PVP: **16 €**

Versión en galego e castelán



O polifacético autor acadou, con esta obra, a consideración de finalista na edición 2002 do Premio de Investigación de Historia Medieval de Galicia. Que significou a invasión de suevos e vándalos no paso da Idade Antiga á Idade Media en Galiza e Portugal? Bernárdez acha respostas globais á situación a través dos documentos que pon a disposición do lector, e atinxe as consecuencias do proceso. Unha especial reseña vai para tres personaxes seminais na vivencia da transición, Paulo Orosio, Idacio Lémico e Hermerico, o primeiro rei svevo.



LA NOBLEZA ALTOMEDIEVAL GALLEGA. La familia Froilaz-Traba. Nº 8

Autor: **José Luis López Sangil**

272 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-51-X

Versión en castelán

PVP: **17 €**



Unha das etapas máis interesantes da Idade Media galega foi a dos séculos XI ao XII, na que teñen lugar feitos que marcan o futuro de Galiza, e se fundan e se desenvolven os principais mosteiros relixiosos, centros no futuro de poder e influencia. Neses anos, unha nobre familia, ata o de agora pouco coñecida, desempeñou un importante papel histórico e interviu nos acontecementos máis destacados da súa época. Por primeira vez, se presenta un estudo xenealóxico dos Froilaz-Traba, baseado principalmente en fontes documentais, e no que podemos ver como esta familia participa nas decisións máis importantes, se estende con numerosos títulos, poderío e influencias e se dilúe na segunda metade do século XIII.



OS CONDES DE RIBADAVIA DURANTE O REINADO DE FELIPE II. Nº 11

Autor: **Gonzalo Francisco González Suárez**

298 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-99-8

PVP: **14 €**



Aproximación a unha etapa da historia familiar dos condes de Ribadavia. O traballo conforma un estudio no que se narran de forma clara e concisa os avatares dos distintos personaxes que ocuparon a xefatura desta casa durante o mencionado período, e unha colección de 32 documentos totalmente inéditos e de variada temática que esperamos sirvan de apoio a outros estudosos.



ARREDOR DA CONFORMACIÓN DO REINO DE GALICIA (711-910). Nº 9

Autor: **Xosé Antonio López Teixeira**


168 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-78-5

ESGOTADO



O traballo gañador do Premio de Investigación de Historia Medieval de Galicia 2002 remóntase ao período svevo para determinar a conformación dun reino, propiamente nomeado «galaico-astur», co primeiro núcleo de resistencia cristiá. O estudo recolle, nesta época, a importancia das dúas Galizas, a lucense e a bracarense, para o desenvolvemento político do *Christianorum Regnum* dos galegos.



FERNÁN PÉREZ DE ANDRADE, O BÓO. Mentalidade e realidade social. Nº 12

Autor: **José Francisco Correa Arias**


270 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-12-9

PVP: **17 €**



Traballo gañador do Premio de Investigación Medieval de Galicia 2003. A partir dos textos medievais que fixan e acoutan o ideario da mentalidade cabaleiresca, examínase o personaxe de Fernán Pérez de Andrade utilizando como guía os piares básicos deste xeito de pensar: a dignidade, o patrimonio e a prianza. Estes principios implican unha serie de virtudes a eles inherentes como son a lealdade ao señor, a valentía no combate, a cordura e a capacidade intelectual do individuo na toma de decisións.



O CRONICÓN DE HIDACIO Bispo de Chaves. Nº 13

Autor: **César Candelas Colodrón**

111 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-13-7

PVP: **14 €**

ISBN 84-96259-13-7



O traballo que acadou a categoría de finalista no Premio de Investigación Medieval de Galicia 2003 comeza dando conta da chegada de Teodosio «O Grande» ao trono imperial e remata coas razas dos suevos en territorio galaico e lusitano. No medio os sublevacións de Máximo e Constantino contra os cortes de Rávena, Milán ou Roma, o asentamento dos godos na Aquitania, a derrota dos hunos e o reparto de Hispania entre suevos, vándalos e alanos. Tras disto, un home, Hidacio «O lémico», bispo de Chaves, testemuña de feitos que significan o final dun mundo e o comezo doutro, e resistente aos ataques dos bárbaros que levan á desaparición do Imperio, dentro da súa comunidade aquilaviense.



DO IMPERIO ROMANO Á ALTA IDADE MEDIA. Arqueoloxía da tardeoantigüidade en Galicia (Séculos V-VIII). Nº 14

Autor: **Álvaro Rodríguez Resino**

226 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-45-5


PVP: **16 €**

ISBN 84-96259-45-5



Versión en galego e castelán

Este libro foi o gañador do Premio de Investigación Medieval de Galicia 2004. Constitúe unha síntese crítica de todos os traballos arqueolóxicos que se fixeron en Galicia ata o de agora arredor dunha fase tradicionalmente "escura" e pouco estudada, a que engloba dende os momentos finais do Imperio Romano ata o agromar da Alta Idade Media, pasando polos Reinos Xermánicos, e que na bibliografía científica actual é nomeada como Tardeoantigüidade. Pero ademais, superando a mera síntese, ofrece un novo modelo arqueohistórico para este período na Gallaecia tardeoantiga, sentando as bases teóricas para futuros estudos.



A CHANCELARÍA ARQUEIEPISCOPAL DE BRAGA (1071-1244). Nº 15

Autor: **Maria Cristina Almeida e Cunha**

448 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-49-8

PVP: **19 €**

ISBN 84-96259-49-8



Versión en portugués

O traballo que resultou finalista no Premio de Investigación Medieval de Galicia 2004 aporta a investigación do funcionamento da chancelaría do arcebispo de Braga, das formacións dos seus escribas, da tipoloxía documental, etc., que poden servir de modelo para o estudo doutras sedes episcopais e arcebispos da Península. Nesta IV edición do premio, como consta nas bases, ampliouse a convocatoria a traballos en lingua portuguesa.



OS MOSTEIRO DÚPLICES EN GALICIA NA ALTA IDADE MEDIA. Nº 16

Autor: **Héctor Rodríguez Castillo**

198 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-67-6

PVP: **15 €**

ISBN 84-96259-67-6



Versión en galego e castelán

Temos oído falar algunha vez de mosteiros dúplices? Tiñamos idea de que en tempos chegaron a ser a forma habitual de fundación monástica? De onde deriva esa orixinal solución? Tres son os propósitos principais deste libro. Primeiro, dar corpo e oportunidade a unha institución practicamente descoñecida. Segundo, ofrecer unha nova explicación ao tema dos súas orixes. Terceiro, ofrecer unha serie de notas sobre a conformación do noso modelo social actual.



O MOSTEIRO FEMININO DE SAN MIGUEL DE BÓVEDA NA IDADE MEDIA. Nº 17

Autor: **Adolfo Fernández Fernández**

248 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-60-9

PVP: **16 €**


ISBN 84-96259-60-9



Versión en galego

O xurado do Premio de Historia Medieval de Galicia 2004 recomendou a publicación deste traballo. O mosteiro de San Miguel de Bóveda é fundado a mediados do século XII co obxectivo de que nel se albergue unha comunidade bieita feminina. Desde entón, a escasa pero rica documentación que o mosteiro xenera ata finais do século XV, amósalle ao lector aspectos da historia medieval galega que noutras documentacións monacais apenas se adiviñan.

A división administrativa do mosteiro en dúas mesas, abacial e conventual, a presenza dos patronos na documentación do século XV ou a existencia dunha serie de vasallos totalmente dependentes do mosteiro, son exemplos que ilustran esta riqueza documental.



MARTÍN DE PADROZELOS O primeiro trovador da lírica galego- portuguesa? Nº 18

Autor: **Xulio Pardo de Neira**

164 páx. (150x210 mm.)


ISBN: 84-96259-64-1

PVP: **12 €**

ISBN 84-96259-64-1



Neste volume preséntase o pioneirismo poético de quen, ata o de agora, constitúe a figura do primeiro escritor coñecido en lingua galega, Martín de Padrozelos, autor de nove cantigas de amigo e unha de amor, que nos informa da vixosidade literaria dunha nación que, como a Galiza de comezos do século XII, xa se tiña incorporado cunha habelencia e unha calidade destacábeis ao roteiro do lirismo provenzalante. É algo que, por outra parte, na mesma época de investigación e redacción do presente traballo, o prof. Tavani estaba a apuntar como un dos eixes nos que profundar dentro dos estudos do medievalismo europeo.



COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DO MOSTEIRO DE SANTIAGO DE MENS

Edición e estudo. Nº 19

Autor: **María Pilar Zapico Barbeito**
368 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-68-4

PVP: **16 €**



Este traballo presenta a edición crítica e o estudo do corpus documental do mosteiro de Santiago de Mens procedente do concello de Malpica. Consta de 27 pergameos conservados no arquivo da Colexiata de Santa María do Campo (A Coaña). Todos son documentos xurídicos dispositivos de carácter notarial e privado e a maioría deles foron redactados nas dependencias do mesmo cenobio durante os séculos XIV e XV. Ademais da edición dos pergameos, apórtase un completo glosario dos termos presentes nos manuscritos e os correspondentes índices onomásticos, que poden ser de utilidade de cara a estudos lingüísticos e históricos.



XÉNESE DO ESPAZO URBANO EN GALIZA.

Nº 22

Autor: **Tania Galán Gómez**
136 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-21-2

PVP: **11 €**

Versión en galego e castelán



Primeiro Premio de Historia Medieval de Galicia 2006.

O presente estudo baséase nunha ollada de múltiples enfoques sobre os primeiros signos de articulación do territorio cara ao proceso de xestación das cidades galegas.

Análizanse os principais eixos vertebradores e factores de orde política e social que contribuíron ou vetaron consciente ou inconscientemente, ao espírito urbano, tratando, ao mesmo tempo, de defini-los elementos activos e característicos na formación dos núcleos urbanos en Galiza.



VALÉRIO DO BIERZO

Autobiografía Nº 20

Autor: **Renan Frighetto**
160 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-87-0

PVP: **15 €**

Versión en portugués e castelán



Este libro foi o gañador do Premio de Historia Medieval de Galicia 2005. Resultado de 15 anos de investigacións, a "Autobiografía" de Valerio do Bierzo revela un retrato vivo dunha sociedade en transición entre a Antigüidade e a Idade Media na parte máis occidental daquela Europa do século VII, a *Gallaecia*. Relato escrito en primeira persoa, único no seu estilo naquel momento histórico, presenta a peculiaridade de ter sido redixido por un anacoreta que abandoara a vida cenobítica e consideraba ser o prototipo de home santo herdeiro dos Países do Deserto. Relixiosidade, política e cultura son temas recurrentes neste estudo que nos presenta a *Gallaecia* inserida no universo sociopolítico-cultural do reino hispano-visigodo.



URBANISMO MEDIEVAL GALEGO. A FUNDACIÓN DAS PONTES. Nº 23

Autor: **César Candelas Colodrón**
128 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-22-9


PVP: **13 €**

Versión en galego e castelán



Segundo Premio de Historia Medieval de Galicia 2006

O obxectivo deste traballo é o de quitar unha instantánea da Vila das Pontes no intre mesmo do seu nacemento. O autor tenta individualizala, mais coa intención de integrala dentro do seu contexto xeoestratéxico e histórico, incorporándoa ao grupo de vilas galegas de fundación medieval.



D. AFONSO VII, REI DE GALIZA, E O SEU AIO O CONDE DE TRABA. Nº 21

Autor: **Antonio López Ferreiro**
192 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96673-01-4

PVP: **15 €**



A obra do párroco de Vedrá é unha edición oportuna e necesaria. Estas investigacións eran moi habituais nos estudos do século XIX, que procuraban distinguir reis privativos de Galiza, antes e despois do indiscutíbel García (1065-1072).

A orixinalidade desta obra de Antonio López Ferreiro, agora traducida ao galego, radica na referencia a un rei propio de Galiza, activo como tal entre os anos 1109-1126.

A fonte principal do autor é a *Historia Compostelá*, en edición latina, de Henrique Flórez (1765), contrastada coa versión do século XIV. Tamén bota man do *Anónimo de Sahagún*, así como doutra documentación reproducida no apéndice do libro.



O TUI ANTIGO: UNHA APROXIMACIÓN HISTÓRICA-ARQUEOLÓXICA. Nº 24

Autor: **Silvia González Soutelo**
200 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-22-7

PVP: **13 €**



Cun importante labor de recollida dos principais aspectos arqueolóxicos e históricos que se atoparon no concello de Tui, dende as primeiras evidencias de ocupación deste territorio polo home ata a antigüidade tardía –momento no que comeza a configurarse o enclave medieval tudense–, e con especial incidencia no seu papel en época romana, convidase ao lector a coñecer dunha forma xeral a herdanza material presente neste territorio e a súa interpretación histórica.

Co volume que se presenta, fíntase unha primeira aproximación a un tema suxeito sempre a revisión –principalmente polas escavacións arqueolóxicas que se poidan levar a cabo en anos futuros–, co fin de achegar unha ferramenta de traballo para todos aqueles interesados en coñecer e consultar a natureza e valor do Tui antigo.



OS REIS SUEVOS DE GALIZA. Nº 25

Autor: **Benito Vicetto**
240 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-45-8

PVP: **16 €**



Vou penetrar entre as trebas do pasado, a remexer en po das ruínas, a arguer, en fin, das súas esquecidas tumbas aos reis suevos de Galiza, en dándolles un sopro de vida, como un Deus, fareinos pasar ante os meus ollos como os reis da vella Escocia ante o tétrico Macbeth.

A historia darame os seus nomes e os seus feitos...

A tradición, os dramas nos que se axitaron...

A intuición, as súas paixóns...



O CASAL: UMA UNIDADE DE ORGANIZAÇÃO SOCIAL DO ESPAÇO NO ENTRE-DOURO-E-LIMA. Nº 26

Autor: **André Evangelista Marques**
440 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-46-5

PVP: **22 €**



Primeiro Premio de Historia Medieval de Galicia 2007.

Significando e funcionando sobretodo como una unidade familiar básica de povoamento e de exploración agraria, o casal cedo lançou raíces nas Terras do Noroeste, onde surge documentado desde o limiar do século X. É a partir das súas orixens máis remotas, que o autor entende iniciar o seu minucioso inquérito. Este estudo é un itinerario seguro para un mellor coñecemento da organización social do territorio e do proceso de implantación da sociedade feudal no Norte peninsular.



O ANTIGO BISPADO DE TUI EN PORTUGAL. Nº 27

Autor: **Ernesto Iglesias Almeida**
216 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-47-2

PVP: **13 €**

Versión en galego e castelán



Segundo Premio de Historia Medieval de Galicia 2007

O territorio actual do bispado de Tui non se parece en nada ao medieval, ata o ano 1378, momento no que se produce a secesión da parte portuguesa situada entre os ríos Miño e Limia.

O autor deste libro fai un percorrido polas relacións, unhas veces afectivas e outras máis conflitivas, do período histórico no que unha boa metade do territorio diocesano tudense se atopaba situado nestas terras portuguesas.



INVENTARIO TOPONÍMICO DO TOMBO DE TOXOS OUTOS. Nº 28

Autor: **Paulo Martínez Lema**
392 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-48-9


PVP: **20 €**



Os estudos onomásticos, e máis en concreto os toponímicos, constitúen unha liña de investigación tradicionalmente moi produtiva en todo o ámbito da lingüística románica.

Tradicionalmente, as atestacións de topónimos nos textos antigos (medievais sobre todo, mais non só) utilizáronse como base para a confirmación ou o rexeitamento de determinadas hipóteses etimolóxicas. Tamén se empregaron para realizar, na medida do posíbel, un seguimento dos cambios sufridos polas formas estudadas, así como da cronoloxía desas transformacións.

Nesta obra o autor presenta un traballo exhaustivo no que, atendendo ao devandito, dá conta da totalidade do material toponímico do Tombo de Toxos Outos.



GALICIA NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XV. Tomo I. Nº 29

Autor: **Antonio López Ferreiro**
184 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-62-5

PVP: **15 €**



Neste primeiro tomo de Galicia no último terzo do século XV o autor trata as desavizas entre Alonso de Fonseca e Yáñez de Moscoso, a revolta Irmandiña, as guerras de Alonso de Fonseca e Sánchez de Moscoso, o famoso duelo de Fonte Sionlla, a morte do rei Enrique IV e o advento ao trono da princesa Isabel. A rebelión do conde de Camiña, o restablecemento da Santa Irmandade, a institución da Xustiza en Galicia, o mariscal Pardo de Cela, o conde de Lemos, a viaxe dos Reis Católicos a Galicia e os elementos cos que contaban os devanditos para facer entrar a Galicia nas vías de pacificación e da orde.



GALICIA NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XV. Tomo II. Nº 30

Autor: **Antonio López Ferreiro**
200 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-63-2

PVP: **16 €**



Neste segundo tomo de Galicia no último terzo do século XV, o autor estuda o contexto histórico resultante das reformas aplicadas polos Reis Católicos no ámbito político, administrativo, xudicial e relixioso. Coa súa habilidade narrativa perfila os aspectos sociais, políticos, económicos e artísticos que tiveron lugar neste momento de cambio en Galicia.



BRUXOS E ASTRÓLOGOS DA INQUISICIÓN DE GALICIA E O FAMOSO LIBRO DE SAN CIBRÁN. Nº 31

Autor: **Bernardo Barreiro de W. (ed. de Clodio González Pérez)**

182 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-80-9

PVP: **14 €**



Publícase por primeira vez en 1885, saíndo dende entón cinco edicións, delas, dúas facsímiles e unha en galego, esta só para bibliófilos, polo que a primeira popular na nosa lingua é a presente. Dende sempre contou con defensores que concordan co dito polo autor, e tamén con detractores, sobre todo entre os cregos e as clases máis conservadoras, que prefieren o silencio a que se coñeza a verdadeira actuación do Santo Tribunal. A segunda parte resume varios procesos contra meigas e astrólogos galegos que contan como fixeron feitos, "infanticidios", adiviñaron o futuro e ata tiveron trato co demo. Conclúe cun traballo encol do Libro de San Cibrán ou Ciprianillo, no que se pode atopar todo canto se queira de bruxería, esconxuros, feitos e tesouros. É o primeiro estudo crítico que se publica do devandito libro.



O CASTELO DE OUTES E OS MONUMENTOS MEDIEVAIS DO BARBANZA. Nº 32

Autor: **Xesús Antonio Gulías Lamas**


112 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-82-3

PVP: **11 €**



Actualmente quedan xa moi poucos restos do que foi o castelo de Outes, unha fortaleza esquecida para a maioría dos que non viven hoxe en día nos seus arredores. Neste libro recóllense documentos que testemuñan a súa existencia.

Na segunda parte do libro preséntase unha descrición arquitectónica dos monumentos medievais do Barbanza, prestando unha especial atención aos restos medievais e ás marcas dos canteiros que se conservan.



A SANTIDADE HABITA O DESERTO. A haxiografía á luz do imaxinario social. Nº 33

Autor: **Ronaldo Amaral**

288 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-72-4

PVP: **13 €**



A vida de de San Frutuoso, haxiografía datada nas últimas décadas do século VII en Galicia, talvez Braga, ten nesta obra un análise minucioso e profundo. Próbase con ela que o estudo das "vidas" dos santos debe darlle preferencia máis que as verbas que conteñen, o seu espírito. Por esta razón, neste libro danse a coñecer conxuntamente as fontes e o ambiente no que foi escrito esta haxiografía, os condicionamentos mentais e socio-relixiosos dos seus contemporáneos –relixiosos profesos na súa maioría– que levaron á súa escritura. Ao mesmo tempo tamén, amósanse as necesidades, aspiracións e desexos que o ideal de santidade encarnado por San Frutuoso de Braga debe atender e responder, a través dos seus medos, das súas categorías de perfección, dos seus modos de ler, sentir, actuar e comportarse.



A CASA DE ANDRADE, 1160-1540. Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval. Nº 34


Autor: **Francisco José Correa Arias**

776 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-87-8

PVP: **25 €**



A obra recibiu o primeiro Premio de Historia Medieval de Galicia 2008. O xurado do certame valorou a importancia do tema para a historia galega e a orixinalidade e novidade do enfoque metodolóxico global, que inclúe mentalidades, historia social, xenealoxía, acontecementos, etc., baseado nunha recollida extensiva de fontes orixinais.



A CIDADE DE TUI DURANTE A BAIXA IDADE MEDIA. Nº 35

Autor: **Suso Vila Pérez**

584 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-88-5

PVP: **20 €**



Obra finalista do Premio de Historia Medieval de Galicia 2008. Deste traballo o xurado destacou a pormenorizada descrición de acontecementos políticos, sociais, económicos e artísticos da cidade de Tui dende o século XI ao século XV, coa singularidade de que todos eles se basean en fontes do bispado, cabido e catedral da vila.



FUNDACIÓN E PRIMEIROS SÉCULOS DO MOSTEIRO BIEITO DE SANTO ESTEVO DE CHOUZÁN (SÉCS. IX-XIII). Nº 36

Autor: **Ricardo Pichel Gotérrez**

340 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-10-8

PVP: **19 €**



Esta obra recolle a edición da documentación medieval pertencente ao período fundacional e de esplendor económico (sécs. IX-XIII) do mosteiro beneditino de Santo Estevo de Chouzán, un antigo cenobio situado na actual freguesía homónima pertencente ao concello de Carballedo, na comarca de Chantada. O traballo achega ao historiador a colección diplomática, até o de agora inédita, vinculada aos primeiros catro séculos de vida deste mosteiro, convertido en priorado a partir de 1499 coa súa anexión a San Paio de Antelares. Ao mesmo tempo,ponse á disposición aos historiadores da lingua unha masa textual adecuadamente disposta para o seu aproveitamento escriptolingüístico.



A CASA DE SOUTOMAIOR (1147-1532).

Nº 37

Autor: **Suso Vila Pérez**
632 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-36-8

PVP: **23 €**



Os Soutomaior concitan na nosa sociedade unha serie de imaxes estereotipadas do que foi a Idade Media galega. Os Soutomaior, como parte da nobreza dominante e dominadora na Galicia baixomedieval, proxectou a través dos seus diferentes biógrafos unha imaxe repleta de violencia e traizón, froito do carácter político ou relixioso que moitos dos historiadores modernos imprimían nas súas crónicas. A casa de Soutomaior (1147-1532) pretende achegarse de xeito global ao protagonismo acadado polos personaxes que formaron esta familia, tanto desde a sociedade como desde a economía. O mito que rodea aos Soutomaior é parello co seu papel na historia galega e nos numerosos acontecementos violentos que protagonizaron.



AS MOEDAS MEDIEVAIS GALEGAS. A circulación monetaria en Galicia ata o século XV. Nº 38

Autor: **Ernesto Iglesias Almeida**
144 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-34-4

PVP: **13 €**



A pesar do interese que a moeda tivo ao longo da Historia, non abundan os libros sobre elas e menos aínda sobre a moeda de época antiga e medieval. Neste libro faise un percorrido tanto polas moedas achadas en Galicia, como por aquelas que foron acuñadas aquí (Lugo, Tui, A Coruña...), empezando polas púnicas descubertas a mediados do século XIX no Coído de Boreas, ata as dos Reis Católicos. Non se esquece tampouco da moeda portuguesa, de moita circulación na Idade Media sobre todo no sur de Galicia, así como das cuñadas por orde do rei Fernando I cando en 1370 invade este territorio chegando ata A Coruña (cecas de Tui, Milmanda e A Coruña).

O estudo complétase coas mencións documentais: denominación das moedas máis frecuentes, valor e troco das mesmas...: libras, dinheiros, soldos, nunos, morabitanos, óbolos, dobros, novéns, cornados, pepións, tornés, floríns, graves, barbudas, reais...



A FORMACIÓN DO REINO DE GALIZA. Nº 39

Autor: **Xosé Antonio López Teixeira**
168 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-76-4

PVP: **12 €**



Se ben que unha análise que pretendía determinar os orixes do reino galaico debería remontarse ao período svevo, a conformación do medieval Reino de Galiza atopa os seus máis sólidos alicerces ao longo dunha xeira histórica situada entre os anos 711 e 910. Trátase dun tempo que ben podemos denominar "galaico-ástur" toda vez que se, dunha banda, a corte dese primeiro núcleo da resistencia cristiá –após da invasión musulmá de comezos do século VIII– aparece, con frecuencia, dentro do actual territorio asturiano, non cabe dúbida, porén, que vai ser Galiza –a Galiza lucense e tamén a Galiza bracarense– o espazo fundamental, e decisivo, para a conformación política do Christianorum Regnum.



SERVOS E ESCRAVOS ALTOMEDIEVAIS NO NORESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA. Nº 40

Autor: **Marcos Fernández Ferreiro**
124 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-81-8

PVP: **13 €**



Son moitos os conceptos cos que se designaba ós individuos das clases servís entre os séculos IX e XII. Xa que logo, esa multiplicidade de designacións converte a cuestión do vocabulario e a terminoloxía nun aspecto imprescindible cando se pretende estudar o tema da escravitude e a servidume nese período. Froito desa necesidade xorde a presente investigación, na que se aborda a tarefa de identificar a presenza dos servos nunha selección de fontes documentais senlleiras para historia medieval do espazo galego.



ELEMENTOS DE ADORNO ALTOMEDIEVICOS EM PORTUGAL (SÉCULOS V A VIII). Nº 41

Autor: **Andreia Catarina Magalhaes Arezes**
410 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-83-2

PVP: **20 €**

Versión en portugués



Este traballo pretende inventariar, sistematizar e estudar o conxunto de adornos metálicos altomedievicos conhecidos no territorio portugués. A nosa atención incidiu sobre os elementos relacionados com o vestuário e o adorno do corpo, cronologicamente balizados entre os séculos V e VIII da nosa Era. Com efecto, e apesar de uma parte significativa dos materiais já se encontrar publicada em estudos dispersos, faltava un inventário sistemático, una redefinición da filiação cultural e una visão de conxunto para os adornos portugueses.



EPITOME DE LOS AUGMENTOS Y SUCCESOS DEL INSIGNE MONASTERIO DE CELANOVA.


Nº 42

Autor: **Frei Benito de Oya**
286 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-82-5

PVP: **15 €**




Frei Benito de Oya, como historiador, exhuma os vellos documentos do arquivo monástico de Celanova, hoxe en parte desaparecidos e dispersos, dando a coñecer os valores doquel cenobio e a súa achega ó historia eclesiástica e civil de Galicia. O título da obra Epitome de la fundación y aumentos de Celanova responde ao que é un resumo da historia de Celanova, dende a súa fundación no ano 936 ata finais do século XII. Diño códice atópase no Arquivo Histórico Nacional de Madrid.



COLECCIÓN DIPLOMÁTICA ALTOMEDIEVAL DE GALICIA I (662-1234). Nº 43

Autor: **Ainoa Castro**
264 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-06-6

PVP: **15 €**



A HISTORIA DA DONCELA TEODOR. Nº 46

Autor: **Antonio Rey Somoza**
76 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-84-4

PVP: **12 €**



"Galicia é probablemente unha das comunidades autónomas que conta cun maior volume de documentación conservada para o período medieval do noso país. Con todo, estes fondos non mereceron tanta atención como os doutras zonas, polo que o volume de documentación inédita é alto e o de documentación editada insuficiente, o que nos impide poder contar con toda a información histórica que se conservou así como realizar un estudo en profundidade da evolución dos tipos escriturarios na nosa terra.

Poder recompilar toda esta documentación é unha tarefa inxente que se ha de facer paso a paso, contando coa dificultade da gran dispersión das fontes entre arquivos galegos, nacionais e estranxeiros, ademais das coleccións particulares.

A *Historia da doncela Teodor* é un relato medieval construído nunha tradición de literatura sapiencial e didáctica que proliferou na península Ibérica sobre modelos temático-formais que se remontaban a culturas antigas (mesopotámica, greco-bizantina, bíblica), e que entraron en Europa polo contacto hispánico con textos traducidos e adaptados ao árabe. Estas obras elaboráronse de novo en castelán no século XIII, na forma en que se conservan en manuscritos do XV, e foron recreadas no seu contido e fixadas como exitoso xénero editorial pola imprenta nos inicios do XVI. Neste grupo en torno aos temas da sabiduría e da moral, algunhas historias usaron un esquema de preguntas e respostas como método clásico e lúdico para transmitir coñecementos variados.



A NOBREZA MEDIEVAL NA LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA. Nº 44

Autor: **Antonio Rey Somoza**
472 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-34-9

PVP: **16 €**



ERÓTICA MEDIEVAL GALAICA. Nº 47


Autor: **Olga Novo**
164 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-91-2

PVP: **13 €**



As cantigas critican os comportamentos que perturban a orde social, concretamente aquelas actuacións e situacións que rompen o ideal de excelencia social e moral que se lle supoñía á nobreza e aos cargos eclesiásticos. Os elementos perturbadores da orde "ideal" da sociedade feudal peninsular e aqueles outros que incumprían os preceptos do Cristianismo van ser reconducidos a través da sátira ou do exemplum á norma que debía guiar a todo nobre que se prezase da súa condición social. A lectura e a interpretación do pasado literario galego-portugués amosa dende perspectivas complementarias a apoloxía do réxime cristián-feudal tanto na súa vertente relixiosa como laica.

Como amamos? Ten unha historia a sexualidade? Cales son os códigos do Eros? Cales son as súas artes? Cales son as súas figuracións e configuracións na nosa sociedade medieval? En resposta a estes interrogantes nace este libro, como un cuestionamento necesario da historia sentimental do noso pobo. Trátase dun estudo integral que aborda, desde os estudos feministas, de historia da sexualidade, do dereito, das mentalidades e do corpo, a nosa intrahistoria medieval, desvelando, a través de textos lexislativos e literarios, os códigos eróticos dos nosos sentires e saberes como unha formulación particular do código erótico Occidental. Baixo os auspicios de Eros nace esta obra á procura da ledicia vital que loita pola vitoria do amor nas nosas cantigas medievais.



CÓDICE CALIXTINO. LIBRO V: GUÍA MEDIEVAL DO PEREGRINO. Nº 45

Autor: **X. Eduardo López Pereira**
156 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-38-7

PVP: **15 €**



O COMERCIO TARDOANTIGO NO NOROESTE PENÍNSULAR. Nº 48


Autor: **Adolfo Fernández Fernández**
300 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-98-1

PVP: **16 €**



Ofrecemos o quinto dos libros que compoñen o *Códice Calixtino*, que recibe tal nome do papa Calixto (1119-1124), universalmente coñecido como Guía do peregrino polo seu contido, que o propio autor define así: "Escribín todo isto para que os peregrinos, con esta información, poidan prever os gastos necesarios para a súa viaxe, cando saian para Santiago". Grazas a el conservamos a descrición de moitas vilas que percorreu, de igrexas e sarteiros que visitou, de hospitais e de hospedaxes polos que pasou, e mesmo imprescindibles referencias de persoas, boas e malas, que atopou ao longo do camiño, para rematar cunha fermosa e completa descrición da cidade de Santiago, das súas prazas, das súas sete portas e, sobre todo, da súa catedral e do ambiente que xa daquela a arrodaba".

Dende hai máis de 20 anos, os estudos sobre materiais arqueolóxicos da época romana e tardoantiga viviron na nosa comunidade, excepto algunhas excepcións, unha etapa de obscuridade que xerou un total descoñecemento sobre a realidade económica e comercial destes períodos históricos. Este traballo procura desterrar a vella hipótese que situaba a estes territorios fora dos sistemas comerciais imperantes no mundo mediterráneo. Nesta obra, o lector poderá achegarse ao complexo mundo do comercio e da economía tardoantiga no só do noroeste, senón tamén do resto do mundo atlántico, do mediterráneo occidental e do máis afastado mediterráneo oriental ademais de coñecer as mercadorías que circulaban nos mercados, que xogou o porto de Vigo neste sistema económico.

**REX E REGINA.** Nº 49Autor: **Xosé Antonio López Teixeira**

242 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-15400-78-3

PVP: **16 €**

Por vía de regra, os autores que se achegan á Galiza do século XII fan de Diego Xelmírez o eixo central do seu relato. Semellante perspectiva, nitidamente ideoloxizada, proxecta o espazo compostelán na corte de León; porén, deliña asemade a indesexable consecuencia de negar a realidade dun reino de Galiza de seu, hexemónico no horizonte hispano até o catrocentos. De feito, acontece que a actividade política e relixiosa do primeiro arcebispo de Compostela coincide cun novo ciclo histórico, caracterizado pola expansión económica e demográfica, e no cal os aristócratas do reino galego, con Pedro Froilaz á cabeza, exerceron un labor de prestixio.


**A NOBREZA MIÑOTA E A LÍRICA TROBADORESCA NA GALICIA DA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XIII.** Nº 50Autor: **Henrique Monteagudo**

174 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-942224-9-8

PVP: **15 €**

Neste estudo preséntase unha pescuda realizada a partir de dúas mandas testamentarias do cabaleiro don Johan Soarez de Chapela (de 1238 e 1247), quen é identificado co trobador Johan Soarez Somesso. A partir da exploración do contexto histórico deste, explórase a composición dalgunhas das familias nobres do sudoeste de Galicia (*Terra de Toroiño*) relacionadas co fenómeno trobadoresco e investigase as relacións entre elas e delas con outras cun papel coñecido na emerxencia da lírica cortés. Quedan identificadas e mellor definidas as figuras de tres trobadores: o dito Johan Soarez Somesso, Afonso Soarez Sarraça e Estevan Fayán. Tamén se ofrecen suxestións sobre o cando e o como se produciu o contacto do infante Afonso, o futuro Rei Sabio, coa tradición trobadoresca galego-portuguesa. Asemade, ofrécense avances para a historia das terras do Baixo Miño entre Ribadavia e Tui, da vila do Avia e do seu contorno.


**A HISTORIA DE ODOYNO**
A primeira novela galega. Nº 51Autor: **Antonio Rodríguez Baixeras**

186 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-944232-6-0

PVP: **16 €**

Odoyno Veremudiz foi un monxe galego do século X. Pouco antes de morrer, no ano 982, redactou nun documento, a modo de testamento, o destino que quería dar á súa propiedade máis querida, a igrexa e terras de Santa Comba de Bande, que herdara de seu pai Veremudo. Pero antes de rematar o documento que doaba Santa Comba ao mosteiro de Celanova, Odoyno quixo explicar con certo detalle o que supuxera para el o mantemento de dita propiedade en vida e, de paso, o seu propio periplo vital. O relato inclúe o contacto co máis importantes personaxes da súa época, como o rei de León Ranemiro II, o bispo Rudesindo (San Rosendo), a abadesa fundadora de Guimaraes, Mumadomna Didaz, e o "conde santo" de Lourenzá, Osorio Gutierrez. Tamén narra Odoyno a súa aventura amorosa cunha xove abadesa, Onneca, probable filla de Mumadomna.


**EVOACIÓN HISTÓRICO-ARTÍSTICA MONFORTINA.** Nº 52Autor: **Ernesto Iglesias Almeida**

136 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-945483-0-7

PVP: **14 €**

En este libro se hace una síntesis de la Historia Monfortina aprovechando algunos de mis trabajos publicados con anterioridad, la de otros historiadores ya ampliamente conocidos, así como también las investigaciones insertas en revistas y boletines de instituciones culturales, tales como museos y universidades de no fácil consulta para el gran público interesado en la historia de la ciudad de Monforte de Lemos.


**CRÓNICAS DE JEAN FROISSART.**
A CONQUISTA DE GALIZA E LEÓN
(1386-1387). Nº 53Tradución de: **Paulo Nogueira Santiago**

138 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-947719-2-7

PVP: **15 €**

Tradución completa de toda a estadia e andanzas do duque de Lancaster e dos que o acompañaban, non só en Galicia, senón dende que desembarcan na Coruña ata que regresan a Inglaterra dende o Porto. Unha achega, sen dúbida, de extraordinaria importancia para a nosa historiografía, agardada con degoiro dende hai máis de 150 anos por curiosos, eruditos e historiadores, dende o mesmo intre que Fernando Fulgosio deu a coñecer como primicia, na *Crónica de la provincia de Orense*, os sucesos ocorridos en Ribadavia en 1386.

**VOCES DA GALICIA BÁRBARA.** Nº 54Autor: **Antonio Rodríguez Baixeras**

508 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-120613-4-5

PVP: **24 €**

Chamamos *Galicia Bárbara* ao tempo transcorrido en Galicia desde finais do imperio romano ata o termo do século XI. Coñécese tamén como Alta Idade Media, e remata cos cambios sociais, políticos e artísticos do século XII, revolucionarios en toda Europa. Aínda que existen excelentes traballos sobre a época, tamén abundan as especulacións e as posturas personalistas. Por iso facíase necesario un achegamento ás fontes a través de recompilacións e traducións de textos de primeira man, sen privar aos lectores dunha lectura interpretativa dos feitos ocorridos e que aquí se realiza en detallados comentarios.



LAS PRISCILIANISTAS. Nº 55

Autor: *Andrés Olivares Guillem*
612 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-123922-3-4

PVP: **25 €**



A finales del siglo IV d.C. una mujer llamada Eucrocía, tras haber confesado el delito de brujería (*maleficium*) bajo severas torturas, era arrastrada por las calles de la ciudad de Tréveris hasta llegar al patíbulo, donde iba a ser decapitada por orden del emperador Máximo (383-388). Por aquel mismo tiempo, en Burdeos una enardecida multitud apedreaba hasta la muerte a otra mujer, Úrbica. Ambas pertenecían a la nobleza aquitana; eran cultas damas emparentadas con destacados hombres de letras bordeleses, dieron su vida por el mismo motivo: seguir las ideas rigoristas predicadas por el obispo hispano Prisciliano de Ávila, el cual fue decapitado también, junto a Eucrocía y otros de sus correligionarios. Este libro quiere poner el foco no tanto en ellos cuanto en ellas: las priscilianistas.



A TORRE DE CALDALOBA. Nº 56

Autor: *Fernán Álvarez*
260 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-128122-4-4

PVP: **17 €**



Houbo un tempo, breve e intenso na Historia, no que un feixe de galegas e galegos erguemos a bandeira da liota social e cultural na defensa da nosa identidade como pobo. Chantamos a bandeira no alto da Torre, co orgullo de pertencer a un país que xamais se rende, sabedores de que da morte de Constanza de Castro na Caldaloba do século XV naceu ese vento eterno que percorre os séculos ondeando as consciencias. Despois de 540 anos seguimos aquí, agora son outras as que terman con forza e decisión do mastro que suspira en branco e azul. Caldaloba, historia dun pobo orgulloso de seu.

S E R I E



T R I V I U M

**BAROÑA OU MORTE. Nº 1**

Autor: **Pepe Carreiro**
48 páx. (210x305 mm.)
ISBN: 84-96259-06-4

PVP: **13 €**

Versión en galego e castelán



Da man do prestixioso deseñador e debuxante, nace en Galiza unha nova serie en banda deseñada. Hai moitos anos, o Castro de Baroña estivo habitado por uns personaxes moi peculiares, unha longa parentela coñecida como Os Barbanzóns, que imos ir coñecendo a través de varias historias narradas en banda deseñada. A chave do guión está baseada en situacións de hoxe en día, pero resoltas ao presunto estilo daqueles tempos. Na que presentamos vemos a un paranoico Con que, contra a tranquilidade do clan, decide concienciar aos seus do perigo que poden sufrir por non estaren alerta de posibles invasións. A mellor defensa é o ataque, e a mellor defensa contra o ataque é unha boa festa.

**A NOITE DAS CACHARELAS. Nº 4**

Autor: **Pepe Carreiro**
48 páx. (140x215 mm.)
ISBN: 978-84-92792-73-3

PVP: **13 €**



Para entendérmolos, a noite das Cacharelas era na altura da Idade de Ferro o que para nós, os nados despois de Cristo, é a noite de San Xoán. O cristianismo foi sempre moi hábil pódolles nomes de santos ás festas de toda a vida. O que realmente celebran os protagonistas da historia que se conta neste libro é a festa do solsticio de verán, é dicir, a noite máis curta do ano.

**EN EL OCASO DE LA PREHISTORIA. Nº 2**

Autor: **Pepe Carreiro**
48 páx. (210x305 mm.)
ISBN: 84-96259-25-0

PVP: **13 €**



Nesta nova aventura, Os Barbanzóns realizan unha accidentada viaxe a terras irlandesas, onde se encontrarán cos Moloney, unha familia moi peculiar que lles fará de anfitrións e serán as estrelas invitadas nesta entrega. Por esta vez, o protagonismo tamén vai recaer sobre Son, o fillo máis vello de Con e Guinness, que co seu idealismo vai tentar revolucionar Eirín. Ao longo da travesía por mar e da estancia en Irlanda, íranse sucedendo as divertidas situacións que van complicar a trama. O irlandés Eoin Barrett encargouse do asesoramento cultural, xa que esta serie pretende xunguir ficción e ludismo co coñecemento da historia.

**LA NOCHE DE SAMAIÍN. Nº 3**

Autor: **Pepe Carreiro**
48 páx. (210x305 mm.)
ISBN: 84-96259-77-3

PVP: **13 €**



Segundo os vellos costumes celtas e seguramente tamén os castrexos, o ano párese en dúas estacións: verán e inverno. Non reparan en máis matices. E o paso dunha estación a outra dáse exactamente na noite que vai do último día de Outono ao primeiro día de Santos. A noite de Samaín.

Claro que, se fose só isto o que os costumes celtas ou castrexos ordenasen facer, a cousa non pasaría dun cambio de aires.

Non, a noite de Samaín, ademais de separar o ano, confunde o mundo do máis alá co noso mundo terreal. E iso si xa é outra historia. Precisamente a historia que viven neste novo libro os coñecidos habitantes do castro de Baroña: Os Barbanzóns.

**O LADRÓN DE MEL. Nº 1**Autor: **Carreiro & Carreiro**

48 páx. (160x235 mm.)

ISBN: 978-84-96673-09-0

PVP: **10 €**

Banza é un comellón...nunca está farto ! Cando Baroña durme, alguén vai roubar o mel das colmeas. Os do castro de Neixón protestan no castro veciño...Banza roubou o mel! Mais...será Banza o único culpable?

**PEITO DE LOBO. Nº 4**Autor: **Carreiro & Carreiro**

32 páx. (160x235 mm.)

ISBN: 978-84-92792-11-5

PVP: **10 €**

Peito de lobo é a cuarta entrega dos Pequenos Barbanzóns de Pepe Carreiro. Nesta entrega Baal quere demostrar que é o loitador máis forte do Barbanza, pero para iso terá que enfrontarse ao temido Peito de Lobo.

**CASTAÑAS CON PORCO BRAVO. Nº 2**Autor: **Carreiro & Carreiro**

48 páx. (160x235 mm.)

ISBN: 978-84-96673-34-2

PVP: **10 €**

Os pequenos Barbanzóns gustan das castañas. No souto pode haber esquiños, lobos... e tamén un porco bravo! Fuxidee!!!, berran, mais non serán os cativos os que collan máis medo co porco.

**FARRAPOS DE SEDA. Nº 3**Autor: **Carreiro & Carreiro**

48 páx. (160x235 mm.)

ISBN: 978-84-96673-40-3


PVP: **10 €**

A avoa fai roupa de lá que pica e dá moita calor neste día de inverno. Mais...ao lonxe, chega un barco. Son os fenicios cos seus doces tecidos. Servirán as sedas para abrigar os seus corpos da choiva?



Os divertidos personaxes de
Os Pequenos Barbanzóns





NOIA. PUERTO DE COMPOSTELA

Autores: **Xosé Agreló Hermo**
e **Xosé Luís Veiras Manteiga**

44 páx. (210x305 mm.)

ISBN: 84-95622-64-5

PVP: **13 €**



Historia de Noia desde as súas míticas orixes até o noso tempo. A través das cores de Veiras e o rigor histórico de Agreló, acometemos unha novidosa visión da vila que, por razóns naturais, e en tempos mesmo administrativos, se pode considerar a saída natural ao mar de Compostela. As grandes xestas de Noia, os momentos relevantes que marcaron o seu devir, os personaxes que a fixeron notable, pasan polas páxinas dun traballo que está alén de calquera idade. Unha aproximación rigurosa e simple que inaugura un proxecto moi imaxinativo: A historia de Galiza por bisbarras en banda deseñada.



COMPOSTELA. A historia dunha lenda

Autor: **Pepe Carreiro**

48 páx. (210x305 mm.)


ISBN: 84-95622-93-9

PVP: **13 €**


Versión en galego, castelán,
inglés e francés



Pepe Carreiro é xa un dos máis recoñecidos debuxantes de banda deseñada en Galiza. Agora, co apoio da incansable erudición de Clodio González, fai desfilar ante nós as datas, os feitos e os personaxes claves na Historia Compostelana, desde os albores da suposta descuberta do sepulcro do Apóstolo Santiago ata o alzamento militar de 1936.



Minu, personaxe dos Pequenos Barbanzóns



O CATASTRO DE ENSENADA Noia e a súa xurisdición (1752). Nº 1

Autor: **Marqués de la Ensenada**

Edición: **Xosé Agrelo Hermo**

120 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96673-02-2

PVP: **12 €**



Este traballo é unha trascripción e tradución ao galego dunha pequena parte do Catastro de Marqués de la Ensenada, realizado en 1752 na Vila de Noia e a súa Xurisdición, que daquela abarcaba as parroquias de Santa Mariña do Obre, Santa María de Argalo, San Pedro de Boa, San Xoán de Camboño, San Martiño de Miñoritos e San Sadurdiño de Goiáns. Realmente este "Catastro" era unha investigación estatística e fiscal levada a cabo nas vinte e dúas provincias da Coroa de Castilla, de 1750 a 1756, para rexistrar e avaliar todos os bens, rendas e beneficios dos seus moradores, recibidos con regularidade, para substituír o complexo sistema fiscal por unha única contribución, reforzando ao mesmo tempo o control do Estado centralista.



TRÁFICO MARÍTIMO E FLUVIAL NOS PORTOS DO SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (séculos XIII-XVII). Nº 2

Autor: **Ernesto Iglesias Almeida**

144 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96673-08-1

PVP: **12 €**



O presente libro constitúe unha importante achega histórica sobre un tema pouco estudado en Galiza e, en particular, no sur da provincia de Pontevedra e fronteira con Portugal. Non se cingue só ao tráfico de persoas e mercadorías, senón que tamén conta con capítulos dedicados á piratería nas nosas costas, aos diferentes tipos de embarcacións e á pesca no Miño (ocupación rendible antano: lamprea, salmón, anguía, sollos (esturións), sollas, zamborcas, meixóns ou angulas, etc.). Compléméntase cun amplo apéndice de documentos na súa maioría inéditos, procedentes de protocolos notariais e dos arquivos catedralicio e diocesano de Tui.



CATASTRO DA ENSENADA. Boiro e as súas freguesías 1753. Nº 3

Autor: **Marqués de la Ensenada**

Edición: **Xosé Agrelo Hermo**

360 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-23-6

PVP: **18 €**



Trascripción e tradución ao galego dunha pequena parte do Catastro do Marqués de la Ensenada (concretamente a relativa á Vila de Boiro e ás súas freguesías realizada no ano 1752). O devandito Catastro é unha investigación estadística e fiscal levada a cabo nas vinte e dúas provincias da Coroa de Castilla entre os anos 1750 e o 1756.



A GUERRA NA GALICIA DO ANTIGO RÉXIME (ss. XVI-XIX) Textos e contextos. Nº 4

Autor: **José Martínez Crespo**


576 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-19-9

PVP: **20 €**



Libro dividido en dúas partes. Na primeira explícase a estrutura militar e organizativa na que se integraban os galegos, así como as distintas visións da guerra que tiñan os diversos grupos protagonistas. Na segunda, o autor achéganos aos conflitos bélicos que se desenvolveron en Galiza, ou gardaron relación con ela, ao longo dos séculos XVI-XIX. Os textos que acompañan aos apartados nos que se divide a obra serven para enriquecer esta fantástica visión de conxunto.



OLLADA SOBRE A GALIZA DE 1807 DE CHARLES-LOUIS DE FOURCROY (1770- 1824). Nº 5

Autor: **Edición e tradución de Paulo Nogueira Santiago**


160 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-67-0

PVP: **12 €**



Nesta obra autógrafa e inédita incluso en Francia, conservada en París, dende hai máis de 200 anos, no Arquivo do Ministerio dos Asuntos Exteriores, o autor realizou unha descrición das sete antigas provincias galegas (Mondoñedo, Santiago, Ourense, Lugo, Betanzos, A Coruña e Tui), nas que detalla para cada unha delas: a poboación, portos, industria e comercio, fábricas e feiras, bancos e casas de seguros, cultivos e producións, ríos e mananciais... En apéndice, o autor reagrupa varias notas sobre os lugares de interese da Galiza dezanoveava e distintos mapas de Galiza para ilustrar o seu propósito. Finalmente, esta meticulosa exposición do Reino de Galiza realizada por un funcionario francés da administración napoleónica destinado en A Coruña, desveláanos tamén, entre liñas, algúns prexuízos que os nosos veciños franceses tiñan, acólá dos Pireneos, de España e en particular do noso país: GALIZA...



AS CAMPAÑAS DO MARISCAL SOULT EN GALIZA E PORTUGAL (1809). Nº 6

Autor: **Edición de Paulo Nogueira Santiago**


216 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-73-1

PVP: **13 €**



Estas supostas memorias de guerra de Jean de Dieu Soult, un dos vinteseis mariscais de Napoleón I, en terras galegas e portuguesas –que foran publicadas en vida do mariscal Soult, en 1821, e que este home de armas desautorizou cando o rei de Francia, Luís XVIII, inimigo xurado de Napoleón Bonaparte, o restituíra nos seus cargos anteriores–, preséntanos as manobras do exército francés, a súa forma de concibir a guerra pasando dunha guerra de posicións á destrución do inimigo, os seus numerosos e sangüentos enfrontamentos tácticos co exército español e aliado, pola Galiza e Portugal de comezos do século XIX, o sistema de guerrillas, que minguaban o ánimo do invasor francés, e a cruenta vida cotiá dos soldados das dúas fronteiras, enleados nunhas loitas encarnizadas e decisivas para a batalla final.



UNHA MATANZA ESQUECIDA. GASTRAR E VIGO (BOQUEIXÓN) Nº 7

Autor: Severino Fernández Abel


126 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-948966-2-0

PVP.: 16 €



Unha tradición oral recorda unha grave matanza de homes nas parroquias de Gastrar e Vigo (Boqueixón) nun pasado indeterminado. Para investigar estes feitos recorreremos ás fontes históricas tradicionais pero temán á memoria e á documentación privada de varias familias. Os resultados son parciais, pero confirman e reforzan a tradición oral: unha execrable matanza de homes (incluídos algunhas mulleres) ocorrida o 8 de setembro de 1838, nun ataque perfectamente organizado pola facción durante a Primeira Guerra Carlista (1834-38). En Galicia esta desenvolveuse mediante guerrillas ou faccións que con frecuencia derivaron a nivel local en graves enfrontamentos entre parroquias e entre grupos armados.



A NOBREZA GALEGA NA IDADE MODERNA. Nº 8

Autor: Paulo Nogueira Santiago

72 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-122541-6-7

PVP.: 12 €



As loitas internas que dividiran á nobreza galega, no século XV, entre os partidarios de Pedro I e os de Henrique de Trastámara, e logo entre os de Isabe la Católica e os de Xoana a Beltranexa, acabaron con liñaxes de rancio avoengo e propiciaron a fundación de novas estirpes. Nos séculos XVI e XVII, afianzáronse dúas tendencias en Galiza: a alta nobreza emigraba cara á corte, mentres que a pequena nobreza ficaba no país. No reinado de Filipe III, os políticos galegos desempeñaron un rolo de primeira orde na corte e na política internacional de España. Na idade Moderna, a nobreza galega pasou de ser rural a ser urbana, e, malia a creación de novos títulos, diminuíu respecto á poboación total de Galiza.



A VIDA EN NOIA NO SÉCULO XVI Nº 9

Autor: Manuela Pérez Mato


264 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-123409-2-1

PVP.: 16 €



No século XVI, o porto de Noia era o centro de actividades de toda a ría, converténdose nun núcleo redistribuidor de importacións. Noia era unha vila chea de vida cunha economía florecente que se sustentaba en dous piares básicos: a pesca e o comercio. As noieiras desempeñaron tamén unha gran variedade de oficios e participaron, soa ou cos seus maridos, en actividades comerciais e financeiras. Polo mar que trouxo tanta riqueza, tamén chegou a morte: ao verse Noia afectada por varios grupos pestilentes no derradeiro terzo do século XVI.



APROXIMACIÓN HISTÓRICA ÁS PARROQUIAS DE NOIA Nº 10

Autor: Manuela Pérez Mato

255 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-125393-8-7

PVP.: 16 €



O territorio parroquial rural foi o marco social, administrativo, onde se desenvolveu a vida do campesiñado galego ata os tempos actuais. A parroquia é a estrutura administrativa máis inmediata ao pobo rural, funcionando como elemento de cohesión nun marco elemental de convivencia, agrupando as distintas aldeas e lugares en eventos comúns.

COLECCIÓN



ANAIS



42 DÉCIMAS DE FEBRE

Autor: **Miro Villar**
104 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-605-0885-4

ESGOTADO



Trátase dun libro de poemas que contén catro cadernos: palabras, imaxes, litografías e recordos; un prólogo e un epílogo, resoltos todos eles en metro clásico, obviamente décimas, nos que o autor homenaxea diversos momentos da cultura universal.



**OLEIROS,
O PARAISO DESCUBERTO**

Autores: **Xosé Luís Otero Cebral**
e **Santiago Casal Quintáns**
68 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-89129-35-5

PVP: 10 €



Xosé Luís Otero Cebral, dinamizador cultural en facetas de conferenciante, colaborador en programas radiofónicos e prensa escrita, ten acadado diversas mencións literarias, o premio *Vir Fluvius* de poesía e o premio *Iar* de folclore galego.

Santiago Casal Quintáns vén desenvolvendo múltiples facetas creativas relacionadas co mundo do libro. Froito da súa admiración pola terra oleirense xurdiu a reportaxe fotográfica que serve de fondo para este libro homenaxe.



OS SETE COITTELOS

Autor: **Xosé Agrelo Hermo**
186 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-89129-01-0

PVP: 10 €



Narra a posguerra en dous planos que se xustapoñen ao tempo que se complementan. Dunha banda as peripecias dun feixe de rapaces no seminario compostelán. A disciplina. A orde. Os medos. As rebeldías. Da outra a saída do protagonista Andrés Arcos para Madrid e a súa estadia na capital da fame.

Cun estilo claro e ameno, con abundantes notas de humor conclúe esta viaxe na que non podemos evitar entrever a propia experiencia do autor.



CONTO PARA LER CHOVENDO

Autor: **Xosé Luís Santos Cabanas**
120 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-89129-26-6

PVP: 10 €



Conto para ler chovendo liga coa literatura de formación ou aprendizaxe do heroe (*bildungsroman*) que tanta tradición ten na literatura que finca as súas raíces no mundo imaxinativo europeo e, por ende, galego.

Estruturado en 17 capítulos, cada un cun resumo do que imos ler, o andar do protagonista é unha viaxe iniciática á procura dun libro que contén tódalas historias escritas e por escribir, á procura do saber, desde a súa aldea ata novas terras nas que vai descubrir outras maneiras de ser e de vivir, de xeito que cando volte xa non será o mesmo rapaz de cando a deixou.




O ESPELLO DE PAPEL

Autor: **Alfonso Costa**
200 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-89129-17-7

PVP: 10 €



Nesta obra o autor une poesía e pintura. Este libro de poemas está dominado polo amor, tema que lle dá unidade ao libro, e nel encontrámonos coas follas da ausencia, motivo reiterado ao longo da obra: as cicatrices da ausencia, o pesadelo da ausencia, a ausencia como "espiñas de pedra". Amor en soidade.



O TRIBUTO DA TARDE

Autor: **Rafa Villar**
60 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-89129-25-8

PVP: 9 €



Sorprendente e fermoso poemario do xove poeta ceense Rafa Villar que nos comunica unha fondura poética e unha nostalxia dun tempo pasado propios da súa madurez creativa.

Nestes 45 poemas e na lonxanía das lembranzas do poeta podemos escoitar e sentir con el o paso das estacións, o mar bravo e «o bater do mar que soa xa para sempre no noso peito».

Rafa Villar é membro do Batallón Literario da Costa da Morte.



OLLOS DE ANXO DA MORTE

Autor: **Francisco Antonio Vidal**

132 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-34-7

PVP: **10 €**



Son os tempos da posguerra. Nunha tranquila vila da Baixa Limia. Santa Comba do Tumiá, que non coñece a electricidade nin sente necesidade dela, os seus veciños van enfrontarse a un progreso que non respecta o pasado.

Córrese a voz de que queren facer unha fábrica de luz. Semella que nada ten por que cambiar. O balneario onde os veraneantes acoden a tomar as augas, o comercio clandestino a través de sempre, non deberían verse alterados pola construción dunha fábrica sete ou oito quilómetros río abaixo.



O BERRO **Poemas e pensamentos de vida, amor e morte**

Autor: **Xabier A. Olariaga**


166 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-54-1

PVP: **10 €**



«Resistir, sim, resistir: acrescentada ad infinitum a própria dignidade, a soberba dos intrusos –sejam estes renegados ou alheios– perecerá...
Mentres o seduzimento fique vivente: hic et nuc».



LENDAS

Autor: **Gustavo Adolfo Bécquer**

286 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-11-8

ESGOTADO



Sabido é que as *Lendas*, ao igual que as *Rimas*, nacen do interese de Bécquer pola literatura popular. En consonancia con isto e no medio dunha atmósfera tinxida de sobrenaturalidade, o autor gusta mesmo de indicar a fonte da súa historia para asegurarnos a súa procedencia e certificar a fidelidade da súa transcripción.



DELAS

Autor: **Helena Villar Janeiro**

214 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-71-1

PVP: **11 €**



Este libro, con vocación de ser crónica do sucedido semana a semana, contén unha selección dos artigos publicados pola autora en El Correo Gallego entre os anos 1994 e 1998.

Entre os temas seleccionados para falar cos seus lectores e lectoras ao longo destes cinco anos, aparecen de xeito recorrente a situación das mulleres, os atrancos impostos á lingua do país, o desenvolvemento da educación institucional e o feito literario, non poucas veces completándose entre si.

Eis unha mostra dos traballos que teñen máis relación co mundo feminino.



UN DÍA NA FRAGA

Autor: **Pilar García Cardamas**

100 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-79-7

ESGOTADO



Trátase dun conxunto de relatos dirixidos principalmente para os nenos. Esa etapa da nosa vida chamada infancia, que ás veces se nos antollaba longa e sempre é curta, deixa en cada un de nós unha fonda pegada que endexamais se esvaece. E co paso do tempo, puntualmente, acode para valernos; e ábranse os gonzos da nosa memoria, ceibando as imaxes e recordos vividos noutrotra, para darnos azos e proseguir alentando. Ese mundo de ensoños, de engaioladas lembranzas, é o que se está a rememorar neste libro.



MÁIS ALÁ DO ALÉN

Autor: **Xulio Fernández Pintos**


122 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-80-0

PVP: **10 €**



Os contos son tan vellos coma a linguaxe. Invéntanse cunha boa dose de fantasía, cunha arma segura coa que entreter á xente miúda e aínda aos maiores con ansias de soñar espertos. Grazas ás nais e ás avoas, sen esquecer aos outros membros da familia e «contadores» profesionais, os contos espalláronse por todo o mundo. Sexa dun xeito oral ou pola escrita, adoitan ser un pasatempo divertido e inocuo.



CHAMÁCHESME MORENIÑA

Autor: **Fernando Cabeza Quiles**

96 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-89-4

PVP: **6 €**



A fantasía do tratamento da noticia é para min un método ben familiar. Non exactamente na información a coño que non fago dende as calendas gregas da miña xubilación. Pero xa moi vedraio, veño confundindo no novelo de anacos a realidade coa quimera. E por iso comprendo ben o procedemento de Fernando Cabeza Quiles e louvo a súa idea de refrescar, cunha imaxinación portentosa, a sequeidade da case sempre aburrida actualidade.



CANCIONEIRO DO FISTERRA GALEGO III

Autor: **Manuel Quintáns Suárez**

248 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-70-3

PVP: **16 €**



A literatura popular interésase por aquilo que é motivo dos desacougos e in-
quedanzas da comunidade, dos seus soños e esperanzas, das súas ledicias e satis-
facións. Lembrando (contos e lendas), aconsellando (ditos e refráns), cantando (can-
cioneiro)... Na crenza, sen dúbida, de que é mesmo o esquecemento, en canto
forma sobre todo de ignorancia, o maior atranco no desenvolvemento e progreso
da comunidade, do ser humano. Só seremos dende o coñecemento de quen somos
e quen queremos ser.



CANCIONEIRO DO FISTERRA GALEGO I

Autor: **Manuel Quintáns Suárez**

216 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-95-4

PVP: **15 €**



Este primeiro tomo dos tres que comprende o *Cancioneiro do Fisterra galego*, comentado, inclúe os cancioneros particulares da «muller», do «home», de «vellos e vellas», de «familia» (parentela), do «casamento» e do «amor». Independentes en si mesmo, pero concebidos polo autor deste traballo como partes dun conxunto no que un universo cultural do Fisterra galego –concellos pola costa, de Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubián, Cee, Carnota, Muros e Outes, e polo interior Vimianzo, Zas, Dumbria e Mazaricos– cobra vida a través dunha das súas manifestacións máis le-
das e festivas.



O MIÑATO

Autor: **Xulio Fernández Pintos**

116 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-08-4

PVP: **10 €**



Velaquí un feixe de catorce contos que nos ofrece o autor Fernández Pintos se-
guindo a mesma liña que iniciara con *Doce contos e outro máis* e seguiría con *Máis alá do alén*. Un camiño de fantasía e coñecemento dos seres humanos marcado por
un estilo sinxelo e directo que nos lembra o xeito de narrar dos vellos contadores de
contos de agora e de sempre.



CANCIONEIRO DO FISTERRA GALEGO II

Autor: **Manuel Quintáns Suárez**

186 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-65-7

PVP: **14 €**



Este segundo tomo do *Cancioneiro do Fisterra galego* inclúe os cancioneros
particulares «do traballo» (oficios e profesións, o mar e o campo), «do tempo»,
«dos valores», «de santos e romarías», «de curas, santos, demos e meigas». Un
conxunto que debuxa o mundo material e espiritual desta comunidade humana do
noso Fisterra.



A DERRADEIRA DECISIÓN

Autor: **Francisco Antonio Vidal**

106 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-18-1

PVP: **9 €**



Entre a Galiza sueva e a Constantinopla de Xustiniano, anda un emigrante á
procura de benestar, vencido pola desidia do triunfo, cegado polo esplendor da
grande capital do Imperio de Oriente esquece a miseria da súa terra e a promesa
de redimir á familia, mentres a esposa o agarda, esperanzada durante os mellores
anos da súa vida.



CONTOS DE VIAXE

Autor: **Amadeo Cobas**
156 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-44-0

PVP: **10 €**



Levámoste unha escolma de relatos curtos nas que podemos atopar naufraxios con nomes propios, abordaxes de hostís mariños e madeiros que bota o mar cara á praia, ou a un mestre que non se granxeara amizades, e o que lle aconteceu un día; tamén a que quixeron facer dous valentes durmindo nun anfiteatro romano, ou o que quere realizarse mentres un músico perde o posto de traballo.



A LENDA DO EMBRUXADO E OUTRAS HISTORIAS

Autor: **Xulio Fernández Pintos**
122 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-55-6

PVP: **10 €**



A capacidade de trascender as fronteiras da realidade cotiá está ben presente na obra de Xulio Fernández Pintos, un médico-escritor que xa nos ten deleitado con anteriores coleccións de relatos breves. Continuando esta liña, ofrecemos agora outra entrega que comprende unha dúcia de relatos, os cales nos trasladan a espacios, ideas e vivencias que cobran veracidade gracias á arte do creador.




FREI SAMUEL

Autor: **Ramón Carredano Cobas**
52 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-61-0

PVP: **14 €**



Este texto, no que se recrea unha situación real da nosa histórica medieval, obtivo o premio «Avilés de Taramancos» de relato de aventuras 2002. Carredano danos unha mestura de ironía e drama nun traballo case teatral polo espazo no que se desenvolve. Con Frei Samuel no mesón, arreconcendo a comidas cociñadas en panelas borbullantes, aparecen feridos, xente con mensaxes belicosas, e a intriga de poder que tivo como testemuña o lugar de Urdilde.



DIÁSPORA.COM

Autor: **José Manuel Lobato Martínez**
108 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-63-7

PVP: **9 €**



A emigración forma parte dese misterio entre a creación e a desintegración da personalidade humana, así como gran causante da despoboación de vilas enteiras. Galiza, desde hai moito tempo, é o «gran berce» xerador desa dispersión tumultuosa, transformando aos seus nativos en figuras asociadas á etiqueta popular de «cidadáns de ningures». Os persoeiros de DIÁSPORA.COM nacen e coexisten pola súa relación íntima co fenómeno migratorio; nestes relatos presentan as súas vivencias que conducen ao debate público, en pos de contribuír cada un coa súa insignificante historia, a enriquecer e entender Galiza desde unha perspectiva moi particular: O mundo do emigrante galego. A obra enriquecése no gráfico coa aportación dos debuxos de Masito.




PAISAXES DE CINZA

Autor: **Antonio Piñeiro**
48 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-71-8

PVP: **9 €**



Feliz entrega poética do ribeirense Antonio Piñeiro onde teñen cabida paisaxes vividas ou soñadas, mais sempre amadas e perdidas. Paisaxes que máis ca espacio son muller que na noite e na luz se sublima. Apoloxía do instante e do humano contra o paso do tempo. As paisaxes de cinza son o que queda despois destas páxinas.



A TORRE NO DESERTO

Autor: **Xoán Fuentes Castro**
266 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-89-0

PVP: **12,50 €**



A primeira obra narrativa de Xoán Fuentes sumérxenos nun mundo ficticio (e sen embargo case recoñecible) próximo á deshumanización, mais no que aínda hai lugar para a tenrura a nivel individual. A carga dramática da novela está sustentada polo Poder oculto e rotundo que move os fíos do absurdo para condenar ás persoas. A visión centroeuropea do home e do mundo, matizada polo feito de ser e sentirse historicamente galego, define plenamente a este autor e así o demostra esta fermosa e triste parábola da nosa condición.



O BOTÍN DA INMORTALIDADE

Autor: **Francisco Antonio Vidal**

102 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-90-4

PVP: **10 €**



«...a eternidade é como estar comendo sempre dun manxar que non se acaba, que non deixa no padal o desexo de volver a tomalo. A eternidade é como comer e comer sen fame nin apetito, desexando acabar o que non se acaba; é un pastel que non sacia».

O *Botín da Inmortalidade* resultou gañador *ex aequo* no II Certame literario de aventuras «Antón Avilés de Taramancos».



LIBRO DAS CAPITULACIÓNS DE XULIO CORVEIRA ANDRADE

Autor: **Carlos Arias**

282 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-60-6

PVP: **12 €**



Xulio Corveira tivo moito do que se pode desexar na vida: liberdade, solvencia económica, sexo, parellas coas que compartir un proxecto vital, un espazo propio enorme e mais a capacidade de desprazarse polo mundo á súa vontade. Aínda así, aos 86 anos atópase con forza física, mais interiormente esgotado; daquela decide afrontar un balance, para iniciar, logo de se desprender de todo, un novo camiño, que o conduza, por fin, a se atopar consigo mesmo.



RUMBO AO MALUCO

Autor: **Xosé Agrelo Hermo**

74 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-91-2

PVP: **10 €**



A obra recibiu o primeiro premio *ex aequo* no II Certame literario de aventuras «Antón Avilés de Taramancos». Conta a curta pero intensísima viaxe iniciática e definitiva que un xove grumete noiés, Antón Varela ou Antón de Noia, realizou acompañando a Magalhães na procura da terra das especias e das Illas Malucas (O Maluco). A través do diario íntimo de Antón de Noia coñecemos as súas ilusións e frustracións, o carácter de personaxes rigorosamente históricos e a vida mariñeira a comezos do século XVI, no medio da aventura, non espacial, máis apaixonante da historia da Humanidade.



A UNLLA DA AGUIÁ

Autor: **Ramón Carredano Cobas**

66 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-20-X

PVP: **10 €**



O relato gañador do Premio «Avilés de Taramancos de relato de aventuras 2004» recaeu neste texto onde se trata a guerra da Independencia na vila de Noia. Tras a derrota de Elviña, o camiño queda espedito para as tropas francesas, que invaden Galicia ao mando dos xenerais Ney e Sout. Noia e a súa bisbarra non escapan á invasión e alí, Cachamuíña, oficial do exército ao mando do Marqués de la Romana, pretende organizar a defensa contra os franceses.



VERSOS PARA LER NA ESCOLA

Autor: **Sebastián Paz Suárez**


138 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-00-5

PVP: **11 €**



O profesor Paz Suárez, coñecedor, como os nosos antergos, de que o verso non é a poesía aínda que si a súa mellor roupaxe, compón centos de versos sonoros e musicais nos que predomina o ritmo alegre e vivo en variados temas. O prestixioso Avilés de Taramancos orientou a liña poética e Pilar Sampedro na selección de debuxos elaborados por rapaces do concello de Outes.



NA FRONTEIRA

Autor: **Xoán Fuentes Castro**


134 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-21-8

PVP: **11 €**



Preséntasenos aquí unha fonda reflexión sobre a condición e comportamento humano ante o feito, tan terrible e absurdo como son as guerras. Vínfin e Al-Haken son dous soldados que combaten desde as súas trincheiras pero non entre si, a loita é unha rebelión interior dos combatentes contra o pensamento único que invade o campo de batalla da vida. Ningún deles quere facer o xogo aos apóstoles da nova barbarie.




TERRANOVA

Autor: **Mario Franco**
166 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-23-4

PVP: **10 €**



Primeira obra do autor onde traza un mapa de vidas de homes do mar durante tres campañas mariñas nos caladoiros de Terranova nos anos '50. A dureza das xornadas e as relacións tirantes entre os compañeiros farán que a desgraza acompañe ao Delfín, o barco que se converte nun protagonista máis. A historia tamén contén un tráxico episodio de amor que contrasta, pero tamén complementa a rudeza dos personaxes.



OS CHANZOS DA ESCADA


Autor: **Francisco Antonio Vidal**
255 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-39-0

PVP: **12,50 €**

Versión en galego e castelán



Percorremos a vida dunha familia a través dun século. Unha vida marcada pola emigración e o desarraigamento; polas crises económicas e sociais, que van convertendo a Cerqueixo nun refuxio de desleixados nun asilo de vellos con casas apuntaladas por pensionistas, e cos fillos convertidos en forasteiros no propio fogar...



COS PÉS NA PENEIRA

Autor: **Xosé M. Lobato Martínez**
112 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-50-1

PVP: **10 €**



No presente libro o autor achéganos ao fenómeno migratorio galego nas primeiras décadas do século XX. Latentes nos relatos as características do emigrante galego, mensaxes ocultas na lectura profunda, resaltados e recuperados para render unha sentida homenaxe a toda esta colectividade de galegos que tanto fixeron pola súa terra.

Despois da lectura destas páxinas queda a sensación dese baleiro preocupante que sempre provoca o desarraigo dunha persoa co seu contorno, pegada máis manifesta da emigración, que activa esa dor psíquica tan desacougnante.



CANDO VEÑA A NOITE

Autor: **David Pérez Iglesias**
96 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-61-7

PVP: **10 €**



David Pérez volve mostrarse como o gran narrador que é neste libro co que obtivo o Premio «Avilés de Taramancos de relato de aventuras 2005». Ambientada no século XIX, nos acontecementos da Guerra Carlista polas terras de Deza, a historia nótrese esencialmente da memoria oral dos cambotes, aínda viva 170 anos despois, no relativo a aquela traxedia. O horror é caótico; o relato do horror imaxina unha orde, unha pregunta que só os sobreviventes poden facer.



DOMINGO DE RESURRECCIÓN

Autor: **Fernando Cabeza Quiles**
130 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-66-8

PVP: **10 €**



É este un libro de relatos que conforman unha agradable e apetecible proposta literaria na que o seu autor amosa enxeño, amenidade, axilidade narrativa e un bo manexo dos recursos expresivos, feito todo sobre o soporte da oralidade, esforzándose o autor en lograr a maior claridade expositiva posible, a base de tirar moitos intentos ao cesto dos papeis, pois Cabeza Quiles foxe adrede, con verdadeira vontade de estilo, de toda literatura artificiosa, chea de tecnicismos sobexos e citas e aforismos memorables usadas antes por outros nunha rolda interminable. Ao contrario, Cabeza Quiles aposta por unha literatura espida e espontánea na que prima unha prosa breve, limpa e directa chea de humor, que conta historias reais adoizadas con elementos maravillosos e fantásticos (velaí a pegada do mestre Cunqueiro).



CONTOS DE ENCANTAMENTOS

Autor: **Sebastián Paz Suárez**
96 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-79-X

PVP: **10 €**



Pequena escolma de dez contos, acompañados con cadansúa ilustración, onde os nenos e nenas son os verdadeiros protagonistas. Innumerábeis seres máxicos (fadas, bruxas, trasnos, ananos, xigantes, piratas,...) e lugares cheos de engado (castelos, fragas,...), enchen estas páxinas de historias que deixan paso a diferentes aventuras e sucesos nos que os seus diversos personaxes vivirán moitas andanzas. Contos de autor que poderían inserirse na confística tradicional polos motivos ou as semellanzas e temáticas estruturais.




O REI DOS LOBOS

Autor: **Xerardo Neira**
80 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-98-6

PVP: **10 €**



O Premio "Avilés de Taramancos" de relato de aventuras deste ano 2006 trasládanos a aquel Lugo suevo do século VI, cando o Nigromonte Escuro asediou a cidade co seu exército de lobos. Suevos, godos, romanos, cristiáns... mestúranse nunha novela de aventuras, maxia negra, personaxes reais e imaxinarios, que nos explica o medo ancestral que desde entón teñen os lucenses ao lobo. Unha mestura de realidade e fantasía, expresada nunha lingua fermosa e dúctil, que engancha ao lector de principio á fin. Velaquí un libro para os amantes das aventuras e tamén para todos aqueles que queiran indagar nas "verdades" e "mentiras" das nosas orixes.




OS RÍOS PASAN CHEOS DE DEUS. POESÍA RELIXIOSA EN GALEGO

Autor: **Victorino Pérez Prieto**
280 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-20-5

PVP: **14 €**



Esta obra é o resultado dunha profunda e coitada escolma de poesía relixiosa a través de diversos e recoñecidos escritores en lingua galega que abranguen desde a época medieval (Afonso X o Sabio, Airas Nunes, Pai Gómez Charriño, Camões...), até os nosos días (Manuel María, Helena Villar Janeiro, Arcadio López Casanova, Xosé Lois García,...); pasando por clásicos de séculos pasados como Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luís Pimentel ou Álvaro Cunqueiro entre outros moitos máis. O punto en común sobre o que se artellan todos os poemas é a súa relixiosidade.




O PESCADOR DE CANA

Autor: **Xoán Fuentes Castro**
224 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96673-00-6

PVP: **12 €**



Este volume é, ante todo, unha aposta, e non só polo contido senón tamén por unha forma, por unha linguaxe e, sobre todo, por unha lingua. Lonxe de toda novela-espectáculo, *O pescador de cana* ollá para as tebras do espírito, para a marxinalidade que orla o gran teatro da sociedade. E faíno a través de personaxes que teñen pouco ou nada que dicir, mais si moito que dicirse, e que por casualidade, chegan a conectar entre si.




A DERRADEIRA CAMPAÑA DO CAPITÁN SAMUEL

Autor: **Mario Franco Rodríguez**
80 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-20-5

PVP: **10 €**



Neste relato de aventuras, galardoado co Primeiro Premio do Certame Literario "Antón Avilés de Taramancos" 2007, nárrese unha campaña ás illas Svalbard ou Spitzberg, onde o capitán Samuel, personaxe da nosa historia, é unha figura que reflicte toda a sabedoría que no mundo do mar se podía acadar en tempos pasados. Vello lobo de mar que cheiraba o peixe era, ao mesmo tempo, home íntegro e cabal que non cría na xustiza dos homes, por iso, non dubidada en non acatala cando vía que a inxustiza era evidente.



SIMEÓN PANTÍN inventor da liberdade

Autor: **Maxi Olariaga**
80 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-12-X

PVP: **10 €**



O noiés Maxi Olariaga define este relato como "unha alegoría da creación da humanidade e da invención da liberdade".



A ESCOLA DA LAREIRA. Tomo I


Autor: **Manuel Quintáns Suárez**
296 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-31-1

PVP: **13 €**



A escola da lareira é un ensaio que se inscribe na literatura popular de tradición oral. O autor recolle unha abondosa mancha de documentos orais –"Curiosidades e entretamentos", máis de 600 adiviñas, 88 contos, máis de 170 lendas, preto de 200 romances, celebracións, panxoliñas e aguinaldos, e 59 oracións– distribuídos en oito capítulos precedidos cada un deles dun breve estudo introdutorio.

A amplitude da área xeográfica de recolleita, que comprende aproximadamente as provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra foi posible grazas á colaboración inestimable do profesor Manolo Castro Mera.



A ESCOLA DA LAREIRA. Tomo II

Autor: **Manuel Quintáns Suárez**


352 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-32-8

PVP: **15 €**



Esta segunda parte da Escola da Lareira contén o romanceiro, as celebracións e as panxoliñas e aguinaldos. Partes que completan o primeiro volume publicado nesta mesma colección.



RÍOS QUE SE ABRAZAN

Autor: **Carlos Arias**

64 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-66-3

PVP: **10 €**



Ríos que se abrazan trae a vida de seres que aceptan a súa circunstancia. Homes e mulleres que se unen ao que os rodea e o transforman sen apego, na seguridade de que o necesario aparece só con deixalo vir, con sentir que as necesidades dependen dos recursos alcanzábeis, do que o mundo, a natureza e os máis fornecen, polo simple feito de existir. Así a loita carece de sentido, e a sinxeleza de seguir o fluxo misterioso e eterno toma a súa forza en plenitude.



A CAPELA MALDITA

Autor: **Mario Franco**

80 páx. (150x210 mm.)


ISBN: 978-84-96673-54-0

PVP: **10 €**



Mario Franco Rodríguez conta con obras como Terranova, memorias dun mariñeiro, A derradeira campaña do capitán Samuel, coa que acadou o primeiro premio no Certame Literario de Relato de Aventuras "Antón Avilés de Taramancos" na súa VI edición, así mesmo, co presente relato volve a gañar o devandito premio na súa VII edición.

Un home está morrendo e na súa agonía quere contar os estranos sucesos que viu despois de atopar unha capela no monte, aparentemente abandonada... mais onde se aprecian signos de que "algo" a habita. Os feitos que mesturan o mundo dos vivos e o dos mortos mudarán os valores das persoas que presencian a transformación das verbas en carne. Relato áxil que manterá en vilo ao lector ata o derradeiro alento.



A COVA DA MARIÑA

Autor: **Pilar García Cardamas**

200 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-68-7

PVP: **11 €**



Un día na fraga, publicado por esta editorial, foi o seu primeiro libro; un conxunto de relatos curtos dirixidos principalmente para os nenos. Con A cova da mariña a autora afianza a súa escrita cun relato onde nos amosa como o descubrimento doutras realidades nos enfrenta ao que somos, aos nosos valores. O mundo máxico e o mundo real transitan nas palabras violencia, morte, amor e compromiso.



MAÑÁ DE SÁBADO. (Relatos para Noia)

Autor: **David Pérez Iglesias (coord)**

120 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-61-8

PVP: **10 €**



14 relatos de 14 autores cun tema en común: Noia. Este traballo colectivo é o resultado dun obradoiro literario de relatos realizado no concello de Noia durante unhas 15 mañás de sábado. Relatos que tratan de manías obsesivas, do eterno retorno, da incomunicación e o amor, dos anos da mocidade, de asasinatos e voces do máis alá, de historias da guerra, das nosas orixes, de teimas chauvinistas, da peste ameazando unha Noia do renacemento, das emocións dun morto que vai do Tapal ata Santa María a Nova, dunha situación ridícula que lle sucede a un home nun ascensor, do sentido de Noia a través do tempo... Un recordo para os participantes no obradoiro, e uns momentos amenos e agradables para o lector.



CACHIÑOS DO MEU CERNE

Autor: **Fuco Paz Souto**

96 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-78-6

PVP: **9 €**



Cachiños do meu cerne é un conxunto de 12 relatos, seis deles autobiográficos, nos que se recrea o mundo infantil do que gozou cando era neno. Os seis restantes mesturan o sentimentalismo e a evocación literaria co realismo máis profundo e sutil do ser humano.




A CALOR DUN NIÑO

Autor: **Guillermo Coen**
120 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-79-3

PVP: **10 €**



Cinco historias tiradas do real sobre xentes marxinais dos arrabaldes composte-láns. O conto que dá título á obra narra a peripecia de Fidel Paralela, un mozo que, inmediatamente despois de saír do cárcere, terá que regresar ao seu fogar, onde lle esperan unha nai apoucada e submisa e un pai bebedor e sen traballo.



O PETO DE CARTÓN. Conversas literarias cun vello mestre

Autor: **Manuel Mariño del Río**
104 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-92-2

PVP: **8,50 €**



O Peto de cartón. Conversas literarias cun vello mestre traza a historia da lingua e da literatura galega a través dos diálogos entre Xacobe, un mozo de catorce anos, e un mestre xa xubilado. O relato, ambientado na vila de Porto do Son, fórnese, ademais, cun trasfondo mariñeiro no que o mar, a vida e a morte están presentes nos canfís do tempo.



HISTORIAS DA PINTURA. ODAS AOS PINTORES GALEGOS

Autor: **Maximino Cacheiro Varela**
160 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-81-6

PVP: **12 €**



Historias da pintura é unha serie de contos inspirados nos cadros dos grandes mestres da pintura universal (de Giotto a Toulouse Lautrec). Mediante a análise da técnica e temática dun cadro, téntase ficcionalizar a praxe psicolóxica do autor correspondente no trance do acto pictórico. Ao mesmo tempo, reflicte o seu saber, o seu sentimento, a súa ideoloxía... É dicir, interroga como persoa no mesmo cerne da creación: toda unha estereofonía da carne profunda que se articula na linguaxe figurada.

Odas aos poetas galegos son sesenta e cinco poemas adicados aos grandes pintores galegos. A través dunha análise da dialéctica concreta dos cadros concernidos reflíctese a silenciosa voz poética que os habita, que transmigra e habita os poemas que os describen. Toda unha sinfonía de cores con alento galaico. O lirismo no seu esplendor.



COA CARAUTA POSTA

Autor: **Concha Blanco**
160 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-96-0

PVP: **10 €**



Concha Blanco ofrécelles esta nova novela, Coa carauta posta, na que se narra de forma directa e áxil parte da vida de Nuria, unha muller entrada na trintena que, tras o accidente de tráfico dun amigo, se ve obrigada a darlle un xiro inesperado á súa existencia.



EN PRECARIO

Autor: **Miguel Anxo Martínez Oubiña**
144 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-89-2

PVP: **12,50 €**



Unhas semanas antes do Nadal, un representante de comercio percorre Vigo na procura de clientes. No seu deambular cruzarase con personaxes do máis singular, como un taberneiro fanático do Real Madrid, unha prostituta que aspira a traballar de meiga ou un camareiro arxentino adicto ó sexo. Mentres tanto, o ambicioso dono dun supermercado organiza a visita ó seu establecemento do alcalde da cidade. En precario é unha novela áxil e divertida que aborda en clave de humor negro o problema de milleiros de mozos que padecen a precariedade laboral e dos emigrantes que matan as horas de soitude nos chat. Unha historia de currantes que como non podía ser doutro xeito comeza en luns.



VERTIXE DA CHOIVA

Autor: **David Souto Alcalde**
72 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-98-4

PVP: **8 €**



Libro centrifugador de imaxes, ou máquina de engranaxes sobreexcitados, Vertixe da choiva achégase aos lindeiros do colapso para detese nas intermitencias que a voz produce ao toparse coa ausencia de gorxa ou de chafarís proxector de voz. Unha pantasma percorre todas estas páxinas, e mudando en esqueleto que se sobrepón a si mesmo, faise corpo en poemas que se obrigan a enfundar o disfraz da súa propia estrutura para denunciar o misterio dunha ausencia que de tanto ser requirida esmorece aínda máis. Unha áncora chántase aquí, tamén un guindastre, pois Vertixe da choiva, malia ter nacido como texto anterior a A árbore seca, contén unha presa de sementes concentradas nas cales latexa toda a escrita pasada e futura que David Souto Alcalde puido ou poida chegar a enfiar.



INÉS DE CASTRO. DE CINZA E CEREIXAS

Autor: **Alicia Díaz Balado**

136 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-02-3

PVP: **11 €**



Inés de Castro. De cinza e cereixas debuxa cun profundo lirismo o encontro entre Inés de Castro e o Infante don Pedro, acontecido no Portugal do século XIV. A melancolía que percorre a historia racha coas convencións do xénero histórico, pero debuxa aquilo que os libros de Historia documentan, porque a Historia regresa do pasado centos de veces ao ser escrita.



AS SOMBRAS DE PERSEO

Autor: **Xoán Casas Rigall**

168 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-07-8

PVP: **11 €**



Ambientados na Compostela dos finais do século XIX, As sombras de Perseo recolle seis casos detectivescos do profesor Mazaira, universitario digno e tristeiro, coma tantos outros. Os seus principais modelos están na narrativa anglosaxona clásica: Poe, Conan Doyle, Chesterton e os seus herdeiros, pois dalgúns dos máis célebres personaxes da literatura popular. En especial, as historias de As sombras de Perseo entretécen o vello nó do bibliomystery, o enigma verbo dun libro, subxénero con precedentes decimonónicos. A obra participa, así mesmo, de elementos da narrativa histórica, en todo caso pincelada sobre a ficción dominante. E incluso nas historias máis escuras agroman adoito notas humorísticas de raíz agridoce, cando adiviñamos a Mazaira ou Dopindo, dunha parte, fronte ós eternos Aranzadis e Llamazares, aínda camiñando canda nós.



DEPÓSITO DE CADÁVERES

Autor: **Miguel Anxo Martínez Oubiña**

144 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-09-2

PVP: **11 €**



Escenas de canibalismo e de ritos satánicos; asasinatos cometidos baixo a sombra da impunidade; un mozo que deposita todas as súas esperanzas de redención nun concerto de death metal; existencias destruídas polos remorsos ou por unha soidade insoportable... Depósito de cadáveres é un conxunto de once relatos duros e violentos. O sexo, a brutalidade dos que acaparan o poder, o misterio sobrenatural e a loucura son outros ingredientes deste libro, poboado por personaxes que ven como as súas ilusións se esnafran contra unha realidade decofio cruel. Pero tamén hai unha regandixa pola que se coan a tenrura e o humor.



O CUADRILÁTERO

Autor: **Xoán Fuentes Castro**

344 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-17-7

PVP: **16 €**



Todo o mundo agarda. O cuadrilátero é o reino da espera. Todos os que alí moran naceron para esperar. Mesmo a autoridade, que nunca se deixa ver, agarda. Calar e agardar, eis a consigna. E, como o silencio é bo aliado da espera, alí todos os habitantes viven na densidade do silencio.

O cuadrilátero é un concepto entre xeométrico e dramático. Como figura xeométrica, o cuadrilátero é algo limitado, un espazo entre catro lados. Como marco dramático, pode acoller toda a soidade, todo o empuxe, todo o devalo do ser humano. Baixo o sol non só é todo vello, senón que mesmo o que ha de vir non é máis que un "xa foi". Só os corazóns humanos poden extraer do caduco vida, auga clara, horizontes aínda descoñecidos... Mellor, só os corazóns humanos o poden intentar.



NOITE DE ENTROIDO

Autor: **Alejandro Llovo Otero**

104 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-18-4

PVP: **8 €**



Noite de entroido relata un episodio da vida do mozo Farruco un serán de inverno, no que se mesturan crenzas populares e medos atávicos galegos. A forma de narrar proporcionalle á novela un pulo de fantasía e irrealidade máxica que á achega, pola súa forma, a Ánxel Fole e polo seu contido a Dos arquivos do Trasno de Rafael Dieste.



CARTAS A ELISA

Autor: **Santiago Casal**

176 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-19-1

PVP: **11 €**



Cartas a Elisa e a confirmación dun destino cruel que persegue ao protagonista ao longo da súa vida. Xabier Arias avanza a tropicóns por ela, tentando sepultar as pantomas do pasado. Con atrevemento, toma decisións importantes que semellan ser dabondo para ter control sobre a súa existencia e, o que aínda é máis importante para el, acadar a paz interior. Mais un fondo de tensión básica impídelle acabar de crer que ten dereito a ser feliz. Esa angustia velada vai tomando corpo segundo avanza o relato ata que un revés inesperado basta para que rexurdan os mecanismos neuróticos do pasado traumático, e con eles, a constatación da inseguridade total respecto dos seus recursos para manter en pé unha vida xa carente de sentido.



**CANCIONEIRO DE CELANOVA E OUTROS
CANCIONEIROS**

Autor: **Manuel Quintáns Suárez**

328 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-26-9

PVP: **16 €**



O cancionero, como acontece co refraneiro e outros xéneros, é, nunha ordenación temática como a que se ofrece aquí, un reflexo da realidade sociocultural da comunidade á que pertence. Algo que explica o seu interese predominante polos vicios e virtudes que caracterizan ao home e á muller, aos casados e aos solteiros, aos parentes, aos vellos e ás vellas, aos oficios e profesións, aos curas..., e á propia comunidade, como a fachenda, a murmuración, os consellos, as cuestións sociais, relixiosas e políticas, e as relacións con outros lugares da súa bisbarra ou de fóra dela. O amor –de claración, piropos, reproches, dúbidas, desenganos, condicións, despedidas, debates e desafíos, rechazos, burlas e picardías...– é, sen dúbida, o seu tema preferido.



**A SENDA DA ESTRELA. Poemas de Galicia
e do Camiño de Santiago**

Autor: **Carlos Rodríguez Brandão**


128 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-31-3

PVP: **11 €**



As lendas e os poemas en prosa falan de seres que, sendo de agora, semellan viren doutro tempo. Lembran eras pasadas e soñan letras de historiador ou mesmo de arqueólogo. Nomes de persoas e dos seus libros ou verbas lembran lecturas sen as que o autor non tería escrito o poema que elas e eles finalizan.



**NUBE DE SEDA NA LÚA E OUTROS
RELATOS**

Autor: **Xosé Luis Vázquez Somoza**

144 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-28-3

PVP: **12 €**



A prosa de Xosé Luis ten algo de máxica, non é o realismo máxico á usanza, non, é outra cousa, é a realidade vista polos cristais máxicos da palabra que se vai perdendo, que vai ecoando na fraga das sensacións, das imaxes –ás veces oníricas–, dos sentimentos, achegándose moitas veces nas súas descricións –ou nas súas paradas nos ramallos da árbore argumental á prosa poética. Ten moito de poesía a súa escrita.



EN DEFENSA DO POLEIRO

Autor: **VV.AA.**

195 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-40-5

PVP: **13 €**



Este libro representa o veredicto unánime de moitos escritores galegos en contra da tentativa de privatizar a parte do mosteiro de Celanova que ocupa o instituto, un ben que é patrimonio de todos e que está destinado ao seu mellor uso, a formación pública. É a voz clara da cultura contra escuros intereses especuladores.



AS DEUSAS DO CALVARIO

Autor: **Francisco A. Vidal**

216 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-29-0

PVP: **15 €**



“... correu na procura dun refuxio inexistente e saíu á rúa co que levaba posto, en camión, fuxindo sen rumbo escadas abaixo, con el alancando detrás dela. Antonia empuxou a porta da rúa e cruzou na procura do acubillo dunha tenda, dun lugar onde alguén a socorrese, onde a amparasen da tunda que presentía, e cruzou a rúa, e sentiu, oíu por unha vez na súa vida, un bucinazo e unha freada e un golpe, oíuno coma quen oe unha porta batida polo vento, e viuse polo ar, sen sentir as pernas, e viu a rúa chea de xente aló abaixo dando voltas coas voltas da súa cabeza, e viu como o chan se erguía para acollela, e sentiu un derradeiro golpe, e ficou todo en silencio, e notou un regueiriño de sangue por dentro do corpo, e nubráronselle os ollos sobre o cantil da beirarrúa, e deixou de sufrir.”



**LABIRINTO DA MEMORIA. FRISO
CONTEMPORÁNEO**

Autor: **Euloxio R. Ruibal**

65 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-72-6

PVP: **12 €**



Labirinto da memoria desenvólvese en Compostela, durante a festa do Antroido. A invasión de Iraq é inminente e o tempo cíclico fúndese co histórico. As rúas e prazas da cidade monumental convértense en espazos de protesta, burla, sátira, ludismo e transgresión. Festéxase o Antroido ao mesmo tempo que se rexeita a guerra e se lembra a incompetencia gubernamental na catástrofe do Prestige. Mais no seo das sociedades burguesas neoliberais non deixa de aniñar o fascismo. Os enfrontamentos resultan inevitábeis. E estoupa a guerra contra o pacifismo. O peso do pasado (bélico) faise sentir de novo. Individual e colectivamente. O pasado volve unha e outra vez a repercutir no presente, a xeito de eterno retorno.



COSTA NECRÓPOLE. ESCENARIOS PARA DESLEMBRAR

Autor: **Mariña Pérez Rei**

72 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-41-2

PVP: **9 €**



O deserto é un xogador de oficio, a area é enganosa coma as ilusións e o mar chega a ser unha estatua fría e inexpressiva que nunca contesta. Saíd despeza barcos nunha praia que recende a cadmio e amianto. Escribe para deslembrar ou porque reborda xuventude de máis debaixo da súa pel curtidá. Nos cemiterios de barcos hai corazóns novos que baten contra os baixíos. En Mauritania aponse o sol e medra o neón coma outro sinal máis do paso do tempo.



NAS PROFUNDAS AUGAS DO ESQUECIMENTO

Autor: **Sergio Vences Fernández**

285 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-44-3

PVP: **15 €**



Este libro que se presenta á benevolencia ou malevolencia de quen ler podería ser unha novela, unhas confesións, unha autobiografía ou unhas memorias. O certo é que o escrito é xa case cincuentenario. Naceu a principios dos anos sesenta do pasado século. Presentouse ao premio planeta de novela e figurou entre as quince novelas finalistas.



A VILA DAS ÁNIMAS

Autor: **Jorge Emilio Bóveda**

190 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-42-9

PVP: **13 €**



Xan Ferreira dirixe o seu coche vello nunha noite de trebón cara a casa da súa ex dona para recoller a última caixa de libros tras teren consumado o proceso de divorcio. Detén o coche preto da súa aldea de orixe para pensar, e tentar recapacitar a súa actitude coa súa dona e coa súa filla sen ser consciente de que está a piques de vivir a noite máis extraña da súa existencia. Unha experiencia entre dous mundos chamados Quintela do Pombal: o mundo da aldea de antes e o mundo da aldea de agora, e polo medio o peso da humanidade.



A GRAFÍA DOS MAPAS

Autor: **Lupe Gómez**

71 páx. (130x200 mm.)


ISBN: 978-84-92792-75-7

PVP: **12 €**



“É profundamente seria. É desas persoas que non necesitan falar. Non necesitaría escribir poemas”, díxolle Uxío Novoneyra a Emilio Araúxo o 23 de setembro do ano 1999. Eu alégrome –e emocionome profundamente– ao saber que o silencio é suficiente, e que non sería necesario escribir nin falar.

Durante o proceso creativo de A Grafía dos mapas, Araúxo e máis eu intercambiamos moitas cartas, ideas, pensamentos, sentimentos, fotos e mensaxes ao longo de varios anos e os dous sentimos que atopabamos o amparo dunha árbore baixo a que non era necesario falar, escribir nin facer poemas. Abondaba con estar, mirar, percorrer a memoria alegre dun camiño enorme, estraño.



O GUME DOS ESPELLOS

Autor: **Ramón Caride Ogando**

192 páx. (130x200 mm.)


ISBN: 978-84-92792-43-6

PVP: **14 €**



Por estas páxinas desfilan tamén sutís crónicas, como a dunha viaxe do seu autor por Irlanda, escritas coa precisión dun relampo. E a lembranza dos xilgaros soñadores que morreron cazados polo fanatismo e o odio de 1936. E Julio Cortázar. E Chano Piñeiro. E H. G. Wells. E Sábato. E a lenda do Santo Ero de Armenteira. E a de Oseira. E a evocación dos amigos.

A maioría destes artigos foron escritos nos anos noventa do século pasado, na antesala da globalización cultural, política e económica, que naquel intre era soamente o soño duns poucos profetas e visionarios, e hoxe é unha realidade de contrastes.



QUE CARA TRAE O DÍA

Autor: **Xerardo Méndez**

87 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-61-0

PVP: **12 €**



Os amoriños primeiros / son moi malos de olvidare. Iso di a canción, seica. Esta é unha historia de primeiros amores, primeiros amigos, primeiros inimigos, fortunas e desgrazas, unha historia de arrabalde, a historia dunha xeración que agromou nas cidades como medran –outra vez– as silvas nos solares: agardando que o tempo trouxera algo que nunca daba chegado, e que, nesa espera, encontra o amargo prezo da vida estampado na fronte. Talvez, do que trata realmente esta historia –que acaso di máis no que cala que no que conta– é sobre o prezo da lealdade, e de se ese é un prezo que pode pagarse.



VIXÁN

Autor: **José Martínez Mariño**

89 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-47-4

PVP: **12 €**



Na pequena aldea de Vixán danse cita unha selección de persoeiros lendarios. Reis como Breogán ou Alfonso X, cabaleiros como Carlomagno ou Roldán, soldados como Brutus, santos e virxes, demós, druídas e meigas, monstros mariños, sereas e serpes. Os nomes máis sinalados das lendas galegas teñen o seu papel nesta historia e o Comandante Pepe Regueiro, escudado polas súas propias pantasma, terá que se enfrontar a algúns deles, axudado por outros, para salvar só a un. ¿Será quen de conseguilo?



PETROGLIFIA

Autor: **Xosé Lois García**

127 páx. (130x200 mm.)


ISBN: 978-84-92792-62-7

PVP: **12 €**



As canículas do pasado agosto velaron o seu recollido e gozoso agromar na casa de Podente, en Merlán, raiceira chantadina que nutre o seu vivir e á que o noso poeta volve unha e outra vez apurado pola insufribel dor da súa ausencia.

É a editorial Toxosoutos ofrécenolos xa, sen máis demoras, para que poidamos saborealos sen presas: hai tanta vida e tanta beleza neles que paga a pena degustalos devagariño. Se o paraíso existise, seguro que sería un libro de poemas.



CAPITÁN WOOD ¡Á ABORDAXE!

Autor: **Lino Pazos**

285 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-56-6

PVP: **14 €**



Na época dos negreiros, cando o negocio da trata de escravos estaba no seu auge e ingleses e españoles loitaban por deter a supremacía dese mercado de carne humana, xorde un home branco que abandeira a causa pola liberación dos pobos de cor.

Rescatado do mar por uns escravos que lograran salvar a súa vida despois dun naufragio, Daniel Salcedo, un mozo oficial de orixe español que formaba parte da tripulación dun buque da Súa Maxestade, logra facerse co Curdy, un berganfín que porá ó servizo dunha nova bandeira, a da liberdade.

Combates corpo a corpo, abordaxes, loita na xungla, tiranos indíxenas, capitáns españoles ou británicos sen escrúpulos, etc., converten este traballo nunha verdadeira novela de aventuras.



A MIÑA TÍA AVOA DOLORES E O CÍRCULO DOS ANIMAIS EXCLUÍDOS

Autor: **José Luis Caramés Lage**

138 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-77-1

PVP: **13 €**



Dende o Pazo de Landoy, a tía avoa Dolores e o seu gato Tácito –unha meiga branca e un gato intelixente que rabuña libros de Historia e de Latín na biblioteca da gran casa grande,– organizan sesións dun Parlamento de Animais Excluídos. Para entrar neste lugar de reflexión, cada un dos animais debe botar un discurso sobre a súa personalidade como animal, o seu anhelos e descubrir os lugares máis recónditos do seu espírito.

Debido a iso o lector sentirase transportado á esencia máis máxica do que significa ser un raposo, un corvo, un burro, un galo ou unha cabra, etc, e así percibir os grandes afastamentos que existen entre os homes e os animais, algo que o Parlamento dos animais tratará de cambiar.



AS SETE CARAS DA PEDRA

Autor: **Emilio Araújo**

132 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-51-1

PVP: **13 €**



Dos estantes. Na Serra de Queixa. Dos estantes, dos amanzóns, das muradellas, dos homes de pedra, e doutros, dos máis tempos, nomes perdidos, de Queixa, e do Val de Conso, aumentados, con, algunhas frases de, Claude Royet-Journoud, tiradas, dunha correspondencia. Pedras. Xa non sabes miralas. Engádeste a elas" (Emilio Araújo). "Abrindo A ESPERA O ESQUECEMENTO, esta frase: "escribir no sentido do esquecemento" (Claude Royet-Journoud)



1980 (ANO CERO)

Autor: **Rubén Martínez Alonso**

85 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-88-7

PVP: **13 €**



"Ás veces penso nas vidas que terei vivido xa, en como tento eternamente volver a ese ano cero, a 1980, co propósito de emendar os meus erros. Si, sempre, eternamente, condenado a unha infelicidade perpetua, a unha irrealización permanente." 1980 (ano cero) é un retrato psicolóxico, onde espazo e tempo desaparecen na procura dunha ubicuidade absoluta, que fai que o Ego asuma a dualidade do xénero.



A DAMA FULXENTE

Autor: **Antonio Piñeiro**
78 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-92792-98-6

PVP: **10 €**



Anne Geneviève, alta dama francesa, fai o Camiño de Santiago como ofrenda pola súa curación. Aqueixada dunha mortal enfermidade, e acurralada polas intrigas da Corte de Luís XIV, emprende a viaxe desde Bordeaux nunha mañá do mes de xullo, cun pequeno séquito e a compañía do seu médico, que atopará tamén ao final do Camiño, na Igrexa de San Martiño de Noia, a solución que, como científico, buscaba á enfermidade, xunto aos insospeitados signos que, dese saber, lle son transmitidos a través da arquitectura dos séculos.



CONTOS E DESCONTOS. NARRATIVA COMPLETA

Autor: **Claudio Rodríguez Fer**
325 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-92792-97-9

PVP: **14 €**



Exemplos de literatura mínima, microcontos de rara e sorprendente perfección e modernidade. Con eles iníciase a micronarrativa galega na súa forma moderna. Un libro ao que por forza cómpre dar a benvida porque nos achega ao mundo do erotismo na literatura galega contemporánea e porque vén da man de alguén que o sabe facer con mestría, á marxe de convencionalismos e sempre beirando o espírito insumbiso: creación libre de ataduras de todo tipo.



HISTORIAS DA BOULE D'OR / CONTOS DA PAIXÓN ERÓTICA

Autor: **Maximino Cacheiro Varela**
165 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-92792-96-2

PVP: **14 €**



A traxectoria deste proxecto narrativo que o autor nos presenta na súa "Boule d'or", está fermosamente animado por persoeiros moi especiais, de diversos ámbitos e estamentos sociais que tratan de sobrevivir no período do antes e despois do "Maio do 68", nas décadas de 1960-70. un gran libro humanista e existencialista que posiblemente falte na literatura galega, coas connotacións verificables, compromisos coa verdade e con esa multitude de marxinaos que de moitas maneiras non relaxan as súas complicidades en relativizar súa situación tenebrosa.



BRAIS

Autor: **Guillermo Coen**
175 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-15400-03-5

PVP: **13,52 €**



O protagonista Brais, que dá título ao libro, é un estudante de Filosofía e Letras da USC, orfo de pai e sen medios, que está a recuperar a súa xuventude roubada a través das máis variadas experiencias, tanto activas como pasivas, entre as diferentes tribos sociais coas que se atopa. Namórase de Alexia, unha antiga veciña e compañeira de clases, pero isto non fai máis que complicarlle a situación porque a moza agocha un segredo familiar que lle afecta de cheo. Ambos loitarán ata acadar a verdade do acontecido na desaparición do pai de Brais, mentres transforman os seus sentimentos a través do coñecemento e as situacións dunhas vidas que están a convertelos nuns verdadeiros adultos cos seus problemas, anqueiras, pesadelos...



A CLAVE PHIDIAS

Autor: **Andrés Xosé Rascado Shedden**
209 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-92792-89-4

PVP: **12 €**



Bernardo e Ramón son dous policías de idades dispares que traballan nunha cidade na que se cometeron unha serie de crimes que semellan estar vencellados. A chegada de Olmeda, un axente sagaz e un tanto excéntrico, precipita a escisión do equipo, transformándose a pescuda nunha loita de egos na que cadaquén tentará demostrar a súa valía. Mentres que a intuición dun deles levallle a visitar unha grande entidade bancaria e coñecer o funcionamento dalgúns departamentos, outro encargárase de analizar minuciosamente as probas atopadas. Altas doses de perspicacia e pericia ademais dun gran número de coñecementos musicais, matemáticos, históricos e lingüísticos mesturáranse nun xogo tramado a medida por un asasino escorregadizo.



CRÁTER

Autor: **Olga Novo**
196 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-15400-05-9

PVP: **14 €**

ESGOTADO



Este libro contén unha serie de emanacións vitais que, coma no caso dos síntomas volcánicos, constitúen formacións de cinsa, pedra, lava e rocha metamórfica. A "Cinsa" poeiza o abandono do mundo rural galego e o seu resistente corazón residual, en loita contra o esquezo e o desleixo, e tentando sempre integrar a morte na vida e a vida na morte. A "Pedra" foi experimentada como sentimento megalítico a través dunha vida vivida en Bretaña, A "Lava" foi soñada desde a infancia no misterio de Pompeia, a onde viaxou a autora na procura do magma, ó encontro do enigma da beleza e do amor. A "Rocha metamórfica" quere petrificar salvaxemente a linguaxe de Eros, na celebración carnal antiplatónica.



A HABITACIÓN SECRETA

Autor: **Jorge Emilio Bóveda**

115 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-05-9

PVP: **13 €**



Antón Castro ve morrer os días atado ao horario dunha fábrica de conglomerados; dubidando de quen é, de onde ven e cara onde vai. Ponlle a cara ao presente co apego que sente cara seu único amigo Xulio Hernández, un compañeiro de traballo amigo do alcohol, cuxa filla abrirá os ollos de Antón, flotando malamente nun mar de inxenuidade impropia dun home que leva medio século tentando pasar pola vida evitando que a vida pase por el, e loitando contra aquela frase que dicía que “na miña soidade vin cousas moi claras, que non son verdade”.



O SORRISO DE HITLER

Autor: **Xosé Alfredo Naz Fernández**

90 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-54-7

PVP: **12 €**



Nun conflito das dimensións da segunda guerra mundial, onde o ser humano trocou en besta e o raciocinio foi esquecido tras un bigotiño mal cortado, a neutralidade e a moralidade son só palabras grandilocuentes sen sentido, varridas pola in-nata necesidade de supervivencia. Pero o pouso dos remorsos son refugallos imposibles de eliminar cando o horror nos fai partícipes...



PALLAREGA

Autor: **Marcelino Fernández Mallo**


348 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-09-7

PVP: **16 €**



Nicolás Traseira pasará á historia da literatura galega. El é o principal protagonista de Pallarega, unha novela que mestura os ingredientes das grandes obras cunha asombrosa naturalidade. A ironía, o humor, a intriga e unha ben medida sensibilidade, intercálanse ó longo deste relato que principia nun lugar da montaña luguesa durante os anos previos á contenda civil. Nicolás ábrese ó mundo en Madrid, onde coñece a España franquista e as liortas internas do réxime. Esas mesmas leas fano regresar. Aínda sen necesidade que o apreme, emigra a La Habana onde experimenta en carne propia un cóctel de traballo duro, diversión sen freo e a corrupción dun goberno vendido ás mafias gringas. Novamente debe retornar. O microcosmos endogámico e clerical que atopa na súa vila fai que tampouco non acougue nela...



TIGRES DE TERNURA

Autor: **Claudio Rodríguez Fer**

80 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-56-1

PVP: **12 €**



Tigres de ternura artella inmediatamente poemas e pasado onde as palabras eran gravadas como petróglifos na pedra; descóbrenos un erotismo do máis sedutor no presente e no persoal, agachando os mitos alongados e as manifestacións primitivas cun retrato de amor moi contemporáneo.

Foi difícil entrar neste mundo poético en particular, non polos lazos co mundo celta, senón por respecto pola voz que espreme un desexo sen pudor.



SINISTRA DEIXA

Autor: **Isidro Novo**

242 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-53-0

PVP: **16 €**



Unha heranza inesperada é quen de provocar a loucura no seu accidental beneficiario nunha pequena vila como consecuencia dun ritual de maxia negra celebrado nos derradeiros momentos polo que fora propietario do deixado, burlado e asasinado polo seu amante. Exú non vai parar o proceso vingador ata que os bens do seu invocante volvan a mans lexítimas que porten o seu sangue.



BREIZH

Autor: **Miro Villar**

72 páx. (130x200 mm.)


ISBN: 978-84-15400-73-8

PVP: **12 €**



Todos os galegos recoñecen a heranza celta dalgún xeito e nalgún nivel. *Tigres de ternura* artella inmediatamente poemas e pasado onde as palabras eran gravadas como petróglifos na pedra; descóbrenos un erotismo do máis sedutor no presente e no persoal, agachando os mitos alongados e as manifestacións primitivas cun retrato de amor moi contemporáneo.

Foi difícil entrar neste mundo poético en particular, non polos lazos co mundo celta, senón por respecto pola voz que espreme un desexo sen pudor.



A SAUDADE DO CARACOL

Autor: **Rubén Martínez Alonso**

234 pág. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-75-2

PVP: **13 €**



"A cidade ofrecía aquel día unha tristeira estampa de outono, con xente aquí e acolá, que apuraba as súas últimas compras do día, ó abrigo dos seus paraugas uns, escorregando a auga polas abas dos menos previsores. E, vendo aquela Lisboa de 1936, o corazón de Pilaríña semellou encollerse coas primeiras pingueiras, incapaces de arrastrar a súa cidade que outros crían bohemía, convertida agora a viaxe en exilio, e a tarde en final, amarrados os pés sempre a aquelas vías das que é imposible zafarse." *A saudade do caracol* é unha historia familiar, protagonizada por personaxes que naceron para ser secundarios.



A EXPEDICIÓN DO PIRATA

Autor: **Jack London**

154 pág. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-85-1

PVP: **12 €**



A expedición do pirata recrea a mocidade de Joe, que desexa explorar un mundo máis alá do seu fogar e da súa familia e que atopará da man do seu inseparable amigo e compañeiro Frisco Kid, a bordo do Dazzler. O desexo de aventura, as ansias de liberdade e independencia serán os obxectivos que o protagonista pretende conseguir nos catro días nos que transcorre o seu periplo no mar.



INTRES (POEMAS)

Autor: **Manuel Fabeiro Gómez**

106 pág. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-94-3

PVP: **10 €**



Na poesía está a esencia do poeta, os seus medos, as intimidades, a proxección do eu lírico, os motivos recorrentes do ser humano... e tamén o tempo e o espazo, ou espazos, polos que transita, vagabundeia ou nos que decide permanecer e enraizar. Escribir sobre aqueles temas e asuntos que lle son propios é unha maneira de compartir, de xeito case terapéutico e balsámico, todo canto turba e excita a cerna do creador. Trátase de transmitir emocións co verso ledo ou ferido, empatizar co lector cunha ramallada de estrofas froito de turbacións anímicas agres e acedas unhas, saborosas e melifluas outras. Por iso Fabeiro se fixo poeta e por tal motivo escribiu estes *Intres* (poemas).



NINGÚN PRECIPICIO

Autor: **Olalla Cociña Lozano**

82 pág. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-93-6

PVP: **12 €**



Como afirma o poeta e músico Ildefonso Rodríguez no prólogo de *Ningún precipicio*, neste libro atoparemos "escenas detalladas de un cuento cruel y tierno, afirmativo y contradictorio. Escenas realistas, vistas muy de cerca, y por ello, casi verificables. Pero, al mismo tiempo, cargadas con la vibración de una extraña ritualidad. El poema es ir siempre hacia lo otro, a lo abierto de la otredad".



UN BO DÍA PARA PASEAR, SCOTT!

Autor: **Ana Mª Galego Gen**

82 pág. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-95-0

PVP: **12 €**



Neve. Escuridade. Moitos graos por debaixo de cero. Unhas condicións que poden darse no Polo Sur. Ou á volta da esquina, nunha vila de León. Os protagonistas deste relato non terán nada que envexar aos exploradores míticos como Scott ou Shackleton, no tocante a afrontarse a circunstancias adversas. Dani, o narrador, contaranos, a través das páxinas do seu diario, a historia deses días pasados en Villablino, pero tamén vai contar, con moita retranca e unha chea de referencias á cultura pop, todo o que se lle pasa pola cabeza, dende as súas dúbidas sobre o xeito de reproducirse dos pingüíns ata a morriña polos anos oitenta. Esta historia é a demostración de que o espírito da aventura latexa dentro de todos nós... aínda que a aventura non se albisque por ningures.



REFUXIO

Autor: **Verónica Martínez Delgado**

88 pág. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-97-4

PVP: **12 €**



Un refuxio é unha construción que libera da opresión do mundo, pero non sempre como ferramenta de evasión. Un refuxio pode ofrecernos ao mundo dunha outro forma, establecendo unha relación de superioridade fronte á dor. Un acubillo que remexa até os alicerces para troustar a dor fóra, traela á fronte e cubrir os ocos que ela foi deixando no noso interior, cun alento que dea pulo ao novo nós que abrolla. E que utilice esa mesma dor, que fica fóra, á vista, para sinalar o silencio culpable, a man que agrade.



O TESOURO DO DOURADO

Autor: **Alberto G. Aneiros**
74 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-942224-5-0

PVP: **12 €**



9 788494 222450

Este relato –cheo de acción e sorpresas– conta as peripecias finais dun grupo de expedicionarios clandestinos que foron, sen real licenza, á procura do tesouro do Dourado, daquelas inmensas riquezas imaxinadas pola influencia do estendido mito daquel cacique ou rei indíxena que os españois chamaron Eldorado, insensata teima que animaba a moitos a arriscarse tentando superar duras xeiras e etapas inzadas de perigos rumbo á meta dos seus cobizos soños e degoiros, e que levaría á morte a milleiros de home ao longo de case dous séculos por terras americanas. O narrador é un galego retornado que relata os feitos ocorridos anos antes, cando participara nunha expedición iniciada a principios do século XVIII por terras de Nova Granada (a actual Colombia).



BERRA, IRMÁN!!

Autor: **Xoán Fuentes Castro**
96 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-943014-8-3

PVP: **14 €**



9 788494 301483

Berra,irmán!!, a súa obra derradeira e a máis persoal, que mostra a súa faciana creativa e apaixonada, é unha autoescollo poética que Xoán Fuentes deixou ilustrada e disposta para publicar. Hai casos que a labourea de edición debe limitarse a levar o orixinal á luz, co máximo respecto. Presentar-lo aos lectores sen retocar nada. Nin a orde, nin o léxico, nin a tipografía sequera. Entendemos que este libro é un desde casos.



A ROUPA GASTÁMOLA ESCURA

Autor: **Emilio Araújo**
178 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-944105-4-3

PVP: **14 €**



9 788494 410543

Sempre. E traballo. As erugas aquí aínda do tempo. Sempre no traballo. Comida polo sol, a cor disciplinada da roupa. A roupa escura na que embocan os vivos e os mortos. No espello de aire a terra trae a visión sufrida dos corpos. Aparición e desaparición de remenos. Ideas. Na corga, enterrada n'olla, pola orella, pola asa, pota furada para a cabeza dun espantallo. Páxina, abandonada, de caluga, camiños borrados da xente ofrecida. O sitio da boca. O sitio dos ollos. Avésporas lonxe, as caras son flor de olvido. Vivos sempre, para os paxaros, os farrapos por aí colgados.



O COITEIRO DE PEDRA FUNDIDA

Autor: **Francisco Antonio Vidal**
110 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-944232-8-4

PVP: **13 €**



9 788494 423284

“A terra abriuse como peito descarnado para acoller a aquel que, o día antes, decidira pasar toda a noite de vixia previndo á súa xente da descoñecida fera, monstro ou fantasma que tiña ameazada á aldea, dun ser contra quen non puido o rastrexo exhaustivo de todos os homes da veciñanza, nin as pregarías e sacrificios outorgados ós deuses no altar da Peniña Branca. Ábrese a terra para acoller no seu seo ó ousado rapaz, ó valente guerreiro, ó astuto cazador que decidira velar, agochado no xuncal da lagoa, para desenmascarar ó monstro ladrón que nunca deixaba máis rastro cá falta de carne, de froitos e aparellos que logo metía pola porta esmoleira da cabana dos sacerdotes.

¿Era aquela unha oblata do ladrón ou unha acusación contra a falta de fe dos paisanos da que os intercesores da divindade tanto se queixan?.

¿Quen era? ¿Cal era a caste dese monstro?.”



AS BOAS FAMILIAS

Autor: **Nacho Taibo**
130 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-943014-1-4

PVP: **14 €**



9 788494 301414

Os Ferreiro labran eternamente as mesmas leiras, sen a menor posibilidade de que un vaia facer xamais cousa outra. Até ben avanzado o XX... Á familia fidalga de Ngongo lévana moi lonxe sen lles preguntaren se non eran felices: na promesa dunha vida mellor disócianos, rúbannles o apelido...

Familias das mellores convidaran os Ngongo á viaxe de balde mentres preservaban de toda inseguridade aos Ferreiro, aferrollándoos durante séculos á leira farta de temporais e queaduras.

Esta é unha breve historia social de Galiza. E sinala a débeda histórica que a pulcra Europa ten por pagar aos millóns de *americanos* de pel escura. Van aquí outras bondadosas familias, fixas nun desinteresado afán de progreso cara unha sociedade feliz. Son as *boas familias*. E iso que non hai familia mala.



CRÓNICAS DE EMBORA

Autor: **Manrique Fernández**
132 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-943014-5-2

PVP: **13 €**



9 788494 301452

Embora está non moi lonxe da costa, ao abrigo do nordés grazas á imponente figura do monte Brueiro, unha mole de granito cuberta dunha mesta alfombra de sabugueiros e de xestas, de espesos bosques de bidueiros, e engalanada por enormes penedos de formas antolladizas que fan adobio nas abas do monte. “Crónicas de Embora” é un libro de relatos que se desenvolven nesta vila imaxinaria. Xentes do común (!ou non tanto!), coas súas ansias e os seus aconteceres... É a “historia pequena” de Embora, a de andar pola casa...



BALBINA

Autor: *Emilio Araújo*

98 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-944314-1-8

PVP.: 13 €



Balbina López Roxo. Dende nena, na revolta contra o poder patriarcal. Dende nena na loita obreira. Vive en primeira liña de corazón combativo a Guerra Civil. Participa despois na Resistencia contra os nazis en Francia. Enlace máis tarde da guerrilla antifranquista en Galicia. Acompaña activamente ao cabo a Revolución Cubana. Debaixo da ominosa dureza de néboa dun tempo sen tempo, chega hoxe a súa voz dende o fondo furtivo do século XX. Tantos signos de porvir que ela desela.



O AMANTE DE GRAZA MARÍA

Autor: *Xabier Iglesias*

128 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-844314-7-0

PVP.: 14 €



O único acto sublime na vida de Eliseo Catroventos é a relación que o une a Graza María. A parella cítase nunha sorte de amor programado onde os amantes substitúen a paixón pola complicidade e gozan deste pequeno tesouro íntimo formado polos xoves; por todos os xoves dunha vida, procurando encontrarlle sentido a tanto tempo gastado.

Son dúas existencias paralelas, constantes, incansables, incapaces de tocarse e, non obstante, con destinos diverxentes.

Claro que ás veces abonda un momento, apenas un sopro de tempo abarcado na folgada inmensidade dun segundo, para cambiar unha existencia condenada ao fracaso e abrir camiños insospeitados que conducen á felicidade.



O KYLIX DOS DEUSES

Autor: *J. Nicanor Alonso Álvarez*

240 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-945483-1-4

PVP.: 15 €



Na soidade da súa oficina, a piques de aceptar o seu fracaso profesional, o detective Néstor Pinto recibe un siniestro encargo dun misterioso personaxe. Pouco imaxina que o que había ser unha viaxe de lecer acabará por converterse nunha loita na que cada misterio conduce a outro aínda maior, ignorando que da correcta solución do enigma depende a súa propia supervivencia.



VINTE FRAGMENTOS DE MOCIDADE VORAZ

Autor: *Tito Pérez Pérez*

96 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-945483-2-1

PVP.: 13 €



En vinte fragmentos de mocidade voraz non atoparemos compracencia, nin optimismo, nin autoaxuda, nin moito menos un alter ego amable co autor. Dende a primeira páxina, e afondando no acontecer colectivo de xeito minucioso e descarnado, a obra convida a reflexionar encol daquilo que está e preferimos ignorar. Aquilo que nos empece, que nos torna mediocres e apáticos. Que nos humilla como individuos e como sociedade porque nos fai indignos de nós mesmos. Un espello no que contemplar a nosa faciana máis censurable.



TOM, HUCK E O MISTERIO DA TRABE DE OURO

Autor: *Alex Bayortí*

76 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-945483-3-8

PVP.: 12 €



Houbo un tempo en que a herba era máis verde, a luz máis clara e viviamos rodeados de amigos. Do mesmo xeito, Tom soñaba cada noite con aquel lugar sen tempo onde era eternamente feliz coa súa benquerida Becky... e con Huck... que pasou con Huck?

A miles de quilómetros do seu fogar, nalgún lugar no que bate o nordés e sempre chove, o eco dunha lenda fai espertar arelas esquecidas no maxín de Tom, deprimido e abandonado de si mesmo. Se cadra esa é a oportunidade para abrir unha porta de volta cara a aquel mundo de tanto tempo atrás, na ribeira dun río sen fin. A fin de contas, nada ten que perder.



A VERTIXE DOS DÍAS

Autor: *Xosé Lois García*


260 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-945483-8-3

PVP.: 19 €



A vertixe dos días non se deixa clasificar. Ás veces, o motivo do escrito diario é unha efeméride, outras unha lembranza da nenez, unha reflexión filosófica, as sensacións que evoca o cambio das estacións... É un inventariar os lindes do que é tempo no destempo, un percorrido vital. Case poderíamos identificalo cun mural dunha famosa rede social, a xeito de posts diarios, de notas cargadas de humanismo que son escritas para ser comunicadas aos iguais. Ido si, non son pezas que deban perderse na inmediatez, senon que hai que ler con detemento A vertixe dos días para aprehender as máximas que Xosé Lois nos vai deixando neste anuario.



REMUIÑOS (POESÍA PARA NENOS)

Autor: Sebastián Paz Suárez
86 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-945483-9-0

PVP.: 12 €



Poemas para inculcarlle aos nen@s unha educación en valores e que saquen destas poesías os seus sentimentos, emocións e sensibilidade.



CAMIÑO DE NINGURES

Autor: Rubén Martínez Alonso
106 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-946001-7-3

PVP.: 12 €



Camión de ningures é un conxunto de oitenta poemas nos que sobrevoa a idea de verdade revelada. A desesperanza, o desencanto, o desexo de inexistencia, que só atopan no amor consolo, e a única razón para seguires vivo.



SETE PUNTOS NEGROS SOBRE FONDO VERMELLO

Autor: Juanjo Lamelas
184 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-94600-10-4

PVP.: 14 €



Tras da túa memoria, baixo da túa cama, nese espello que te observa, dentro do armario quizais, trala porta, no faiado, acubillados no soto... Onde se agochan, querido lector, os teus medos?



ESCAPADOS

Autor: María del Carmen Rey Núñez
334 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-946837-1-8

PVP.: 16 €



ESGOTADO

Escapados é unha novela na que se narra a historia de Pepe e Roque, dous mozos que se ven abocados a fuxir dos seus fogares por non verse arrastrados a combater durante a Guerra Civil española. Malia que tentan fuxir dun futuro aciago, o destino é quen de facelos caer nas súas enguedelladas man. Escapados é a historia que moitos dos nosos devanceiros sufriron na Guerra, un relato de atopelos, esperanzas, vinganças do destino, e mesmo de ánimas cinguidas á vida dos que máis querían.



AS MANS DA TERRA

Autor: Laura Rey Pasandín
126 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-946001-3-5

PVP.: 13 €

ESGOTADO



Unha historia de varias vidas contada a través dunha soa voz coa delicadeza, a sinceridade e a orixinalidade que fan desta novela unha homenaxe ao mundo labrego e sobre todo, ao mundo das mulleres do rural.



BÓTAME DESTE MAR FÓRA

Autor: X. Ricardo Losada
246 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-946837-4-9

PVP.: 16 €



Tras unha longa crise existencial, o catedrático Alberte Hevia chega ao instituto Félix Muriel de Rianxo. Escapa dunha cidade burguesa e previsible como a Coruña, que durante vinte anos lle deu todo o que lle pediu, coa intención de cambiar a súa forma de mirar e sentir o mundo, e integrarse niso que algúns chaman as clases baixas. Non tarda en namorar de Helena, unha rianxeira de fortes raíces mariñeiras, que leva unha vida aparentemente anódina, pero que lle fará vivir en primeira persoa esas experiencias que tanto lle gustaba ler nas novelas de Philip Roth ou Michel Houellebecq: hermafroditismo, violentos complexos de Edipo, incesto, mulleres fatais, fetichismo, crenzas animistas, necrofilia, intentos de asasinato, simbólicos e reais.



A FIESTRA ABERTA

Autor: Juan Parceroto


158 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-946837-3-2

PVP.: 14 €



“Nos relatos de Parceroto cremos escoitar a Joyce, a Faulkner, a Steinbeck, aos gurús do realismo sucio... centos de lecturas que agora se condensan no seu estilo áspero e en ocasións poético. Con esas roupaxes vestiu a súa experiencia e afa-nouse en comprender. Da súa razón saíron monstros, porque monstros son os que están dentro de nós e nos rodean. Prepárate, lector, para enfrontarte á sordidez que se agocha no cotián, sen peripecia e sen aventura, a que podemos achar na nosa rúa, no segundo andar, na sala de estar da nosa casa e no propio cuarto onde estamos sós”.



PICARAXADAS. BRINQUEDOS RIMADOS

Autor: Paco Rivas

60 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-947719-5-8

PVP.: 12 €



Brinquedos e cantigas de nantar para pícaros.



SOMOS DE ARXERÍS

Autor: Xosé Carlos Carracedo Porto

110 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-946837-7-0

PVP.: 13 €



Querida lectora e lector: Por se queres saber máis de nós direiche que a persoa que escribe e a que ilustra estas páxinas viñeron ao mundo por primeira vez nun luscofusco. De Xosé Carlos sábese que naceu chorando tanto que as súas bágoas confundíanse coa choiva dunha cicloxénese que lle cedeu espazo ao ceo para que o nato puidese ver o solo que se deitaba. De Fuco, que ese día bosquexaba unha instantánea desa luz, que se precipitaba entre a choiva, batendo o record guiness de arcos da vella por metro cadrado. Como a Arxerís, que se constrúe con persoas. Cos teus ollos de turista, aos que lles ofrecemos un fogar. Adiantámosche que, se aceptas, pode que descubras que es máis hóspede de Arxerís do que acertas a crer. Atrévete a comprobalo?



AS CINZAS DE PASOLINI

Autor: Xosé M. Millán Otero

78 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-947719-7-2

PVP.: 13 €



A maquinaria da cinematografía ponse en marcha, os personaxes están no seu lugar e comeza a acción. Millán actúa en cada verso, armou un poema de amor coas cinzas do mundo, construíu un continuo de imaxes e fainas pasar creando o movemento primeiro. Fai pasar diante nosa a vida e os versos convértense en fotografías.



TARDES DE DOMINGO

Autor: Ramona Giráldez Domínguez

60 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-947719-8-9

PVP.: 16 €



Son poemas sobre a saudade e a soidade. Sobre o amor e o desamor. Sobre a nostalxia dos amores perdidos e dos nunca consumados.

Tardes de rúas solitarias, ventás sobre terrazas e tellados, sobre tendais de roupa so vento e antenas parabólicas. Tardes de chuva esvarando nos cristais ou de solpores luminosamente vermellos no mar. E sempre constante a presenza dunha ausencia. A presenza dunha ausencia que é, realmente, o sentido último da saudade.



VENTO NA CARA

Autor: Juan Parceroto

120 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-948341-0-3

PVP.: 15 €



Aferróns non é un pobo máis, é un mundo dentro doutro. Cándido da Vila o irá descubriendo aos poucos, buscando nas rúas, pescudando na xente, investigando nas cara, tentando descubrir algo que sabe que fica no seu interior: o medo á vida.



A SOMBRA HORIZONTAL DO TEU NOME

Autor: *Domingo Tabuyo Romero*
54 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-948341-4-1

PVP.: **12 €**



Un poema persegue ser o equilibrio do universo en varios versos. É a vontade transformadora das pulsións esenciais, coas que se constrúen vidas. E este Poemario pretende perpetuar a sombra dos efectos, nese tempo ancorado da memoria onde todo é voz ferida do vivido. Dende o principio dos tempos, una voz poética narrou o asombro, o descubrimento, a pulsión emotiva do sentido. Os encontros e os desencontros; a distancia e a ausencia; o bálsamo e a fondura do latexo de algo así, como a melancolía de existir sen existencia. Todo é verso, e poema da sombra horizontal que provocas...



ÁGUAS SOBRE BÉRXIDUM

Autor: *Fernando Cerezales*
276 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-948341-5-8

PVP.: **18 €**



Águas sobre Bérxidum é unha novela ambientada durante os escuros tempos da invasión romana do noroeste de Hispania no 25 a.C e nárrese en dúas partes. A primeira, "As murallas de Bérxida", narra a chegada das lexións á zona das Médulas, no actual Bierzo (León), a resistencia dos clans ástures locais e a posta en funcionamento da maior obra de enxeñería do imperio romano de tódolos tempos: a xigantesca mina de ouro do Medulio e os seus quilométricos canais de aprovisionamento de auga. Os xefes de guerra Vadur e Xesta, organizan a exigua pero eficaz resistencia obrigando a dobregarse ao invasor.



SEÑARDADE

Autor: *Alejandra Bellón Tenreiro*
70 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-948341-6-5

PVP.: **13 €**



Señardade é un traballo, como o seu nome indica, de nostalxia, sobre todo dos últimos anos nos que a poeta pasou separada do seu esposo que, por motivos laborais, tivo que marchar a traballar fóra de España. No poemario mestúranse os diversos estados da alma que terá que soportar e o peso dunha vida en soidade. A ilusión do reencontro, a tristeza da partida, o desánimo, as dúbidas, o profundo namoramento... Aparecen tamén figuras moi próximas á poeta como a súa nai ou a súa irmá, os seus apoios. Unhas pincladas de fe mesturadas coa tradición. Unha declaración de amor a Santiago de Chile, terra do seu marido. Ferrol, a súa terra, e sobre todo a Pontedeume. Paisaxes e tradicións eumesas que achegan a paz e a melancolía propias desta Señardade.



ALÁ ONDE NOS LEVE O VENTO

Autor: *Miguel Ledo Roca*
Carmela Franco Caaveiro
50 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-948341-8-9

PVP.: **14 €**



Alá onde nos leve o vento desprende unha terrible verdade: a nostalxia da existencia, a xeito de remorsos, lembranzas ou emocións arrebatadas, cun texto e unhas ilustracións evocadoras.



ALANA

Autor: *Fran Fernández Dávila*
98 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-948966-1-3

PVP.: **12 €**



Alana é unha moza de dezasete anos que vive no castro deo Trega, nun mundo cambiante que lle debe respostas. Glenda é a antiga xefa dos Brigantes, que abandona Irlanda na busca da súa filla perdida. Entre ambas, o mar, omar dos celtas, que a República de Roma trata de incorporar ó seu imperio.

Bretaña, O Pindo e a costa sur de Galicia son escenarios da segunda novela de Fran, que presenta neste relato a construción dinámica dunha personaxe feminina e unha arriscada ambientación castrexa, pouco frecuente na literatura galega.



REBECA


Autor: *Ramón Torrado Romero*
116 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-948966-0-6

PVP.: **15 €**



Despois de traducir sentimentos creados noutros mundos, Rebeca ten que enfrontarse a unha época de intrusiva adversidade. Na súa mente e no seu corazón xorden dúbidas convertidas en tremores de terra: como é a natureza do amor?, onde se encontra a felicidade?, que dá sentido á vida? e que queda de nós?

Dende unha soidade abisal, esta moza galega buscará axuda, loitando por encontrar remedios par as interrogantes que consomen a súa alma sensible.



MULLERES

Autor: *María del Carmen Rey Núñez*

290 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-948966-5-1

PVP.: **18 €**



Pode unha muller escapar dun destino marcado pola adversidade? Pode ese destino herdarse por liña materna?

Esta novela é unha historia centrada nas vidas de varias mulleres e en como se fan coas rendas da súa existencia arreoñéndose a todo ao que o mundo as condenou. Mulleres que levantan a cabeza, que saen adiante polos seus propios medios, mulleres que se enfrontan aos seus medos e que conquistan un futuro mellor sacando as unllas, erguendo a voz.



COMPAÑEIRA, NON SERVA

Autor: *María Rosario Regueiro Cereijo*

244 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-948966-6-8

PVP.: **18 €**



Aquí, neste recanto da civilizada, culta e capitalista Europa Occidental, todas as mulleres que coñezo sufriron ó longo da súa vida, en maior ou menor medida, algún tipo de ofensa, insulto, discriminación+, opresión ou agresión ben na súa esfera persoal, laboral ou social só plo feito de seren mulleres.

E cada unha enfrontouno da maneira que puido: Unhas, como Dona Herminia, víronse na obriga de vivir en soidade para poder manter a dignidade; outras como Filomena, asumiron un "rol masculino" que tampouco resultou tan eficaz como ela pensaba; Amandina tivo que enfrontarse a unha sociedade fascista que lle negaba o dereito a estudar... E Elvira padeceu o maltrato físico no seo dunha familia que o sistema patriarcal, apoiado pola igrexa católica.



VILA SUÁREZ

Autor: *Rubén Martínez Alonso*

334 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-948966-7-5

PVP.: **19 €**



"Ben, ben, ben... Ti mellor ca ninguén, vello amigo, coñeces o meu gran proxecto, aquel que aínda hoxe en día máis desvelos me custa, polo que sufrín o indicible aló en Londres cando bonbardeaban o país, temendo que todo o construído, todo o investido, se convertese en cascote. Pero o milagre quixo que nin sequera unha das súas ventás, unha soa!, ou algunha das portas, fosen forzadas. Recordo a emoción que sentín o día que ambos regresamos alí e todo estaba tal e como o deixáramos."

Quen fala é Vitor, o protagonista de Vila Suárez, novela ambientada nas primeiras décadas do franquismo e ategada dunha aristocracia que está moi lonxe daquela nobre etimoloxía grega.



LIÑAS COMPARTIDAS

Autor: *VV.AA.*

420 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-948966-8-2

PVP.: **22 €**



Liñas compartidas recolle o resultado dunha fermosa experiencia colectiva levada a cabo nun obradoiro de creación en Rianxo. No libro conflúen as olladas de autoras e autores de idades diversas que gustan da escrita e proban a súa orixinalidade e o seu talento co texto individual creado durante o curso, mais tamén temos a oportunidade de ler cadanseu relato comunal que foi endiado por media ducia de participantes que compartiron ideas e argumentos, alternando os capítulos até un final pactado que serviu, non só para confirmar a calidade do texto senón tamén para asistirmos, paso a paso, a un proceso de construción onde ía implícita a vontade primeira do curso: atravesar todos os atrancos dende o inicio até o remate.



DESVELANDO A ADEMAR ESCAMBIA

Autor: *José Carou Rey*

82 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-120613-3-8

PVP.: **12 €**



"Os pioneiros no cinema pulp contraventor hispano foron Amando Ossorio e Ibáñez Serrador. Cabe destacar a inmensa obra filmica de Jess Franco, que rodou tantas películas que se veu obrigado a asinar con múltiples pseudónimos para non saturar ao seu público. Así mesmo, debemos referenciar ao director galego Ademar Escambia como o autor chamado a se converter no talento resucitador do exploitation desde claves máis próximas ás perversións e gustos femininos. A súa morte prematura retardou décadas esta posibilidade".

Nesta novela, o seu fillo conta o paso do realizador compostelán polo Festival Internacional de Cine Fantástico de Sitges en 1978. O seu falso malditismo rubricou-se coas resta de traxedias que aconteceran na vila aquel setembro.



AS CARTAS DE ABEL

Autor: *Juan A. Fariña Pedreira*

214 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-120613-1-6

PVP.: **14 €**



Juan Fariña cóntanos na súa primeira novela, a través de tres narradores interinos, as vicisitudes de Marcos, un exalcolico divorciado, que descobre, nunha etapa crucial da súa vida, todos os detalles dun segredo familiar que atinxe ao seu avó materno Abel e que se remonta ao inicio da nosa desastrosa Guerra Civil (1936-39). Entre analepses e prolepses, Fariña mantén o suspense e ó lector pendente dos feitos até o desenlace inesperado que colle a un de improviso.



É TODO CONTO?

Autor: *Xosé Luis Santos Cabanas*
72 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-121731-9-2

PVP.: 12 €



É todo conto?
Non. Sempre haberá polo medio anacos de realidade crúa. Tamén non se non esvara ou non estala ou non brilla ou non convoca un aquel de calixe.

Este parágrafo debería conter sorpresa, abraio, polisemi, mais neste instante non se me ocorre nada. Ou si.

É todo conto?



ELES E OS OUTROS

Autor: *Pablo Fernández Ans*
184 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-122541-5-0

PVP.: 16 €



Unha nova infección vírica espállase pandemicamente polo mundo, cruza os océanos e os vales, mentres que algunha cidade anónima, que ben podería ser calquera, dous descoñecidos fican confinados nunha mesma vivenda por mor do virus. Unha pausa nas súas vidas fainos cohabitar nunha realidade de ficción da que non poderán fuxir, inmersos no desaseseo duns días que, repetitivos, serán riscados sen volta atrás no calendario, co vagar pesado das xornadas de encerro e medo. O macrorrelato global vivido por dous individuos obrigados a unha convivencia forzada, ao longo da cal agromará un baile de emocións no que a alegría, a desidia, o traballo, a preocupación polo futuro e tamén as angurias e as historias propias de cada pasado persoal se entretecerán inexorablemente.



CANCRO, POR QUE?

Autor: *José Estévez López*
88 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-122541-9-8

PVP.: 12 €



As historias que este libro contén non son fáciles de contar...

Na trama da escrita que aquí se lle presenta ao lector non vale o engano da autoaxuda nin os trucos de maxia, non vale a prestidixitación, a ficción fuxidía que se pretende esvaer do que acontece, intentando manter a ilusión de que non é verdade o que é verdade, a crúa e feroz verdade. Neste descarnado e emocional libro de crónica e narración, de pensamento e apuxante meditación sobre a súa propia vida e a súa xente, José Estévez entréganos un documento sincero e radical, que fala desde a cerna dun corazón que se expón no fino gume dunha vida que a pesar de todos os pesares mantén un pulo de forza e amor. Un libro brillante e que exsuda honestidade e proximidade por todas as partes.



ONCE CONTOS PEREGRINOS Eleven pilgrim tales

Autor: *Vanessa Fernández Segura*
106 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-121731-8-5

PVP.: 12 €



Vivir unha cultura resulta algo doado, habitar unha comunidade non parece difícil. O que realmente resulta complexo é tratar de contalo. Este libro fala das aldeas, das festas, das lendas herdadas, das supersticións e das relixións, do profano e do máis alá, e claro, tamén fala moito de amor e de morte. Un imaxinario compartido que trata de achegarnos ao ben e ao mal que son fillos da Natureza. E nese camiño Galicia ten moito que dicir, na súa lingua pero tamén na lingua globalizada que chega a outras aldeas, porque as cerimoniais e rituais da comunidade son tranfronterizos, de aí que a obra estea traducida ao inglés.



CICATRICES DO AIRE

Autor: *Emma Pedreira*
92 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-122541-7-4

PVP.: 12 €



Aparecida do nada, unha estraña vella enche as horas incómodas dunha muller atrapada entre o desexo de morte e o de vida. Son tempos de disparos, de represión, de olladas baixas e bocas pechadas. Tempos de vivir calando.

O silencio dos días repetitivos vese interrompido por unha descoñecida, dona de segredos e idades innúmeras, e que, capa tras capa, coma unha árbore milenaria, irá desvestindo ata deixar núa a única das verdades deste mundo: a vida escribímola nós pero, cantas veces pasamos por ela?



ALEFATO

Autor: *Xosé Lois García*
104 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123409-1-4

PVP.: 12 €



Alefato é un canto á comunidade xudía en Galiza. Desde o século XI as terras galegas acolleron un pobo de vizosa historia. A raíz do xudaísmo nutriría as outras dúas relixións monoteístas, e desde aquel altar de Siquen consagrado por Abrahán até o Finis Terrae, as vinte e dúas consoantes hebreas que Xosé Lois García canta neste delicioso libro son escusa de reflexión filosófica, fundamentada na Cábala, e asemade devalo erudito arredor da historia galega ligada co pobo semita.



NON DEBEU FALTAR

Autor: **José Lorenzo Tomé**
122 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123409-3-8

PVP.: **13 €**



Unha mirada é suficiente para que prenda o amor, un dos feitos máis extraordinarios da condición humana. Pero moitas veces ese amor é declarado ilegal e os amantes son perseguidos, renovándose dese xeito a historia do amor condenado, prohibido e reprimido. Pero tamén decote sucede que os amantes non están sós. A súa astucia, resistencia e convicción conta coa lealdade dos amigos, que poñen ouvido e corazón sobre a presenza firme dun amor renovado no formidable do seu emerxer, comezando así unha peripecia que será unha loita máis a favor do coñecemento e da liberdade.



A COR ÁSPERA DO VELUDO

Autor: **Xulio Pardo de Neyra**
56 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123409-8-3

PVP.: **12 €**



A cor áspera do veludo quen sabe se nuns anos constituirá unha desas edicións que os bibliómanos perseguirán con teimosía. Non o sei, pero polo de agora contentémonos e felicitémonos pola oportunidade senlleira que supón achegarnos a este breve pero intenso libro que, non o dubido, dialoga como é natural coas obsesións partivulares, agora compartidas, de Xulio Pardo de Neyra, isto é, poemas que establecen unha dinámica dialéctica que aviva a memoria do pasado, as súas experiencias, as súas lecturas e a maneira singular que ten de ver o mundo.



OS DESHERDADOS

Autor: **Eulogio Lorenzo**
458 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123409-9-0

PVP.: **22 €**



O que aquí se conta son historias compostas no entreveramento da realidade dos feitos e dos ficticios personaxes que o autor foi imaxinando, concentrándose as mesmas na vida deses emigrantes que noutrora tiveron que saír do país a outras zonas e terras, moitas veces distantes do fogar. Así, podería dicirse que este libro nada é máis do que unha sucesión de aconteceres e vivencias de xentes que por ventura naceron polas nove aldeas que forman parte da Terra de Arriba, unha ampla zona do Concello de Vilardevós, xentes que un bo día lles deu por se espallaren polo mundo adiante, na procura doutros medios de vida. Historias hai neste volume que son como un crisol de experiencias e recordos.



A VIAXE DAS ANDURIÑAS

Autor: **Mª Rosario Regueira**
208 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123409-6-9

PVP.: **14 €**



“Os emigrantes renunciámos a todo, á nosa vida, á nosa historia, á nosa cultura, mesmo á nosa familia... E para que? Para seguir sempre sendo forza de traballo da que abusar e á quen negarlle dereitos... O caso é que, ó chegar, aprendemos a adaptarnos, a buscar as oportunidades debaixo das pedras, pero nesa busca, aínda para o caso de que cheguemos a trunfar en maior ou menos medida, sempre renunciámos a mais do que gañamos porque rachamos co propio medio, crebamos a propia personalidade, mudamos a propia cultura...”. Mariloli aprendeu esta lección na Suíza igual que antes a aprenderan outras e outros na América, na Francia, en Bilbao ou en tantos e tantos sitios ós que migraron. Adamarli aprnde, ademais, que o soño europeo podía ser un pesadelo cruel.



TECIDO DE VOCES

Autor: **Varios autores**
342 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124226-0-3

PVP.: **19 €**



Hai un momento de culminación do proceso literario do que se fala a miúdo con certo misticismo: ese intre en que a persoa que escribe recibe a súa obra convertida nun libro. Hai aí todo un símbolo da posibilidade de que a escritura saia da intimidade creativa e do sentido comunicativo de toda arte. Mais fóra dese romanticismo místico, o certo é que o momento máis fascinante da creación literaria é o propio proceso en que a autora ou o autor imaxina o seu relato, o seu poema, o seu monólogo, ese anaco de linguaxe que expresa un mundo co que xogamos a modo de deusas inseguras ata dar, case maxicamente, con esa idea, ese concepto que serve para entender o mundo. Iso é a voz. A voz.



OS SEGREDOS DE TERESA

Autor: **Óscar Guzmán**
236 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123922-6-5

ESGOTADO



Mércores, 14 de decembro de 2005, 00:01 horas., Rúa Cervantes. Ourense. Chove a reo e xa case ninguén circula polas desérticas rúas da cidade nos finais daquel outono. o interior dun piso, situado no corazón da Cidade Vella, unha ancía chamada Teresa mantén un enigmático diálogo cun home de mediana idade. Os sorprendentes sucesos posteriores a esta conversa poñen en marcha o equipo da Policía Nacional, comandado polo inspector Sala, para intentar resolver o enredo. Unha viaxe ao pasado, percorrendo diversas localizacións emblemáticas da provincia de Ourense e outras cidades do territorio nacional, levará a tres policías, un novelista, un forense e unha xuíza a intentar desvelar a vida desta misteriosa muller.



JALOFFEIM

Autor: **Pablo Trabadelo**
50 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123922-4-1

PVP.: **12 €**



Jaloffeim é, ante todo, unha chanza privada do autor, e un enigma. Despois, ou de paso, é un odeiro. Odas de aspectos diversos e espírito unitario, dedicadas ás cousas que realmente as merecen: un neno que caza víboras, a alimentación hipercalórica, unha cinta de casete de Víctor Manuel, unha que lle morreu o home diante dunha orquestra e alegrouse, rozar un camín, ter unha folla de Excel para organizar as series, e outras grandes xestas desas que chaman historia “pequena”, “micro” ou “da xente que morre cos cadrís desfeitos”.



O QUE ME TOCOU VIVIR

Autor: **Xosé Alvite Lema**
92 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123922-5-8

PVP.: **15 €**



O que me tocou vivir é unha mestura de narrativa e poesía, na que o autor nos conta, en primeira persoa, a súa infancia, adolescencia... Fálanos das súas dificultades, do seu amor, do desamor, das dúas ilusións, dos seus desexos... Todo regado con aqueles poemas que escribiu naquel tempo, no que soñaba con ser poeta, ser cantautor. É pois un baúl cheo de soños, de bos recordos, de morriña..., pero é tamén un baúl que levou golpes. É aquilo que lle tocou vivir.



XINQUE!

Autor: **Anxo Muíños**
348 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123922-2-7

PVP.: **21 €**



Fanes, unha adolescente de ascendencia sueca e portuguesa, enceta o seu propio percorrido vital na procura dos misterios do mundo seguindo o ronsel do pai, o antropólogo Ingemar Westerstorm, no medio dunha Europa que esperta aos aires revolucionarios do Maio francés e a Primavera de Praga. No camiño a París encontra a Pada, xornalista estadounidense de orixe irlandesa que percorre o continente escribindo artigos culturais, e logo a Astrid, unha escultora húngara que foxe da persecución política do seu país. Os tres enroláranse nunha viaxe iniciática de transformación que os levará por diversos lugares do mundo. *Xinque!* introdúcenos nun reflexivo decurso por diferentes ámbitos míticos e ideolóxicos de Oriente e Occidente.



PESSOA E A SÚA SOMBRA

Autor: **Miguel Tallón**
214 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123922-8-9

PVP.: **13 €**



Podería ser certo que un dos poetas sagrados da cultura europea contemporánea tivese sido un impostor? Fernando Pessoa, fixo coñecidos ós que el chamaba os seus heterónimos (Alberto Caeiro, Ricardo Reis, Álvaro de Campos, os tres principais entre outros moitos), personalidades imaxinadas ás que atribuíu a autoría dunha parte da súa obra. Pero, foron realmente “personalidades imaxinadas”? Rosa Leiro, unha rapaza na Galicia dos anos oitenta, atopa no despacho do seu tío morto, poemas escritos e publicados por el e que coinciden cos poemas que Fernando Pessoa atribuíu ó seu heterónimo Álvaro de Campos. Movida por unha curiosidade comeza a remexer na vida daquel home morto e esquecido de todos, tirando dun fío que a leva por Galicia e Portugal na busca dos restos das súas pegadas.



A CASA DA TORRE E OUTROS RELATOS

Autor: **L. C. Carballal**
192 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123922-9-6

PVP.: **15 €**



A casa da torre e outros relatos inverosímiles é un fabuloso libro de relatos que forman parte da tan ampla tradición literaria galega da literatura fantástica e de medo. As fontes das que beben estes relatos están nos autores canónicos do XIX e do XX, así como no folclore, mitos e lendas europeos. Excelente conxunto de contos que nos pon en disposición dunha realidade irreal ou dunha irrealidade que se pode sentir e imaxinar como real, e precisamente aí é onde se situaría a vertice do temor e da fascinación que pode sacudir o lector, ao mesmo tempo que expandilo cara a unha apertura imaxinativa que lle fará soñar mundos diferentes á realidade cotiá.



OXÍMORO

Autor: **Xosé María Santín Amo**
196 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-123922-7-2

PVP.: **15 €**



Oxímoro é a contradición permantente. Unha combinación de estados de ánimo contrapostos, de vida e morte, de asasinato e xogo, de segundos eternos, de luminosa escuridade ou de tristes alegrías. A vida é, sen lugar a dúbidas, pura discordancia. En *Oxímoro* preséntátenos unha contraposición entre a luminosidade xerada nun rapaz que a través do xogo descobre o mundo, sen máis pretensións có paseniño devagar do pedaleo da súa vella bicicleta, e a escuridade coa que unha cadea de asasinatos tingue o Concello de Melide, que se presenta ante nós como un enorme museo que require da súa urxente posta en valor. Así pois, a vida, como se nos mostra a través deste delicioso libro, é precisamente iso: un oxímoro.



SENDEIROS PERDIDOS

Autor: **Carlos Méndez Míguez**
58 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124226-6-5

PVP.: **11 €**



Abéiraste na emoción dos pasos. Logo dun inmenso vieiro, fas unha parada e, mentres se collen folgos, reflexionas. Entón séntese a auténtica compañía do camiño. Dende o xa andado ao que fica por vir.



ECOANDO NAS VALGADAS

Autor: **Xesús Alonso Parada Jato**
60 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124226-3-4

PVP.: **13 €**



Este poeta e pintor courelao, que naceu coma Alexandre Magno, tras unha noite de lóstregos e treboadas, iniciou a súa prolífica andaina poética tras o pasamento do seu pai. Xesús Afonso Parada é un amante da música e liberdade que lle proporciona a poesía e da beleza calada dos cumes do seu Courel natal, que é, dende o 2021, Reserva da Biosfera da UNESCO e que nos plasma nesta nova antoloxía: *Ecoando nas valgadas*, que está baseada en feitos reais e nas vivencias do autor.




O PESADELO DE PUNTA FALCOEIRO

Autor: **Xosé Constela Vega**
104 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124226-7-2

PVP.: **13 €**



A Chema, a vida non o tratou mo ben: é orfo de pai, dende os trece anos, e de nai, dende hai uns poucos anos, tras unha cruel enfermidade. Vive na casa familiar, nunha vila mariñeira das Rías Baixas, e traballa como mozo de almacén. Todos os sábados, sae a pescar nunha barca vella. Nunha desas saídas ao mar, atopa nos cons de Punta Falcoeiro o que semella ser un fardo de cocaína. Debería chamar ás Autoridades? Deixalo quedar alí? Ou levalo, e ver o que lle deparará de "bo" aquilo?



ANDAINAS

Autor: **Celestino Pérez Recarey**
96 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124910-1-2

PVP.: **12 €**



En *Andainas* recóllense relatos breves clasificados en tres esferas. A primeira e máis extensa está relacionada co amor nas súas facetas máis diversas, como o amor de xuventude, o amor platónico, o amor romántico, o amor non correspondido, o amor ausente... A segunda esfera recompila narracións relacionadas con algunhas das actividades docentes que o autor compartiu e viviu intensamente cos seus pupilos ao longo da súa extensa, dilatada e gratificante etapa como educador. A terceira reúne historias diversas, algunhas reais e outras ficticias, que amosan problemáticas variadas, coma os movementos migratorios e mesmo temas relacionados coa vida e a morte. Un libro rico e suxestivo, de prosa grácil e reflexiva. Unha alfaia literaria.



ANOITECE EN VULGARIA

Autor: **Jorge Emilio Bóveda**
242 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124910-3-6

PVP.: **15 €**



Nun futuro próximo no que as humanidade están mortas, Alexandre Ossorio, profesor de linguas xubilado de avanzada idade, vive un retiro anódino. Cando pasa as vacacións de verán en Portogris, unha das vilas costeiras na que adoita languidecer, afronta o aburrimiento embarcándose nunha excursión marítima desas nas que regalan mexillóns e viño branco. Unha pequena viaxe cun destino moi concreto: a illa Galana. En illa Galana nada é o que semella: amosa un panorama estraño no que os seus habitantes viven entre a esperanza, a orixinalidade, a creación, a reclusión, a claustrofobia e o terrible. Un cadro no que a peza principal son uns seres chamados "os cultivadores", considerados monos de feira ou pezas dun museo dos horrores, pero que en realidade son moito, moito máis...



O XANTAR DOS REMEIROS

Autor: **Fuco Paz Souto**
62 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124910-4-3

PVP.: **12 €**



O xantar dos remeiros de Renoir é o alicerce artístico que Fuco Paz aproveita para dar vida a cada un dos persoeiros dese cadro impresionista neste libro, no que se compaxinan os xéneros lírico, dramático e narrativo. A través das reflexións poéticas, os lectores chegan até a mesa na que se produce o encontro e que soubo pintar tan maxistralmente Renoir. Este libro conta tamén cunha novidade: cada un dos pratos típicos da coziña francesa son aliñados con versos gastronómicos. Para rematar, un glosario léxico, antroponímico, toponímico e gastronómico aclararán calquera dúbida que puidese espertar a curiosidade dos lectores.



NAS TERRAS VERMELLAS DO BRASIL

Autor: **Xerardo AgraFoxo**
300 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124910-6-7

PVP.: **18 €**



Este libro describe o periplo de 45 días realizado polo autor dende Recife a Río de Xaneiro pasando por Salvador de Baía, Belo Horizonte e São Paulo. As súas peripecias e encontros fornecen este texto cheo de curiosidades e reflexións, onde a corrupción política e a violencia cotiá conviven coa exuberancia das paisaxes tropicais, a riqueza artística das vilas declaradas Patrimonio da Humanidade e a sensualidade dun litoral ateigado de recantos coloniais como Olinda, Porto de Santos, Paraty e Ilhabela. Esta viaxe é o retrato dun país a través das páxinas dos seus autores máis recoñecidos, como Jorge Amado e Clarice Lispector, e as pegadas deixadas pola poeta norteamericana Elizabeth Bishop ou Júlía da Silva Bruhns, a nai brasileira de Thomas Mann, Premio Nobel de Literatura.



STELLA MATUTINA

Autor: **Xesús Afonso Parada Jato**
70 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124910-5-0

PVP.: **12 €**



Este “Hesiado courelao” do século XXI iniciou a súa prolífica produción lírica tras o pasamento do seu pai. Xesús Afonso Parada é un amante da liberdade que lle proporciona a poesía e da beleza dos tesos cumes do seu Courel natal: Reserva da Biosfera da UNESCO e un dos tramos cara á cidade do Apóstolo, o “campo da estrela”. Neste novo poemario, *Stella matutina*, este “obreiro das palabras” recrea unha peregrinación, de ida e volta, de 49 días, cun abano de emocións punzantes, dende a aldega leonesa de ArboBUena, como punto de partida, até Santiago de Compostela.



ANDREA E RAÚL

Autor: **José Estévez López**
142 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125393-1-8

PVP.: **15 €**



Andrea, 35 anos, divorciada, nacionalista, candidata nas eleccións ao Concello de Sanxenxo; Raúl, 65 anos, viúvo, de vacacións en Sanxenxo e Cangas; e o detective Estévez, admirador dos detectives Pepe Carvalho e de Frank Soutelo, viúvo... son partícipes dunha historia de amor que comeza a rodar entre o posible e o improbable, dun asasinato sen resolver (o cadáver apareceu calcinado no monte Ladairo de Guntín, a máis de 100 km. do lugar de residencia da vítima) no que os principais sospeitosos son o fillo, Martiño, e a filla da vítima..., dunha serie de concomitancias que vinculan aos protagonistas.



NISCOVENTA

Autor: **Francisco Rozados “Rochi”**
81 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-124910-8-1

PVP.: **13 €**



O relato é un conto triplo: ós canteiros e o Verbo -ese latín hoxe perdido-, á resistencia antifranquista -que se botou ó monte en defensa da liberdade- e á propia montaña como espazo natural e mítico no que aqueles homes e mulleres porfiaron na loita contra a Ditadura, sabéndose perdedores e querendo para si ese sentimento de perda antes có dun sentimento de triunfo equivocado; e sabendo tamén que todas as guerras as acaban perdendo os mesmos. Un vello canteiro lembra aqueles anos relendo o seu diario.

O PAÍS DOS RAPOSOS



O PAÍS DOS RAPOSOS

Autor: **Adrián Noia**
122 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125393-3-2

PVP.: **14 €**



Nun país calquera, a vida cotiá vese alterada pola sublevación dun grupo terrorista que quere impoñer un réxime violento. Dous irmáns, membros da alta Administración do extinto Estado democrático, son obrigados a colaborar na nova causa. Con todo, a sociedade en vías de construción nace da vontade persoal dun individuo, aflixido polos seus traumas máis profundos. Amor, violencia hipocresía e distopía son os temas que se mergullan nesta historia inverosímil, pero factible. Así e todo, ninguén coñece, a ciencia certa, cal é o seu porvir...



OS CONTOS DO AVÓ

Autor: **Justo Calviño Cruz**
135 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125393-2-5

PVP.: **15 €**



Os contos do avó relátannos as vivencias, anécdotas e ficcións dun nonaxenario, aínda cheo de dinamismo, lucidez, sabedoría e lembranzas, que lles transmite aos seus tres netos estes relatos como parte do seu legado inmaterial. Polo texto, transcorren episodios da vida de certos personaxes reais coma os maquis, pegureiros, o rei García, unha Carme Martín Gaité adolescente, o escultor Faílde Gago, o rei Salomón e a raíña de Saba; ou míticos coma as bruxas, o can negro, o tangaraño humanizado, o malvado e escapullido Fantómas ou o verme Shamir; ademais de diversos aspectos da interesante vida dos ratos, das pitas do monte, formigas, dos lobos, paxaros, osos, lagartos e das cobras, coma xa o fixeran, no seu día, Charles Perrault, os irmáns Grimm ou Andersen.

**EMOVERE**

Autor: **César Fernández; Andrea Suárez**
(130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125915-1-4

PVP.: **12 €**



Unha amizade entrañable e a afección conxunta á poesía conciben e dan a luz ao primeiro fillo de dous autores noveis.

A singularidade da súa obra reside en que reflicte con harmonía dous sentimentos diferentes, en dous estilos diferentes e dúas linguas diferentes.

O título da mesma, EMOVERE, (raíz latina de emoción), representa o movemento. A intención destes dous poetas é esa: mover, remover, conmover a todos os lectores.

**O PESO DA MEMORIA**

Autor: **Rafael Catoira**
? páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125393-6-3

PVP.: **19 €**



Na España dos anos finais da ditadura franquista e da Transición democrática, coa aparición de novas clases sociais e económicas, xurdidas por mor da emerxente situación política, un profesor comparte confidencias cun inspector de policía, ámbolos dous xubilados, e o policía transmítelle a súa teima e recorrente: o asasinato dunha rapaza, nun caso que puido resolver, mais sen consecuencias para os asasinatos, amparados polos privilexios da caste á que pertencían.

**O ESPELLO DE DÚAS CARAS**

Autor: **José Manuel Cairo**
221 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125915-3-8

PVP.: **16 €**



Xosé Manuel Cairo Antelo (Noia-A Coruña, 1945) é Doutor en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Como debuxante, colaborou en obras como "Chazarel" de Isolino Nieto Caamaño e "El décimo conde de Lemos: virrey del Perú" de Luis Moure Mariño; como pintor, exhibiu as súas obras en diversas exposicións individuais e colectivas, en diferentes localidades de Galicia e España.

**DENDE OS OLLOS DA CONCIENCIA**

Autor: **Xosé Alvite Lema**
176 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125393-5-6

PVP.: **16 €**



É a conciencia de Pepe que nos escribe, son os seus ollos os que, dende a xanela, nos deixan ver as reflexións e meditacións que lle andan polo cabeza. Son tempos complicados, de pandemia, de guerras.... Son, en definitiva, tempos difíciles para que as conciencias estean tranquilas. Dende os ollos da conciencia é un relato de feitos reais, contado en prosa e verso, onde descubriremos as ansias, os medos e as preocupacións de Pepe. Coñeceremos as súas aprendizaxes e conclusións, e, como non, intuiremos as consecuencias...

**NINGUÉN E COMPAÑA**

Autor: **Alberto G. Aneiros**
113 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-126701-7-2

PVP.: **13 €**



"Ninguén e compañía" principia cun conto, a modo de prólogo, que satiriza as xerarquías literarias(ou máis ben comerciais) establecidas actualmente, que priman os produtos novelísticos sobre os textos de narrativa breve ou minimalista.

O libro consta de dúas partes: o relato inicial da primeira inclúe tres contos dun mesmo narrador que nos vai mostrando algúns personaxes peculiares do mundo do espectáculo, constituíndo un exemplo de como facer das desgrazas... O resto son historias ou minitextos de protagonistas singulares moi variados, dos cales non se pode falar sen desvelar o seu sorprendente final.

A segunda parte contén microcontos sobre parellas complicadas que moitas veces acaban en desencontros, ben cómicos ou ben dramáticos.

**NOMES PROPIOS**

Autor: **Celestino Pérez Recarey**
139 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125915-7-6

PVP.: **12 €**



En "Nomes propios" recóllense relatos breves, onde o protagonismo recae nas mulleres, nos homes e lugares onde se desenvolven estas historias.

Nalgúns deles, nállanse momentos relacionados co amor nas súas diversas formas, pero tamén vivencias traumáticas como a enfermidade ou o fracaso profesional.

Así mesmo descríbense situacións e circunstancias que calquera persoa puido vivir nunha ocasión da súa vida.

Finalmente, salientamos que en todos os relatos deste libro está sempre presente un sentimento inalterable: o amor ás persoas e á nosa terra.



SOMBRAS Á DERIVA

Autor: **AA.VV.**
 189 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-127039-4-8

PVP.: **15 €**



Un orgullo como veciño, tamén como Alcalde, ver como aos totémicos Manuel Antonio, Dieste e Castelao, con Brea Segade ou Faustino Rey Romero na recámara, continúan a engadirse nomes rianxeiros protagonistas de novas páxinas literarias na narrativa, a poesía ou o teatro.

Nesta miña última xeira á fronte do Concello agardo fique fixada a necesidade de seguir a apostar por experiencias coma esta que seguen mantendo a Rianxo no mapa da cultura deste país e con letras de ouro no eido literario. Como tantas cousas nácese, si, mais tamén se cultiva e é o labor que como administración temos que cumprir. Boa lectura!



RETRATO DE IDA E VOLTA

Autor: **Rosario Regueira**
 308 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-127039-8-6

PVP.: **18 €**



Vitoria escapou. Fuxiu dende a aldea para a cidade escapando da violencia e das violencias; dos oprobios e das vexacións; das murmuracións e dos alcumes.

Deixou atrás os retratos da súa vida gardados nunha caixa cunha lanzada primorosa e puxo unha venda amordazando a súa memoria para empezar de novo. Moitos anos despois, a súa neta, Lucía tamén escapou.

Con todo, Lucía asentou na Baiuca; buscou a maneira e construíu o seu mundo. Ese mesmo mundo permitiulle á avoa Vitoria volver abrir a caixa dos retratos e pechar o círculo.



CAIXA B

Autor: **Jorge Emilio Bóveda**
 201 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-127039-6-2

PVP.: **17 €**



Pastor Páez, detective con formación en letras, viaxa a Sanvento para facer un seguimento de Vicente Otero Risco e da súa familia. O obxectivo é cubrir un informe sobre a desaparición dunha cantidade de cartos da caixa B dunha empresa construtora na que Otero Risco traballou.

O informe de Páez irá pondo en evidencia a maquinaria da sociedade en varios dos seus estratos, á vez que se desenvolve en torno a eles unha trama insospeitada.



ENTRESÓNOS

Autor: **Xavier Abal**
 110 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-127489-1-8

PVP.: **13 €**



Unha tribo de soñadores, un xacemento arqueolóxico imposible, unha misteriosa obsesión felina, unha lenda de mouras ou a biografía dun escritor inexistente, entre outras breves historias, forman parte dos contos deste libro, que pertencen todos ao xénero da literatura fantástica e se caracterizan por tratar unhas temáticas e narrativas nas que aparecen elementos que non poden ser explicados por medios racionais, que conteñen aspectos que poden ter algo de anómalo, sobrenatural, extraordinario ou máxico, e nos cales as accións suceden todas en lugares e momentos nos que o extraño e inexplicable se infiltran nos espazos situados entre os límites do soño e da fantasía.



AS ARELAS DE MARIÑA

Autor: **María del Carmen Rey Nuñez**
 125 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-127039-3-1

PVP.: **15 €**



Mariña, a protagonista da novela, non coñeceu o amor dos seus proxenitores. Era unha empregada que atendía e lle daba agarimos. Con todo, ela fixábase no proceder dos seus. Sobre todo, no da avoa materna, á que consideraba excepcional, soberbia. De maior, quería ser coma ela.

Xa no colexio, na compañía de dona Celia, a súa tartaruga, tentou materializar todos os seus anhelos: incluso o de namorar a don Amador, o crego. As monxas xa non sabían a que santo rezar. Raro era o día que a nena non argallase unha desfeita.



PATADAS NA TESTA

Autor: **XAVIER ABAL**
 94 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-127489-2-5

PVP.: **12 €**



Este libro está composto por unha serie de pequenos relatos, apenas unhas breves escenas, unhas historias mínimas relacionadas entre si nada máis que pola súa temática: a violencia. Ou mellor, as violencias, pois hainas, desafortunadamente, de moitos tipos: violencia contra un mesmo e contra os demais.



PATRIA DE MAELOC

Autor: **Luciano Do Monfadal**
209 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-127489-3-2

PVP.: **16 €**



9 788412 748932

Este libro, *Patria de Maeloc*, é unha colectánea de poemas e contos: *Patria de Maeloc* é unha escolma de poemas; *A historia da Quisca* é a vida da última cadela que tiveren; *As aventuras de Thanos e Mac* son un conto imaxinado sobre dous cans que tamén existen e son reais, e *Os contos de Guedellas* son unha miscelánea de contos de cans, lembrándonos aos cans Cipiión e Berganza de *El coloquio de los perros* (1609) de Miguel de Cervantes.



MIÑO

Autor: **Eirín Faraldo**
681 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-125915-8-3

PVP.: **22 €**



9 788412 591583

Astariz do Miño era un nome oco para o Pol, o lugar de nacemento do seu pai Andreu e onde o avó Brais deixara un fogar.

A arcana forza do lugar levaraos a desenterrar vellos díaños e movidos por cadansúa axenda secreta enfrontaranse á violencia, ó rancor, á maldade e á tolemia que desgarrarán tanto as súas vidas coma as antigas lendas que as rexen.

O desocorrer da aventura enchópase nun pasado franquista e de guerra civil, de lendas e de crenzas, de violencia e de medo, de familia e de inimigos, de pobreza e de relixión; pero non deixa de lado os conflitos do presente, das súas personalidades, do independentismo catalán, das relacións familiares, da confianza. Trátase pois dunha viaxe de aventura e misterio, onde o primeiro desafío é o interior.



POEMATIZAR

Autor: **José Vázquez Liste**
65 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-127489-8-7

PVP.: **12 €**



9 788412 748987

"Poematizar" é un poemario que emerxe doutros versos escollidos de diferentes autores de fonda significación para a cultura galega. Ao longo dos trinta textos poéticos que conforman este libro, revisamos o legado da poesía dende a tradición lírica medieval até a obra das últimas gañadoras do Premio Nacional de Poesía.

Este libro xorde pois ao abeiro das verbas e herdanza de, entre outros, Manuel Antonio, Olga Novo ou Luz Campelli, xunguidos todos eles a nós por elementos comúns que perduran e nos representan ao longo do tempo como sinal de identidade cultural...



MOSCAS

Autor: **Rubén Martínez Alonso**
161 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128122-7-5

PVP.: **15 €**



9 788412 812275

Do que tratan estes capítulos é da natureza humana, tan contraditoria e incoherente, tan visceral e patética, como redentora e xenuína. E aquí vén un bo consello: non tomes por serio e inmutable aquilo que naceu para morrer, pois só na morte atopas sentido a efémera e fráxil vida dunha mosca...



UN INFERNO FRÍO

Autor: **Xosé Ricardo Losada**
126 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128122-9-8

PVP.: **14 €**



9 788412 812298

Don Faustino, un crego alternativo e humanista, morre en estrañas circunstancias na parroquia conservadora da Balvanera nun contexto de forte represión política nunha ditadura militar.

A comunidade galega en Bos Aires, tanto a emigrante como a exiliada, queda conmocionada. Sobre todo cando, despois das primeiras dúbidas sobre se foi un accidente ou un suicidio, comeza a impoñerse a evidencia de que foi asasinado polas súas ideas políticas. Castelao e Virxinia, que tiñan unha recente pero intensa relación con el, dubidando da versión oficial dun accidente, deciden investigar pola súa conta, con valentía, pero coa prudencia que exige o seu rol de exiliados aos que lles permitiron entrar no país a condición de que pasasen desaparecidos.



MINIA, AMOR DOE

Autor: **José Estévez López**
250 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128497-3-8

PVP.: **18 €**



9 788412 849738

José Estévez López naceu en Pacios (Pradela, Guntín), na provincia de Lugo, no ano 1954. Poeta e novelista, participou en obras colectivas, publicou unha decena de poemarios e varias novelas, tanto en galego coma en castelán.

Entre as súas obras inéditas están: *A túa ausencia que non se apaga*; *Atrozmente con amor*; *De ida e volta*; *Fóra da lei*; *Aseteando*; *Naír*; *Da apoteose á apocalipse*...

Por fin cortei as cadeas, por fin escapei do xugo dun matrimonio que acababa coa miña saúde física e mental. O peor dos malos tratos é normalizalos, convertelos en habitables, ver esa relación tóxica como unha relación natural, coa que hai que lidar a diario e punto. O feito de non se recoñecer coma unha vítima.



ENTRE NÓS E O EO

Autor: **Beatriz Pin; Antón Cando**
 99 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-128497-1-4

PVP.: **13 €**



Poemario binomial en eonaviego ou galego-asturiano.



A COHESIÓN DA AUGA

Autor: **Ramona Giráldez Domínguez**
 139 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-128497-6-9

PVP.: **13 €**



“A cohesión refírese á atracción que teñen as moléculas por outras do seu mesmo tipo, e as moléculas de auga teñen forzas cohesivas fortes, grazas á súa habilidade para formar pontes de hidróxeno entre elas” Unha definición química que á autora lle semellou pura poesía e levouna a crear unha obra poética na que a auga é o fio condutor que establece pontes entre o pasado e o presente, entre as persoas e as lembranzas nunha terra na que a auga é un elemento fundamental...



NAUFRAXIOS SINGULARES

Autor: **Benjamin Sande Rodríguez**
 269 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-128122-8-2

PVP.: **17 €**



Esta obra son historias de naufraxios reais, cun toque novelado. O título pode parecer pouco orixinal, pero ao lector debe cumprille a certeza de que se parecerá moi pouco a outros de títulos semellantes. A diferenza é que, parte deste relato, se basea en fontes directas dos personaxes, non son lecturas de comunicados oficiais, nin de persoas interesadas. Por outra banda, escribo sobre historias de naufraxios de navíos doutros tempos, séculos XVI e XVII, de varias nacionalidades. Teñen de por si un interese e un estilo narrativo digno de ser lidos.



ONIRIA

Autor: **Xosé Fernández Otero**
 281 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-127489-7-0

PVP.: **17 €**



Oniria abre a porta á reflexión sobre o noso poder de influencia en todo canto nos acontece no día a día. Canto do que temos, somos e desexamos é froito da nosa decisión? Canto forma parte do inconsciente colectivo?... Que marxe de elección temos e canta estamos a utilizar?... Que consecuencias ten a nosa conducta?... Benvidos a Oniria, un belisco desa intrahistoria que, máis ala de dar continuidade a Malin, contribúe a afondar nesas fermosas inxedanzas.



A MIÑA VIDA NOUTRO LUGAR

Autor: **Rosa Suárez Redondo**
 130 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-128497-5-2

PVP.: **13 €**



Mercedes volveu de EUA embarazada dunha filla, Indira, á que nunca lle desvelou a identidade do seu pai. Tres décadas transcorren entre esa viaxe de ida e volta de Ribadomar a Denver, para cursar estudos universitarios, e a de Indira, quen segue as pegadas da súa nai e regresan de América con información inesperada e reveladora.

Con prosa sinxela e ritmo áxil, cun chisco de humor e misterio, sen pudor nin sentimentalismos, A miña vida noutro lugar narra a vida íntima dunha muller que volora o alleo sempre por riba do propio. O olenco de personaxes é amplo, unha nai omnipresente; unha vidente chicana; un mozo indio; un compañeiro de vida francés; un amante vasco; un vello veciño navegante, un par de amigas ao outro lado do Atlántico... Amor, soidade e identidade impregnan estas páxinas.



FARSA/HECATOMBE

Autor: **Adri Mosquera Paços; Iris Carrio González**
 52 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-128986-0-6

PVP.: **12 €**



Este traballo, ademais dunha mirada cara adentro, é un canto à liberdade de Palestina e em contra da ocupación colonialista deste territorio. Assinado pola conta de Instagram vinculada ó autor, @foradecontrolgz, e foi difundido através de aviõns de papel, pola rúa+ e em bibliotecas, museus e outros espaços culturais.



A PALABRA SALVAXE

Autor: **Jorge Emilio Bóveda**
163 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128497-8-3

PVP.: **16 €**



Jorge Emilio Bóveda posúe un universo literario de seu, que foi desenvolvendo ao longo de máis de dúas décadas. A súa obra conxuga con habilidade a utilización de xéneros populares coa clara intención de contribuír a unha literatura culta.

O presente volume achéganos unha recompilación de trinta relatos curtos que abrangue dende os seus suxestivos e impactantes inicios até a súa adoita e serena madurez.

Se a persoa lectora está disposta a arriscarse, a transitar por atmosferas insás, a achegarse a sociedades embrutecidas, a recibir afinadas coiteladas ou a testemuñar o insólito, non o dubiden, A palabra salvaxe é unha excelente opción.



...AGROMA PRIMAVERA ...BROTA PRIMAVERA

Autor: **Conchita Paz Montenegro "Cuncheira"**
104 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128497-9-0

PVP.: **13 €**



Neste mundo convulso de horrores, inxustizas, opresións..., os meus versos son unha valoración positiva aos actos de amor, amizade, comprensión, aceptación... estalidos de primavera, raiolas de Sol que sempre están connosco se sabemos ollarl!



UN CAFÉ EN BOGOTÁ. DÚAS TUMBAS EN MEDELLÍN.

Autor: **Xerardo Agrafoxo**
312 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128986-2-0

PVP.: **20 €**



Estas páxinas describen un periplo de 45 días polos lugares máis emblemáticos de Colombia, como Bogotá, Cartaxena de Indias, Medellín, Cali ou San Basilio de Palenque, o primeiro territorio libre de América. Unha andaina na que se fala dos problemas dun país sacudido polas guerrillas, as bandas paramilitares e os crimes dos narcotraficantes. Un territorio de abraiante xeografía e ategado de conxuntos coloniais como Vila de Leyva ou Mompos, dúas cidades identificadas con Antonio Nariño e Simón Bolívar, dous próceres da Independencia. Esta viaxe de tres mil quilómetros en solitario tamén é unha pescuda tras os pasos de Antón Avilés de Taramancos, que viviu naquel país vinte anos, e Gabriel García Marquez, o Premio Nobel máis recoñecido das últimas décadas.



CUENTOS MARAVILLOSOS

Autor: **Sebastián Paz Suárez**
148 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128497-2-1

PVP.: **15 €**



Contos bilingües español / árabe.



CUNIUPUYARA

Autor: **Justo Calviño Cruz**
265 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128986-4-4

PVP.: **17 €**



O frío o a calor, a atonía e o rixo, o imaxinado e o tanxible, o rancor e o agarimo, a crueldade e a bondade, a posesión e a liberación, o fracaso e o éxito, a morte e a vida, todos estes conceptos, dispares e contrapostos, aglutínanse nesta novela, emerxendo do pensar e decidír duns galegos ousados, xenerosos, inquebrantables e incombustibles; así como nas persoas de toda condición e rza que se cruzan no seu camiño.

Se a todo isto lle engadimos, por un lado, luminosas cidades a carón dos cumes nevados dos Andes, agochando o misterioso e xamais atopado tesouro do Inca; e polo outro, a selva húmida e lamacenta da Amazonía, na que se oculta a inaccesible Cuniupuyara.



O QUE AGACHA A EQUIPAXE

Autor: **Azucena Arias Correa**
439 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128122-5-1

PVP.: **20 €**



Trátase dunha novela case coral, onde varias persoas ben diferentes en idade, orixe, vivencias, desexos, loitas, inxedanzas... aparecen conectadas a través dunha viaxe organizada, na que coinciden durante uns días. As voces crúzanse para relatar algún aspecto da súa vida (soidade, colaboración, abuso, violencia, envexa, compañeirismo, aceptación, liberdade...), á vez que achegan detalles ao argumento de conexión (unha viaxe turística dende Galicia ata unha illa alén do mar, na que xorde un problema complicado que precisará de intervención policial).

Ademais da equipaxe visible, cadaquén leva unha bagaxe ás costas, unha equipaxe oculta da que se desvelará un anaquiño.



CATRO RELATOS CURTOS DE DEUS

Autor: **Xesús Deus Gende**
172 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128122-1-3

PVP.: 14 €



Catro relatos curtos de Deus está escrito dende o corazón, con agarimo. A linguaxe tenta chegar aos lectores dunha maneira sinxela, entretida, amena, empregando verbas de doada comprensión. O autor empeza narrando a súa propia vida, pois considera que quen teña a ben somerxerse nestas páxinas, ten dereito a saber de onde vén, que lle aconteceu, cal foi a historia que o trouxo ata aquí. “Feitizo de lúa” é ese relato que, de seguro, se asemella ao doutra moita xente do común.



ANACOS DUNHA LEMBRANZA

Autor: **Miguel Ángel Vilar Bujá**
124 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128986-7-5

PVP.: 14 €



Ignoro se *Anacos dunha lembranza* é título escollido polo propio autor. Non lle acaería mal tampouco *Peneira dos días*, xa que, segundo o texto en prosa que precede os poemas, parece ser este o obxectivo do poeta: amosarnos as experiencias e sentimentos que a peneira da vida escolmou e salvou, aquilo que máis seriamente posuímos e nos posuí, aquilo que afinal nos constituí.



O INFRAMUNDO

Autor: **Guillelme Denis Castillo Carballa**
172 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128986-3-7

PVP.: 14 €



Que farías se, de repente, unha serie de catástrofes naturais botan abaixo o mundo tal e como o coñecemos? Marco e mais a súa familia afrontarán unha fuxada fuxida, cara ás montañas do Courel, na procura de acubillo. Esta carreira conduciríaa a un lugar completamente insospitable. O novo escenario que se abre ante eles amosarálles unha realidade diametralmente distinta á que coñecen, e fará que se enfronten a misterios que, ata agora, agardaban ocultos nas profundidades...



A VOZ SILENCIADA

Autor: **Guadalupe Vázquez Formoso**
106 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-129628-4-0

PVP.: 12 €



“Chámome Felisa e, aínda que por fóra me vexas sorrindo e ata rir ás veces —non en van me chamaban de nena ‘Felisa a felís’, co seseo noso de Carnota—, a procesión vai por dentro.

Cal é a miña historia? É complexa, moito, e pregúntome, cada día, canto tempo a poderei seguir aturando, pero pode resumirse en tres simples palabras:

Vivo cun monstro”.

A voz silenciada nace como un intento de dar visibilidade ao maltrato doméstico e de sensibilizar á sociedade. A violencia de xénero é un problema de todos...



O TREBÓN DO NORTE

Autor: **Agustín Agra**
102 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-990202-2-9

PVP.: 14 €



Corre o ano de 1066, co paso da estrela Cometa a enseñorarse do ceo. O drakkar Cabalo das Ondas foxe do río de sangue que abrolla tras a batalla de Stamford Bridge e desembarca no convulso reino de Galicia. Os navegantes que o pilotan carrexan sobre as costas con trinta anos de combates na compañía de Harald *Hardrada* o último rei viquingo de Noruega. Tras a derrota que o expulsou do seu país, Harald, o Desapiadado, loita como mercenario a prol do gran príncipe de Kíiv, Iaroslav o Sabio, e comanda durante anos a garda varega, o corpo de elite do Imperio bizantino. Envaidecido de poder, de prestixio e de riqueza, regresa á súa patria para reclamar a coroa que por herdanza lle pertence. Así, á fronte dos homes do norte, rexe Noruega de xeito feroz e lévaos á guerra contra canta terra os rodea. Porén, nada é suficiente para a súa cobiza. A súa ambición desmedida condúceo á conquista do trono de Inglaterra...



REMAR

Autor: **Varias voces**
74 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-990202-4-3

PVP.: 13 €



“Escribimos na aula, na casa, na praia. Reescribimos. Riscamos e volvemos a escribir. Recitamos en alto. Pensamos. Reflexionamos. Atravesamos o literario e chegamos ao común, á imaxe, ao minúsculo. Todas xuntas, paseniño, pero sen demora, remamos desde as augas de Rianxo cara ao mundo...”



PLUMA ENLOITADA

Autor: **Raúl Herrera**

56 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 979-13-990202-6-7

PVP.: **11 €**



Pluma enloitada é un libro de poemas onde se mesturan o home, a muller e a beleza da natureza, é unha poesía sensual e erótica que pretende achegarse á xente lectora, dende a perspectiva dun estilo de vida bohemia onde prevalece o gozo da sinxeleza da propia natureza, a arte como expresión sandadora e o desexo e a forza de conservación da cultura tradicional da Galiza. Raúl Herrera elabora unha sinfonía de poemas que, en harmonía co entorno da nosa terra, crea o son hipnótico dun mar de soidade, onde as ondas e a liña do horizonte son os versos na voz de quen, con calma pracenteira, se enfronte á lectura deste libro que procura ser viaxe e acto poético de resistencia dunha xeración contra as convencións da sociedade actual.



EN GALEGO, EN CURTO, EN GALICIA

Autor: **Pedro Naveira**

208 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-129628-8-8

PVP.: **14 €**



Este conxunto de relatos curtos ten un contexto común, tan pequeno en aparencia como infinito en realidade: o da nosa terra galega. Unha visión crúa e sen ambaxes da alma mariñeira. A Galicia profunda. A solidariedade en clave galega. Un achegamento ao mundo das meigas e os espíritos, que habelamos hainos. Unha viaxe pola liña, ás veces imperceptible, que delimita o mundo real e o dos soños. A corrupción. Unha reflexión en forma de diálogo entre un avó e un neto sobre a pegada terrible que deixou a pandemia da COVID-19 nas nosas vidas. Un exemplo de como unha primeira impresión pode ser tan subxectiva como inxusta. Unha historia de emigración dende unha perspectiva distinta. Estas e outras temáticas compoñen o que pretende ser un pequeno universo narrativo que intenta abranguer, cun aquel intimista, algunhas das características que debuxan o comportamento e a maneira de entender a vida dos galegos.



POEMARIO

Autor: **Lorena Costoya Dosil**

86 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 979-13-990650-1-5

PVP.: **13 €**



Os escritos de Lorena Costoya, tanto en castelán coma en galego, non só falan do desamor, tamén do amor correspondido, aínda que doloroso, e da morte, que lle tocou de preto con tan só 15 anos e que xogou un papel importante nos seus poemas e pensamentos daquela época. Tamén falan da amizade ou de como se sentía cando o seu pai debía marchar para o mar.



O TEMPO VOA

Autor: **José Estévez López**

186 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 979-13-990650-6-0

PVP.: **14 €**



A vida vai sendo, pero nós quen somos?
Talvez o que recordamos que algún día fomos e tamén os momentos que imos escribindo nas páxinas do noso pasado.



SUPERMERCADO CARMIÑA

Autor: **Celestino Pérez Recarey**

176 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 979-13-990650-4-6

PVP.: **15 €**



Carmiña vive en Casal do Río, unha poboación con moita vida, ou iso di ela moi fachendosa de ter nacido neste fermoso lugar. Casal do Río non é unha aldea, pero tampouco é unha vila; anda entremedias das dúas.

Aos seus sesenta e seis anos, Carmiña segue traballando no supermercado que a súa nai creou hai xa varias décadas.

Cando tiña dezaseis anos, Carmiña coñeceu a César na verbena de San Caetano e bailaron toda a noite. Ao remate da mesma, acompañouna á casa e ao despedirse, el deulle un delicado bico nos beizos que ela non esperaba. Entrou na casa toda emocionada; era o primeiro bico que recibía dun mozo. Non o esquecería nunca.

Cincuenta anos despois, volven verse no Supermercado Carmiña.



A LUZ E O SILENCIO

Autor: **Alberto Piñeiro Berz**

62 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 979-13-990650-7-7

PVP.: **12 €**



En Messkirch, Alemaña, descansan os restos de Martin Heidegger. Na súa lápida non hai unha cruz, senón unha estrela e un breve texto: "Auf einen Stern zugehen"; é dicir, "Encamiñarse a unha estrela". Unha cita que non só resume a efémera existencia humana, senón que, dunha volta, forxa un elo que une a poesía coa vida, e doutra, levanta unha ponte pola que andar, nun ciclo eterno, da luz ao silencio.

Un poemario sobre o tempo, o ser, a vida e a morte, ategado de lembranzas e paisaxes da infancia e da aldea, mais tamén de alusións literarias, mitolóxicas, pagás e relixiosas.

A expresión poética do inútil intento de fuxir daquilo que nos deu o que somos. Pero non da fuxida do tempo que pasa por nós, senón do tempo polo que pasamos nós.



AS PORTAS CONDENADAS

Autor: **Jorge Emilio Bóveda**
 146 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 979-13-991192-0-6

PVP.: **15 €**



O único máxico que hai na vida de Eleusis é o seu nome, que por outra banda é postizo. A súa existencia transcorre tristemente no pequeno mundo dunha Auria monótona e gris, entre frías relacións familiares, mesquiñas pseudoamizades e escasas perspectivas de futuro. Os seus días carecen de cor, ata que unha enigmática chamada introduce na súa vida un matiz progresivamente maior de incerteza, suspense e quizais esperanza. Así irá achegándose aos portais do misterio, onde descubrirá un segredo que podería rematar para sempre co seu pequeno mundo..., quizais, dun xeito máis literal do que lle gustaría.



CEN ILÍADAS

Autor: **Marcelino Fernández Mallo**
 338 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 979-13-990650-3-9

PVP.: **19 €**



No comité de dirección de Lindqvst & Larsson – España, respirase un ambiente de máxima desconfianza. Os obxectivos de cada directivo resultan contrapostos e a tensión aumenta até niveis insoportábeis. Tras un brusco cambio de organigrama, Héctor Carudel debe viaxar a Estocolmo, onde está a sede central da auditora. Pero non chega a destino. Salomé Aguilera recibe unha estraña chamada comunicándolle o secuestro do seu marido. Unha vez pagado o rescate e reintegrado Carudel ao fogar, deciden non denunciar o secuestro. Salomé confésalle que tivo que recorrer a César Sanjurjo, o CEO da empresa, para recadar o diñeiro. Porén, non o informa de que retivo unha parte da contía. Sospeita que o seu marido lle agocha algo e, en segredo, decide contratar o detective Lucas Pardo. Pronto sucede o imprevisible: Fredrik Solberg, director adxunto de Lindqvst & Larsson – España, é asasinado de dous disparos por detrás. As investigacións do detective desvelan sorprendentes informacións relativas a cada directivo da compañía, o que arrastra a Salomé Aguilera a tomar unha drástica e inesperada decisión...



EU, MONSTRO

Autor: **Guadalupe Vázquez Formoso**
 194 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 979-13-991192-1-3

PVP.: **15 €**



—Por que te empeñas en poñerte fea, Eli? —pregúntame a miña nai—. Por que ese empeño en pareceres un MONSTRO?

Chámome Eli e son un rapaz de quince anos que naceu nena. Por ese feito, pola cicatriz que levo na cara e tamén pola miña propia situación doméstica caótica, síntome como o monstro de Frankenstein.

Máis aprenderei que hai MONSTROS que si o son de verdade: monstros crueis, sádicos e desapiadados que gozan co sufrimento alieo; monstros desprezables, infames, egoístas que non senten remordemento polas súas malas accións senón orgullo; monstros asasinos que eu intentarei destapar.

Eses monstros non teñen desculpa polo feito de comportarse como tal. E ensináronme algo. Ensináronme que o monstro non son eu.



CONTOS DA MIÑA NAICIÑA

Autor: **Paula Cascallar Latorre**
 128 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 979-13-990202-9-8

PVP.: **14 €**



Cada un de nós, os galegos, é fillo dun deus bondadoso e senlleiro. Cada aldeia é o mundo enteiro, onde cada abrollo e cada pedra son un fenómeno adorado. Nestes contos de fantasía reside unha realidade do país: a morriña, nos trapos e na retina.

Miña nai, sabia e meiga, vaime debullando unha galeguidade antiga que me ilusiona como escoitar música nova na praza do pobo. Con gran misterio, nunca lle sorprende nada (moito menos a primavera). Ela foi moura dun lugar do que me amosa maxia con cotiandade.

Estes contos son os entresoños que me causou o orgullo polo seu dunha humilde labrega, traballadora e esposa que asegura case ter unha parcela no Ceo.



AS TRES ESPOSAS (UNHA ESPÍÑA E DÚAS ROSAS)

Autor: **José Estévez López**
 254 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 979-13-990650-5-3

PVP.: **15 €**



“Que mágoa, pero adeus... así falou, que digo!, así zorregou na miña filosofía vital e no meu equilibrio filosofal a miña segunda muller o día que abandonou definitivamente o noso fogar”, comenta Oswald L.P. “Como non recordar —engade apesarado—, o que dixó o primeiro día que entrou nell: Ata que a morte nos separe”.

Foi o Oswald, con apoio externo, quen tomou a decisión de escribir este libro e a el corresponde a obriga de render contas, de dar explicacións, pois da súa factoría son o texto e o título.

Polo que advertín, nesta obra recóllense ecos dalgún suceso da súa existencia e tamén resonancias dalgúns lendas, mais sen coller en ningún momento o becerro polos cornos, sen entrar nas reviravoltas, nos baixos fondos do seu día a día. No meu entender, estamos diante de pincladas do seu pensar e do seu vivir escritas mediante manobras orquestrais de aproximación.



VIDAS PARA LELAS

Autor: **César Fernández**
 106 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 979-13-991192-4-4

PVP.: **13 €**



Neste libro de relatos, os seus personaxes teñen as súas vidas moi marcadas pola época que lles toca vivir e polo sorprendente e azaroso da mesma. Dende un varredor portuario até un concertista de guitarra, loitan por facerse un oco na escuridade dun sistema que sutilmente garda un sitio inamovíbel para cada un.



QUE QUEDE ENTRE NÓS

Autor: **Josefa Suárez Pereira**
90 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991192-3-7

PVP.: 13 €



Ambientada na primeira metade do século XX, *Que quede entre nós* é un relato cunha clara pegada poética que busca honrar e, dalgún xeito, resarcir o sufrimento de cun loitou nunha batalla allea.

A historia entrelázase coas vivencias de Pepa, nacida nas Edreiras (Concello de Zas), onde comeza o debullar dunha vida que, para min, merece ser contada. Mais serán as lectoras e lectores quen lle dean o seu propio sentido.

Baseada en feitos reais, a obra tamén se nutre de retallos imaxinarios, co propósito de poñer palabras alí onde só había silencio.



DAS MIÑAS CONVERSAS CON TATÁ

Autor: **Pedro X. Rovira Magariños**
248 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991192-8-2

PVP.: 18 €



He leído *Das miñas conversas con Tatá* y me ha parecido una "ópera prima" muy lograda. Y diversa. Verso y prosa. Cuentos infantiles y literatura del yo. Lugo y Ribeira. Costumbrismo y fino humor. Habilidad al jugar con el viejo recurso del "manuscrito encontrado", en este caso el "atadallo herdado que Tatá deixou para min". Aprovecha también certeramente los recuerdos y vivencias de su paso por el seminario así como la huella por el ejercicio del magisterio. Incluye también algo picante, que siempre viene bien: el doble sentido en "Cousas de San Froilán" y "Baño de realidade". Me han encantado asimismo poemas como el "Romance do neno cego" y "Amizade". Buen fichaje de la Editorial Toxosoutos. Os deseo el merecido éxito.



DEMOS NAS VERBAS

Autor: **Loló Mourelas**
160 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991592-1-9

PVP.: 14 €



Nesta obra van anacos da vida da autora e vivencias da súa contorna, a ferro ardente; máis que sentimentos espidos, son paixóns descarnadas; sen transitar nunca por camiños cómodos e doces, senón por vías feridas e que feren. Tantas veces expresando, desde unha ansia vital inmensa, o desexo da morte, como experiencia de vida común. O contraste vida e desexo de vida permanente, choca de xeito continuo coa realidade da morte, da dor, do sufrimento como tropezan un amor e un desamor levado aos extremos. Todo reflectindo unha vivencia sempre nos límites da felicidade absoluta e da tristeza e pesimismo infinitos, expresados dunha forma libre e na que se pretenden destacar palabras que ás veces ocupan só unha liña, para centrar ao lector, e á autora mesma, en todas as suxestións que pode producir esa verba. Este libro non é cómodo, pero leva en si o pracer de vivir na dureza das estremas, nunha fuxida continua dos grises, do morno, das medias fintas. Ou branco ou negro, xeo ou brasa. Intensidade permanente...



O MUNDO DE TARABELO

Autor: **Luciano do Monfadal**
172 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128122-3-7

PVP.: 15 €



Tarabelo naceu en maio de 1975 e finou en decembro de 1990. Viviu na aldea de Abrente cunha familia de labregos e pola noite ou pola mañá, dende a súa cama de palla, vainos relatando feitos do seu día a día. Tamén nos transmite algunhas conversas que se daban naqueles tempos e, por suposto, moitos contos de lareira. É como unha bitácora, só que en vez de escribilo no camarote do capitán, ládrano do dende o palleiro. De tanto escoitar ás xentes, de todo sabe e entende. Estes relatos son dos seus primeiros sete anos. Segundo mo ladrrou, así volo conto. Este libro, que me ditou, serve tamén de homenaxe a esa raza autóctona de Galiza, intelixente, fiel e que tanto ten axudado ós nosos labregos: o can de palleiro.



NOITICIDIO

Autor: **M.ª Rosa Fernández Araujo**
84 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991592-5-7

PVP.: 12 €



Noiticidio é un poemario escrito en galego, que explora o tema da noite... Máis que un libro podería definirse como un experimento. Esta antoloxía está concibida como unha viaxe interior a través da noite e defínese coma unha especie de experimento, debido a que foi escrita nunha soa vixilia. Deste xeito, os efectos do cansazo e do insomnio vanse revelando ao longo do poemario e a medida que aumentan as horas en vela, aparecen diferentes sentimentos. Nesta obra afóndase nas luces e sombras da conciencia, mentres a noite avanza, revelando emocións, pensamentos e imaxes que só existen no illamento voluntario cando o mundo dorme.




TRÍADE TÉTRICA

Autor: **Javier García García**
128 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991192-9-9

PVP.: 11 €



"Atopámonos fronte a una triloxía cunha clasificación moi apropiada que lle dá coherencia ao todo; unha orixinalidade realmente exquisita e clara, tanto nos poemas de andamio común, como nos alucinantes xogos de palabras e regalos estéticos cheos de vida da de verdade. Un carácter poético, o de Javier García, intenso e que sabe do que fala, o terreo que pisa. Contundente, lindo e cunha lectura de fácil comprensión, o que é de agradecer nestes tempos nos que aínda hai xente que cre que canto máis revirada e incomprendible sexa a lectura, mellor".



TRIÁDE

Autor: **Francisco Vázquez Chantada**

102 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 979-13-991592-0-2

PVP.: **14 €**



9 791399 159202

Triáde é un proxecto de evolución poética, que abarca unha década de creación, a través de tres poemarios escolmados.

Dende “A forza das cousas” (1996): poesía que atende o cotián, o ritmo vital dos días e das cousas.

En “A historia que sabemos é vivir” (2000), os poemas acadan un perfil intimista. Vestixios que falan de periplos sentimentais e do mundo.

Ata os que marcan un cambio de estilo, máis conciso e incisivo, en “De a diario e de leóns” (2006). Hai nestes poemas breves unha formulación imperativa que conclúe os versos.





O SOÑO DO FALCÓN. Nº 1

Autor: **Xabier Iglesias**

296 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 84-95622-86-6

PVP: **12 €**



Esta novela é a encargada de encetar a nova colección de narrativa histórica, e sen dúbida, pola súa calidade, amenidade e documentación, supón un bo principio para a mesma. Tal como figura no longo subtítulo, teñen aquí cabida a *Vida e batallas do cabaleiro don Pedro Albares de Soutomaior, Conde de Camiña, por mal nome chamado «Pedro Madrugá»*. Poucos nobres tiveron tanto protagonismo nos avatares da segunda metade do século XV, cando a Historia galega puido ter sido ben diferente.



A FUXIDA DA LOBA. Nº 2

Autor: **Carlos Laredo**

152 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 84-96259-01-3

PVP: **11 €**

Versión en galego e castelán



En moitas partes de Galiza cóntanse, aínda hoxe, as falcatruadas de Pepa, A Loba, unha bandoleira lendaria ou quizais imaxinaria que, segundo algúns, viviu no século XIX. A historia que conta este libro recolle algunhas das fazañas que se lle atribúen á Loba, unha rapaza acosada polos «lobos» dunha vida miserable, e imaxina outras que mostran unha muller instintivamente nobre, teimosa e cumpridora da súa ética, afoutada e, dentro do que a súa vida lle permite, tenra e ferosa.



A LUZ DA ECLIPSE. Nº 3

Autor: **Francisco Antonio Vidal**

188 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 84-96259-02-1

PVP: **12 €**



A finais do século XV, os homes procuran a luz na ciencia e no estudo, ábrese fronteiras ao coñecemento e nas beiras do Atlántico os mariños preguntáanse qué hai máis aló de onde se pon o sol. O tempo de tebras toca a súa fin... *Desde a Bouciña, no solpor, o horizonte é unha difusa liña vermella que se agacha detrás de Sálvora, a illa que don Xoán chama «a porta do mar», a que limita o seu mundo de navegante, a fronteira entre o calmo mar de dentro e o de fóra, a extrema do océano infinito e descoñecido.*



TEUCRO.

O arqueiro de Troia. Nº 4

Autor: **Fernando Lillo Redonet**

286 páx. (130x200 mm.)


ISBN: 84-95622-30-7

PVP: **12 €**

Versión en galego e castelán



Esta novela vén a ser unha narración mítica sobre o personaxe de Teucro, heroe da guerra de Troia, onde a ficción está ao servizo da revisión de datos reais transmitidos polas fontes antigas (breves referencias, por exemplo, na obra de Homero, Quinto de Esmirna ou Sófocles). O autor, pola súa formación clásica, domina ben as claves da literatura na que bebeu para a confección deste relato. Desta maneira recupera motivos das letras antigas, tales como o respecto pola vida do inimigo ou a presenza do falso mendigo. Toda unha riqueza imaxinativa con raíces en textos tan suxerentes como son a *Iliada* ou a propia *Biblia*.



MEDULIO. O Norte contra Roma. Nº 5

Autor: **Fernando Lillo Redonet**

174 páx. (200x130 mm.)


ISBN: 84-96259-58-7

PVP: **11,50 €**

Versión en galego e castelán



Esta novela recrea as guerras de cántabros, ástures e galaicos contra o invasor romano e a súa heroica resistencia final no mítico Medulio. A través do cántabro Laro e do galaico Camalo o lector sumérxese nos costumes e a civilización do Norte de Hispania. Pero tamén se presenta a visión romana da conquista por medio dos recordos do mozo Décimo Xunio Bruto. Dous mundos moi diferentes (ou non tanto) que aportan cada un os seus mitos e a súa forma de ser e que configuraron a partir de entón as características do Norte. Roma impuxo a súa visión do mundo, certamente civilizadora, pero non puido acabar totalmente co que xa existía.



HISTORIA DUNHA INVESTIGACIÓN E DE MÁIS DE DOUS ASASINATOS. Nº 6

Autor: **Carlos de Castro Álvarez**

216 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-96673-99-1

PVP: **14 €**



A historia non se pode escribir sen fontes nin a literatura sen imaxinación. Ambas se unen para construír esta novela na que se narra o proceso de elaboración da tese de doutoramento dun mozo licenciado en Historia que decide homenaxear ao seu pai, catedrático de paleografía da USC, con esta decisión. A obra divídese en dous planos, narrando, por unha banda, as circunstancias vitais do protagonista durante o seu período de investigación e, por outra, os feitos históricos que a devandita investigación vai proporcionando. Estas esferas reflicten un proceso de transición, o primeiro histórico, entre a Idade Media que desaparece para dar paso ao Renacemento, e o segundo vital, no que se dá conta dos cambios persoais e sociais que a investigación e o paso do tempo lle causan ao protagonista.



ASASINOS, ASASINOS, ASASINOS! Nº 7

Autor: **Vicente Piñeiro González**


60 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-87-0

PVP: **10 €**



Para escribir calquera relato histórico sempre hai unha maneira de explicalo todo como se estivesemos ante un descubrimento científico. Este coñecemento histórico revelado polas fontes aumentará a tensión de moitos ao velo aquí narrado. No entanto, non se trata de substituír a utopía, ter novas intuicións ou traizoar a historia. Calquera historia, por moi veraz que sexa, non significa que non se poida elaborar outra sobre ela porque o continuo sempre é previsible. A maioría das escenas que aparecen nesta novela son reais porque están documentadas por xente que dun xeito ou doutro viviu a contenda, e as experiencias da época e a novela ás veces cóntanse máis como experiencia que como literatura. Por veces as miradas descompoñen o que miran.



LOLA TOUZA. LA SHINDLER GALLEGA. Nº 8

Autor: **Vicente Piñeiro González**

128 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-944314-0-1

PVP: **16 €**

Versión en castelán



En esta novela Vicente Piñeiro relata la historia de Lola Touza, "Justa entre las Naciones" y considerada la Schindler Gallega, que regentaba el quiosco de la estación de Ribadavia (Ourense), y entre 1941 y 1945 ayudó a huir a más de 500 judíos de una muerte segura en manos de los nazis colaborando con una de las redes clandestinas de fuga de judíos más importante de Europa que empezaba en los Pirineos por Gerona y llegaba hasta Ribadavia, donde las hermanas Touza arriesgaban sus vidas para atenderlos y facilitarles el paso a Portugal. Les ayudaron dos taxistas llamados José Rocha, y Javier Mínguez "el Calavera", un barquero de nombre Ramón Estévez y un emigrante retornado, Ricardo Pérez, "el Evangelista", que hacía de intérprete.



LOLA TOUZA. A SHINDLER GALEGA. Nº 8

Autor: **Vicente Piñeiro González**

176 páx. (130x200 mm.)


ISBN: 978-84-124910-0-5

PVP: **16 €**

Versión en galego



Nesta novela, Vicente Piñeiro relata a historia de Lola Touza, "Xusta entre as Nacións" e considerada a Schindler galega, que rexentaba o quiosco da estación de Ribadavia (Ourense) e, entre 1941 e 1945, decidiu axudar na súa fuxida a máis de 500 xudeus dunha morte segura, en mans dos nazis, colaborando cunha das redes clandestinas de fuga de xudeus máis importante de Europa, que empezaba nos Pireneos por Xirona e chegaba até Ribadavia, tramo decisivo dende o que as irmás Touza arriscaban as súas vidas para atenderlos e facilitarles o paso cara a Portugal. Axudáronos dous taxistas chamados José Rocha e Javier Mínguez "o Caveira", un barqueiro de nome Ramón Estévez e un emigrante retornado, Ricardo Pérez, "o Evanxelista", que facía de intérprete.



ARÍSTIDES DE SOUSA MENDES. O SHINDLER PORTUGUÉS. Nº 9

Autor: **Vicente Piñeiro González**

110 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-946001-9-7

PVP: **15 €**



Nesta Breve peza literaria, o narrador entra no terreo do reino da conciencia do protagonista, no seu maxín, nos seus sentimentos máis profundos, no descoñecido ata o de agora; entra naquela habitación na que desde o día 13 ata o 17 de xuño de 1940, o cónsul de Portugal en Burdeos, Aristides de Sousa Mendes péchase antes de decidirse a asinar miles de visados e salvar a vida a 30.000 persoas, entre elas a 12.000 xudeus, desobedecendo todas as instrucións explícitas do seu goberno. Posteriormente foi expulsado do corpo diplomático portugués e morreu na miseria e no esquecemento.



PORTOSANTO. Nº 10

Autor: **Rodrigo Costoya Santos**

880 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-947719-4-1

ESGOTADO



Achégase a fin dunha era. Neste tempo convulso, nunha aldea situada no confín do mundo coñecido nace Pedro, un pequeno bastardo que medra alleo ao seu transcendental destino: mudar radicalmente o universo tal e como o percibe a humanidade.

É unha novela que combina ficción cun marco histórico real.



CANDO PASOU O QUE PASOU. Nº 11

Autor: **Rosario Regueira Cereijo**

169 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-947719-6-5

PVP: **16 €**



O 28 de xaneiro do 2018, cúmprense oitenta anos deste episodio. Oitenta anos de silencio, de agonía e de carraxe. Oitenta anos nos que, miles de persoas, trataron de esquecer e non contar para que non se soubera... Por se acaso...!

Pepe saltou pola fiestra do Castelo de San Antón; nadou pola badía de A Coruña e chegou salvo a terra. Pero os fascistas asasinárono antes de que pasaran dous meses. E con el mataron tamén, dalgún xeito, os fillos, o pai, a muller, as irmáns... A todo o seu entorno que tivo que re-inventar a vida para seguir adiante.

"Cando pasou o que pasou" é un eufemismo que escoitei por boca de algún para definir como aquela represión brutal afectou a persoas con nome a apelidos. Disto trata este libro. Do que pasou cando pasou e do que pasou despois.



**O MESTRE. GONZALO YÁÑEZ DE NOVOA. IX
MESTRE DE CALATRAVA (1218-1238). Nº 12**

Autor: Xosé Ramón Estévez Pérez, Vicente Piñeiro
González

282 páx. (130x200 mm.)


ISBN: 978-84-128986-9-9

PVP.: **16 €**



9 788412 898699

Os autores deste ensaio novelado, en ritmos distintos e distintas realidade temporais, procuraron que coubesen a familia dos Novoa, sobre todo Gonzalo Yáñez de Novoa, IX Mestre da Orde de Calatrava entre os anos 1218-1238, e Pedro González de Novoa, Mestre da Orde de Alcántara 1234-1254 e da Orde de Calatrava 1254-1267, e os irmáns de ambos, Soro e María; os reis Alfonso IX de León; Fernando III o Santo; Alfonso X o Sabio coas súas Cantigas a Santa María, os xogos de xadrez, a relixión, as conquistas, as batallas, as consagracións e o amor, así como as xerarquías das máis importantes ordes militares que xurdiron no contexto do Reconquistar: a Orde de Santiago, a Orde de Alcántara, a Orde do Templo, a Orde de Calatrava... ou o rei de Marrocos, Abu Yusuf Yaqub al-Mansur, Miramamolín, e outros emires como Al-Wahid, Al-Mustansir, Al-Adil, o rei mouro de Baeza, El Bayasí, e máis... Para ben ou para mal, O Mestre está intrinsecamente ligado a Ourense, a Ribadavia, a Galiza, aos Camiños Xacobbeos, á Catedral de Santiago coa consagración do Pírfico da Gloria e á creación do Camiño Miñoto Ribeiro. A terra de Novoa estaba situada entre os concellos de Ribadavia, Carballeda de Avia, Santa María de Beade e Leiro; á súa vez, esta terra formaba parte dunha terra máis extensa como é: TORCONIUM...



**1943. TODO O MUNDO VÉN AO
UNIVERSAL. Nº 13**

Autor: Vicente Piñeiro González

102 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 979-13-990650-2-2

PVP.: **13 €**



9 791399 065022

“No ronsel dunha Lola Touza e dun Aristides de Sousa, *Todo o mundo vén ao universal*, na cidade olivícola, cerra esta triloxía de heroes que antepuxeron os seus ideais humanitarios, poñendo en perigo as súas vidas, ante o avance gangrenoso do totalitarismo nazi no mundo dos anos 40 do século pasado”.

narrativa

histórica




AVILÉS DE TARAMANCOS.
Un francotirador da fermosura

Autor: **Aurora Marco**
438 páx. (150x235 mm.)
ISBN: 84-95622-84-X

PVP: **17 €**



A lenda que se teceu arredor do poeta de Taramancos encubriu a importancia da súa obra no panorama da literatura galega do século XX. Por encima desa vida azarosa, inzada de episodios e anécdotas, que se recuperan nesta biografía, está a personalidade dun home sensible, rebelde, comprometido coa súa terra e coa súa lingua, e autor dunha excelente obra poética. Ao longo de 300 páxinas reconstrúese a vida, non só do escritor, e do ser humano, coas súas luces e sombras. E faise coa axuda de valiosísimos e fidedignos testemuños orais e escritos, de fontes documentais, en grande parte inéditas, e da correspondencia persoal. Inclúese asimismo abundante material gráfico, en moitos casos inédito.




RAMIRO PAZ CARBAJAL. 1891-1936.
Unha vida segada pola barbarie. Nº 1

Autor: **Aurora Marco**
216 páx. (150x235 mm.)
ISBN: 84-96259-03-X

PVP: **12 €**



Na Pontevedra das primeiras décadas do século XX salientou a figura de Ramiro Paz Carbajal, un socialista curtido nas lides societarias que contribuíu a engrandecer a organización obreira local. Na súa curta vida desenvolveu unha intensa e frutífera actividade en prol da xustiza, da liberdade, da igualdade, da mellora das condicións de vida dos traballadores. A autoridade moral que lle conferiu a dedicación a estas causas nos medios obreiros e socialistas, púxose de manifesto nos numerosos cargos que desempeñou, a nivel sindical e político, e na dirección de tres semanarios obreiro-socialistas.



XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ «XOCAS».
1907-1989.

Unha vida dedicada á Nosa Cultura. Nº 2

Autor: **Clodio González Pérez**
310 páx. (150x235 mm.)
ISBN: 84-96259-08-0

PVP: **14 €**



Biografía do homenaxeado no 2004 coa festividade das Letras Galegas. Trátase dunha achega feita desde o coñecemento da vida e da obra e tamén desde a admiración do autor deste traballo, que o coñeceu na súa faceta de estudioso da nosa etnoloxía, canalizada a través de institucións como, por exemplo, o Museo do Pobo Galego. Xaquín Lorenzo Fernández fixo sempre gala dunha curiosidade intelectual multidisciplinar pero foi ante todo un investigador incansable da nosa Etnografía e Arqueoloxía, aparecendo sempre asociado a proxectos como a *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo, para a que elabora o vol. II, titulado «Etnografía. Cultura material».



A CONSTITUCIÓN DA IRLANDA
CONTEMPORÁNEA.
Días de guerrilla en Irlanda. Nº 3

Autor: **Tom Barry**
256 páx. (150x235 mm.)
ISBN: 84-96259-29-3

PVP: **13 €**



Nesta obra, unha das clásicas da Guerra da Independencia desde a súa primeira edición en 1949, Tom Barry describe o escenario da West Cork Flying Column –comandada por el–, o seu adestramento e o seu plan de campaña. As Flying Columns eran pequenos grupos de voluntarios especializados, severamente dirixidos, adestrados e disciplinados. En movemento permanente, o seu principal obxectivo era simplemente existir para bater cando as condicións fosen favorables, evitar o desastre a toda costa.



ÁUREA LORENZO ABEIJÓN. QUEIXAS. Nº 4

Autor: **Aurora Marco**
95 páx. (150x235 mm.)
ISBN: 84-96259-41-2

PVP: **10 €**



A profesora e investigadora Aurora Marco, comprometida co rescate da memoria histórica e cultural do traballo intelectual das mulleres, preséntanos este percorrido pola vida e obra da escritora Áurea Lorenzo Abeijón. Esta muller, natural de Porto do Son emigrada a Arxentina, pasa por ser unha das primeiras voces da poesía galega despois da guerra civil, co libro *Queixas* (Buenos Aires, 1943). Así pois, acompañando as notas biográficas, e os anexos epistolar e fotográfico, Aurora Marco preparou unha nova edición deste poemario.



COLÓN, GALEGO.
O almirante das mil facianas. Nº 5

Autor: **Alfonso Philippot Abeledo**
136 páx. (150x235 mm.)
ISBN: 84-96259-36-6

PVP: **11,50 €**



Durante os últimos cen anos alcanzáronse resultados espectaculares encol da tese que defende a nacionalidade galega como propia de Colón. Primeiro catalogáronse máis de 300 vocablos galegos empregados polo almirante nos seus escritos autobiográficos. Segundo reuniuse unha colección de 30 documentos orixinais, a través dos cales se demostra que os Colón pontevedreses –establecidos na Moureira e en Porto Santo– son o tronco e a raíz dos duques de Veragua. O traballo de Alfonso Philippot é unha obra suxestiva e desbordante de documentación para o lector curioso.



ROMÁN MARTÍNEZ DE MONTAOS Un facendista galego do século XIX. Nº 6

Autor: **Fernando López Castellano** e **Clodio González Pérez**

120 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 84-96673-05-7

PVP: **11 €**


Versión en galego e castelán



Dous son os propósitos que pretenden os autores deste libro:

O primeiro, rescatar do esquecemento a un experto nas finanzas, cuxas concepcións políticas e económicas conforman a mellor expresión do liberalismo de signo progresista da primeira metade do século XIX.

O segundo, recuperar para a historia de Galiza a un ilustre personaxe, cuxa biografía non figura en ningunha das enciclopedias e estudos sobre economistas galegos publicados até a data; até agora o coñecemento da súa vida limitábase case exclusivamente a que foi deputado pola provincia de Pontevedra na lexislatura de 1841-1842. Por primeira vez demostrase que é galego, natural da vila de Porto do Son (A Coruña), e que faleceu en Vigo no ano 1856.



A PATRIA DE COLÓN. Nº 7

Autor: **Celso García de la Riega**

190 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 978-84-96673-35-9

PVP: **13 €**



Pontevedra conta con dous factores vantaxosos para ser a patria de Colón: que no século XV había veciños con ese apelido, e que contaba con embarcacións que facían a ruta do norte ata Inglaterra e Flandes, e a do sur ata a illa de Sicilia. O autor baseándose nos documentos descubertos ata entón nos que figura o apelido Colón, chega á conclusión de que é o descubridor de América puido nacer en Pontevedra no ano 1436 ou 1437.



XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ. Nº 8

Autor: **Clodio González Pérez**

181 páx. (150x235 mm.)


ISBN: 978-84-96673-36-6

PVP: **12 €**



Poeta, novelista, historiador, arqueólogo, erudito, editor... A súa obra constitúe unha extraordinaria achega ao Desenvolvemento da nosa cultura ao longo da segunda metade do século XX. Humilde, afable, traballador, disposto sempre a axudar en todo canto el consideraba bo para Galiza: o centro xeométrico do meu horizonte.

Letras Galegas 2008.



LA GALLEGA. Nave capitá de Colón. Nº 9

Autor: **Celso García de la Riega**

112 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 978-84-96673-42-7

PVP: **12 €**



Gonzalo Fernández de Oviedo (1478-1557), contemporáneo de Colón e Cronista de Indias, afirma cá carabela Santa María antes de levar este nome era coñecida por La Gallega. Varios séculos máis tarde, o sabio bieito frei Martín Sarmiento coida que ata é verosímil saíse dos estaleiros de Pontevedra, atendendo á próspera situación marítima de que gozaba esta poboación no século XV.

García De la Riega pretende con este libro, baseándose en documentos da época e nas publicacións referidas ao descubrimento de América, demostrar cá Santa María se construíu nos estaleiros da ría pontevedresa, daquela con capacidade para facer as embarcacións que dende moito antes sucaban o océano Atlántico ata Inglaterra e os Países Baixos, e o Mediterráneo ata Nápoles, Xénova...



DE SIMÓN A RATZINGER. Nº 10

Autor: **Xosé Agreló Hermo**

232 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 978-84-96673-56-4

PVP: **13 €**



O interminábel devalar da Igrexa católica non se entende sen unha estruturação ferreamente xerárquica, na que a figura do pontifex maximus é o gromo de aceiro que a sostén, por moito de que se fale de primus inter pares ou de servus servorum Dei. O papado, cos seus altos e baixos, aglutina ao seu redor todo un entramado de intelixencias e fidelidades que se transmite á masa dos crentes, ao tempo que vela pola ortodoxia do dogma e polo cumprimento da moral. Neste libro trázase unha historia do papado onde se tentan amosaras súas contradicións, os seus feitos heroicos e as súas accións indignas, sempre na procura dunha Igrexa poderosa e opulenta para maior honra e gloria de Deus Todopoderoso.



JOSÉ RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. Motores Ayón. Nº 11

Autor: **José Rodríguez Insua**


104 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 978-84-96673-60-1

PVP: **9 €**



"Inicie a aprendizaxe como mecánico en 1928, tiña eu catorce anos; (...) A partir desta data estiven ao cargo dunha empresa de transportes con gasóxeos, en concepto de mecánico da mesma. No 1945 establecínme como industrial mecánico cun taller para reparacións xerais; no 1952 xurdiume a idea de fabricar un motor Diesel mariño. Realizada a proba satisfactoriamente enfoquei a construción en serie destes motores diversificando potencias e sinalándoos coa marca "Ayón" que significa "Noia", lido ao revés, en cuxa actividade estiven traballando ata o ano 1984". Estas palabras de Jesús Rodríguez Fernández resumen a vida dun home caracterizado pola súa tenacidade e a súa profesionalidade. Unha vida que descubrimos neste libro grazas á emocionada lembranza do seu fillo.



UXÍO NOVONEYRA HOME E TERRA. Nº 12

Autor: **Xosé Lois García**

220 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 978-84-92792-35-1

PVP: **15 €**



“Eu sempre pensei que Xosé Lois caíu enrodelado desdentre as follas dalgúns dos libros da narrativa rusa que meu pai deixou nos estantes da casa, dende Chejov, Gogol, Tolstoi ou Dostoievski, para acabar sentado nun sillón do salón, escudriñando algo novo no que sempre estivo.”

(...)

“Nesta obra volta a testemuñar a meu pai con outra visita, como sempre termando eidos onde ou non foi ninguén ou non profundizou onde Xosé Lois teima. A mesma comeza coa poética colectiva acada en homenaxe a súa testemuña polos que seguen a devalar no “alto destiño”, o estudo dos elementos vivos como imaxinario simbólico en Os Eidos, o corpo de artigos de divulgación e investigación das diferentes dimensións da biografía e obra; e o corpus poético feito por Xosé Lois en homenaxe.”

Do prólogo de Uxío Novoneyra Rei.



MANUEL MARÍA. REENCONTRADO. Nº 13

Autor: **Xosé Lois García**

350 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 978-84-944314-2-5


PVP: **20 €**



En “Manuel María Reencontrado” configúranse dous apartados que determinan varios temas sobre o noso poeta. A primeira parte trata sobre a presenza de Manuel María na Ribeira Sacra, na que marcan diversos roteiros e opinións sobre este amplo ente espacial. A súa presenza polas terras de Lemos, Quiroga, Chantada e Cataluña ten neste libro un activo substanciosos para comprender ao noso poeta en seu activo percorrer e a súa autorizada opinión. Neste apartado, tamén figura a crenza que el manifestou en varias termos e ocasións.

Na segunda parte deste libro, reeditáanse varios títulos de achegas á obra do noso poeta. Consideramos que o andar e ver de Manuel María, apórtanos unha extraordinaria visualización sobre a búsqueda de diversas temas e reflexións que colocan a Manuel María como un dos nosos grandes intelectuais de imprescindible reencontro.





O CABALEIRO DAS BOTAS AZUIS. Nº 1

Autor: **Rosalía de Castro**
254 páx. (110x165 mm.)
ISBN: 84-95622-13-0

PVP: **11 €**



A moral que preside a novela está arroupada por unha filosofía típica dos contos da tradición europea como os dos Anderssen, Perrault ou Hoffmann e mesmo toda esa colección de fábulas representada na dos ratos que pensan pórle o cascabel ó gato. O gato son todos aqueles fachendosos que se cren mellores que ningún e que son escarnecidos por un simple home ao que odian e admiran á vez. Eles mesmos son os que se arrepían do ruído que fan os cascabeis sen decatarse de os levar pendurados do pescozo. O día despois é como un soño, o rumor espállase e todos esperan volver ver ao Duque, o cabaleiro das botas azuis xa non está, deixou algo máis importante, unha valiosa mensaxe.



OS PAZOS DE ULLOA. Nº 2

Autor: **Emilia Pardo Bazán**
274 páx. (110x165 mm.)
ISBN: 84-95622-19-X


PVP: **12 €**



A través de trinta capítulos de diferente extensión paséanos dona Emilia Pardo Bazán pola paisaxe e a degradación dos personaxes de dúas Galizas en loita.

O mundo do rural dos Pazos de Ulloa condicionado polos caciques e os señores feudais que exercen o poder, e o da cidade, habitada polos señoritos e as señoritas que teñen como último fin a aparencia social.

Como pano de fondo aparecen ao longo de todo o libro os espazos naturais con descrições paisaxísticas moi frecuentes e extensas.



A FILLA DO MAR. Nº 3

Autor: **Rosalía de Castro**
194 páx. (110x165 mm.)
ISBN: 84-95622-33-5

PVP: **11 €**



Rosalía de Castro demostra nesta novela a súa capacidade para ultradimensionar a natureza elevándoa ao grao de eternidade recurrido, para iso, ás propiedades paisaxísticas dunha comarca galega, terras de Fisterra e Muxía que, como di nunha crítica Francisco Rodríguez, son «dignas de seren cantadas polo «máis grande poeta de Europa, Byron, ou descritas por Hoffman».



VIAXE A GALICIA 1745. Nº 4

Autor: **Frei Martín Sarmiento**
286 páx. (110x165 mm.)
ISBN: 84-95622-34-3

PVP: **13 €**



Vivir a realidade fisicamente, lonxe das referencias alleas de libros que lle enchán a mente na súa cela madrileña, é o que leva a Sarmiento a facer a súa viaxe por Galiza. A obra é un documento de época interesantísimo marcado polos desexos que agromaban no seu coñecemento. O espírito ilustrado, contemporáneo ao dunha Europa próxima a se revolucionar, lévaa a fixar todo canto chega aos seus oídos, todo o que se filtra polo seu ollar escrutador. O libro convértese nunha pequena enciclopedia sobre a Galiza do XVIII, con enumeración de vilas, ríos e todo tipo de accidentes xeográficos, de vexetais e de etnografía.




O ESPERTAR. Nº 5

Autor: **Kate Chopin**
216 páx. (110x165 mm.)
ISBN: 84-95622-56-4

PVP: **11 €**



Cando abrimos «The Awakening», simplemente, espertamos a unha realidade que nos trae o cálido ambiente da Luisiana de fins do XIX, mergulladas no puritanismo dunha sociedade que reprime o papel da muller até convertila en obxecto, e non suxeito, evadida de calquera tipo de sensualidade, activa ou pasiva. Kate Chopin, posuída pola personalidade literaria de Maupassant, danando as estruturas da moral dominante no cotián, e no literario, a prevalente «Genteel Tradition», fala do real nesa sociedade crioula e dun aspecto nuclear, o espertar da muller. A obra foi un dos iconos do movemento feminista na pasada década dos 60.



A MÁQUINA DO TEMPO. Nº 6

Autor: **Herbert George Wells**
122 páx. (110x165 mm.)
ISBN: 84-95622-72-6

PVP: **10 €**



Interesante proposta acomodada a unha viaxe ao futuro que abre a porta á literatura fantástica. É a primeira tradución feita ao galego desta obra que marcou un fito na Historia da Literatura cun trasfondo filosófico importante, a responsabilidade dos homes a respecto do que vai vir, o home fronte aos medos, mostra do pesimismo que será unha das constantes no pensamento de Wells.



DE VILLAHERMOSA Á CHINA. Nº 7

Autor: **Nicomedes Pastor Díaz**

428 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-95622-92-0

PVP: **14 €**



De Villahermosa a la China publicouse integramente en 1858 e foi moi debatida e escandalosa na época. Considérase unha novela caracteristicamente romántica polos amores imposibles, personaxes alucinados, fuxidas buscando a liberdade, o suicidio... Todo o libro está impregnado de tinguiduras autobiográficas e digresións do autor, galego de orixe, que publicou case toda a súa obra en castelán.



OS CRIMES DO AMOR. Nº 10

Autor: **Marqués de Sade**

144 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-96259-89-7

PVP: **10 €**



Fabulosa tradución da obra do Marqués de Sade na que elixe evocar os seus crimes: o amor convertido en paixón queima todo. A paixón de Sade nestas novelas é unha paixón incestuosa. A desgrazada Florville, despois de ser seducida polo seu irmán, será amada polo seu propio fillo e desposada co seu pai. O incesto é tamén a polémica por excelencia. O Marqués de Sade é un revolucionario que renega da orde social e relixiosa do século XVIII. O estilo das novelas é admirábel. A acción é axitada e tormentosa. Sade pon ao espido con talento os clarosculos de cada ser.



A DAMA DAS CAMELIAS. Nº 8

Autor: **Alexandre Dumas**

244 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-96259-46-3

PVP: **13 €**



Esta novela, da que Alexandre Dumas fillo fixo un drama, está inspirada na existencia auténtica de Marie Dupleiss. Marabillosamente fermosa e intelixente, esta cortesía foi adorada por todo París e mesmo polo autor. Verdi fixo deste drama unha ópera sublime, *La Traviata*, que Franco Zeffirelli veu representar con grande arte.



ODISEA. Nº 11

Autor: **Homero**


360 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 978-84-96673-29-8

PVP: **13 €**



Este clásico e claro referente da literatura universal, que se orixina moitos séculos antes da nosa era, é unha epopea que, ao igual que todas, ten a finalidade de ser declamada ante un público. A súa autoría é atribuída ao poeta e rapsoda grego Homero. O texto que o lector ten entre as mans, conservado e estandarizado dende tempo inmemorial para o noso goce, relata as innumerables peripecias, desventuras e andanzas que sofre o protagonista deste poema épico, Ulises, para regresar á súa patria, Itaca, despois de combater na guerra de Troia.



BOUVAR D E PÉCUCHE T. Nº 9

Autor: **Gustave Flaubert**

320 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-96259-82-X

PVP: **14 €**



Bouvard e Pecuchet son dous homes mediocres que se deixan arrastrar ás miles variadas disciplinas do saber, sen chegar a entender nada da arte nin da ciencia. Para moitos este libro é a metáfora da estupidez humana. Como se fosen dous filósofos, o autor preséntanos a dúas almas xemelgas que buscan o retiro do campo e gastan os seus días na tentativa de sabelo todo. Neste delirio poden lembrarnos (e aquí habería algo de parodia) á coñecida meticulosidade do propio Flaubert no proceso de escritura dos seus libros. De feito, para redactar a novela que presentamos, leu centos de tratados de manuais de divulgación científica. Publicouse postumamente en 1881 e entre as notas do autor quedara escrito o destino que os personaxes escollerían despois de renunciar ao coñecemento: retomar o seu antigo oficio de copistas.



A CURMÁ BETTE. Nº 12

Autor: **Honoré de Balzac**

496 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-96259-90-8

PVP: **15 €**



A curmá Bette englóbase dentro do ciclo da Comedia Humana de Honoré de Balzac (1799-1850), un conxunto de historias conectadas entre si que tratan de retratar a burguesía francesa dende a Restauración Borbónica ata a Monarquía de Xulio. Nesta obra a protagonista tenta conseguir o amor dun aristócrata e saír da súa miseria; ao seren rexeitada, tramará un plan para vingarse. Ana Galego Gen (Ferrol, 1970), tradutora do libro, tamén verteu ao galego dentro desta mesma colección a novela *Bouvard e Pécuchet* de Gustave Flaubert.



O DIAÑO TAMÉN SORRÍ. Nº 13

Autor: **José Braga-Amaral**

152 páx. (150x235 mm.)

ISBN: 978-84-92792-00-9

PVP: **11 €**



José Braga Amaral (Paranhos, Porto, 1959) preséntanos unha historia decadentista e depravada na que se mesturan un proceso de corrupción política co mundo dos medios de comunicación e da prostitución. A obra foi publicada por primeira vez en Portugal no ano 2004 co título O diabo também sorri!

○ escritor Francisco X. Fernández Naval realizou a tradución ao galego.



COSTUMES GALEGOS E OUTROS TEXTOS. Nº 14

Autor: **Rosalía de Castro**


86 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-86-3

PVP: **10 €**



Esta edición presenta, en tradución ao galego, e por orde cronolóxica, a narrativa breve de Rosalía de Castro. Unha obra prosística que cadra moito máis coa idea que a crítica posterior reivindica para a escritora. As súas novelas, así como os seus artigos, da man sempre da súa obra en verso, mostran unha Rosalía instruída, forte e reivindicativa que, sen resignarse, crítica e loita polas inxustizas sociais e rebélase contra a orde establecida. A crítica á sociedade patriarcal que non a deixa expresarse, nin ser libre polo feito de ser muller é o tema de fondo de Lieders (1858) e Carta a Eduarda (1866). A preocupación por Galicia, abocada a unha situación de marginalidade política e social levan a Rosalía a escribir artigos como Costumes galegos (1881) ou Padrón e as inundacións (1881).



A TRIBUNA. Nº 15

Autor: **Emilia Pardo Bazán**

243 páx. (110x165 mm.)


ISBN: 978-84-15400-01-1

PVP: **13 €**



Esta novela non se limita á mera caracterización das clases sociais, senón que a súa trama baséase en acontecementos históricos centrados no personaxe feminino da Tribuna, quen une a loita obreira e instrúe ás operarias da Fábrica de Tabacos. A Tribuna constitúe unha metáfora da cidade da Coruña e unha homenaxe á muller traballadora. Cre dona Emilia no poder da educación coma sinónimo de evolución, polo que antes de criticar a pluma da Pardo Bazán deberíamos ler primeiro a súa obra. Gocemos dunha novela excepcional e deixemos os xuízos para outra ocasión.



**XESÚS FERRO COUSELO**Autor: **Clodio González Pérez**

46 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-89129-19-3

PVP: **10 €**

O autor ofrécelle ao lector nas páxinas deste breve volume, unha cumprida visión da figura e da obra de Xesús Ferro. Co rigor que lle é característico, amosa a biografía en termos sucintamente reveladores. E a seguido, a totalidade da súa bibliografía, ordenada cronoloxicamente.

**ROBERTO BLANCO TORRES. Nº 3**Autor: **Clodio González Pérez**

144 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-89129-22-3

PVP: **9 €**

Biografía do xornalista Roberto Blanco Torres, ese home que sempre se considerou ceibe para expresar aquilo que, baixo a súa óptica, máis conviña para Galiza ou para acadar os dereitos e liberdades que, como seres humanos, lles corresponden a todo home e muller.

Complementábase cunha breve escolma de poemas e artigos, entre os moitos que hai ciscados por diferentes publicacións periódicas.

**MEENDIÑO, MARTÍN CÓDAX, XOÁN DE CANGAS. Nº 1**Autor: **Clodio González Pérez**

100 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-89129-42-8

PVP: **11 €**

Co gallo do día das Letras Galegas de 1998, Clodio González Pérez fai un percorrido pola lírica galego-portuguesa medieval, estudia con detalle a obra dos tres trobadores do mar de Vigo: Meendiño, Martín Códax e Xoán de Cangas, e finalmente, apórtanos unha bibliografía suficientemente ampla para que o lector poida aprofundar, se o desexa, no estudo da nosa lírica da Idade Media.

**ANXO SENRA FERNÁNDEZ. Nº 4**Autor: **Carlos Pereira Martínez**

100 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-89129-75-4

PVP: **9 €**

Desde as súas orixes humildes en Noia, Anxo Senra Fernández chegaría a erguer, na cidade de A Coruña, a máis importante fábrica de calzados de España da súa época, ser o primeiro alcalde de A Coruña da Segunda República e formar parte das directivas de corporacións como a Cámara de Comercio, Industria e Navegación. Empresario con sensibilidade social, democrata e republicano, a perseverancia, a tenacidade, a modestia e a honradez foron os fachos que guiaron a súa vida.

**MANUEL MURGUÍA. Nº 2**Autor: **Francisco Antonio Vidal**

48 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-89129-43-6

PVP: **8 €**

Versión en galego e castelán



Don Manuel Murguía, figura fundamental do Rexurdimento da Cultura Galega, tivo unha vida intensa e longa, dedicada a abrir os cofres da nosa historia. El entrou aos arquivos e remexeu nos andeis, escoitou as lendas e defendeu o ideario do galeguismo, animou aos escritores e poetas do seu tempo para que escribisen en galego, e que divulgasen na súa obra a idea dunha nación chamada Galiza, liderando ás principais figuras e movementos culturais do seu tempo.

**ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Nº 5**Autor: **Clodio González Pérez**


136 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-95622-03-3

PVP: **10 €**

Vida e obra deste interesantísimo autor, inspirado poeta e extraordinario apañador de palabras a quen se lle dedica o día das Letras de 2001.

«Naceu no propio corazón do Ribeiro, por eso para el a terra, os labores do campo, os arredos da esfarma das cepas e das adegas cando ferve o viño novo, as festas e as romarías, as xentes traballadoras, a redención da Galicia pobre e emigrante... serán os temas sobranceiros dos seus poemas».


**ÁLVARO DE LAS CASAS. Nº 6**Autor: **Francisco Abeijón Núñez**

84 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-95622-22-X

PVP: **8 €**

Biografía sobre este ourensán de recoñecida dimensión intelectual e política para a sociedade galega. Abeijón discurre pola vida de Álvaro de las Casas mostrándonos a súa capacidade para facer cousas, para crear ambientes, para loitar por causas, integrando no traballo un conxunto de poemas e de material recollido polo que fora fundador e ideólogo de Ultraya, aquel grupo de mozos prosélitos, ao amparo do Instituto de Estudos Galegos, bebendo das fontes da Nova Europa, a principios dos trinta.


**AVILÉS DE TARAMANCO. Nº 9**Autor: **Xosé Agrelo Hermo**

80 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-95622-74-2

PVP: **9 €**

Este libro apórtanos información de primeira man para achegármonos ao poeta homenaxeado co Día das Letras Galegas de 2003. Desde a infancia en Noia ata a última fuxida, vida e obra aparecen entretecidas, a imitación da realidade, pois así o requiren as venturas, aventuras e desventuras de Avilés de Taramancos para seren contadas. Sen dúbida, poderá esta lectura brindarnos ou unha grata descuberta ou o conforto da memoria.


**XOSÉ CRECENTE VEGA. Nº 7**Autor: **Félix Villares Mouteira**

62 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-95622-38-6

PVP: **8 €**

Villares Mouteira, xunto a Ricardo Polín (prologuista), é a persoa máis capacitada para facer unha biografía dun dos personaxes máis importantes da chamada *Escola poética do Seminario de Mondoñedo*. Crecente Vega, aínda, é o poeta chairego por excelencia, en propias palabras de Manuel María, cunha poesía chea de humanismo e de franciscanismo. Na obra recóllense varias escenas da súa vida, incorpóranse poemas, algún deles inédito, e desvélese toda a bibliografía existente do autor, e sobre o autor.


**ALEJANDRO RODRÍGUEZ CADARSO. Nº 10**Autor: **Xosé Agrelo Hermo**

88 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 84-96259-22-6

PVP: **9 €**

Unha vez máis, Pepe Agrelo descúbrenos un personaxe noiés universal. Trátase do que foi reitor da Universidade de Compostela no primeiro tercio do século XX. A presenza e representación como deputado pola O.R.G.A., o seu traballo intelectual, a súa vocación médica aparecen no texto de Agrelo. Cómpre salientar a fermosa introdución do Pedro García, na que se deixa ver a paixase e a xeografía noiés da época.

**FREI MARTÍN SARMIENTO Nº 8**Autores: **Isidro García Tato**e **Ana Mª Suárez Piñeiro**

90 páx. (110x165 mm.)


ISBN: 84-95622-39-4

PVP: **8 €**

Versión en galego e castelán



O ano 2002 vén de ser declarado como o de Martín Sarmiento. Dous membros do Instituto homónimo, quen mellor ca eles, elaboran un precioso traballo no que se mostra o espírito ilustrado deste intelectual do século XVIII. Sarmiento era un home que apaixonado polo coñecemento, procurábalos en calquera lugar, na natureza, no estudio do home, na análise da lingua, na reflexión profunda da súa cela, caracterizándose tamén por ser ese erudito que sempre tivo a Galiza como un dos seus referentes primordiais.


**NOVONEYRA: UN CANTOR DO COUREL A COMPOSTELA. O poeta nos lugares dos seus libros. Nº 11**Autor: **Carmen Blanco**

208 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-39-9

PVP: **11 €**

Este Novoneyra, un cantor do Courel a Compostela quere ir máis alá das obras e estudos anteriores sobre o autor. Carmen Blanco trata de "trazar o entrelazo trazo do polo poeta". As liñas das súas rutas, arrodéos e desvíos. Seguíuno no trazo do labirinto das idas e voltas dos seus libros desde os seus lugares. Queda trazado un eco do cantor do Courel a Compostela para perderse na poesía dos seus libros.



**O NEGRO LEITE DA AURORA. VIAXE Á
XEOGRAFÍA LÍRICA DE LOIS PEREIRO. Nº 12**

Autor: **J. Luís Calvo e Carlos Gegúndez López**

258 páx. (110x165 mm.)


ISBN: 978-84-92792-80-1

PVP: **13 €**



*Unha mestura perfecta da súa actitude ante a vida:
a elegancia do dandy e a capacidade de situarse sen
complexos no seu tempo.*

Do limiar de Xosé Manuel Pereiro



**OS PERFÍS GALEGOS DE CARMEN MARTÍN
GAITE. Nº 13**

Autor: **David González Couso**

144 páx. (110x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-90-0

PVP: **10 €**



O libro que agora se presenta, vertido nun idioma plenamente acorde co seu contido, brinda ao lector as pautas axeitadas para mergullarse en dous textos literarios conectados entre si, dos que ademais irradian liñas interpretativas extensibles ao conxunto da obra de Carmen Martín Gaité. Calquera aproximación a Las ataduras (1959) e a El pastel del diablo (1985) deberá contar con estas reflexións que nos axudan a entendela e a coñecer mellor á súa autora.

Soledad Pérez-Abadín Barro

FASQUÍA



A FELIGRESÍA DE SANTA MARIÑA DO OBRE. Nº 1


Autores: **Manuel Fabeiro Gómez**
e **Mercedes Fabeiro Gómez**

42 páx. (170x240 mm.)

PVP: 9 €

É este un traballo no que os autores fan un repaso rápido, pero intenso, da historia e a xeografía dunha parroquia situada entre o rural e o vilego, dende a época castrexa ata a actualidade con documentación fotográfica e documental moi interesantes. Destaca o estudo dos seis pazos da freguesía que demostra o potencial económico e social desa comunidade.

Este libro é unha proba de que a investigación da historia das nosas pequenas vilas e parroquias é elemento imprescindible para a análise e posterior entendemento da grande Historia de Galicia.



CANDEIA 70 (Tres pezas de teatro). Nº 2


Autor: **Xosé Agreló Hermo**

74 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-404-4419-2

PVP: 8 €

O grupo de teatro «Candeia» de Noia naceu no ano 1973 coa fin de facer teatro popular galego e en galego, para levalo a pobos e aldeas, a fábricas e a campos de festa, colaborando, dese xeito, co grande movemento cultural e político que se estaba a desenvolver na nosa terra. Corrían tempos difíciles e as asociacións culturais, que proliferan por todos os currunchos, demandaban e organizaban actividades que crearan na xente conciencia de pobo.



POESÍAS EN GALEGO. FRANCISCO AÑÓN PAZ. Nº 3

Autor: **Fernando Bel Ortega**


66 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-404-4418-4

ESGOTADO

Pasado un século desde que D. Andrés Martínez Salazar editara na «Biblioteca Gallega» as POESÍAS de FRANCISCO AÑÓN PAZ en 1889, e tendo en conta que todas as coleccións que da obra se fixeron están esgotadas desde hai tempo, pensamos que é motivo máis que xustifico sacar á luz, con afán divulgativo, a poesía en galego deste Precursor, un tanto descoñecido por todos. Quizais proximamente se publique a súa obra completa.

Os textos preséntanse en galego normativizado, respetando ao máximo a creación do autor.



O XOGO DRAMÁTICO (de, con, por, para nenos). Nº 4

Autor: **Xosé Agreló Hermo**


46 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-404-8560-3

PVP: 8 €

Esta obra vai dirixida fundamentalmente a todos aqueles educadores que teñen ganas de facer teatro na escola e non posúen coñecementos nin medios. Para axudar ao seu labor ofrécenselle tres experiencias xa realizadas. Son as seguintes:

- Adaptación dun conto, sen texto teatral e con música de fondo para axudar á mímica.
- Un xogo dramático feito sobre algúns poemas elexidos facendo estrutura teatral, tamén con música exclusivamente aínda que, neste caso, a música ten o soporte do texto literario.
- Unha peza infantil con texto.



A CULTURA CASTREXA NOS CONCELLOS DE OUTES, MUROS E CARNOTA. Nº 5

Autor: **Xerardo Agrafoxo Pérez**

82 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-404-8580-8

PVP: 8 €

A través dunha análise ecolóxica-espacial da realidade xeográfica dos concellos de Outes, Muros e Carnota e dos diferentes tipos de emprazamentos castrexos, demostrárase como os vales, por mor de presentar unhas condicións apropiadas para a economía dun grupo humano, constituíron uns territorios modelo para a distribución intensiva do poboamento castrexo. Mentres que os cumes montañosos ou serras, polas súas condicións desfavorables para soportar unha demografía alta, se constituíron en emprazamentos atípicos cunha distribución poboacional castrexa discordante e dispersa.



FUXIDA NO SOLPOR E DOCE POEMAS. Nº 6

Autor: **Xoán F. García Suárez**


36 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-87848-07-9

PVP: 6 €

A arte dos poetas –na súa xénese e posterior cultivo– consiste simplemente nunha visión propia e distinta do mundo que os rodea. O poeta ve alén dos obxectos, traspasa o tempo e o espazo, é hipersensible aos sentimentos e profunda nos espíritos, sempre coa palabra como única ferramenta dócil e fermosa. Por iso vive nun mundo envolvido nunha aureola, mestura de luces e tebras.

Fuxida no solpor e doce poemas conseguiu o primeiro premio no VIII Certame de Poesía «Domingo Antonio de Andrade» de Cee no ano 1993.



A FREGUESÍA DE SANTA CRISTINA DE BARRO. Nº 7

Autor: **Xosé Agrelo Hermo**
50 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 84-89129-21-5

PVP: **7 €**



É esta unha nova entrega da colección Cadernos do Cruceiro do Rego no seu apartado de «Monografías de Noia»: O autor pretende darnos unha visión rápida e necesariamente breve polas características da Colección, da parroquia de Santa Cristina de Barro, sen que perda intensidade e rigorosidade no estudo histórico da mesma.

Aínda que con estilo propio, este caderno continúa o traballo presentado e ofrecido ó público co número 1 desta Colección polo inesquecible autor Manuel Fabeiro Gómez co título de *A feligresía de Santa Mariña do Obre*.



MANUEL MURGUÍA. Textos en galego. Nº 10.

Autor: **Francisco Antonio Vidal**
54 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 84-89129-78-9

PVP: **7 €**



A demora en outorgarlle a Murguía un Día das Letras foi, segundo se dicía, debido unicamente á escaseza de obra que tiña escrito en galego. Pero se ben esta é escasa, debemos ter en conta o significado da mesma, por prematura e innovadora na exposición de ideas unhas veces, e sempre por reivindicativa e de exaltación do noso idioma.



OS DÍAS CON LARA. Nº 8

Autor: **Maxi Olariaga**
48 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 84-89129-50-9

PVP: **7 €**



O autor, intensamente namorado do Amor, compón unha breve sinfonía de extrema sensualidade que vai «in crescendo» ata rematar cun trágico final de paixón e sangue. Unha musicalidade sinxela e profunda domina toda a obra que formalmente aparece en verso e prosa, dous xeitos diferentes de comunicación pero un só obxectivo: a poesía amorosa máis elevada.




A FREGUESÍA DE SANTA MARIÑA DE ESTEIRO. Nº 11

Autores: **Xosé Agrelo Hermo e Francisco Abeijón Núñez**
68 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 84-96259-31-5

ESGOTADO



Este traballo está na liña dos xa publicados nesta mesma colección: *A feligresía de Santa Mariña do Obre* e *A freguesía de Santa Cristina de Barro*. Desta vez, os autores achégannos referencias máis destacables da freguesía de Santa Mariña de Esteiro, atendendo a datos xeográficos, históricos, arquitectónicos, toponímicos, festivos... O estudo do caso concreto dunha freguesía é unha boa maneira de profundizarmos no coñecemento desta clase de núcleos pobocionais tipicamente galegos.



ARTIGOS E POEMAS GALEGOS. Roberto Blanco Torres. Nº 9


Autor: **Clodio González Pérez**
94 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 84-89129-59-2

PVP: **8 €**



Unha antoloxía do escritor ao que se lle adican as Letras Galegas de 1999, de poemas e artigos escollidos entre a súa produción en galego, que, mentres en poesía é máis numerosa, en prosa acontece todo o contrario, pois a lingua española era –igual que hoxe en día– a única en moitos casos dos medios de comunicación.

Leva no remate un interesante apéndice documental.



A FREGUESÍA RURAL DE SANTA MARÍA DE BENDILLÓ. Nº 12

Autores: **Paulo Nogueira Santiago**
60 páx. (165x235 mm.)
ISBN: 978-84-15400-81-3

PVP: **8 €**



Dende a Prehistoria, pasando pola época romana e a medieval, ata a actualidade neste libro Paulo Nogueira Santiago indaga nas pegadas deixadas pola historia nesta zona. Boa parte desta obra apoíase documentalmente no *Catastro de Ensenada*, do ano 1752, que recolle que daquela en Bendilló había 54 casas, 25 adegas, 31 currais, 6 casas de sequeiro e 10 casas estaban en ruínas. Ademais na freguesía (que abrangue os lugares de Vilar de Mondelo, Bendilló e A Farrapa) había dous muiños farináneos de auga e dúas tabernas. Tamén incide na relación entre esta zona e as oliveiras. E entre os referentes patrimoniais froito dese devalar histórico resalta a igrexa de Santa María de Bendilló.



**A PARROQUIA DE ABANQUEIRO
NOS SEUS LIBROS DE REXISTRO
(SS. XVI Ó XIX). Nº 13**

Autor: **Juan Nepomuceno Suárez Lijó**

153 páx. (160x235 mm.)


ISBN: 9788412898613

PVP.: **18 €**



Juan Nepomuceno Suárez Lijó, naceu en Pasaia de S. Pedro (Guipúscoa) no 1954. Ós dezaseis anos trasladouse, xunto a súa familia, á parroquia de Abanqueiro, sita no concello de Boiro, onde nacera seu pai. Cursou bacharelato na Coruña e a carreira universitaria entre Santiago e Valladolid, licenciándose en Filosofía e Letras, coa especialidade de Historia Moderna, na Universidade de Valladolid. Dedicou a súa actividade laboral ó negocio familiar. Ó xubilarse, volveu retomar vellos traballos iniciados na súa época universitaria, dando, como resultado, este libro sobre a Parroquia de Abanqueiro. Tamén ten publicado un artigo titulado “A capela da nosa Sra. de Exipto no monte do Seán e Calvario”, no Anuario de Estudos do Barbanza, no 2021.





NOIA.
Xeografía Urbana e
Área de Influencia

Autor: **Pedro García Vidal**
256 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 84-404-4696-9

PVP: **14 €**



Este libro pretende ser unha aproximación cara o estudo dun núcleo urbano –Noia– rector dunha comarca denominada Ría de Muros e Noia e que se atopa situado nun banzo inferior ás grandes cidades de Galiza, e as variacións nel producidas nos últimos 50 anos.

Con esta perspectiva o traballo comeza polo estudo do medio físico comarcal, que pode achegarnos a unha mellor comprensión do empraçamento dos núcleos.

Nunha segunda parte será a compoñente humana da Vila, os seus moradores, o que interesa coñecer.



PÁXINAS HISTÓRICAS DE NOIA

Autor: **Manuel Fabeiro Gómez**
340 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 84-404-7101-7

PVP: **16 €**



Entrar neste libro é como entrar no sagrado, no íntimo dun pobo, e mais no íntimo dun home que vén facendo, pescudando, investigando, a historia deste pobo desde hai moitos anos, poñendo sempre, á parte dos seus coñecementos, algo do seu corazón e moito do seu amor polas nosas cousas, polas nosas pedras, polos nosos documentos que el conserva e preserva do paso do tempo e do paso doutras calamidades que regularmente os destruírían se non houbera esa man que os cuida e atesoura.



400 ANOS DA
HISTORIA DA VILA DE NOIA.
Dende a Idade Moderna
ata a Segunda República

Autor: **Xerardo Agrafoxo Pérez**
264 páx. (140x210 mm.)
ISBN: 84-505-9911-3

PVP: **14 €**



O domingo 12 de abril era o día sinalado para as eleccións municipais que darían un profundo cambio de rumbo na historia de Noia. Liberais, conservadores, socialistas e republicanos enfrontábanse nunha dura campaña electoral que selaría a morte dun réxime e daba paso a outro máis esperanzador pero de vida curta.

Só 5 anos máis tarde a vida destes contendentes na xornada do 12 de abril de 1931 sufrirá un angustiante e radical cambio. Coa fundación da Falanxe e o golpe de Estado do 36 a vila adentrábase nun dos seus momentos históricos máis arrepiantes.




REFACHOS DE HISTORIA
Noia: Literatura Artesanal

Autor: **Eduardo Ces Iglesias**
92 páx. (210x280 mm.)

ESGOTADO

Eduardo Ces Iglesias, o noiés de sorriso eterno, reencárnase neste libro para traer añoranzas a tódolos que sufrimos por Noia.

Amante dos praceres elementais, Eduardo Ces, disfrutaba coa pluma na man, escribindo crónicas entrañables para todos os xornais de Galiza, profundizando na historia do pobo noiés e convertindo en protagonista aos pequenos grandes homes da nosa vila que fixeron dela o que hoxe é.



EVOCAÇÕES
Noia: Literatura Artesanal

Autor: **Eduardo Ces Iglesias**
92 páx. (210x280 mm.)

ISBN: 84-87848-06-0

ESGOTADO



Eduardo Ces Iglesias, vive na súa prosa e fálanos coa súa voz e a súa palabra amiga nas páxinas primorosas dos seus libros, achéganos á súa aventura de soñar, convidanos a asomarnos con ilusión ao mundo dende o balcón privilexiado da Noia de soños tímidos de mar, de rúas estreitas, de encontros entrañables. Esta resurrección desexada e felizmente celebrada é o froito paciente de Julia, que soubo ordenar os escritos de seu pai para presentalos nunha nova forma de aproximación vital.



O HÁBITAT CASTREXO NO VAL DE
BARCALA, AMAÍA E O VAL DO DUBRA

Autor: **Xerardo Agrafoxo Pérez**
208 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-87848-02-8

PVP: **13 €**



O hábitat castrexo no Val de Barcala, Amaía e o Val do Dubra presenta, ademais dun interesante estudo dos asentamentos humanos da Idade do Ferro, un intento de dar resposta a determinados interrogantes que plantexa o mundo cultural castrexo. Foi o medio físico o principal condicionante á hora de erguer os poboados? Que tipo de vencellamento existe entre as acrópoles castrexas e a rede hidrográfica? Buscaron as comunidades castrexas un íntimo grao de conexión cos vales de apropiadas condicións agrolóxicas e bioclimáticas? Cal foi o patrón de empraçamento que determinou a distribución do poboadamento castrexo nestas tres comarcas?



SABER SER, SABER ESTAR **Normas, consellos e curiosidades**

Autor: **Luis Prego Carregal**

148 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-605-0429-8

PVP: **9,50 €**



Neste libro preséntanse un conxunto de normas, consellos e tamén algunhas curiosidades coas que se vai axudar ao lector a afrontar o vivir de cada día nas máis variadas situacións.

Conseguir unha relación máis humana e respectuosa, nunha sociedade que se move dentro dun clima de liberdade, é o obxectivo principal deste traballo.



A CARPINTERÍA DE RIBEIRA EN **PORTO DO SON**

Autor: **Manuel Mariño del Río**

80 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-87848-09-5

ESGOTADO



A través deste libro móstrárenos o traballo cotián dun artesán carpinteiro –Juan Tomé–, vendo como medra, paso a paso, caderna a caderna, un barco de pesca. Esta é unha experiencia que se nos antolla irrepitible, tanto por sentir diante dos ollos o decorrer de centos de anos de artesanía mariñeira, o paso de dúcias de barcos polo ronsel da historia, como pola inminencia da desaparición deste xeito –quixeramos dicir máis humano– de facer e vivir.



A INDUSTRIA DERIVADA DA PESCA NO **CONCELLO DE PORTO DO SON**

Autor: **Manuel Mariño del Río**


156 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-20-7

PVP: **9 €**



Este libro fai un percorrido polo mundo do mar nos portos sonenses. Nel o autor fai un percorrido dende os primeiros asentamentos da conserva nesta zona no século XVIII, ata os derradeiros días, xa entrado o século XX.



PÁXINAS HISTÓRICAS **DE MUROS**

Autor: **Manuel Fabeiro Gómez**

180 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-30-4

PVP: **14 €**



Este libro póstumo do infatigable investigador muradán e noiés de adopción Manuel Fabeiro Gómez, intenta achegarnos á Vila de Muros da segunda metade do século XVI coa rixidez histórica e a seriedade crítica que sempre caracterizaron aos numerosos traballos de investigación elaborados por este autor.



O ANTIGO PAZO DOS CAAMAÑO DE **NEBRA**

Autor: **Joaquín Torres del Río**

168 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-32-0

PVP: **12 €**



O pazo dos Caamaño de Nebra é a máis importante construción de tipo civil de Época Moderna que se conserva en todo o termo municipal, importante testemuño histórico, de grande transcendencia económico-social e artística. Os señores do Pazo tiveron protagonismo na Historia da Ría de Noia dende o primeiro tercio do século XVI ata os primeiros anos do século XIX. No catálogo do Colexio de Arquitectos de Galiza non hai capítulo para o único Pazo que representa ao Concello de Porto do Son. Isto confire aínda máis relevancia e carácter de oportunidade a esta documentadísima obra.



OS NOMES DA TERRA **Topónimos galegos**

Autor: **Fernando Cabeza Quiles**

478 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-97-5

PVP: **14 €**



Os topónimos ou nomes de lugar son ocultas e emocionantes mensaxes que nos deixaron os nosos devanceiros dende o ollo da prehistoria.

O profesor Fernando Cabeza Quiles, estudioso e divulgador da nosa toponimia dende hai anos, ofrécenos neste libro a orixe e o significado duns 2.000 destes nomes.

As súas explicacións vense completadas cunha ampla mostra fotográfica, onde aparecen de maneira nítida os detalles naturais aos que se refiren os topónimos.



A TOPONIMIA DO CONCELLO DE PORTO DO SON

Autor: **Joaquín Torres del Río**
126 páx. (140x210 mm.)
ISBN: 84-89129-12-6

PVP: **9 €**



A toponimia do Concello de Porto do Son, pretende proporcionar o significado de todas as parroquias e aldeas que aínda teñen xente nelas, dar a coñecer a súa hipótese sobre o étimo ou palabra orixinaria da que pode proceder o nome da vila e Porto do Son. Contén nunha liña cronolóxica os datos históricos dos que ata agora temos noticias, e tamén as distintas grafías da palabra Son ao longo da historia; esta xuntanza permite deducir que a pesar de que o Son tiña unhas raíces prerromanas, hai que esperar aos séculos XV e XVI para que se produza a transformación do que era unha pequena aldea nunha entidade de poboación de maior rango.



GALEGOS EN LAS ALPUJARRAS GRANADINAS

Autor: **Fernando Cabeza Quiles**
116 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-81-5

PVP: **12 €**

Versión en galego e castelán



Despois da rigorosa documentación e do traballo de campo en Las Alpujarras Granadinas, Cabeza Quiles fainos retroceder ao que el chama «a nosa primeira emigración dirixida», referíndose ao éxodo de galegos que repoboarían esta e outras zonas andaluzas tras a «Reconquista». Valéndose dos seus demostrados coñecementos de toponimia e onomástica, o autor apórtanos probas evidentes da presenza galega nestas terras.



O QUEIXUME DAS ORIXES e tres salaios máis

Autor: **Xosé Chao Rego**
166 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-02-5

PVP: **10 €**



Un duelo insólito: unha figura máxima da cristiandade, Agostiño de Hipona, e un monxe da Bretaña que se empeña en que o ser humano é moito mellor do que di o seu contrincante. Pelaxio é o nome do optimista. Por culpa do triunfo do pesimismo, levamos séculos e milenios mergullados nunha grave dor, perdido o duelo. Hai dúas familias de cristiáns, a optimista encabezada por San Tomás de Aquino, e a que patrocina o fillo da dominante Santa Mónica...



A DEMOGRAFÍA NA GALICIA CONTEMPORÁNEA. 1900-1936

Autor: **Alfonso Magariños**
280 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-97-1

PVP: **11 €**



Traballo que pretende pór nas mans dos estudantes e leccionados na Historia os documentos básicos para a adecuada interpretación e comprensión da historia máis recente de Galicia na súa perspectiva demográfica. Abórdanse temas como a decadencia demográfica, os contrastes demográficos territoriais e interprovinciais, o proceso urbanizador galego no século XX, a idea da gran cidade na Galiza da Restauración, ou a supervivencia do rural.



ARTE RUPESTRE DO BARBANZA


Autores: **Xosé Guitián e Jorge Guitián**
334 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-95622-21-1

PVP: **12 €**



O libro *Arte rupestre do Barbanza* pretende ofrecer unha visión novidosa dos petroglifos desta comarca coruñesa. A primeira parte é un catálogo dos gravados existentes na comarca, moitos deles inéditos.

Na segunda parte do libro proponse un achegamento aos gravados rupestres como manifestacións artísticas, afondando na análise formal e estilística, e nos posibles significados e funcións dos petroglifos. Tamén analizan os autores a normativa actual sobre protección do patrimonio arqueolóxico, así como as políticas dirixidas á súa conservación e posta en valor.



FALA E CULTURA D'OS TRES LUGARIS Valverde do Fresno, As Ellas, San Martín de Trebello (Cáceres)

Autor: **A.C. Alén do Val**
192 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-32-3

PVP: **14 €**

Versión en galego e castelán



En Valverde do Fresno, As Ellas e San Martín de Trebello (Cáceres) viven uns 5.000 habitantes, que cos cerca de 3.000 que están na emigración, falan habitualmente unha variante do galego antigo levado a estas terras por colonos nos séculos XII e XIII.



DERROTA E SINGRADURAS DO JOAQUÍN VIETA

Autor: **Xosé Agrelo Hermo**
86 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-44-7

PVP: **10 €**



Neste libro, con título parafraseado do poeta Avilés de Taramancos, o autor trasládanos a unha época dura na que a supervivencia a dúas guerras e unha ditadura converte os homes do mar en heroes sen querelo, e un pequeno e fráxil balandro en símbolo de traballo e de esperanza nas posibilidades do mar, un espazo no que todo pode ocorrer.



CERVANTES E O QUIXOTE EN GALICIA

Autor: **Xoán Pastor Rodríguez Santamaría**
148 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-70-6

PVP: **10 €**



Este volume recolle unha serie de noticias sobre a presenza do autor e da inmortal novela en Galiza e nos galegos, con especial atención á poesía e á narrativa que xerou a novela cervantina, pero atendendo tamén aos estudos máis importantes dos galegos sobre o Quixote. A presenza de Cervantes e o Quixote abarca dende os clásicos do Rexurdimento galego ata os nosos días, sen esquecer aos ilustradores galegos deste clásico.




ENCUNTROS COA ETNOGRAFÍA.

Autor: **Paula Ballesteros Arias (coord)**
344 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-81-1

PVP: **13 €**



Con motivo da declaración do 2004 como ano de Xaquín Lorenzo, considerouse que ese foi o momento non só de facer un recoñecemento á figura do "Xocas" e do que representa, senón que a través da celebración dos chamados Encontros Galegos de Etnografía supuxo ser a ocasión para reformular e sacar a debate o tema da situación actual do Patrimonio Etnográfico en Galiza, Así, o Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do I.E.G.P. Padre Sarmiento xunto co Museo do Pobo Galego decidiron convocar esta xuntanza como un punto de encontro de especialistas presentando diversos traballos sobre a cultura tradicional da nosa comunidade e daí saíu este libro.



OS APELIDOS DO CONCELLO DE PORTO DO SON. Xenealoxía, Etimoloxía e Heráldica.

Autor: **Joaquín Torres del Río**
400 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96259-86-2

PVP: **14 €**



Os apelidos do Concello de Porto do Son aporta bases lingüísticas, bibliografía e datos para coñecer a orixe e significado de 800 nomes de familia tradicionais e dos segundo residentes deste municipio. Por razóns obvias, moitos destes apelidos teñen coincidencias cos de Noia, Muros e Compostela e son recorrentes por toda a xeografía galega. Este libro pretende ser unha primeira sistematización, estudando a xenealoxía, a etimoloxía e a heráldica da nosa rica antroponimia.




VIVIR NA HISTORIA. Antropoloxía do patrimonio, urbano en Noia.

Autor: **María Jesús Pena Castro**
480 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 84-96673-11-1

PVP: **20 €**



Esta investigación antropolóxica analiza en profundidade o proceso de patrimonialización da paisaxe urbana na histórica e emblemática vila de Noia, nun traballo eminentemente aplicado que xunto ás directrices do deseño e aplicación do proxecto, estuda as posibilidades de desenvolvemento social e cultural que ofrecen as dinámicas de conservación e revalorización do patrimonio no casco histórico. A clave é a consideración nun enfoque polisémico e multivoocal das reflexións de todos os actores sociais, particularmente dos veciños, ademais dos políticos, técnicos e expertos, sobre a interpretación da historia compartida e as aspiracións futuras para a vida da vella cidade.



USOS, COSTUMES, E COUSAS DO COUREL.

Autor: **Jesús Alfonso Parada Jato**
450 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-27-4


ESGOTADO



Esta obra é unha investigación antropolóxica sobre o termo municipal do Courel, os seus costumes e todo aquilo de relevancia cultural. Á vez que o autor trata de manter os seus sentimentos afastados e analizar as cousas no contexto no cal se produciron e amosar a evolución histórica ata o día de hoxe.

Moitas das cousas citadas poden parecer estrañas e outras moi cotiás pero todas elas forman parte da rica e variada cultura deste municipio.

Para a realización deste traballo o autor inspirouse en diversos documentos escritos, publicacións anteriores, entrevistas ás xentes do lugar e nos coñecementos da zona que posuía.



AS DOURADAS SÍLABAS DE X.M. LÓPEZ ARDEIRO.

Autor: **Noemí Álvarez, María Rey e Suso Sambade**

192 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-52-6

PVP: **11 €**



A lectura deste libro esperamos que lle permita ao lector ao que a nós nos permitiu: o coñecemento dunha persoa extraordinaria, que repasa as súas vivencias persoais e literarias a través de varias e distendidas conversas.

Tivemos a sorte de coñecer a Ardeiro a partir dun acto de homenaxe que se lle rendeu no noso centro de ensino e quedamos prendados del. Ese día comezamos un novo proxecto e unha nova amizade.

A segunda parte deste libro pretende difundir, a través dunha escolma, parte dunha obra aínda pouco coñecida pero merecente de recoñecemento. Esta é a nosa homenaxe a Ardeiro.



O ALLEO É NOSO. Contribucións para a historia da tradución en Galicia.

Autor: **Xosé Manuel Dasilva**


480 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-84-7

PVP: **18 €**



No ano 1949, a Editorial Alborada publicaba en Bos Aires o libro Poesía inglesa e francesa vertida ao galego, con traducións de Plácido R. Castro, Lois Tobío e Florencio M. Delgado Gurriarán. Aquele obra contiña un extraordinario prólogo de autoría anónima —¿Lois Tobío?, ¿Arturo Cuadrado?—, que remataba con esta clarividente afirmación: “O alleo é agora noso”.

Neste volume reúnen-se corenta e un estudos de diversa natureza arredor da tradución galega. Así, esta entrega pódese considerar un complemento da obra Babel entre nós, publicada hai cinco anos, onde aparecen ducentas dez reflexións relacionadas coa tradución que demostran que o acto de transferir voces doutros espazos nunca foi, no noso país, unha actividade de rango inferior.



DOUROS LADOS: CAPÍTULO SOBRE OS CONTOS DE CORTÁZAR.


Autor: **Soledad Pérez-Abadín Barro (coord)**

416 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-51-9

PVP: **17 €**



Este libro ofrece unha visión múltiple dalgúns dos máis importantes relatos de Cortázar, sometidos a enfoques variados, que teñen como fío condutor a exploración dun universo fantástico rexido por leis alleas á lóxica, que cuestionan os principios de identidade, as relacións espacio-temporais e a linguaxe literaria convencional. Cronotopías, metamorfoses, ritos, xogo, fantasía, perspectiva narrativa, dimensión artística e intelectual e signos acaparan o interese dos diferentes estudos, nos que cada crítico, oficiando como lector cómplice, recrea o conto con novidosas propostas interpretativas.



RAMÓN PIÑEIRO, TRADUTOR.

Autor: **Xosé Manuel Dasilva**

136 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-91-5

PVP: **10 €**



Aproximación ao labor de Ramón Piñeiro como tradutor, unha faceta da súa actividade non debidamente atendida ata hoxe. Dúas son as versións que levou a cabo, en compañía de Celestino Fernández de la Vega. O Cancioneiro da poesía céltica, de Julius Pokorny, escolma de poemas en lingua gaélica, e Da esencia da verdade. Neste ensaio poderán atoparse os detalles da elaboración destas dúas traducións de Piñeiro. Alén diso, explícanse as circunstancias que rodearon o triunfo do Cancioneiro da poesía céltica no concurso de tradución convocado por Bibliófilos Gallegos, así como as vicisitudes que sufriu Da esencia da verdade diante da censura franquista.



A CARPINTERÍA DE RIBEIRA E OS ESTALEIROS NO CONCELLO DE OUTES.

Autor: **Xoán Francisco García Suárez**

112 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-96673-69-4

PVP: **9 €**



Xoán Francisco García Suárez ofrécenos unha completa panorámica sobre a carpintería de ribeira e os estaleiros nun concello pertencente á ría de Muros-Noia como é o concello de Outes. Logo dunha breve introdución sobre os orixes e importancia que as comunidades de pescadores tiveron no desenvolvemento socioeconómico da ría, así como as actividades relacionadas co comercio e o transporte de persoas por mar, o autor céntrase de xeito especial nos séculos XIX e XX, nos que apoiado na consulta dunha rigorosa documentación en arquivos e rexistros da Capitanía Marítima de Noia, pon de manifesto a grande importancia que a actividade construtora naval en madeira acadou no concello de Outes.



A LETRA E O AR: PALABRA-LIBERDADE NA POESÍA DE XOSÉ LOIS GARCÍA.

Autor: **Andityas Soares de Moura**

240 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-05-4

PVP: **12 €**



Andityas Soares de Moura analiza o corpus poético de Xosé Lois García tendo en conta o panorama da literatura galega das últimas décadas e conectándoo tamén con outras tradicións culturais, tales como a portuguesa e a africana. Os temas centrais da poesía de Xosé Lois -o amor, a morte, a terra, a xustiza social, o neotrovadurismo, a saudade e a memoria- son tratados en capítulos específicos nos que o autor elabora reflexións xerais mediante as que amosa a profunda vinculación do poeta galego cos modelos universais da cultura occidental. Adoptando unha escrita interdisciplinar e aberta, Andityas Soares de Moura traspasa as fronteiras entre poesía, filosofía e ensaio literario e constrúe un discurso crítico capaz de inserir a poesía de Xosé Lois García nun espazo de constante diálogo co lector.



OS CANTEIROS. Técnicas e construcións tradicionais no concello de Carnota.

Autor: **José Cernadas Sande**

168 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-32-0

PVP: **13 €**



José Cernadas Sande (Carnota, 1971) é canteiro profesional, amante e bo coñecedor da arquitectura popular e de todo o relacionado con ela. Neste traballo o autor fai un estudo sobre a cantería tradicional e as construcións populares dunha zona que non lle resulta allea, o seu concello natal, e no que se recollen todos os saberes tradicionais, moitos xa desaparecidos. Para Cernadas Sande, o oficio da cantería foi o máis importante da nosa cultura e polo tanto é merecente dun traballo divulgativo para evitar a total desaparición destes saberes. Tamén é experto no arte rupestre e autor do libro Gravados rupestres nos montes de Carnota.



¿POR QUE O COLA-CAO NON ESTÁ NO DICCIONARIO? Lingua galega e marcas rexistradas.

Autor: **Noemí Álvarez e María Rey**

104 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-33-7


PVP: **12 €**



O léxico da lingua galega está composto por unha gran variedade de palabras entre as que se encontran aquelas procedentes de marcas rexistradas: cola-cao, coca-cola, fíppex, chupachups, velux...

A obra pretende agrupar os termos do galego que amosan esta procedencia e analizar a presenza e difusión no uso habitual, mediante a análise do Corga.

Constitúe este estudo unha achega máis dentro dos traballos relacionados co léxico, que quere colaborar no enriquecemento da nosa lingua, con termos moi frecuentes entre os falantes pero ausentes en moitas ocasións dos repertorios lexicográficos.



BOS AIRES GALEGA.

Autor: **Ruy Farías (coord.)**


570 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-49-8

PVP: **22 €**



Aínda resulta difícil calibrar o impacto que semellante aluvián inmigratorio puido xerar na sociedade de acollida. A mesma enumeración dos temas dos traballos integrados neste libro dá conta da envergadura, riqueza e complexidade do fenómeno: a mirada da elite arxentina aos inmigrantes europeos nos anos do Centenario da Revolución de Maio; os fluxos migratorios galegos cara a república austral entre os séculos XVIII e XX; a súa inserción socioprofesional, patróns de asentamentos e pautas matrimoniais; os perfís dalgúns persoeiros excepcionais, e tamén os doutros homes e mulleres que (dende realidades máis modestas) reflexionan sobre a súa experiencia no contexto do masivo fenómeno migratorio.



LEMBRANZAS DO COUREL.

Autor: **Jesús Alfonso Parada Sato**

237 páx. (150x210 mm.)


ISBN: 978-84-92792-53-5

PVP: **14 €**



A cultura segue a estar viva mentres haxa persoas que a lembren e participen dela, coma unha casa con fume indica que dentro habita, ben ou mal, por moito ou pouco tempo, algunha persoa. Máis cando as paredes rachan e o tellado afunde, xa ninguén vive alí. No entanto o seu espírito aínda perdura por algún tempo máis. Mentres haxa unhas pedras colocadas a xeito de parede, unhas pequenas ruínas que testemuñan que alí houbo algo, por cativo que fose, aínda é posible establecerse novamente.

Este libríño é iso, retallos de aquí e de acolá coma as efémeras imaxes dun soño no cal ora estamos nun lugar ora noutro. Así é o mundo dos soños, de súpeto as cousas van e veñen, trócanse noutras, todo xira vertixinosamente, facemos viaxes inesquecibles, vivimos o que non coñecemos e facemos o que non podemos cando estamos espertos.



A PESCA DA LAMPREA NO RÍO TAMBRE. HISTORIA, ARTES E GASTRONOMÍA.

Autor: **Clodio González Pérez e**

Manuel Ces Canle

267 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-63-4

PVP: **17 €**



Clodio González e o investigador Manuel Ces Canle ofrecen ao lector no libro A pesca da lamprea en el río Tambre capítulos históricos, como os conflitos que antano se producían na zona pola xurisdición das augas do Tambre, de gran riqueza. Unha historia e evolución que se proxecta cara a situación actual e turística do noso patrimonio gastronómico, natural e cultural



AS TIC E AS SÚAS APLICACIÓNS NA AULA. MISIÓN POSIBLE.

Autor: **Manuela Raposo Rivas e**

M^{re} Esther Martínez Figueira (coords.)

360 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-15400-74-5

PVP: **19 €**



O lector ten nas súas mans un manual que contribúe a alfabetización dixital da comunidade educativa. En particular, está dirixido aos docentes en activo que forman parte da xeración de *inmigrantes dixitais*, usuarios de TIC ou que queiran aproximarse a este campo de estudo, pero tamén a futuros docentes de calquera nivel educativo que ven nas tecnoloxías da información e a comunicación un recurso non só de ocio e comunicación senón tamén de formación.



MATERIAIS DIDÁCTICOS E EXPERIENCIAS EDUCATIVAS INNOVADORAS


Autor: **M^ª Montserrat Castro Rodríguez, Xesús Rodríguez Rodríguez e M^ª Helena Zapico Barbeito** (coords.)

440 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-79-0

PVP: **20 €**



Nos momentos tan complexos como os que estamos a vivir cómpre que fagamos unha defensa explícita da renovación pedagóxica, dos/as profesionais innovadores e da territorialización do currículo. Máis ca nunca, a realidade de aula (e de centro) innovadora debe ser reivindicada: debemos facer novamente visible a renovación pedagóxica porque para nós o importante segue a ser o que sucede na vida diaria das aulas, nese encontro entre o profesorado e o alumnado, e entre colegas dun e doutros centros. Mais a nosa capacidade de acción, tamén de coñecemento, está no noso medio máis próximo.



TOPONIMIA DE RAMIRÁS

Autor: **Carlos Méndez Miguez**

238 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-942224-1-2

PVP: **17 €**



Este libro que o lector sostén nas mans é produto do estudio e do amor. Galicia é un inmenso parque cultural que, na riqueza dos topónimos, é tan multiforme e millonario que parece non ter fin coñecido nunca. O autor centra a súa ollada no actual concello de Ramirás, que limita cos de Celanova, Cartelle, Gome sende e Quintela de Leirado. Vai achegándose, unha a unha, a todas as freguesías, que, como entidades sociais e de poboación, veñen existindo desde a noite dos tempos. Logo aproxima máis o autor os seus instrumentos de aumento e vai debullando a microtoponimia.



TRABALLO, OFICIOS E CRENZAS POPULARES DOS NOSOS ANTERGOS

Autor: **Narciso Luaces Pardo**

118 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-96-7

PVP: **13 €**



A historia dos oficios, de trebellos que se herdaron, remodelaron, refixéronse e serviron para resolver a vida, para relacionarse i evolucionar. Arfactos e traballos que suñoñen xeitos de vida, asociados a palabras, nomes, ditos, refráns que foron enriquecendo o idioma, as relacións e a sociedade. E velái que cando se perde un destes obxectos, construídos con ansia, con tradición e saber, pérdense con el moitas outras cousas: as palabras que serán substituídas por outras importadas. Entón a cultura, o noso aporte empobrecese.



O GRAN LIBRO DE SAN CIBRÁN OU TESOURO DO FEITICEIRO

Autor: **Clodio González Pérez**

166 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-943014-2-1

PVP: **14 €**



O libro de San Cibrán é un libro mítico, do que se ten dito –e aínda se di- de todo: que o orixinal fica encadeado na biblioteca da catedral de Santiago ou na da Universidade Compostelá, de persoas que se puxeron ricas grazas a el, doutras moitas que acadaron o que desexaban (amores, sorte, etc.).

Vicente Risco cría que podía haber un exemplar por parroquia, o que o faría o libro máis estendido e popular en Galicia. Pero cómpre aclarar que no se refire a edicións impresas (estas unicamente no Sur, procedentes case sempre de Portugal), senón manuscritos, case sempre sinxelas relacións de feitos e fórmulas máxicas que pasaban no máis absoluto segredo de xeración en xeración, tendo en conta a persecución de que era obxecto por parte da igrexa.



VIAXE DESDE OS CANTÍS Á MEMORIA

Autor: **Mercedes Martínez Modroño**

Fotografía: **Xoel Gómez Losada**

116 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-942224-0-5

PVP: **12 €**



¿Podemos ler a paisaxe? ¿Podemos escoitar a memoria da paisaxe? Este libro non é una guía no sentido estricto: non contén itinerarios nin propostas para visitar. Contén só reflexións que ao longo de dez anos a autora foi artellando para contestar a esas dúas preguntas. Na procura do que é único do lugar e, sen embargo, remite a todos os lugares posibles. Non é una guía senón una viaxe: a de cada quen. A ollada fotográfica de Xoel Gómez Losada capta un presente cargado de incógnitas e de luces.



LITERATURA DE SEREAS

Autor: **Xulio Pardo de Neyra**


296 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-943014-6-9

PVP: **19 €**



O libro de San Cibrán é un libro mítico, do que se ten dito –e aínda se di- de todo: que o orixinal fica encadeado na biblioteca da catedral de Santiago ou na da Universidade Compostelá, de persoas que se puxeron ricas grazas a el, doutras moitas que acadaron o que desexaban (amores, sorte, etc.).

Vicente Risco cría que podía haber un exemplar por parroquia, o que o faría o libro máis estendido e popular en Galicia. Pero cómpre aclarar que no se refire a edicións impresas (estas unicamente no Sur, procedentes case sempre de Portugal), senón manuscritos, case sempre sinxelas relacións de feitos e fórmulas máxicas que pasaban no máis absoluto segredo de xeración en xeración, tendo en conta a persecución de que era obxecto por parte da igrexa.



OS CRUCEIROS DO CONCELLO DE RIANXO

Autor: Xesús Antonio Gulías Lamas
278 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-943014-9-0

PVP.: **15 €**



Se alguén houbera lido a obra de Castelao sen saber a súa biografía e tivera despois a sorte de vir a Rianxo, ó ver algúns cruceiros, caería na conta de que Castelao fiña que ser de aquí. Porque para falar de creceiros; para ver cruceiros; para sentir os cruceiros hai que vir a Rianxo.

Se hai unha terra onde o cruceiro é arte; onde o cruceiro é sentimento; onde o cruceiro é devoción popular; onde o cruceiro vai máis alá do que calquera persoa pode ver e sentir a primeira vista, esa terra é Rianxo. Aquí os cruceiros floreceron como florece o Barbanza coa primavera. Hai algo na alma rianxeira que gurgulla dende o máis profundo do seu ser para manifestarse ó mundo, convertido en arte, nun cruceiro.



LIBREMENTE (FELOS SEMPRE SERRA)

Autor: Emilio Araúxo
290 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-944314-4-9

PVP.: **17 €**



Máscaras non aureáticas, que se dirixen á xente, dunha constancia perturbadora e tan estrañamente próxima. Os felos, que nos lembran que o mundo non dá voltas sen a loucura. os felos lémbrenme o baile nupcial dos paxaros. Rosalía tamén é unha nena fela. A máscara do felo parécese moito á do heroe de V de Vendetta, o vencillo entre as dúas máscaras sería Xusto: inversión, ambigüidade, fusión dos contrarios nunha cara. As cores dos felos sonorizan a vista neste espazo do que o silencio é un aspecto. O felo é a figura do tolo. É o tolo tolo. Os pompóns. A loucura pasa polos pompóns. O entroido aquí é: nin comercio, nin policía, nin aplausos. A xénese matricial da máscara dos Felos de Maceda áchase no corazón da Serra de San Mamede. A máscara non instaura unha distancia, senon que crea outra proximidade.



O XOGO DOS BOLOS EN BOIRO: TRADICIÓN, CULTURA E EDUCACIÓN

Autor: José Eugenio Rodríguez Fernández
358 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-944314-6-3

ESGOTADO



A persoa que decida mergullarse na lectura desta obra, atopará datos tan interesantes como o descubrimento dos 86 campos de bolos espallados por todo o territorio boirense, as causas polas que este xogo popular e tradicional foi decaendo co paso do tempo, o nome dos xogadores máis destacados ou o primeiro regulamento escrito desta modalidade de xogo única en España.



PZOEMA ZAMARRADA PELIQUEIRO

Autor: Emilio Araúxo
346 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-944314-8-7

PVP.: **20 €**



De todas as mascaradas ás que puider asistir en numerosos países, a de Laza é a máis atractiva, a máis desconcertante e a que presenta os rituais máis misteriosos. A miña experiencia vital estará unida a Laza para sempre. Medrei alí neses días dende que rematei a miña carreira aprendendo cómo fan unha "obra artística", vital e xocosa cos seus corpos, cos seus traxes e coas súas instalacións. Despois de coñecer outros carnavais e festas, sinto que en Laza é onde saben "crear" vida e emoción e embarcarnos a todos os demais nesa estraña e excitante maneira de vivir, aínda que soamente sexa durante eses días máxicos. ¿Que virtudes dotan ó Entroido de Laza das súas insólitas características e do seu profundo sentido?



GALICIA, O GALEGO E OS GALEGOS

Autor: Fernando Cabeza Quiles
150 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-945483-6-9

PVP.: **15 €**



O libro Galicia, o galego e os galegos trata de redefinir e dignificar a idea que se ten de Galicia e dos galegos, o pobo peninsular, segundo o autor, de máis marcada personalidade diferenciada de todos os que forman o actual Estado español. Coa publicación de Galicia, o galego e os galegos Cabeza Quiles quere axudar a que Galicia sexa revisada, visible e respectada. Con esta teima, o autor ofrece ao lector un percorrido pola historia e a xeografía física e mental da nosa terra.



TOPONIMIA DA BOLA

Autores: Antonio González Fernández
Carlos Méndez Míguez
288 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-946001-2-8

PVP.: **16 €**



Cada topónimo é unha creación lingüística, pero tamén cultural, reunido nun tempo e nunhas condicións socioeconómicas determinadas que nos deixaron os nosos devanceiros dende o cerne da prehistoria.

Antonio González e Carlos Méndez, como humildes traballadores de arqueoloxía onomástica, trataron de describir a particular forma de ser e de nomear do colectivo social que inserta aos veciños das oito parroquias do ónoma granítico da Bola.



NOIA E A SÚA HISTORIA

Autor: *Paulo Nogueira Santiago*
184 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-946001-5-9

PVP.: **14 €**
(Versión galego e castelán)



Na ría de Muros-Noia, onde o Atlántico perde a súa bravura convertido nun mar interior, as vilas que lle dan nome ofrécense como exemplos para mostrar como longa historia de procesos naturais e de intervención e imaxinación humanas. No espazo actual de Noia e Muros podemos ler o tempo por mor da presenza de vestixios do pasado -visibles uns, outros invisibles- que permanecen como pegada no territorio doutras xeracións que nos precederon. A análise da evolución histórica da súa paisaxe ten como principal obxectivo aportar elementos para un mellor coñecemento da paisaxe actual e da súa problemática así como criterios para unha mellor xestión do territorio, pois pensamos que unha axeitada perspectiva histórica axuda a unha mellor comprensión dos procesos que conducirosn ata a crise do presente, así como deseñar con sentido outras opcións de desenvolvemento urbano máis sostibles.



CONVERSOS NA FRONTEIRA GALEGO-PORTUGUESA

Autor: *Roberto González Rouco*
278 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-947719-0-3

PVP.: **16 €**



O estudo da sociedade conversa en Galicia e alén desta terra, trata sobre os acontecementos que sucederon no mundo dos conversos de xudeu. O que pretendo e dar a coñecer un mundo descoñecido pola maioría dos habitantes deste país, cal foi a orixe e evolución dos conversos de xudeu na Península ao longo da idade moderna.

Evidentemente trato o tema fronteirizo galego-portugués, o das relacións familiares dun e outro lado da fronteira, o comercio, como táboa de salvación cando nun ou noutro lado volvíase máis dura a persecución por parte da Inquisición e as viaxes tanto a América como ao norte de Europa, sobre todo a Amsterdam, desde portos galegos e portugueses. É un estudo dunha dura realidade que padeceron estas persoas na Península, sobre todo en España.



FUXIRON POR MAR

Autor: *Xermán Roxelio Abella Chouciño*
230 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-946001-8-0

PVP.: **17 €**



Durante a Guerra Civil Española (1936-1939) tres motoríñas de Malpica (A Coruña) fuxiron para Francia: "Ciudad de Montevideo" o 28-6-1937, con 11 homes; "San Adrián" o 27-6-1938, con 26 homes e "Rocío" o 31-8-1938, con 29 homes.

En fráxiles embarcacións enfrontáronse as temibles galernas cantábricas ata arribaren á Bretaña francesa. Este libro está escrito para que as súas odiseas non caian no esquecemento.



AS PALABRAS DUN PASTOR. MANUEL LORENZO ARGIBAY

Autor: *Xesús Antonio Gulías Lamas*
286 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-947719-9-6

PVP.: **18 €**



"Que fermosos son sobre os montes os pés do mensaxeiro que anuncia a paz; que trae boas novas e que anuncia a salvación". Este é a mensaxe que trae Manolo nos seus Diarios: o anuncio da Paz que trouxo Cristo cando se encarnou en María e naceu en Belén; cando foi anunciando a Boa Nova do Evanxeo polos camiños, polos montes, polas cidades da Terra Prometida; cando entrou en Xerusalén O Domingo de Ramos; cando coa cruz ó lombo, suviu ata ós cumios do Calvario e cos brazos estendidos abrazou a toda a humanidade para presentarlle ó Pai, libre de pecado; cando se despediu dos seus discípulos e lles mandou predicar o Evanxeo a toda criatura; cando lles enviou o Espírito Santo para que puideraan ser as súas testemuñas ata ós confins da terra.



TOPONIMIA DE GOMESENDE

Autor: *Carlos Méndez Míguez*
222 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-946837-9-4

PVP.: **16 €**



Albeitando nas coleccións diplomáticas dos mosteiros de San Salvador de Celanova, San Pedro de Ramirás, Santa María de Fiaes de Afonso IX, indagando entre o vecindario, pescudado no transcurrir da historia destas terras de Gome sende, o autor trata de achegarse ao corpo toponímico deste concello porque os lugares existen ao nomealos.



TOPONIMIA DE PONTEDEVA

Autor: *Carlos Méndez Míguez*
132 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-948341-2-7

PVP.: **14 €**



As pontes unes a transpoñen. o arco da vella de Pontede va ten un plus máxico incrustado na deidade do río unindo este microcosmos da terra co ceo. Desde os primeiros asentamentos casteños da Senra e do Valiño, pasando polas villaes de Deva e Trado, pola formación das parroquias medievais de San Breixo e San Paio e polos camiños na xurisdición de Milmanda; pasou moita auga por debaixo dos ollos das diversas pontes do Deva. No transcorrer formouse este corpus toponímico que o autor trata de explicar.



LÁGRIMAS EN SILENCIO

Autor: Clodio González Pérez
124 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-948341-3-4

PVP.: 14 €



Cándido López Lorenzo. Foi criado con diferentes amos dende os seis ata os quince anos en varias aldeas dos concellos de Santiago de Compostela e Trazo, dedicándose, principalmente, a coidar do gando. Os recordos desta tempada da súa vida, gravados por el mesmo, xa que nunca foi á escola, constitúen un documento de excepcional importancia para saber como se desenvolvía a vida dalgúns destes criadiños aínda a mediados do século pasado.




O COTO DE RUBILLÓN

Autor: Xesús Antonio Gúilas Lamas
182 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-948966-4-4

PVP.: 15 €



Hai un territorio fantástico, coñecido na historia como “O Coto de Rubillón”, que está situado no norte do concello de Avión e ó sur da Terra de Montes. Esta terra fascinante dorme caladamente á sombra da portentosa serra do Suído. Toda esta bisbarra formou parte e serviu de axuda cos produtos que nela se cultivaban, para a mantenza dos cistercienses que, durante sete longos séculos pasaron polo mosteiro de Melón. Foi o rei Afonso VII, o emperador, quen lle fixo a eses mosteiro a doazón á perpetuidade destas terras montesías que están na cabaceira de dous ríos milagreiros: un, axudando a traer meniños a este mundo e o outro, facendo medrar e madurar as cepas do Ribeiro, para que o viño desta comarca puidera chegar á Galicia atlántica por medio dos arrieiros que, con recuas de mulas, ían repartindo ledicia polos pobos.



XEOANTROPOLOXÍA MÍTICA DA COSTA DA MORTE

Autor: Xermán Roxelio Abella Chouciño (Xelucho)
326 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-120613-2-1

PVP.: 19 €



Este traballo de Xeoantropoloxía mítica da Costa da Morte, pretende aprofundar diacronicamente nas raíces cristiás e precristiás da relixiosidade popular. O territorio da Costa da Morte foi durante milenios o cabo do mundo, o extremo occidental da terra ecuménica. Aínda perduran moitos dos elementos culturais primixenios desta terra corneal, resistindo e dando significado ó paso dos séculos; incorporados dinamicamente en estratos culturais posteriores, que resumen e reinterpretan a tradición primitiva nunha síntese totalizadora.



EZKABA. GALEGOS NA GRANDE EVASIÓN. (Pamplona, 22 de maio de 1938)

Autor: Francisco Xavier Redondo Abal
204 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-121731-2-3

PVP.: 16 €



Moito se leva escrito e investigado xa sobre a gran evasión dos 795 presos que fuxiron do masificado e insufrible penal franquista do forte de San Cristóbal, situado no monte navarro de Ezkaba, o 22 de maio de 1938, e da súa conseguinte traxedia, pois a fuxida acabou coa morte ou coa detención da case totalidade deles. Este libro de datos e de cifras, de suores e de bágoas, de fames e de enfermidades, de loitas e de xuízos, de ataduras e de barrotes, de disparos e de mortes, de cunetas e de fosas, ten tamén por fin a verdade práctica: apoiar a localización e exhumación das vítimas espaxeadas para terminar dunha histórica vez coa angustia dos seus familiares, dos seus correligionarios e, en xeral, do pobo masacrado.



BURBIDA. AS ORIXES DE VIGO.

Autor: Manuel Santos Estévez
106 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-121731-4-7

PVP.: 15 €



De onde vén a crenza de que a cidade de Vigo carece de historia? Como sabemos que o seu nome en época romana era Búrbida? Que significa Búrbida? Qué pobo habitou a comarca de Vigo antes da chegada dos romanos? Cando foi trocado o antigo nome da cidade polo actual? Estas son algunhas das preguntas que son abordadas neste libro e cuxas respostas pretenden axudar a comprender como naceu esta cidade e como se desenvolveu, dende as súas orixes ata a Idade Media cando Martín Códax cantaba ás Ondas do Mar de Vigo. Unha historia de máis de 10.000 anos.




TOPONIMIA DE VEREA

Autor: Carlos Méndez Míguez
392 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-121731-3-0

PVP.: 19 €



O autor trata de explicar os significados dos nomes dos lugares do Concello de Vereá sen esquecer o contexto histórico e os elementos etnográficos e de comunidade de máis relevantes que lle dan unha singularidade especial a estas terras bravas da comarca de Celanova.



A PRESENZA DE CASTELAO EN EUSKADI

Autor: *Xosé Estévez*
302 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-123409-7-6

PVP.: 17 €



A presenza de Castelao en Euskadi revela como unha figura carismática e creativa, irredutible na súa perspectiva política e ética, se converteu nun líder de referencia para os nacionalistas vascos. Dende o seu paso por Euskadi para viaxar por Europa, na primeira estadia en 1932, até o último paso, en 1993, para honrar a Arbore de Gernika, símbolo das liberdades vascas, Castelao sentiu unha fonda e sincera querenza por Euskal Herria. Esa nación correspondeulle de maneira admirada e diversa. As obras do rianxeiro serían asemade traducidas ao éuscaro, contexto intelectual no que atoparían unha fértil recepción. No exilio bonaerense, entre os anos 1940 e 1950, a súa habitual e conxunta participación, nas efemérides vascas, galegas e catalás, con parlamentos suscitaba fervorosas adhesións e foron amplamente recordados.



A PAISAXE RELIXIOSA


Autor: *Xosé Caramés Campos*
197 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-125393-7-0

PVP.: 15 €



O libro intenta aproximarnos a unha interpretación dos fenómenos relixiosos na súa interacción paisaxística, ao mesmo tempo que nos achegamos á súa evolución histórica, para comprender os modos de ocupación do espazo de dúas estruturas sociais creadas na paisaxe pola organización relixiosa en cada momento.

Algúns rituais están asociados con divinidades arcaicas e seguen vivos en costumes populares actuais. Un bo número de mitos e festividades continúan hoxe, unhas veces con outros nomes ou incluso cos mesmos. Por iso, consideramos que a esencia do feito relixioso como fenómeno colectivo se mantén nunha parte da paisaxe, a través do tempo.



A CIDADE PUDIBUNDA


Autor: *Fernando Valcárcel*
78 páx. (150x210 mm.)
ISBN: ?

PVP.: 15 €



A cidade pudibunda é a fotografía fixa do Ourense de 1945, unha viaxe no tempo que posibilita o adiado e inevitable "vis-á-vis" cun pasado digno de recordo. Podería ser tamén un soño en branco e negro, un recordo de familia que se agocha no fondo dunha gabeta, un amor mal curado ou a sombra que evita ser devorada pola escuridade nunha longuíssima noite de pedra.

Arde o Miño. Tras o fume, agóchase unha urbe con problemas de memoria. Agardemos a que esmoreza o incendio, para ir remexer nas súas cinzas.



O MONTE DO PINDO AO DESCUBERTO

Autor: *Modesto García Quintáns; Nieves García Centeno*
168 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-125393-9-4

PVP.: 19 €



Neste libro sobre o Monte do Pindo abárcanse aspectos coma a xeografía e a hidrografía, cos ríos e fontes do entorno, así como datos da poboación dos lugares que rodean o macizo, porque hai xente que vive e viviu ao pé do dito monte. Tamén se fai un breve percorrido histórico e asemade se recollen as lendas que quedaron na memoria dos nosos antepasados. O inédito deste libro son as diferentes rutas e os seus puntos de interese, coas coordenadas UTM, e cun pequeno mapa de axuda que inclúe dende as máis coñecidas até outras menos transitadas... Ao final, inclúese un listado dos topónimos do Monte do Pindo, que, se non se conservan, corren o risco de caer no esquecemento.



TOPONIMIA DE QUINTELA DE LEIRADO

Autor: *Carlos Méndez Miguez*
238 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-128986-5-1

PVP.: 16 €



Quintela é un diminutivo de Quinta e vén do latín Quintanella. Un Leirado é o contido en froitos dunha leira e semella estar vencellado con Larea "leira".

O autor trata de achegarse ao corpo toponímico das cinco parroquia deste fermoso concello, porque os lugares exsiten ao nomealos.



HOMENAXE DO GOBERNO VASCO A CASTELAO EN PARIS (1950)

Autor: *Iñaki Anasagasti e Xosé Estévez*
118 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-129628-3-3

PVP.: 14 €



Nun primeiro chanzo, o libro repasa a amizade de Castelao cos máis importantes persoeiros nacionalistas vascos e ao mesmo tempo, desvela as intensas relacións cun deles, Manuel de Irujo. Este foi, sen dúbida, o máis amigo de Castelao. Sempre foi, dende a viaxe a Galiza co gallo do Galeuzca en xullo de 1933, defensor dos intereses de Galiza e o meirande impulsor do nomeamento de Castelao como ministro do Goberno Republicano en 1946, fronte á opinión de José Antonio Aguirre, que prefería a Portela Valladares. A segunda parte do libro describe as xestións de Irujo, en nome do Goberno Vasco, para realizar unha magna homenaxe plurinacional, cívico e relixioso, a Castelao en París, co gallo do seu pasamento en 1950, que finalmente se efectuaría o 11 de marzo de 1950. Apórtase, ademais, a nómina dos participantes e a documentación pertinente, conservada polo propio Irujo e doada por el mesmo, no seu día, a Iñaki Anasagasti.



HÓRREOS E CANASTROS NO CONCELLO OURENSÁN DE AVIÓN

Autor: **Antonio Doval Adán**

94 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-129628-7-1

PVP.: **14 €**



9 788412 962871

Nesta publicación recóllense os resultados dunha investigación levada a cabo sobre os hórreos e canastros existentes no municipio ourensán de Avión. O traballo aparece estruturado en cinco grandes bloques temáticos nos que se estuda a funcionalidade arquitectónica dos canastros, o seu volume real e distribución territorial a escala parroquial e por núcleos de poboación, datas de construción e tipoloxías construtivas empregadas, grandes agrupacións, grao de abandono e tráfico ilegal de inmobles e o estado actual da súa conservación e mantemento. Con 1.057 canastros rexistrados en total e 97 eiras ou campos con hórreos agrupados, 10 grandes agrupacións con máis de vinte exemplares cada unha, e outras 20 agrupacións adicionais de canastros con máis de dez unidades cada unha, o concello de Avión convértese nun dos principais baluartes e valedores do patrimonio etnolóxico de toda a provincia de Ourense e de Galicia, máxime se temos en conta que ao redor do 73 % dos canastros do citado municipio foron construídos ao longo dos séculos XVIII e XIX.

D'

**AZOS DE ESGUELLO. Nº 1**Autor: **Euloxio R. Ruibal**Introdución de **Laura Tato**

82 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-50-4

PVP: **10 €**

A obra é o retrato de don Galisindo -trasunto da propia Galicia- un emigrante retornado da Arxentina que se dedica aos negocios da construción pero a súa cobi-za faíno buscar máis poder a calquera custo. "Hai medios suís para que unha obra non se chegue a representar", asegura o autor dunha montaxe que se representou finalmente en Ribadavia en 1995. "A min ségueme parecendo que ten moita actuali-dade, algo que me sorprende. Eu estiven en contacto coa emigración en América e Europa, que son moi diferentes. Vendo como vivía a emigración galega en Arxenti-na, produciume unha certa tristeza como vivían desacougados porque non estaban onde querían, non tiñan raíces e para saír adiante, tiñan que loitar con máis esforzo. Eu falo no libro de pequenas corruptelas".

**UNHA TEMPADA NO PARAÍSO. Nº 2**Autor: **Claudio Rodríguez Fer**Introdución de **Olga Novo**

120 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-58-0

PVP: **10 €**

Este libro nace dunha entrega ao amor e animado por un nomadismo ancestral. Contén estratos múltiples, ecos intertextuais que conforman o mapa dunha obra total, cohesionada no seu polifónico clamor de rotundo vitalismo e compromiso ético.

**O FÍO DA ESCRITURA. Nº 3**Autor: **David G. Couso**Limiar de **Claudio R. Fer**

266 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-52-8

PVP: **12 €**

David González Couso presenta, relata e documenta a xenealoxía e o labor público da familia Gaiate na Galicia decimonónica, o que implica unha auténtica inmersión na historia do ensino, da imprenta, da prensa, da administración e da cultura de Ourense e, mesmo, de certos aspectos do acontecer social en Allariz e en Pontevedra.

**A FOLIADA NO RUEIRO. Nº 4**Autor: **Xesús San Luís Romero**Edición de **Antonio Rey Somoza**

58 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-66-5

PVP: **10 €**

Da man de Antonio Rey Somoza, máximo especialista na biobibliografía de Xesús San Luís Romero, publícase na Editorial Toxosoutos a peza de teatro Foliada no rueiro, paso cómico folclórico en dous actos que o autor de Carballo escribira en 1959 e que permanecía ata hoxe inédita. No breve pero documentado estudo introductorio que precede á obra, Rey Somoza dá conta dos principais riscos da vida e produción do autor para deterse, con maior detalle, na descrición da súa escrita teatral e, máis particularmente, da peza editada e a súa relación co drama costumista de crítica social Rosiña, tamén da súa autoría.

**BUCÓLICAS. Nº 5**Autor: **Publio Virxilio Marón**Edición bilingüe latín-galego de **Xoán Fuentes**

88 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-65-8

PVP: **10 €**

E se Virxilio, aquel que guiou a Dante polo inferno, ecoa de novo en galego, é grazas ao labor de tradución de Xoán Fuentes Castro. O poeta escribiu as Bucólicas en latín 50 anos antes de que Xesucristo entrase no escenario da historia e agora, na edición que Toxosoutos vén de enviar ás librerías, conforman o último episodio do traxese entre as letras grecolatinas do mundo antigo e o galego actual.

**O TRIÁNGULO ESCALENO. Nº 6**Autor: **Xosé Agrelo Hermo**Limiares de **Euloxio R. Ruibal** e**Xerardo Agrafoxo**

52 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-84-9

PVP: **10 €**

Neste texto que Xosé Agrelo deixara inédito, o eixe temático, como era de agardar, establécese en torno ao amor. E cada personaxe enténdeo e viveo á súa maneira. Falan de sentimento, pero en realidade refírense case sempre á sexualidade. Elas amosan unha concepción máis aberta, máis sincera, máis actual; el, pola contra, segue ancorado no pasado; representa a Igrexa máis tradicional, conservadora; por moito que pretenda ofrecer unha faciana moderna, non deixa de amosar a verdadeira caste; non hai capa de verniz, por brillante e grosa que sexa, que poida evitalo.



APOCOLOCYNTOSIS. A CONVERSIÓN DO EMPERADOR CLAUDIO EN CABAZO. Nº 7

Autor: **Lucio Anneo Séneca**

Edición bilingüe latín-galego de **Anahí Sotelo**

72 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-91-7

PVP: **10 €**



A mesma escolla do texto da Apocolocyntosis demostra unha aposta polo menos usual dentro do canon literario da Antigüidade. Anahí Sotelo fai falar por primeira vez en galego a un Séneca, máis coñecido como autor filosófico ou trágico. Esta sátira sobre o poder, coa súa mestura de prosa e verso, sorprende ao lector e desarma as expectativas que adoita ter aquel que se achega aos textos dos chamados clásicos. E se optar por este texto é un pleno acerto, facelo do xeito no que nolo presenta a tradutora leva a que aínda nos felicitemos máis. Os textos da literatura latina están a entrar no espazo literario galego con toda a súa riqueza, toda a súa complexidade, e un claro desexo de non furtar ao público a complexidade que os fai sobrevivir ao tempo.



TAMÉN NAVEGAR. Nº 8

Autor: **VV.AA.**

Edición de **F. X. F. Naval**

211 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-95-5

PVP: **12 €**



O título, *Tamén navegar*, fai referencia ao poema *Penélope*, de Xohana Torres, e quere reflectir que as embarcacións son para navegar e só no mar, e en uso, ten pleno sentido a súa conservación. Os poemas referidos á carpintería de ribeira, reúnen baixo a epígrafe "Labras na area" facendo alusión a que a praia foi o lugar de construción habitual das embarcacións. A segunda e máis extensa "O mar ese camiño", lugar de encontro das embarcacións, invoca o último verso do poema *Lingua proletaria* do meu pobo, de Celso Emilio Ferreiro, que ten Galicia como referente: "deitada rente ó mar, ese camiño" aludindo a que é no mar onde as embarcacións teñen pleno sentido de ser.



AS RUTAS DE COMPOSTELA. Nº 9

Autor: **Laurent D'Arce**

Edición de **Paulo Nogueira**

190 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-15400-02-8

PVP: **12 €**



O autor anónimo, quen asinou a súa relación de viaxe cara a Santiago de Compostela co pseudónimo do seu lugar de residencia, Saint-Laurent-d'Arce, na Xironda, en Francia, fixera esta viaxe para cumprir unha promesa: se sobrevivía á Primeira Guerra Mundial (1914-1918), coñecida coma a Gran Guerra, lle daría as grazas ao gran apóstolo Santiago de Galiza.



A CIDADE NA POESÍA GALEGA DO SÉCULO XXI. Nº 10

Autor: **VV.AA.**

Edición de **Gonzalo Vázquez**

224 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-15400-10-3

PVP: **14 €**



A tradición poética do tema da cidade quizais sexa tan antiga como a existencia (e quizais a preexistencia) destas, poesía e cidade. A cidade, que noutras literaturas ten unha fonda tradición poética (os retratos citadinos de Baudelaire na literatura francesa, por exemplo) foi moi marxinal na nosa literatura ata a segunda metade do século XX. Desde a pétreia Compostela ata a Vigo proletaria, desde a heteronimia da Berlín de María Lado ata as cidades da Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense, desde a interioridade de Aleixandre ata a polifonía anónima de Francisco Cortegoso, este libro é unha viaxe polo corazón da cidade, polo pensamento de paseantes diferentes e visitantes que se afastan.



O AMOR QUE EU LEVEI DE SANTIAGO. Nº 11

Autor: **Yara Frateschi Vieira, M. Isabel Morán Cabanas e José Antonio Souto Cabo**

112 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-15400-30-1

PVP: **12 €**



Nos séculos XII e XIII, era determinante o papel de Santiago de Compostela como centro relixioso, político e cultural, funcionando a cidade non só como polo de atracción para as correntes intelectuais e artísticas prevaletentes na Europa, mais tamén como punto de difusión desas mesmas tendencias ou doutras que alí terían encontrado o seu berce. O roteiro que presentamos está dirixido ao visitante non especialista. Dividimos os trabadores en dous grupos: o primeiro é constituído por autores que fan algunha mención a Santiago de Compostela na súa produción; o segundo inclúe trabadores que se ligan a esta área xeográfica por documentación histórico-biográfica, aínda que non fagan directamente referencia a esta nas súas cantigas.



PREMIOS PEDRÓN DE OURO. Nº 12

Autor: Edición de **Xosé Ramón Fandiño e David G. Couso**

250 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-15400-55-4

PVP: **14 €**



Coa publicación deste volume, a Fundación do Pedrón de Ouro tira do prelo as obras premiadas na trixésima sexta e trixésima sétima edición do certame de Narración Breve Modesto R. Figueiredo.

O periplo de 37 convocatorias ininterrompidas que leva de traxectoria converten ao Certame de Narracións Curtas do Pedrón de Ouro no premio literario máis antigo e consolidado de Galicia. Superan o centenar os autores premiados nesta andaina literaria, moitos deles xa consagrados e que, na maioría dos casos, déronse a coñecer e publicaron o seu relato inaugural no noso certame.

**O CURMÁN PONS. Nº 13**

Autor: **Honoré de Balzac**
308 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-72-1

PVP: **14 €**



N' *O curmán Pons* vemos un retrato minucioso das diversas clases sociais, pero nunca hai que perder de vista un factor importante: malia que a novela realista tenta amosar a realidade tal como é (o famoso espello de Stendhal) son as clases sociais tal como as vía Balzac: unha clase baixa chea de ambición, ignorancia e vicio; unha clase media onde agroman os trepadores sen escrúpulos; unha clase alta con bos principios (o señor Camusot de Marville, o notario Berthier) onde as faltas só son excepcións (a hipocresía da señora de Marville, o egoísmo e as pretensións de Cécile).

**ROBERTO VIDAL BOLAÑO. UNHA VIDA PARA O TEATRO. Nº 14**

Autor: **Laura Tato Fontaña**
84 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-80-6

PVP: **10 €**



Parece claro que para Roberto Vidal Bolaño a aplicación do termo "nacional" ao teatro que se quere para Galicia non pode circunscribirse ao ideario de ningún partido político concreto. Se estes non son capaces nin tan siquera de potenciar a súa loita en defensa do principal sinal de identidade do seu pobo, a súa lingua, que pode facer este teatro máis ca refuxiarse no propio pobo e na propia cultura, dos que procede e aos que se debe? Isto polo menos debía ser o que pensaba Roberto Vidal Bolaño, nacionalista de corazón, cando prefería falar dun teatro popular e non dun teatro nacional.

**ENEIDA. Nº 15**

Autor: **Publio Vixilio Marón**
328 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-77-6

PVP: **14 €**



Velá a derradeira obra de Virxilio: un poema épico de miles de versos (para sermos xustos, 9.880), que ten como argumento externo unha longa viaxe pola metade oriental do Mediterráneo e unha guerra asañada en Italia, alá onde o Tibre rende tributo ao mar. A guerra de Troia remataba, non por unha derrota dos Teucros no campo de batalla, senón pola trampa que argalla Epeo e que Sinón, emisario de Ulises, sabe vender con éxito aos crédulos Troianos. Agás Laocoon e unha minoría de Teucros, ninguén sospeitaba que os Gregos xogasen sacrilegamente cos dons de Minerva. E abriron as portas...

**VERSOS NO OLIMPO. Nº 16**

Autor: **VV.AA.**
120 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-90-5

PVP: **12 €**



Foi a literatura quen popularizou o carácter sacro do monte dende antigo. Son moitos os que insisten na súa denominación de Olimpo, veláí senón a Ramón Otero Pedrayo, quen o describe así: "*O monte, formado por enormes masas de granito adopta unha forma de grave testa, e aínda florecen nas súas fisuras as figueiras salvaxes das que falan o P. Sarmiento e Jovellanos nas súas Notas de viaxe. Chamouselle un dos Olimpos célticos de Galicia e é, en verdade, un dos máis fermosos montes litorais dela*". Grazas ao traballo da Asociación Monte Pindo Parque Natural, sabemos que nun documento recuperado no Tombo de Celanova, con data do ano 942, xa se recollía esta condición: "In Carinota... cum suo monte sacro".

**RECHOUCHÍO. Nº 17**

Autor: **Alvaro de las Casas**
Estudo introdutorio: **Xavier Castro Rodríguez**
120 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-942224-2-9

PVP: **12 €**



Álvaro de las Casas dedicou un espazo moi importante do seu labor como creador literario ao terreo da dramaturxía, xénero no que deixou pezas moi singulares como *A morte de Lord Staüler*, *O outro*, *A volta*, *Mitín*, *Pancho de Rábade*, *Matria*, *Rechouchío*... un "teatro de paixón máis que de acción, simbólico, moi ideoloxizado e, xa que logo, propagandístico das ideas do autor, de exaltación galeguista na defensa da lingua e da identidade da nación galega", en palabras do mestre Xosé Agrelo Hermo.

**SABES QUE MAMÁ QUERÍA SER BAILARINA. Nº 18**

Autor: **Miguel Sande**
70 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-942224-6-7

PVP: **10 €**



Unha moza universitaria queda embarazada no último curso de carreira e debe decidir qué facer. Unha noite difícil no seu piso de aluguer en Compostela en plenas festas da Ascensión. Teatro.Narración. Poesía. Literatura. Os límites aquí ponos cada quen.



TRATADO LÓXICO FILOSÓFICO. Nº 19

Autor: **Ludwig J. J. Wittgenstein**

Traducción: **Xoán Fuentes Castro**


234 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-942224-3-6

PVP: **19 €**



Aos setenta e algúns anos, Xoán Fuentes Castro cae no feitizo de Wittgenstein e traduce ao galego a "Logisch-Philosophische Abhandlung" do filósofo austríaco, a primeira versión directa e completa feita ao galego desde o orixinal alemán dunha das obras capitais do século XX, relacionada na historia do pensamento occidental. Este aparente ensaio publicábase en 1921 baixo o título: "Tratado lóxico-filosófico", polo que é comunmente coñecido. O tradutor considera esta primeira creación do xoven filósofo austríaco como un profético anuncio do que no futuro sería a actividade tanto filosófica como lóxico-matemática que enchería a cabeza e os días de Wittgenstein.



DIARIO (VOL. I 1801-1805). Nº 20

Autor: **Stendhal**

Traducción: **Olga Novo**

238 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-943014-3-8

PVP: **16 €**



O Diario de Stendhal, é unha obra esencial para coñecer en profundidade o pensamento e o sentir do escritor francés. Este primeiro volume abrangue o período comprendido entre os anos 1804 e 1805, época de xuventude e formación na que vemos formarse o carácter apaixonado e os primeiros pasos literarios do futuro xenio do realismo. O diario presenta as súas reflexións sobre o teatro, a súa ambición, as súas relacións persoais, os seus amores e a manifestación dos primeiros síntomas da hipersensibilidade que deu nome á coñecida como síndrome de Stendhal. Estas, pois, ante un monumento íntimo: unha escrita da paixón e unha paixón escrita.



MEDEA. Nº 21

Autor: **Lucio Anneo Séneca**

Traducción: **José M. Otero**

168 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-945483-7-6

PVP: **16 €**



A acción da Medea ten lugar en Corinto onde a princesa da Cólquida vive con Xasón ata o día en que este, despois de repudiala, vai casar con Creusa, a filla do rei Creonte.

Medea, enfurecida, invoca todos os deuses para lles solicitar axuda para a vinganza. O rei Creonte, atemorizado pola loucura e a fama de meiga da filla do rei da Cólquida, determina o desterro inmediato, que ela consegue demorar por un día. Xasón entretantes xustifica o abandono como un acto de amor polos seus fillos.

Os estalidos de ira dunha Medea traizoada van acompañados de repentinos cambios emocionais condicionados por un amor aínda aivecido polo heroe desleal. A imposibilidade de recuperar a quen ama acrecenta o seu furor.



O GRAND GASTBY. Nº 22

Autor: **F. Scott Fitzgerald**

Traducción: **María Ana Valladares Fernández**

186 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-946837-5-6

PVP: **16 €**



Malia as opulentas festas aderezadas con rutilantes luces, carpas, alcojol e jazz, Gatsby permanece na soidade da súa exuberante mansión de brancas escalinatas na procura do soño americano, da "luz verde ao final do peirao".

Nick Carraway non cuestiona nin a integridade nin o sacrificio dese mozo que emerge "da nada, das mesmísimas cloacas" e que intenta franquear o limiar das clasistas e sofisticadas elites americanas do leste, disposto a todo co fin de consumir os seus soños. Nunha sociedade putrefacta, amoral e destrutiva, Jay Gatsby obtén a redención: "Gatsby resultou ben ao final; foi aquilo que corroía a Gatsby, ese po fedorento que flotaba no ronsel dos seus soños..."



UN CONTO ENLEADO. Nº 23

Autor: **Lewis Carroll**

Traducción: **Xosé Díaz Díaz**

206 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-946837-8-7

PVP: **16 €**



Charles Lutwidge Dogson quedou na historia polo seu pseudónimo literario, Lewis Carroll, co que creou a célebre personaxe de Alicia. Nesta parte da súa produción atopamos o enredo Un conto enleado, que agora sae ao galego.

O libro, daquela, preséntase como desafío á pericia aritmética do público lector sen que isto lle reste interese nin amenidade. De feito, nos dez capítulos que o conforman, Carroll desprega toda a súa capacidade humorística e fabuladora nas personaxes e situacións que moi logo nos lembran as súas creacións literarias máis senlleiras. Completa o libro o solucionario orixinal dado polo propio Carroll, así como as súas reflexións e comentarios sobre as achegas dos lectores aos problemas.



A LUZ DA CHUVIA. Nº 24

Autores: **Delfín Caseiro - Antón Jardón**

242 páx. (130x210 mm.)

ISBN: 978-84-120613-5-2

PVP: **17 €**



Galería de personaxes singulares, extraordinarios, animadores e/ou perturbadores dunha existencia sosegada, de horas longas, de conversas de sandar baixo a chuva amiga que pousa. Crónica amena de tempos pretéritos, de andar camiños de terra que levan carros de persoas dun lugar a outro, de comunicación íntima coa terra produtiva, coa natureza entusiasta. A miseria dos días e a friaxe das noites olvíanse nas celebracións lúdicas que chegan co sol e a luz xenerosa do progreso e da liberdade. Situacións e aconteceres que perduran para sempre na fecunda memoria colectiva.



APOLOXÍA DUN MATEMÁTICO. Nº 25

Autores: **G.H. Hardy**
126 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-121731-5-4

PVP.: **15 €**



Apoloxía dun matemático é, se se lle coa atención que merece, un libro dunha tristura abafante. É enxeñoso e agudo e cun elevado talante intelectual, a claridade cristalina e o seu candor seguen presentes e, si, é o testamento dun artista creativo. Pero tamén é, dunha maneira sutil e estoica, un lamento apaixonado pola perda das capacidades creativas que se adoitaban posuír e que non volverán xamais. Non coñezo nada semellante na literatura.



A PRESENZA DO APÓSTOLO SANTIAGO. Nº 26

Autores: **Paulo Nogueira Santiago**
173 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-121731-6-1

PVP.: **15 €**



Por primeira vez réunense nunha mesma obra, os argumentos do abade francés Duchesne e do cóngo santiagués López Ferreiro sobre a presenza do apóstolo Santiago o Maior en Compostela. Os seus traballos editáronse respectivamente en francés no 1900 e en castelán no 1901-1902 en Santiago de Compostela ("Santiago y la crítica moderna"). A tradución completa destes dous traballos en lingua galega, nunha soa obra, con tódolos argumentos histórico-críticos é, sen dúbida, de extraordinaria importancia para a nosa historiografía e agardada con degoiro, dende hai 120 anos, por eruditos, historiadores, e curiosos do noso pasado...



A CABANA DAS VALQUIRIAS E OUTRAS PEZAS Nº 27

Autor: **Xavier Frías Conde**
66 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-125915-5-2

PVP.: **12 €**



A cabana das valquirias e outras pezas é un opúsculo de tres obras de micro-teatro, que estruturan desta guisa:

- A cabana das valquirias é a historia dun mesmo home en catro universos paralelos. .
- A desvendadora é a historiaa dun home que vive alleo ao seu pasado, mais que, grazas a unha "desvendadora" que lle "desvende" certo produto, retorna á súa infancia.
- A lingua das vacas é a historia dun encontro cunha civilización extraterrestre que exige que a relación se manteña en galego, unha lingua que o Goberno de Noviberia cría desterrada, aínda que sobrevive.



O FILÓSOFO IGNORANTE Nº 28

Autor: **Voltaire**
187 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-125915-9-0

PVP.: **14 €**



A vida de Voltaire foi moi longa e intelectualmente moi fecunda. O filósofo ignorante é unha obra tardía e non das máis coñecidas, pero moi fácil de ler, mesmo para quen non estea moi afeito a estudar Filosofía. É unha colección de textos breves, frescos e irónicos, ás veces tamén frívolos, posto que descalifica un pouco alegremente a outros pensadores, pero terase en conta que son reflexións escritas un pouco a voa pluma e non un profundo tratado filosófico. O título refírese ó feito de que a tarefa do filósofo sempre queda sen fechar, e as súas reflexións nunca chegan ó final...



ALCOL Nº 29

Autor: **Alicia Díaz Balado**
202 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-126701-1-0

PVP.: **20 €**



Ao longo da novela, hai referencias a narracións propias da mitoloxía grega e do Antigo Testamento, ben modificadas en harmonía co relato ou ben respectando o seu sentido literal. Inclúense ademais certas profecías nadas arredor do século XII, atribuídas a personaxes históricos como o francés Xoán de Xerusalén ou a alemá Hildergarda von Bingen. Recóllense breves acontecementos maravillosos narrados no libro do Infante don Pedro de Portugal, o cal andou as catro partidas do mundo, atribuído a Gómez de Santestevan e datado no século XVI, e a toada que Ariadna recita na súa infancia é << Sur le pont d'Avignon", canción tradicional francesa orixinaria dese mesmo século...



OBRAS TEATRAIS COMPLETAS (2017-2023) Nº 30

Autor: **Amantia Coella Rodríguez**
241 páx. (130x210 mm.)
ISBN: 978-84-128122-6-8

PVP.: **18 €**



As seis pezas nadas neste libro son froito de diversos proxectos realizados por Amantia Coello cos grupos que traballou, nos últimos anos, e se ben foron creados coa xuventude, non teñen idade. Cada obra lévanos a unha atmosfera única, na que se propoñen temáticas que conectan a nasa realidade coa fantasía, os dereitos humanos, a memoria, a perspectiva de xénero, o pensamento crítico, o humor, a creatividade... mesturando o plano artístico co educativo, para regalar de quen queira construír a través do teatro.

Unha viaxe dos distópicos escenarios de Reset dominados polas tecnoloxías nunha civilización feita anacos.



A ILUMINACIÓN DO MAR. Nº 1

Autor: **Maximino Cacheiro Varela**

80 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 84-96259-33-1

PVP: **10 €**



Este poemario é un conxunto de *haikus* que crean un diálogo intratextual coa poesía galega do mar. Maximino Cacheiro ten tratado este tema noutros libros seus e agora lévanos aquí, en breves fragmentos, ao mar das cantigas galego-portuguesas, Manuel Antonio e outros referentes propios del. Certamente son estes pequenos poemas a canle axeitada para expresar este sentimento íntimo e infinito. O libro está ilustrado por Antolín Cacheiro Varela, irmán do autor.



RELAMPOS DO EXISTIR. Nº 4

Autor: **Maximino Cacheiro Varela**

144 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 84-96259-59-5

PVP: **12 €**



Con este poemario ofrécenos Maximino Cacheiro Varela "unha nova imaxe de si mesmo, máis triste ca nunca, coma o fulgor dun rescaldo que se vai apagando", en palabras da ensaísta María Poumier, que é autora do moi atinado limiar do libro. Son poemas que expresan o devir persoal do autor ao longo da súa historia existencial (exilio e volta a Itaca) en clave simbólica. A fermosura do libro tamén está resaltada grazas ás ilustracións de Antolín Cacheiro, irmán do poeta.



POEMARIO INQUEDANTE. Nº 2 PROSA POÉTICA CONTEMPORÁNEA

Autor: **María Reigosa**

84 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 84-96259-40-4

PVP: **10 €**



Con este poemario quere María Reigosa contaxiarnos a inquedanza do fenómeno poético. Chámanos a atención o subtítulo, pero entendemos todo o seu significado e valor semiótico cando rematamos a lectura destes poemas por onde esvara a tristeza, o paso do tempo como unha tarde de chuvia con *jazz* ou *blues* ao fondo, e aínda máis ao fondo unha Galiza difuminada na contemporaneidade. A miúdo os textos son case escénicos, guiados por acotacións, plenos de elipses e silencios que acompañan as diversas referencias musicais e artísticas (mesmo da cultura de masas e *pop art*) da autora.



ORFEU EN SOÑOS. Nº 5

Autor: **Ramón Blanco**

80 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 84-96259-80-3

PVP: **10 €**



Este libro presenta unha poesía de voz grave e clara, na que o seu autor Ramón Blanco aborda con profundidade temas tan delicados como o paso do tempo ou a paixón amorosa. As ilustracións que se amosan ao longo da obra están feitas por M. Reino.



A FACIANA DAS AUGAS. Nº 3

Autor: **Branca Vilela**


128 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 84-96259-57-9

PVP: **11 €**



Para definir a evocadora poética de Branca Vilela, podemos subscribir as palabras de Basilio Rodríguez Cañada, prologuista do libro: "E con aromas de vellas espadas, a nosa autora cae no insomnio dos poetas, aflixida pola dor da ausencia grita aos océanos os cen mil nomes secretos do desexo, permanecendo na alucinación do olvido ata máis alá do clarear. Ábrenos o diario dos seus sentimentos coa esperanza de entenderse, de que a coñezamos. Utiliza unha superficie de quebradas ondas para escorrer polas brancas sendas de lúas en cuarto crecente de ardor".



TAO TE KING. Nº 6

Autor: **Lao Tse**

Edición, tradución e notas: **Xosé Lois García**

152 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 84-96259-94-3

PVP: **11 €**



Tradución ao galego do milenar texto do Tao Te King, libro no que se recollen os saberes da filosofía taoísta, de gran repercusión na antiga China, e que participa de ideas baseadas na volta á orixe do individuo e da natureza que o acolle e que partía de tres forzas que se complementan entre si: a positiva, a negativa e a conciliadora. Con esta edición achégase ao lector galego unha versión tan interesante como as editadas noutros idiomas.


**APORÍAS DO TEMPO FUXIDÍO. Nº 7**

Autor: **Luciano Piñeiro**
160 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 84-96259-99-4

PVP: **11 €**



Rosalía e machado, sen merma da orixinalidade artística de Luciano Piñeiro, aparecen como sombras protectoras destes versos carcterizados pola desnudez, comunicación e esencialidade. Todo isto acompañado duns debuxos, representativos da vila de Muros, feitos por Chano Piñeiro.

**ANTOLOXÍA DOS POETAS GALEGOS EN CUBA. Nº 10**

Autor: **Xosé Lois García**
152 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-96673-41-0

PVP: **11 €**



Nesta antoloxía de poetas galegos en Cuba, Xosé Lois García presenta a catorce dos devanditos. Homes que tiveron a Galiza como referencia e fundamento dunha paixón patriótica que se manifestou na reiterada saudade que eles escolleron para o seu cántico.

Nas páxinas deste libro poderán ler os versos de Domingo Campio Devesa Naviero, Curros Enríquez, Ramón Armada Teijeiro, Fernando García Acuña, Manuel Lugo Freire, Eduardo Núñez Sarmiento, Alfredo Nan de Allariz, Ramón Cabanillas, Nicasio Vidal Pita, Roberto Blanco Torres, Xosé Rubinos Ramos, Xulio Sigüenza Reimúndez, Pedro Vázquez Rábade e Xosé Neira Vilas.

**NO IMO DO TEMPO. Nº 8**

Autor: **Xosé Lois García**
216 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-96673-24-3

PVP: **12 €**



O novo verso de Xosé Lois García aspira a ser unha reflexión sobre un sentimento que traspasa todos os poemarios do autor e constitúe o eixo central da súa poética.

Estamos a referirnos ao sentimento exílico que alenta por toda a obra deste autor. Móstranos outra forma, xa canónica, de exilio: a de aquelas persoas que sentíndose arredadas dos horizontes familiares, despatriados, refúxianse na súa propia conciencia para crear mentalmente, literariamente, unha patria e unha terra.

A poesía de Xosé Lois non é allea a este sentimento de orfandade que vai na procura dun fogar inexistente e que se ve na obriga de construílo por medio da palabra, da escritura.

**PÓRTICOS DO GOZO. Nº 11**

Autor: **Xosé Lois García**
144 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-96673-49-6

PVP: **11 €**



...este mangado de poemas de Xosé Lois García, umbilicais como a arte que este artifice proclama, ourive da palabra que se artella en percorridos breves ou longos segundo os camiños do alento que cando fálico, e como é a súa obriga, sementa e magnífica. A última aventura poética de Xosé Lois García é un exceso telúrico, unha gloria terreal que anda, corre e aínda voa nun proceso e progreso ascensional que nos fai sentir mellor nos arrabaldos ou arredores do gozo.


**POESÍA ANÓNIMA AFRICANA. Nº 9**

Autor: **Rogelio Martínez Furé**
Edición, tradución e notas: **Xosé Lois García**
152 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-96673-38-0

PVP: **11 €**



Rogelio Martínez Furé consagrou a súa vida á investigación étnica e folclórica das diversas manifestacións africanas con presenza en Cuba. Este libro traducido e anotado por Xosé Lois García amosa unha pequena parte do inmenso traballo realizado ao longo dos anos polo investigador cubano nado en Matanzas. Libro de poesía anónima que atopa nos cantos e nos ritmos o sentir comunal dun pobo.


**OLLADAS DUN INTRE DE AMOR. Nº 12**

Autor: **Alberte Suras**
104 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-96673-93-9

PVP: **10 €**



En Olladas dun intre de amor, o poeta percorreu un longo camiño e amósase máis dono dos seus medios expresivos. A paixón desbocada podemos dicir que incendia todo o volumen. Ese lume irremediable tamén, sen dúbida, queimará aos lectores. O libro ordéase en sete apartados, número que significa orde completo, período, ciclo e símbolo da dor. Olladas váisenos entregando como un poemas sinfónico, froito de fondas e vividas experiencias.


**POEMAS PORNOFÁLICOS. Nº 13**

Autor: **Xosé Lois García**
128 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-92792-04-7

PVP: **10 €**



A poesía pornográfica presenta natureza política. Por iso os poderes constituídos e as éticas tentan extingui-la hai séculos. Xosé Lois García explora un horizonte de autoconecemento, cunha voz sempre pronta a afrontar e escandalizar. Non é outro o camiño da liberdade.

**DO QUE NON FALAMOS. Nº 16**

Autor: **Gonzalo G. Velasco**
72 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-92792-46-7

PVP: **10 €**



Un libro de poemas nos que Gonzalo G. Velasco indaga na condición humana e no lirismo da voz poética. Unha poesía intimista que o mesmo autor define do seguinte xeito: Poesía / sumidoiro de vaidades / cortello de inquinas / eras ti / si / a que querías cambiar o mundo / con verbas arrogantes / e adxectivos manidos / para rematar cambiando tan só / tecidos mortos / por fibras sensibles / ansias non colmadas / impotencia, po e miseria.


**INCIVIL. Nº 14**

Autor: **Xoán Carlos Domínguez Alberte**
160 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-92792-20-7

PVP: **11 €**



En momentos nos que se reivindica a memoria colectiva de tempos tan duros semella que volvemos reencontrarnos cunhas inxedanzas poéticas tendentes cara á recreación e lembranza dos sucesos dos anos da guerra "incivil". Ten interese o autor en reivindicar unha compensación poética para todos/as os que sufriron a ignominia. A intertextualidade no poemario adquire unha importancia inusitada.


**ABSTRACTONAUTAS. Nº 17**

Autor: **Luis Santiago Vilanova Piñeiro**
96 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-92792-60-3

PVP: **11 €**



A poesía de Abstractonautas revela a condición etérea das pretensións humanas. Innovación, linguaxe poética que revirte nunha realidade incompreensible, mensaxes evocadoras son as notas que definen a transmisión dunha meta que xa unicamente atinxe á poesía, a de explicar unha realidade dende a abstracción intelectual que precisa o ser humano para dar sentido a canto o rodea.

**O LIVRO DE BARRO. Nº 15**

Autor: **José Alberte Corral Iglesias**
120 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-92792-27-6

PVP: **10 €**



Poemas duros que indagan nos sentimentos das perdas e das inxedanzas de persoas ás que afundi a imposición e a represión. Recuperar e expresar a memoria de tantos homes e mulleres anónimos aos que José Alberte Corral Iglesias lles devolve cando menos a palabra á que non tiveron nunca dereito.


**CANTOS DE DOCEDUME. Nº 18**

Autor: **J. L. Calvo**
98 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-92792-70-2

PVP: **11 €**



Do autor d' O negro leite da aurora, sobre Lois Pereiro. J.L. Calvo califícase neste libro como poeta esencialista, na busca da palabra precisa para expresar o sentimento. Un canto á dozura que non está ligado ao superficial, senón que indaga no máis fondo da condición humana para extraer a súa expresión, verbalizada, máis verdadeira.

**NO CASTRO. Nº 19**Autor: **Xosé Albete Alonso Fernández**

158 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-79-5

PVP: **13 €**

Nos versos de Albete hai algo de Ossian, bardo guerreiro escocés do século III d. C. que nos deixou un magnífico legado poético, algo de Armeguín, aquel bardo da tribo dos Milesios que segundo o "Leabhar Gabhghala" esconxurou o maleficio dos Tuatha de Dannan recitando un dos seus poemas podendo así desembarcar na verde Eirín, e tamén algo de Pandal o noso bardo nacional, o bardo das terras de Bergantiños e o home que mantivo a chama céltica nas súas letras. Pero fundamentalmente, os versos de Albete arrecenden a Atlántico e a Galicia, como se fosen pai e nai do que Albete plasmou neste libro que nos fai viaxar imaxinariamente de a calo das súas letras.


**A CHUVIA HUMANA. Nº 22**Autor: **Ramón Caride Ogando**

164 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-69-6

PVP: **11 €**

O poeta ourensán amosa certos conceptos formais nun temario sofisticado e estrito coque configura eses poemas sintéticos, cunha ovación expansiva que emite replandores desa fusión entre o poeta pensante e o poema filosófico que nos fai entrar nunha fase metafísica de poemas resumen que nos ofrenda o seu creador: "Nunca/ o silencio/ redime". Un poema que nos achega ao economicismo poético de Uxío Novoneyra.


**PINTALABIOS. Nº 20**Autor: **Ana Cibeira**

82 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-57-3

PVP: **11 €**

Pintalabios concíbese como un repertorio de artes en continua interrelación, de aí que as abondosas referencias á música, ao cine, á literatura, á moda ou á fotografía deveñan un intento de apropiarse das súas múltiples linguaxes para integralas nun todo máis completo: os poemas e as ilustracións que conforman este libro. Da mesma maneira, a boca está sempre en diálogo coa man, ese membro que delinea os labios, escribiu os versos e demostrou a súa mestría na arte plástica.

**DÉIXAME ANCORAR... Nº 23**Autor: **Yago Rodríguez Yáñez**

102 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-15400-12-7

PVP: **12 €**

O atinado título do libro, Déixame ancorar... permite entrever a humildade do poeta nesta primeira travesía, quen solicita e pregunta antes de zarpar para facer dos seus desexos realidade, para bicar beizos de ardentía. Versos que son todo cerca dende a raíz até os gromos, non teñen ápice de sámago, como as reboas novas que hoxe están a medrar para se converteren un día en rexos carballos.


**OS KILÓMETROS QUE PERCORREMOS DENDE AQUELA. Nº 21**Autor: **Alberte Momán**

178 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-99-3

PVP: **11 €**

As relacións humanas non son acontecementos illados na traxectoria vital dunha persoa, senón que se atopan expostas a todo tipo de influencias e agresións externas. Un entorno que en ningún caso nos é alleo e que condiciona o percorrido destas tres historias, que doadamente servirán de espello para o día a día das relacións persoais. Unha lectura próxima á que achegarse dende a propia experiencia.

**PEDRAS DE PLASTILINA. Nº 24**Autor: **Moncho Iglesias Míguez**

74 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-15400-76-9

PVP: **10 €**

O ferido poemario de Moncho, olla a Palestina coa arela de que aborte as bágoas, que xa non é nena de berce Palestina, nen mociña castrada, nen só irmá ou velada compañeira, nen nai sufrinte. Mirándoa ergueita onda os montes de Tur e el-Xeh en Galilea, de Guerzín en Nablus, das Oliveiras en Xerusalém, do Everest en Beit lala. Permanece ancoradano pasado para lembralo, o presente para vivilo, o futuro para devecelo. Escrebe en grandes letras negras, os nosos nomes, os nomes da nosas aldeas esperando que alguén os vexa e saiba quen somos. Entón veremos, Palestina, que por fin o bonito tamén é verdadeiro.



SOBRE O DESAMOR E OUTRAS MARICONADAS. Nº 25

Autor: **Ricardo de Barreiro**

72 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-15400-92-9

PVP.: **10 €**



Houbo un segundo onde me plantei tirarme de cabeza, conscientemente, incluso cos ollos ben abertos, non fora a perderme algún detalle polo camiño... E pensei en pintar paredes enormes, por acto reflexo, de xeito tan colorista como auto-didacta; pensei abrir en canal lenzos en branco con pintura vermella ou negra, e despois saborear o momento danzando cunha música axeitada...



MAR E LUME. Nº 26

Autor: **Maximino Cacheiro Varela**


140 páx. (105X165 mm.)

ISBN: 978-84-944314-3-2

PVP.: **12 €**



Mar e Lume é unha antoloxía de poesía que reflicte o imaxinario simbólico-poético dun ser a través do seu itinerario vital: o exilio, o amor, Barthus, Lezama, a autografía intelectual, así como haikus simbólicos do mar, das flores, da música con glosas poéticas a pintura, conforman a constelación metafórica e poética. Galicia latexa no inconsciente colectivo: a lentura da terra.



SERMO. Nº 27

Autor: **Xoán Paulo Jouvencel**

88 páx. (105X165 mm.)

ISBN: 978-84-944314-5-6

PVP.: **11 €**



Quen veña sendo, alí no saibo fondo, non sei.
Con quen aparelle os brazos meus ha me dar outro oco que se me fixe entre as paredes.

Debruzado ventre do tempo, cheira, gusta de mantras coma este que fai colono. Esgótame cando seña a hora, pero de aquí a alá déixame cos meus baleiros queridos e co medo que me producen os meus mortos vivos e polos que fun e tou sendo inda tan seguído.



ESCOLMA POÉTICA. Nº 28

Autor: **Paco Rivas**

146 páx. (105X165 mm.)

ISBN: 978-84-947719-1-0


PVP.: **12 €**



Esta Escolma realizada por Luís Alonso Girgado, reúne poemas de cinco libros de Paco Rivas publicados nestas últimas dúas décadas...

Estas son as obras: *Cantaruxos do meu mar e outras cantigas* (Follas Novas, 1999), *De tí perdidamente* (O Castro, 2002), *Entre Nois e Pena Orxal* (Concello de Foz, 2009), *Camiñante de Ningures* (Follas Novas, 2012), *Traca-Traco. 24 Cantigas de Nanar, un aloumiño e un arrollo* (O Cumio, 2015).

No remate, engádense un quíñon de poemas, inéditos uns, e outros tirados de escolmas, recitados, pregóns..., para o que foron escritos polo autor.



O CORPO EN EXTINCIÓN. Nº 29

Autor: **Xosé María Vila Ribadomar**

82 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-948341-9-6

PVP.: **12 €**



Resulta a súa unha escrita afinada en alicerces sentimentais e vivenciais que a dotan dunha forza expresiva especial, dunha intensidade moi característica, por veces gozosa, por veces fosca e dorida, como a vida mesma.



SPLEEN EN CATRO TEMPOS. Nº 30

Autor: **Arancha Nogueira**

54 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-948966-3-7

PVP.: **12 €**



É un canto a todas a historias de vida que se agochan na cidade, escondidas no tráfico, nas casas pequeniñas de alugueiro, nas pegadas da festa pola zona vella, nos amores fugaces de verán. Como unha reacción aos clásicos spleens da literatura romántica ou de principio de século, a melancolía das voces poéticas múltiples que protagonizan este libro mestúrase co sucio, coas pequenas cousas lindas, co animal, co paso do tempo, coa precariedade, co coidado.

Todas poderíamos ser parte deste spleen neses xestos tan íntimos e nosos que sen querer enchen de historias a cidade. Nese procurar acubillo nos paraugas das descoñecidas, nese chorarlle ás amigas que marchan, nese empoderamento de mañá de domingo, nesas cousas todas ás que nunca damos voz.

**MAR DE LA. Nº 31**

Autor: Xosé María Vila Ribadomar

100 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-120613-0-7

PVP.: 14 €



Reflicte o momento no que a pel muda pola la, e a vida se desfai en versos a medida que se vai tirando do seu fío.

Con pequenos versos crea grandes historias grazas a unha poesía visual coa que é capaz de tecer as súas vivencias na mente do lector cunha extraordinaria sensibilidade.

**VERSOS DO DESASOSEGO. Nº 34**

Autor: Ana María Barral

54 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-122541-0-5

PVP.: 10 €



Os "Versos do desasosego" son versos intimistas que xiran en torno á saudade, esa compañeira rosaliana e universal. A fugacidade da vida, a infancia e xuventude perdidas, a tristura, a soidade, a morte... Esa loita entre a alegría de vivir e a angustia de sabernos finitos e ter que deixalo todo.

**A AUGA DO LOBO. Nº 32**

Autora: Cristina V

80 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-120613-6-9

PVP.: 11 €



A auga do lobo é un poemario que transcorre entre o familiar e o salvaxe.

A resolución dunha conta pendente coa memoria da nenez e a desmemoria madreleña.

A auga do lobo é unha homenaxe aos avós, á sorte dunha herdanza que agora fai posíbel o camiño.

**TEMPO LÍQUIDO. Nº 35**

Autor: Paula Varela

76 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-122541-2-9

PVP.: 11 €



Libro de poemas dunha autora que comeza o seu camiño literario, na procura dun verso limpo e fondo. No cruce da paixón e do pensamento, da introspección máis sincera e na emoción máis pura. Un poemario dunha nova voz que dará moito que falar.

**DESCENDER POLA NÁDEGA DA MONTAÑA. Nº 33**

Autor: Ramón Sánchez

64 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-120613-9-0

PVP.: 10 €



A escuridade é o hábitat. O anonimato a premisa. Os que aínda non saben do seu fado acoden á chamada, entréganse á noite. E daquela ocorre. A correspondencia da carne faise improrrogable, obrigándoos a colidir. Entón procúranse os corpos, rebélanse as voces, mestúranse as linguas. E nese transo aboiarán ata que a cadencia do reloxo o esfarele todo.

Coa chegada da mañá muda a iluminación mais non o escenario. Talvez se revelen as formas e se nomeen os rostros, pero o argumento permanecerá intacto.

Non se profana aquilo que é de seu.

**MAR DE ESTEIRO E OUTROS POEMAS. Nº 36**

Autor: Ana Fernández

40 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-122541-8-1

PVP.: 10 €



Libro de poesía minimalista, cunha forte dose emocional, no que o detalle singular e as percepcións inmediatas da vida se convierten en iluminacións repentinas. Canto miúdo e humilde que observa un cotián inzado de delicadeza.

**AMOR DE NAI.** Nº 37

Autor: Mari Luz Balsa Rábade

58 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-123409-0-7

PVP.: 11 €



Amor de nai é unha homenaxe a unha gran muller, que foi e sempre será a expresión da bondade, o agrarimo e a tenrura; unha homenaxe a unha gran nai,

Hónrame enormemente ter a grandeza de ser a súa filla, e esta obra pretende ser un pequeno agradecemento a todo o que ela representou e representa na miña vida.

Os versos que compoñen estes poemas amosan a enorme dor e tristeza ocasionados pola súa perda; uns sentimentos que me axudan a superar as persoas máis achegadas, ás que quero agradecer o seu apoio. Esta obra pretende ser o espello da imborrable pegada que unha nai deixa para sempre na vida.

**NAMORADEIRAS.** Nº 38

Autor: Tania Yáñez Castro

104 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-123409-5-2

PVP.: 14 €



Esta antoloxía de noventa poemas de Tania Yáñez Castro lévanos a camiñar por momentos da vida: por un sendeiro cheo de emocións con pasos firmes e, ás veces, caídas...; unha aprendizaxe para seguir medrando. Eses silencios, pensamentos, humildes vivencias, sentimentos que tantas veces agochamos e están latentes...

**ANACOS DUNHA VIDA.** Nº 39

Autor: Esther Piñeiro

68 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-123922-1-0

PVP.: 12 €



Os poemas reflicten feitos vividos e amosan a soidade e tristura que sentiu, os seu amores, desamores, a seres moi queridos que foi perdendo ao longo do camiño... A súa familia, o seu piar máis importante, experimentou en tres ocasións as asperezas da emigración: primeiro seu pai, que emigrou a Francia, cando ela aínda non sabía falar ben e dicía que el estaba en "Fancha"; logo seu marido, ao ano de casar, quedando ela soa cun meniño; e recentemente, un dos seus fillos tivo que ir traballar fóra. Esas vivencias familiares tamén están plasmadas en Anacos dunha vida.

**UN PEIXE NA GORXA.** Nº 40

Autor: María González Cotel

90 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-124226-2-7

PVP.: 11 €



Esta contíneira, que escribe contos tanto en galego como en castelán, é tamén poeta. A poesía de María G. Cotel é unha especie de catarse mediante a cal canaliza as paixóns que dá a madureza. Non sempre todo é autobiográfico. O amor, o desamor, a beleza, un intre xusto... son a base da súa creadora.

**ESTÁS AÍ?** Nº 41

Autor: José Estévez López

50 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-124910-2-9

PVP.: 10 €



E o amor
foi morrendo
e non soubemos
ou non puidemos,
ou non quixemos,
facer nada por mantelo con vida.

E vivindo no silencio que inventamos nos nosos encantos de cuncha nacarada, aprendemos a non dar explicacións.

**BREVE CADERNO ADOLESCENTE.** Nº 42

Autor: Adrián Rodríguez Rancaño

64 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-125393-0-1

PVP.: 10 €



Coma o seu nome indica , este é un breve caderno adolescente . É o meu caderno , o cal existe de verdade , agochado nunha gabeta do meu dormitorio . Un caderno que naceu como elemento publicitario dunha coñecida marca de refrescos e que tratei de converter en algo máis . É o caderno dun rapaz que o comezou a utilizar na puberdade e que a día de hoxe , segue a nutrir cando a vida decide que é de recibo . Este libro recolle parte do traballo que agochan esas follas . Aquí están os poemas de alguén que reflexa en versos o seu paso cara á madureza , a través da intimidade e da crítica . Son as preocupacións de quen comeza a ser consciente do mundo no que vive e que termina por asentarse nel . Eis , o meu breve caderno .

**O ROUBO DO SOL. Nº 43**

Autor: **Diego Rojo Garrido**
50 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-125393-4-9

PVP.: **10 €**



Roubáronnos a luz e a calor. Quedáronnos as tebras. O tacto, o máis primario dos sentidos, permítenos movernos na escuridade e lévanos de volta á nosa primeira esencia coma mamíferos, ao contacto coa pel do Outro, esa lene barreira que separa o eu do ti e que, ás veces, se evascece para crear un espazo sen fronteiras, íntimo e sensual.

**A TEORÍA DA PEDRA. Nº 46**

Autor: **Senén Peleteiro**
65 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-127039-0-0

PVP.: **11 €**



Cal é o significante de toda obra? Que é o que aborrecemos de nós? Indubidablemente, todo aquilo que nunca poderemos dar. Segundo unha gratuidade que arremete con ser patolóxica, os efectos do medo na psique descolgan a verticalidade dos romances e orixinan, na súa completa innovación latexante, un remorso de seguros individuais, unha sorte de responsabilidades modernas. Unha Pedra, clarificada en orde e nun réxime único, compón no seu cavilar de árbores coma esqueletos desaguados unha Teoría chea de ocultación ideolóxica, de misticismo baldío, de terra de testo...Unha Teoría de experimentación depresiva na que somos nós, es ti e son eu, máis derradeiro có rexeitamento e máis vello ca deus entronizado.

**FIÚNCHO. Nº 44**

Autor: **Cristina Barreiro Fernández**
55 páx. (115x165 mm.)
ISBN: 978-84-125915-6-9

PVP.: **10 €**



Fiúncho vai da miña xente, de min, pero tamén de ti ou de calquera. A temática deste poemario é variada coma variados son os nosos problemas e vidas.

Seguramente te sentirás reflectido en máis dun poema, porque Fiúncho toca temas actuais, pero tamén outros que son os de sempre. Non hai ningún poema de amor romántico neste libro, aínda que o amor está na fondura de todos eles, porque acadada centos de formas.

**A VIDA NO CHAIRO. Nº 47**

Autor: **Martín Praga**
53 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-127039-2-4

PVP.: **10 €**



Entendía José Ángel Valente a poesía como a captura de momentos de realidade con fotografías feita de palabras. A vida no chairo é a compilación das olladas dun extranxeiro recollidas en innumerables paseos polas rúas dun barrio máxico e terrible no contexto dunha devastadora pandemia que tivo, como todo, un comezo e un final. As diferentes estampas aquí recollidas reflicten eses ciclos do cotián, das tradicións scaras e pagás, do nacemento e da morte, do eterno retorno do mesmo sen traxedia nin gloria.

**EU SON EU? Nº 45**

Autor: **José Estévez López**
58 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-126701-9-6

PVP.: **10 €**



Neste libro, creo que eu si son eu, despois de dar algunhas voltas.
Nos meus descoídos e nas miñas desganadas .
E nas miñas derrotadas.
E nas pequenas cousas.
E nas penas.
Un eu caducifolio, sen vocación de eternidade...

**O MAR QUE ME MIRA. Nº 48**

Autor: **Pedro Mayo**
89 páx. (105x165 mm.)
ISBN: 978-84-127039-1-7

PVP.: **11 €**



A vida é o que lembramos. É unha caixa chea de cartas anoadas do pasado, que neste libro collen forma de poesía. Nas follas, as historias vanse apegando unhas ás outras, cunha cola delicada e ás veces dura, o mar que nos mira, para formar un retrato que recende a pedra, a salitre, a chuva. Os poemas flutúan, ben no ar coma papaventos, ben no chan removidos polo nordés, ben na ribeira aboaiando na auga, co engado da sensibilidade e da sinxeleza, á espera de ser recollidos para ser gozados.



TODAS AS LÚAS DO ANO. Nº 49

Autor: **Xesús Afonso Parada Jato**

73 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-127489-5-6

PVP.: **10 €**



Este escritor e artista plástico courelaio iniciou a súa prolífica produción poética tras o pasamento do seu pai. Xesús Afonso Parada é un amante da liberdade que lle proporciona a poesía e da beleza dos tesos cumes silenciosos do seu Courel natal, que é, dende o 2021, Reserva da Biosfera da UNESCO e que volve plasmar neste novo poemario, Todas as lúas do ano, no que nos desvela as distintas lúas que se poden ver na paisaxe courelá.



XANA IRIARTE (AMALIA). Nº 50

Autor: **José Estévez López**

96 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-128497-0-7

PVP.: **13 €**



No pórtico das nosas almas (a miña alma abraza o teu corpo para borrar dunha puñada o medo ao sabor do amor verdadeiro) comentamos as novelas censuradas, o amor polo pasado, tamén Rosalía, Pondal...

No limiar de cada verso, antes de celebrar as primeiras caricias. [...]



DOUS OLLOS - UN NARIZ - UNHA BOCA.

Nº 51

Autor: **Ronsel Pan**

64 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-129628-0-2

PVP.: **11 €**



Crear realidades outras. Rostros que non existen. Retratos de non-retratos. Rostros que, se fosen xigantes, falarían co espectador-lector. Que lles din? Que os allen. Incluso que imaxinen que falan, que se volven reais, nun tempo de fantasía etérea. Que os interpelen. E todo, en silencio. No máis absoluto silencio dun libro.

Non son primeiros planos dun filme inexistente, que remiten ao real, son rostros en papel con pilot, que na túa imaxinación se poden volver xigantes. E que non poden existir na realidade.

Rostros minimalistas de rapazas ledas. Todas levan un sorriso. Sabemos o que expresan. Os xestos son transparentes. Os trazos exactos. A ledicia como factor común.

Retratos imaxinados que non se realizan desde o real. Non son reproducións, senón creacións. Non os poderemos ver no mundo só no libro.

letra inversa



O CEMITERIO DE SANTA MARÍA A NOVA

Autor: **Álvaro de las Casas**

Edición: **Xepe Torres**

190 páx. (120x160 mm.)

ISBN: 84-87848-00-1

PVP: **12 €**



«Entrañablemente emocionado dedico este libro ós meus carísimos alumnos no Instituto de Noia: uns axudáronme co seu esforzo, outros alentáronme coa súa fe. En todos eles vin esperanzas vizosas nas que acredito o mellor do meu labor diario. Nelles está, como depósito sacro, a sorte dunha Galicia nova que xuntos soñamos a coñecer, sen esmorecementos.

Que andando os anos, cando eu xa sexa vello e estes rapaces de hoxe sexan homes, sirvan estas páxinas de lembranza amable, xenerosa e fecunda. Sexan para eles unha pobre lección de clase, dita cando xa non se pode dicir».

(CITA DE ÁLVARO DE LAS CASAS)



APUNTES HISTÓRICOS SOBRE A VILA DE NOIA. Nº 1

Autor: **Clodio González Pérez**

76 páx. (120x160 mm.)

ISBN: 84-89129-91-6

PVP: **9 €**



Clodio González Pérez recupera varios textos inéditos de tres eruditos que tentaron facer a primeira historia de Noia: Juan Henríquez Ossorio, Eugenio Reguera Pardiñas e Alberto Campero.

Estes manuscritos –que actualmente se atopan no Archivo Histórico Nacional (Madrid)–, pertenceron ao pontevedrés Reguera Pardiñas, que traballou durante moitos anos compilando material para realizar un Vocabulario galego-castelán e unha Xeografía e Historia de Galiza. A súa prematura morte en 1866 –cando contaba tan só 60 anos–, non lle permitiu rematar estes dous ambiciosos proxectos.



MECO-MORO-AGUDO. Nº 2

Autor: **Frei Martín Sarmiento**

Edición: **Clodio González Pérez**


44 páx. (120x160 mm.)

ISBN: 84-95622-29-7

PVP: **9 €**



Edición facsimile deste rarísimo folleto aparecido en Madrid no 1795 que se refire ao misterioso personaxe que fixo mil falcatrúas, sobre todo no Grove, onde rematou pendurado dunha figueira. Na época de Sarmiento, que a un galego se lle preguntara polo perdón do Meco, algo que acontecía en Madrid e Lisboa, era unha aldraxe do mesmo significado que considerar aos avós dos galegos como cornudos e ás avoas unhas «fáciles».



A CARQUEIXA. Nº 3

Autor: **Frei Martín Sarmiento**

Edición: **Clodio González Pérez**

62 páx. (120x160 mm.)

ISBN: 84-95622-40-8

PVP: **9 €**



Este pequeno opúsculo foi o traballo do P. Sarmiento máis editado, polas extraordinarias virtudes curativas da carqueixa, que –malia que algunhas xa eran coñecidas– non hai dúbida el sería o grande divulgador, tanto dende a cela como por medio de escritos, sobre todo entre os eclesiásticos e aristócratas que vivían en Madrid. O texto acompañase dun traballo de investigación de Clodio González Pérez sobre o labor do P. Sarmiento como botánico.



CATÁLOGO DE LIBROS DE FREI MARTÍN SARMIENTO. Nº 4

Autor: **Frei Martín Sarmiento**

Edición: **Henrique Monteagudo**

136 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-66-1

PVP: **10 €**



É proverbial a teimuda negativa de Martín Sarmiento, un dos escritores máis prolíficos da España dezaoitosa, a dar publicidade aos seus escritos. Unha actitude que non conseguiu, embora, que morosamente fosen escoando á luz pública modestos retrinco que, mal que ben, permitían albiscar a riqueza do conxunto. Un deles é a peza que presentamos, e nela queda patente que se ben Sarmiento permanecía enrolado na «Confraría dos finados antes da invención da imprenta», non é menos certo que a súa paixón polos libros o convertía en membro sobranceiro, e moi notorio, da Confraría rival, a dos vivos amadores dos prelos.



CIUDAD DE VIGO. VILLA DE BOUZAS. Nº 5

Autor: **Francisco Ávila y La Cueva**

Edición: **Clodio González Pérez**

120 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-88-2

PVP: **12 €**



Como vén sendo habitual, Clodio González rescata dos arquivos unha nova peza que engadir ao quebracabezas da nosa cultura. Esta vez fai unha edición da que se pode considerar unha das primeiras historias de Vigo e arredores, redactada no século XIX por Francisco Ávila y La Cueva. A pesar de ser descoñecida para o gran público debido ao seu ineditismo, dela beberon desde o primeiro momento os estudiosos que se ocuparon de contar a Historia desta cidade, xa daquela «distinguida y célebre», en palabras do propio Ávila.



DESCRIPCIÓN DO REINO DE GALICIA. Nº 6

Autor: **Bartolomé Sagrario de Molina**

290 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-98-X

PVP: **15 €**



Libro curioso non só pola súa antigüidade senón polo seu contido e forma métrica. O seu texto en fermosa letra gótica xunta un verso e unha glosa nun impreso que consta de cinco partes ensalzando os loores e magnificencias de Galiza. As glosas que se engaden ao verso en cento oitenta planas das trescentas que ten o libro complementan aqueles aspectos narrativos que a métrica e a forma do verso permiten.



RELACIÓN DALGUNHAS CASAS E LIÑAXES DO REINO DE GALIZA. Nº 9

Autor: **Vasco da Ponte**

Edición: **Clodio González Pérez**

179 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-03-8

PVP: **12 €**



A Relación ou Nobiliario de Vasco da Ponte constitúe unha obra senlleira na que ademais das árbores xenealóxicas das principais familias nas últimas décadas do século XV e primeiras do XVI, tamén refire os sucesos acaecidos nunha das épocas máis convulsas da nosa historia, entre finais da Idade Media e inicios da Moderna.

Edición a cargo de Clodio González Pérez.



CANTO PATRIO OU PONTEVEDRA. Nº 7

Autor: **Hermenexildo Amoedo**

Edición e tradución: **José R. Couto Fariña**

166 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-65-X

PVP: **11 €**



Este libro procura ordenar un material confuso en moitas ocasións e controvertido case sempre, referente á biografía de Hermenexildo Amoedo (1747-1811) e á súa obra, o *Carmen Patrium*. José R. Couto Fariña aborda a ordenación e esclarecemento dalgun dos aspectos máis discutidos da vida de Hermenexildo Amoedo. Ao mesmo tempo, presenta unha edición que permite a lectura do *Carmen Patrium* nas mellores condicións posibles. Poténciase tamén o carácter didáctico da obra, como elemento esencial para coñecer o pasado de Pontevedra, e reivindicase para a cidade a figura e a obra de Amoedo.



VOLVORETAS. Nº 10

Autor: **Alberto García Ferreiro**

Edición: **Justo Calviño Cruz**

546 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 979-13-991592-4-0

PVP: **22 €**



O autor de *Volvoretas* foi un dos máis distinguidos intelectuais galegos da súa época; hoxe en día, tratado inxustamente e case como un descoñecido. Escribir sobre Alberto García Ferreiro é facelo sobre un dos homes máis sobranceiros das dúas últimas décadas do século XIX en Galicia; alguén que transcendeu ao seu tempo e ao que convén recuperar, máis pronto ca tarde, para o coñecemento de tantos galegos que até agora xamais oíron falar deste ilustre ourensán, intelixente e elocuente avogado, magnífico orador, prosista de calidade e inspirado versificador; ademais de político progresista, liberal e rexionalista; así como loitador social incansable.



ANTIGÜIDADES DE GALICIA. Nº 8

Autor: **Ramón Barros Sívolo** 224 páx.

(150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-33-5

PVP: **14 €**



Este novo número da colección *Seitura* é unha tradución ao galego da obra de Ramón Barros Sívolo, publicada en 1875. Obra rescatada para un mellor coñecemento do noso pasado histórico, que neste caso se remite ata os inicios da nosa era, os tempos dos pobos castrexos e a chegada dos romanos, coa súa posterior repercusión na vida dos nativos galegos.

Nestas páxinas se nos presenta un estudo científico de campo sobre as antigüidades de Galiza, onde se aunan no mesmo texto de forma sinxela e amena as fontes clásicas e os profundos traballos arqueolóxicos efectuados polo seu autor.



Ilustración reproducida no libro *Antigüidades de Galicia*.



RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

Autores: **Elixio Villaverde García**
e **X. Amancio Liñares Giraut**

144 páx. (160x230 mm.)

ISBN: 84-87848-05-2

PVP: **13 €**



Ramón Martínez López foi un dos «bos e xenerosos» do seu tempo. Membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, tivo sempre a Galiza no honrario de traballo, na xornada de cada día. Levou consigo a inxedanza constante dun nobre afán de traballar polo ben da súa Terra.

Pertenceu ás Irmandades da Fala, exerceu a docencia en varios lugares, principalmente en Lisboa, e a Guerra Civil obrigouno ao exilio, chegando a ser profesor na Universidade de Austin (EE.UU.), onde se xubilou.



INVESTIGANDO NA VILA Didáctica da xeografía urbana

Autor: **Pedro García Vidal**

160 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-604-6151-3

PVP: **12 €**



Ao longo deste libro, e tendo en conta a grande cantidade de temas que se poden tocar referentes ao mundo urbano, pretendemos proporcionar un modelo de achegamento a dita temática, mover á reflexión sobre a importancia da análise urbana e propiciarlle a sensibilidade cara actitudes positivas con vistas a abordalos problemas que afectan ás poboacións urbanas.

Interésanos proporcionar instrumentos de análise e bagaxe conceptual apropiados para analizar a realidade complexa e variada que son as nosas vilas.



O HOME E O ESTADO EN HOBBS Antoloxía de textos do Leviathan

Autor: **Celso Goldaracena del Valle**


144 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 84-87848-04-4

PVP: **10 €**



A lectura dos textos clásicos, podemos dicir, case sempre supón unha experiencia sumamente enriquecedora, unha forte reflexión e profundización máis que un simple exercicio de erudición. E mais, como nos di Bobbio, para non nos enganar polas aparencias, nen ser inducidos a crer que cada dez anos a historia comeza de novo, é preciso ter moita paciencia e saber escoitar as leccións dos clásicos.



DIDÁCTICA DA HISTORIA ANTIGA E MEDIEVAL DE GALICIA

Autor: **Xerardo Agrafoxo Pérez**

196 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-60461-50-5

PVP: **14 €**



Xorde este libro partindo do feito de que o estudo da Historia proporciónalle ao alumno a capacidade para comprender os distintos cambios sociais, favorece as súas aptitudes de análise e síntese, a posibilidade de formulación de hipóteses e o desenvolvemento da curiosidade e interese mediante a exploración e a investigación.

Esta Unidade Didáctica pretende aproximar o mundo desta época á realidade sociolóxica do alumno de Ensino secundario, baseándose nunha filosofía de traballo que establece que toda estratexia didáctica debe partir dun profundo estudo dos procesos psicolóxicos implicados na mesma acción da aprendizaxe.



DIDÁCTICA DA PREHISTORIA DE GALICIA

Autor: **Xerardo Agrafoxo Pérez**

128 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-87848-03-6

PVP: **10 €**



Antes de determinar cáles son os puntos básicos da liña de aprendizaxe empregada para establecer unha estratexia apropiada no intento de aproximar o mundo da prehistoria á realidade sociolóxica do alumno, coidamos que é de interese fundamental indicar, para que a Historia? ou qué tipo de principais obxectivos debe comprender un adecuado ensino das pegadas culturais deixadas polo home dende as épocas máis remotas.



EN SOCIEDADE: CAVILEMOS E FAGAMOS Materiais didácticos de Filosofía

Autor: **Francisco Martínez Bouzas**

156 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-03-7

PVP: **13 €**



En Sociedade é o primeiro dos volumes que co título xenérico de «Cavilemos e Fagamos» fornecen ao ensino secundario de materiais didácticos de Filosofía estruturados en cadernos que abordarán contidos de Antropoloxía, Coñecemento, Acción produtiva, Moral, Estética, Sociedade, etc. escritos cada un deles por distintos especialistas e coordinados, no seu conxunto, polo Grupo Azo.



Sobre Integrais

Autor: **Antón Labraña Barreño**
e **Manuel Rodríguez Mayo**

156 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-04-5

ESGOTADO



Este libro deseñase como un material de consulta e traballo no que, ademais dos aspectos formais, considéranse os intuitivos, de xeito que o estudio das integrais se enche de significado nunha secuencia de procesos que tenden a resolver problemas que se atopan nas orixes da teoría, a despexar incógnitas que o propio desenvolvemento presenta, ou a decidir sobre a veracidade de conxecturas que xurdirán como froito dunha posición creativa na aprendizaxe.



Aproximación Didáctica á Obra de Antón Avilés de Taramancos (2ª edición)

Autores: **Xosé Agreló** e **Pilar Sampedro**


120 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-53-X

PVP: **11 €**



Con este libro queren os autores render unha homenaxe de admiración e cariño ao finado poeta e amigo «Avilés de Taramancos», aproximando a súa figura e a súa obra aos máis novos, alumnos de secundaria e bacharelato.



Gráficas e Funcións

Autor: **Antón Labraña Barreño**

196 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-02-9

ESGOTADO



A contextualización das funcións en situacións que poidan resultar próximas ou alomenos recoñecibles para alumnos e alumnas é, posiblemente, un recurso de grande eficacia para fomentar neles o interese por aprender. Permite, ademais, abordar o seu estudo dende a perspectiva da construción de modelos para a representación e análise desas situacións, o que non só o completa extendéndoo ao ámbito das aplicacións, senón que o xustifica.



En Son de Paz

Propostas didácticas para as aulas

Autor:

Seminario Galego de Educación para a Paz

494 páx. (170x240 mm.)


ISBN: 84-89129-18-5

ESGOTADO



Este Guieiro Didáctico para as aulas pretende poñer á disposición do profesorado e do alumnado unha variedade de propostas didácticas relacionadas coa Educación para a paz.

Contempla os distintos aspectos de dereitos humanos, marxinação, medo na escola, inmigración, tolerancia e ecopacifismo e entra de cheo nos contidos transversais, aos que tanta importancia lles atribúe a Reforma Educativa.



Didáctica da Historia Moderna de Galicia

O antigo réxime

Autor: **Xerardo Agrafoxo Pérez**

212 páx. (170x240 mm.)


ISBN: 84-89129-13-4

PVP: **14 €**



Esta *Didáctica da Historia Moderna de Galicia* pretende achegar esta determinante época histórica á realidade do Ensino Secundario e Bacharelato trazado polas novas directrices psicopedagóxicas deseñadas na actual «Reforma Educativa».

Este estudio ofrece unha nova visión sobre os acontecementos históricos que afectaron á nosa terra mergullada noutra realidade política inaugurada polo intento dos Reis Católicos de crear o Estado Nacional.



A Educación Física na Primaria (1º ciclo)

Autor: **Araceli Bugallo Otero e outros**

236 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-06-1

ESGOTADO



É este o primeiro libro dos tres que conforman a obra *A Educación Física na Primaria: Proxecto curricular e sesións de traballo*. Os autores son un grupo de mestres/as especialistas en Educación Física que, hai varios anos, formaron un seminario coa finalidade de crear todo o material curricular de E.F. para Educación Primaria adaptado ás necesidades existentes nos centros de ensino.



A EDUCACIÓN FÍSICA NA PRIMARIA (2º ciclo)

Autor: **Araceli Bugallo Otero e outros**


226 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-07-X

ESGOTADO



O proxecto curricular e sesións de traballo da Educación Física do 2º ciclo da Primaria é o contido desta obra, que, como as outras dúas, foi creada pola carencia de especialistas desta disciplina nesta etapa do ensino, o que obriga a que moito/-as mestres/as teñan que impartir a área sen teren ningún tipo de material aplicable de xeito inmediato.



A EDUCACIÓN FÍSICA NA PRIMARIA (3º ciclo)

Autor: **Araceli Bugallo Otero e outros**


236 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-08-8

ESGOTADO



Este libro pecha a triloxía da Educación Física na Primaria, na que os autores presentan unha orientación sobre: Proxecto curricular, sesións, recursos e materiais, sistemas organizativos e tamén unha avaliación continua de tódolos contidos.



DIDÁCTICA DA HISTORIA CONTEMPORÁNEA DE GALICIA

Autor: **Xerardo Agrafoxo Pérez**

212 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-31-2

PVP: **15 €**



Aparece este libro baixo o obxectivo de ofrecer unha ampla visión sobre o panorama contemporáneo da Historia de Galiza e completar o estudo desta transcendente época mediante o apoio dun Corpus Didáctico.

Dividida en tres grandes temas (*Galicia no século XIX, A época da Restauración en Galicia e Galicia dende a Segunda República á Democracia*), a obra pretende explicar os acontecementos históricos dunha maneira global e causal, tendo en conta os principios psicopedagóxicos establecidos na Reforma Educativa para o Ensino Secundario e Bacharelato.



A EXPRESIÓN ORAL A TRAVÉS DOS TEXTOS LITERARIOS

Autor: **VV.AA.**

110 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-27-4

ESGOTADO



A linguaxe oral debe considerarse algo máis ca un camiño para a aprendizaxe da lectura e a escritura, por iso pensamos que é necesario traballala como unha fin en si mesma sen esquecer a súa interrelación coas outras áreas.

A linguaxe oral é o principal vehículo de interacción social, e o instrumento esencial de comunicación humana, xa que, a diferenza da linguaxe escrita, presenta unha maior frecuencia de uso.

O primeiro vehículo esencial de comunicación que ten o neno é a linguaxe oral, sons que pouco a pouco vai precisando ata chegar a formar unha linguaxe verbalizada.



LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 1º Bachillerato

Autor: **Simón Valcárcel Martínez**


500 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-28-2

PVP: **22 €**



En *Lengua castellana y literatura*, a gramática segue un tratamento practicista que persegue a mellor utilización da lingua como instrumento de comunicación. Todas as actividades dos libros posúen unha intencionalidade ben definida: operatividade pedagóxica, amenidade, variedade e cantidade, dentro da nosa consolidada vocación de contribución a unha ensinanza de calidade.



LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 2º Bachillerato

Autor: **Simón Valcárcel Martínez**

472 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-63-0

PVP: **20 €**



Este texto é a continuación temática de 1º de Bacharelato. Respectando os criterios de traballo, este libro completa o percorrido pola lingua e a literatura española baixo un enfoque practicista e pedagóxico. A claridade e utilidade didáctica son procedementos para que o alumno consiga e domine mellor o seu código de comunicación, e dende esta convicción confeccionamos este libro que desexamos sexa útil e ameno a profesores e alumnos.



GANDHI **Vida, obra e pensamento**

Autor:

Seminario Galego de Educación para a Paz

340 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-52-5

ESGOTADO



«Penetrar na figura de Gandhi foi, para min, o mesmo que mergullarme no océano... demostrou como a coherencia do pensamento coa obra pacifista e non-violenta vai alén de catro grandes enunciados e debe reflectirse no cotián, en todo o cotián... Por si propio e pola aplicabilidade do seu pensamento e, mesmo da súa obra, GANDHI amosouse plenamente vixente. Non só iso, é útil e necesario para todos nós».



EDUCAR PARA A PAZ DESDE O CONFLICTO

Autor:

Seminario Galego de Educación para a Paz

270 páx. (140x210 mm.)

ISBN: 84-89129-68-1

ESGOTADO



Calo segue fiel ao seu modelo de traballo e dedica máis da metade do seu rabuloso libro ás dinámicas, que son unha invitación expresa á participación a moverse, a romper coa pasividade, a xogar: xogos cooperativos para desenvolver a confianza, a autoestima..., xogos de roles, o barómetro de valores, as dramatizacións, o teatro de sombras, os contos, a análise de textos, o estudio de casos..., desde un enfoque socio-afectivo. Todo un impresionante catálogo de actividades prácticas para desenvolver na aula, nos grupos de traballo, na animación sociocultural...



A TOLERANCIA

Autor:

Seminario Galego de Educación para a Paz


154 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-16-9

ESGOTADO



A análise de que é a tolerancia, como se xera a actitude contraria e cales son os mellores formas de educar cidadáns tolerantes, xa desde a base da súa formación, así como a vinculación entre tolerancia, vida democrática e sociedade de dereito, son algúns dos grandes temas enfocados pola obra que, sen dúbida algunha, terá bo eco entre pedagogos, psicólogos e outros profesionais da educación, pero que está destinada a un público moito máis extenso.



DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

Autor:

Seminario Galego de Educación para a Paz


28 páx. (60x100 mm.)

ISBN: 84-89129-24-X

ESGOTADO



O 10 de Decembro de 1948 foi aprobada a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Este código univesal de dereitos, de desexos e aspiracións para a maioría da poboación mundial, que aprobara a Asemblea Xeral das Nacións Unidas hai máis de cincuenta anos, segue a ser un ideal máximo da Humanidade porque non podemos esquecer que a dos dereitos humanos é tamén a historia da súa violación.



SETEMORROS E OUTROS CONTOS

Autor:

Seminario Galego de Educación para a Paz

188 páx. (170x240 mm.)


ISBN: 84-89129-40-1

ESGOTADO



Calo Iglesias é unha persoa entrañable. Polo tanto, os contos reunidos neste interesante volume son, coma el, entrañables, pero intensamente críticos. Un sente, ao introducirse no universo tecido pola palabra poética de Calo, a ledicia de estar nun mundo de alma rodariana...

Contos curtos cargados de ironía, pequenas obras teatrais ategadas de humor, poemas nados do poder evocador da imaxe. Literatura que está a flor de pel, na súa e na das persoas que senten con el a maxia da palabra sincera.



PROXECTO CURRICULAR E UNIDADES DIDÁCTICAS DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

Autor: **Maria Potel e outros**

166 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-66-5

PVP: **10 €**



Legisla a superación de todo tipo de discriminacións por razón de sexo, raza, relixión... que se viñeron exercendo ao longo da Historia. Propón como base da educación á PERSOA; como fin o seu desenvolvemento persoal e como procedemento o desenvolvemento de tódalas capacidades a través das distintas Áreas Curriculares.



CULTURA CLÁSICA. **A dimensión cultural do tempo**

Autor: **José Manuel Pérez Fernández**


80 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-85-1

PVP: **10 €**



Este pequeno opúsculo é un exemplo do que o seu autor entende por cultura clásica, é aquel fenómeno cultural que, comezando en Grecia e Roma, perdura no mundo actual caracterizando a maneira de ser colectiva de Europa, e en xeral de Occidente. Nese sentido, o tratamento do tempo na nosa civilización posúe unha dimensión cultural tan peculiar que nos engancha directamente coas orixes gregorromanas.



O ACUARIO MARIÑO DE LITORAL

Autor: **Amado Barrera Herrero**


94 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-96-7

PVP: **10 €**



Tanto as posibilidades didácticas que ofrece un acuario mariño coma os momentos de ledicia e de entretemento son ignorados na maior parte dos centros de ensino e na práctica totalidade das casas particulares pola sinxela razón de que a súa instalación e mantemento semellan demasiado complicados. Pois ben, o presente traballo, froito de moitos anos de experiencias, descubre os segredos para que tanto uns coma outros poidan dispoñer, SEN COMPLICACIÓNS, do seu propio Acuario Mariño de Litoral.



CONTOS DA GALICIA ROMANA

Autor: **Fernando Lillo Redonet**

78 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-98-3

PVP: **9 €**



Contos da Galicia Romana propón un novo xeito de coñecer a romanización da nosa terra. A través de relatos ficticios, pero baseados sempre nas fontes históricas, literarias e arqueolóxicas, aprendemos os principais aspectos da conquista e da romanización de Galiza. Nestes contos seguimos a Teucro no seu regreso dende Troia ata a ría de Pontevedra, introducímonos no castro de Santa Tegra da man dun lexionario romano, acompañamos a Xulio César na súa expedición contra os herminios, asistimos á tráxica sorte dos guerreiros do Monte Medulio, visitamos a cidade de Lugo no tempo dos romanos e contemplamos a enxeñería romana para a extracción do ouro nas minas das Médulas.



GRANDULLÓN. O XIGANTE ABUSÓN

Autor: **Seminario Galego de Educación**

para a Paz

132 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-88-6

ESGOTADO



Velaí unhas peñiñas de teatro infantil ben xeitosas coas que Calo Iglesias vén complementar o seu labor de educador comprometido e incansable a prol da paz. Se xa no seu momento ten el impulsado iniciativas e medios de expresión dirixidos a outros grupos de idade, non deixou de pensar en que había que coidar aos máis pequenos, e tratar de imbuír nelas –contrarrestando medios deseducadores e ambiente social negativo– as ideas de cooperación, de solidariedade, de defensa da natureza e de resolución dos conflitos mediante o diálogo.



ACCIÓN TITORIAL

Autor: **Seminario Galego de Educación**

para a Paz


196 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-17-3

ESGOTADO



Fronte á situación actual do ensino, ao progresivo deterioro «ambiental» e aos diversos factores que xeran influencias sobre isto, cómpre unha reflexión do profesorado sobre o cambio do seu papel no proceso do ensino-aprendizaxe, a súa concepción do ensino secundario no principio deste século, cómpre mesmo unha auto-critica repasando a funcionalidade pedagóxica do seu traballo de cara a educar e non só instruír, de cara a estimular o pensamento creativo e non só favorecer unha aprendizaxe pasiva do alumnado.



ASTRONOMÍA PRÁCTICA E OUTRAS COUSAS

Autor: **Ramón Vilalta López**


244 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-76-2

PVP: **14 €**



Gracias ao estudo dos astros hoxe podemos coñecer e entender algo máis o mundo no que vivimos, disfrutar da súa observación e soñar ou imaxinar outros mundos. Sabe que non somos o centro do Universo, que viaxamos a bordo dun planeta xunto a unha estrela vital para a nosa vida, pero unha máis de tantas que hai no Universo. Este libro pretende presentar, na medida do posible, algunhas claves do coñecemento científico particularizado na astronomía e xeralizado ás ciencias físicas, salientando a dimensión histórica da formación científica e reivindicar este coñecemento como un elemento cultural máis, igual que calquera outro.



MATERIAIS DE AULA DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA PARA E.S.O.

Autor: **VV.AA.**

418 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-35-1

PVP: **18 €**



Recopilación de textos, imaxes, artigos de prensa, etc., que poden ser utilizadas para a elaboración de secuencias de ensinanza-aprendizaxe, adaptadas ás características do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. É unha proposta arredor duns contidos e principios metodolóxicos susceptibles de seren adaptados polo profesorado segundo o seu estilo didáctico.



FRANCISCO AÑÓN: APROXIMACIÓN DIDÁCTICA

Autor: **Pilar Sampedro, Santiago Nieto e Ramón Blanco**


140 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-69-2

PVP: **10 €**



Esta aproximación didáctica ao poeta outense Francisco Añón Paz, un dos precursores do noso Rexurdimento, xorde da necesidade de achegármonos aos nosos escritores a modo de transversal que percorre os contidos educativos. Nace da inquietude polo coñecemento dos que son a esencia dos lugares, aqueles que lle poñen nome ás nosas rúas ou dos que imos recoñecendo rastros e restos. Os autores pretenden levar a Añón ás aulas, aproximarnos a esa literatura máis familiar, pero tamén a esa educación dispersa que constitúe a cultura, o que os levou a facer finca pé no paso entre o mundo do coñecemento e aquel outro non pautado.



Vidas paralelas A ARTE Ó SERVICIO DO PODER

Autor: **Alexandre-Augusto**

Autor: **Xoán Bernárdez Vilar**


106 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-26-2

PVP: **10 €**



Este traballo exemplifica a enorme similitude entre as vidas de Alexandre o Grande e Octavio César Augusto, que Plutarco nunca comparou. Na obra móstrase como o primeiro foi tomado como modelo polo emperador romano, así como as sorprendentes connotacións que se poden atopar non só nas traxectorias persoais de ambos, senón en algo en aparencia tan distante como é a arte por eles propiciada.



FILOSOFÍA E CIDADANÍA. 1º Bacharelato.

Autor: **José Manuel Souto Rodríguez**

224 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 978-84-92792-14-6

PVP: **15 €**



A materia Filosofía e cidadanía ten como dobre obxectivo, por unha banda, chegar aos alumnos e alumnas de 1º de Bacharelato o saber filosófico como expresión da racionalidade, e que coñezan as ideas fundamentais sobre a dimensión antropolóxica, ética, social e política do ser humano; e, por outra, que, respecto aos temas tratados, analicen e comenten textos, reflexionen criticamente, dialoquen, debatan, argumenten, expoñan con claridade e rigor, e se doten dun vocabulario especializado de carácter básico. O presente libro de texto pretende cubrir ambos obxectivos.



CINE PARA CONVIVIR

Autor: **Manuel Dios Diz**


334 páx. (210x210 mm.)

ISBN: 84-8495622-15-7

ESGOTADO



No contexto dunha sociedade plural na que a comunicación a todos os niveis –e a imaxe animada dunha maneira especial– ten unha repercusión social que está alén de toda discusión, aparece a obra concebida por Manuel Dios Diz baixo este título tan suxestivo. O autor desta obra presenta un número urxente de materiais que poden ser aplicados a moitos diversos niveis educativos e que permite unha comprensión do mundo, e unha educación interpretativa, a través dos grandes filmes.



HISTORIA DA FILOSOFÍA. 2º Bacharelato.

Autor: **José Manuel Souto Rodríguez**

208 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 978-84-92792-15-3

PVP: **14 €**



A materia Historia da Filosofía de 2º de Bac. ten como obxectivos fundamentais coñecer e comprender os problemas filosóficos fundamentais que ocuparon aos filósofos ao longo da historia e recoñecer a súa transcendencia para a comprensión do mundo actual, ler e comentar criticamente textos filosóficos, assimilar comprensivamente e utilizar os conceptos filosóficos máis importantes, analizar e expoñer adecuadamente, de modo oral e escrito os problemas e as teorías filosóficas estudadas, prestando especial interese ao rigor conceptual e lóxico. E estes son tamén os obxectivos do presente libro de texto.



HISTORIA DA FILOSOFÍA PARA A SELECTIVIDADE.

Autor: **Benito Arbaizar Gil**


368 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 978-84-92792-48-1

PVP: **21 €**



O profesor Benito Arbaizar ofrece neste libro un material sistematizado e adaptado á realidade das probas de selectividade de Galicia. Un percorrido pola historia da filosofía occidental a través dos textos e autores máis representativos e requeridos para as devanditas probas. Material de traballo para as aulas de moita utilidade para o alumnado que se inicia nesta materia.



Pintura de Xoán Balboa, cedida pola Asociación Galix para a portada *Educar para a paz desde o conflito* (frag.)

**FASCINIO**Autor: **Chus Pato**

100 páx. (170x240 mm.)

ESGOTADO

A presenza constante dun eu lírico, marcadamente feminino, serve de elo entre a multiplicidade temática dos poemas e confírelle ao libro certo carácter unitario que ademais é subliñado por elementos extratextuais como poder ser a cuberta, obra de Mariá Ruído.

É este un libro emocional, de paixóns evocadas, sorprendente e orixinal.

**RIVEIRA****Guía urgente pero apasionada**Autor: **Carlos García Bayón**

112 páx. (120x170 mm.)

ISBN: 84-89129-45-2

ESGOTADO

Este libro danos unha intensa e extensa visión de Riveira a pesar de consideralo o autor de «apresurado», aínda que engada para mellor calificación de «apaixoados». E vemos desfilar polas páxinas, sucintamente, a súa vida, a súa historia, as súas terras, os aconteceres e lugares máis sobresaíntes para que o espectador, sexa nativo ou alleo, poida coñecerlos e visitalos sen perderse e saborealos sen esforzos.

**AEGEAN SEA****A verdade dunha catástrofe repetida**

Autor:

Colectivo de Mariños do S.L.M.M. - CC.OO.

204 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-065-0243-0

PVP: **14 €**

Versión en galego e castelán



No 1976 o petroleiro «Urquiola» naufragou pola incompetencia dos que tiñan nas súas mans a seguridade marítima da costa española. Volve a ser evidente, en 1993 que o petroleiro «Aegean Sea» acabou embarrancando pola mesma preguiza e idéntica incompetencia. Ambos accidentes provocaron cuantiosos prexuízos económicos, co incalculable sufrimento da sociedade galega, ambos os dous accidentes, consecuencia directa do pobre funcionamento da seguridade marítima no noso país, contemplaron o mesmo lamentable fenómeno: os responsables da desgracia afánronse e afánanse por negar a verdade e oscurecer os feitos con insinuacións falsas.

**BRIÓN****Historia, Economía, Cultura e Arte**Autor: **Clodio González Pérez**

380 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-09-6

PVP: **17 €**

Coa publicación deste libro desexamos dispoñer dunha historia xeral de Brión, a partir da que logo se poderían facer estudos monográficos máis profundos sobre temas relacionados coa zona: a fortaleza de Altamira, a emigración, a arte barroca, a arquitectura popular, os muíños..., e moitos outros sobre os que se dispón de documentación e información dabando.

**A TEMPORADA DO FUTBOL GALEGO 1997/98**Autores: **Carlos Castro Pinhão**e **José J. Ginés Vázquez**

366 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-10-X

PVP: **20 €**

Este libro recolle os acontecementos máis salientables do noso deporte na temporada pasada. A historia dos distintos equipos, os seus datos, xogador a xogador, goles, cartóns, arbitaxes recibidas, fotos, etc. Todos os resultados.

Análises completas das xornadas. Os nosos xogadores na emigración. Relación dos feitos máis importantes na historia do fútbol galego, tódalas finais disputadas, os mellores xogadores, os que alcanzaron a internacionalidade.


**A TEMPORADA DO FUTBOL GALEGO 1998/99**Autores: **Carlos Castro Pinhão**e **José J. Ginés Vázquez**

688 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-69-X

PVP: **21 €**

A obra é a continuación do anuario *A temporada do fútbol galego 1997/98*, este novo número recolle os datos deportivos do fútbol galego nesta pasada temporada 1998/99. Esta vez máis ampliados, posto que recolle tamén tódolos resultados, desde primeira división ata a terceira rexional, xuvenis e cadetes.



S. OURENTE DE ENTÍNS **Estudio dunha parroquia rural**

Autor: **Xoán X. Mariño**

112 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-72-X

PVP: **7 €**



San Ourense de Entíns, estudio dunha parroquia rural, xorde co afán de recuperar a memoria histórica da nosa parroquia, así faise un percorrido ao longo do tempo ademais dun estudio da realidade socio-económica e xeográfica actual.

Partir do coñecemento do pasado, deberá ser útil para tentar acadar un futuro mellor, nesa tarefa estamos e como ben dicía Castelao «Non lle poñades chatas á Obra, traballade nela». Así nesta obra común, A Parroquia, hai lugar para todos.



NOIA C.F. 1928-2001

Autor: **Ricardo Güeto**

270 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-14-9

PVP: **16 €**



Historia do fútbol en Noia desde a chegada deste deporte á vila. Toda unha relación estatística completa dos equipos que levaron o nome de Noia por distintas categorías do fútbol galego acompañado de grande cantidade de fotografías e recortes de prensa antiga, excelentemente clasificada.



O MILENIO, A APOCALIPSE E A FIN DO MUNDO

Autor: **José María Kaydeda**

48 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-89129-81-9

PVP: **8 €**

Versión en galego e castelán



Somos, só somos sabendo que ignoramos o que somos. Coñecemos que ignoramos a nosa razón de ser e de canto nos circunda o Universo.

As leis escápanse nos, porque por experiencia sabemos que o próximo «coñecemento» as destrúe e modifica.

Sabemos que tan só debemos practicar a humildade da dúbida, que é o recoñecemento da nosa ignorancia.

Non pastamos na panacea de Deus, buscámola, pola necesidade de coñecemento, fronte ás grandes mentiras do «SER» e do «ESTAR».



MEMORIAS DO FRANQUISMO **A época do wolfram en Lousame** **A corporación de Noia en Meirás**

Autor: **Xerardo AgraFoxo**

949 páx. (140x210 mm.)

ISBN: 84-95622-60-2

PVP: **28 €**



Libro configurado ao redor de trinta capítulos expostos de maneira cronolóxica, dende o regreso dos soldados das trincheras bélicas até o trágico accidente do director de cine Claudio Guerin na Praza do Tapal e a aparición en escena do Grupo de Teatro Candeia. Case corenta anos de ditadura expostos por primeira vez á luz, a través dunha exhaustiva investigación histórica completada coa publicación de numerosas fotografías cos personaxes, a narración dos acontecementos máis salientables da época e o testemuño dos principais protagonistas da realidade política daquel arrepiante período. Sucesos dramáticos, actos patrióticos, acontecementos lutosos expóñense a carón doutros episodios da ditadura.



LIBRO DE GUISADOS, MANJARES Y POTAJES

Autor: **Ruberto de Nola**

Edición: **Clodio González Pérez**

208 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-07-6

PVP: **17 €**



Deliciosa edición facsímile da obra do reputado gastrónomo renacentista Ruberto de Nola que aporta as receitas máis inesquecibles utilizando distintas combinacións de herbas que traen ao noso prato os manxares máis sabrosos dunha época increíble. A obra está comentada polo erudito Clodio González, explicando distintos hábitos de comer e salvando as dificultades do gótico. Unha reprodución dos elementos das receitas máis elaboradas dunha obra que gozou de privilexio imperial.



ALDEAS

Autor: **Carlos Rodríguez Brandão**

136 páx. (280x240 mm.)

ISBN: 84-95622-77-7

PVP: **18 €**



O antropólogo brasileiro móstranos unha visión do que desde fóra representa o mundo da aldea en Galicia. Na súa segunda experiencia entre nós, e auxiliado por antropólogos da USC, fai un achegamento ás terras de Brión para manexar conceptos e suxeitos universais dentro do mundo rural galaico nunha edición na que se puxo especial coidado no apartado fotográfico.



DEZ ANOS DE ARTE, PRATOS, MÚSICA E CONVERSA

Autor:

Confraría do Tabernáculo da Santa Sede


58 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-82-3

PVP: **8 €**



Un libro de suculentas recetas, con ilustracións a toda cor de cada prato elaborado, feito para conmemorar o decenio desta particular confraría, formada por quince homes que saben o que é a boa mesa, na que non poden faltar os mellores viños e as máis deliciosas conversas, que tamén alimentan.



A REVOLTA NACIONALISTA. A Noia de Pastor Alonso. O goberno de Beito González.

Autor: **Xerardo Agrafoxo**

640 páx. (140x210 mm.)

ISBN: 84-96259-93-5

PVP: **25 €**



Segundo volume dunha triloxía dedicada a estudar a historia do período democrático no concello de Noia.

Por estas páxinas desfilan, de maneira cronolóxica, os protagonistas e acontecementos históricos máis salientables, como: a "guerra das areiras", o episodio dos mariñeiros secuestrados pola RENAMO, o trágico naufraxio de Kissiva, o conflito de Pastor Alonso contra Carrasco, os funcionarios e a Garda Civil, as dúas inhabilitacións do supremo contra o alcalde, a morte de Avilés de Taramancos e un longo et cetera.



O TUTE. Diversión arredor dun tapete.

Autor: **Henrique Gerra Filgueira**

182 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-96259-84-6

PVP: **12 €**



O tute. *Diversión arredor dun tapete* é un libro enteiraamente dedicado á modalidade por parellas. Nel poderá atopar a historia deste marabilloso xogo de cartas, o regulamento comentado, un amplo glosario de termos técnicos, as frases e ditos célebres, xogos espectaculares, os fundamentos estratéxicos, golpes e recursos tácticos, a técnica dos finais, celadas curiosas, unha colección de fermosos problemas coas cartas localizadas, contos e historias de xogadores, anécdotas, humor e moitas outras 'cousiñas' de interese que, sen dúbida, lle farán sentir os maiores preceres que proporciona este apaixonante pasatempo.



ACTIVIDADES E RECURSOS EDUCATIVOS DOS MUSEOS DE GALICIA

Autor: **Ana Mª Pose Blanco** e

Xesús Rodríguez Rodríguez (Coords.)

146 páx. (210x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-39-7

PVP: **14,50 €**



Toxosoutos e Nova Escola Galega presentan un conxunto de reflexións de diversos profesionais que traballan en temas relacionados coa educación dos museos. A través das súas páxinas achegámonos á realidade educativa dos museos galegos desde a perspectiva máis xenérica á máis concreta. O libro tamén permite coñecer a programación educativa estable e os recursos educativos de boa parte dos museos galegos. Sumado ao libro inclúese un CD onde se recolle de xeito sistemático a oferta didáctica dos museos galegos que contan cun servizo educativo.



CRÓNICAS DUNHA DEMOCRACIA. A transición política en Noia. Os dous mandatos de Díaz Fornas.

Autor: **Xerardo Agrafoxo**

336 páx. (140x210 mm.)


ISBN: 84-96259-92-7

PVP: **18 €**



Nesta obra, que conforma a primeira parte dunha triloxía, estúdase, entre outros acontecementos, a transición política, a chegada do PSOE ao poder en 1979, o 23-F no casino, a crise interna do BNG, a odisea dos tripulantes do Garmomar, a maioría absoluta do PSOE en 1983, os naufraxios do *Castillo de Bellver*, *Majanova I* e *María Luísa Casal*, a rivalidade entre Díaz Fornas e Moas Pazos e a campaña electoral de 1987.

Cinco anos de investigación, numerosas fotografías, bandos e panfletos configuran o retrato deste desasossegante período contado a través dos documentos, as crónicas xornalísticas e os testemuños dos seus principais protagonistas.



ACTAS DA I XORNADA HISTÓRICA SOBRE A FIGURA DE D. JUAN ANTONIO POSSE, O CREGO LIBERAL, CON MOTIVO DO 240 ANIVERSARIO DO SEU NACEMENTO.

Autor: **Edición de X. Mª Lema Suárez**

208 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 978-84-96673-50-2

PVP: **12 €**



Xosé María Lema, doutor en historia e catedrático de xeografía e historia de ensino secundario, coordina a edición desta obra. As ponencias incluídas destacan a personalidade do crego de Soesto (Laxe), Juan Antonio Posse, que está considerado un dos primeiros referentes do nacionalismo galego no século XVIII. No epílogo do libro engádesse, ademais, un novo dato biográfico sobre este persoeiro excepcional.



EFEMÉRIDES NOIESAS.

Autor: **Manuel Hermida Iglesias e**

Xosé Agreló Hermo

256 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-53-3

PVP: **12 €**



A través do esforzo de persoas como Xosé Agreló Hermo e Manuel Hermida Iglesias obtemos con este libro a memoria da vila de Noia. Centos de artigos nos xornais galegos e nas revistas Barbanza e Alameda, e un arquivo-hemeroteca único sobre a vida noíesa do século XX, resumen o traballo inxente e meticuloso levado a cabo nesta recolleita de información. O libro divídese en capítulos, cada un deles adicado a un mes do ano para, deste xeito, estruturar a extensa información de datos que proporciona.



NOIA NO CAMBIO DE SÉCULO.

Autor: **Xerardo Agrafoxo**

584 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-55-7

PVP: **24 €**



Noia no cambio de século (1995-2007) é o terceiro volume dunha triloxía que comezo coa publicación de *Crónicas dunha democracia* (2006) e *A revolta nacionalista* (2006).

A obra abrangue, entre outros temas, a lexislatura de Mari Carme Abeixón García (1995-1999), o goberno de Rafael García Guerrero (1999-2003) e o mandato de Antonio Pérez Insua (2003-2007). A través da análise destas tres lexislaturas, enriquecida con entrevistas, crónicas, imaxes e documentos, o lector pode coñecer as claves dun período histórico ategado de acontecementos, como o controvertido "negocio" na Casa da Cultura, os problemas na Confraría de Pescadores, a protesta contra o Mapa Comarcal da Consellería da Presidencia, o Teatro Coliseo Noela, etc.



A VIDA E A FALA DUN POBO. A fala no tempo. Tratos e contratos dos clérigos, gremios e notarios nas comunidades da vida e da morte.

Autor: **José Barroso e Xoán Neira**

616 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 978-84-96673-74-8

PVP: **25 €**



A Fala no tempo reflicte a realidade organizativa e comunitaria do sistema social na Galicia dos séculos XIV-XVI. O libro recolle a organización dos espazos locais (comcambes de propiedades, vendas, muralla, rúeiros...), a regulación social dos habitantes (organismos de poder, sistemas de mercado, organizacións gremiais...), a regulación do relixioso (os edificios parroquiais, os padroados dos pobos, a realidade sacramental, os axentes da relixión, a vivencia cultural...), os dereitos sociais (da muller, dos pobres...), a regulación da vida e da morte (a memoria dos antepasados, o regulamento da vida no máis alá...), o compromiso como base do respecto e acordo de relacións (os xuramentos, tratos e contratos, a palabra dada...).



OS FRANCESES EN MAZARICOS.

Autor: **Xesús A. Jurjo Lado e Juan A. Jurjo**

Otero

64 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-96673-93-9

PVP: **8 €**



Os autores reconstrúen a historia da batalla de Ponteoliveira (Mazaricos), o 12 de abril de 1809 para defender Cee e Corcubión das tropas napoleónicas. O libro inclúe o artigo de Xosé Ramón Barreiro "A resistencia da terra do Xallas contra os franceses (1809)" e un apéndice documental cos nomes dos mortos identificados nese combate.



O ÍLIMITE DE PENSARTE LIBRE.

Autor: **Iago Santalla**

128 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-92792-01-6

PVP: **10 €**



O ílimite de pensarte libre comezou a idearse "nunha tarde de choiva e inverno de outubro, A Coruña anoitecía a carón do mar. Un trebón deixara as rúas desertas. E dentro de min, acumulábanse as lembranzas dos días nos que a fe en min mesmo se debuxaba nun futuro próspero e ceibe máis alá da Parálise Cerebral que padezo dende o nacemento. Se fóra chovía auga, en min chovía inutilidade, non me sentía capaz! En troques, noutra parte de min, un paraugas de autoestima semellaba dicirme que todo o logrado era certo, que eu podía ser e que ficaba prohibido renderse ás beiras do porvir. Entón, nunha mirada o espello devolveume o sorriso, pero nel viña a lembranza de alguén a quen nunca cheguei a coñecer. Nese recordo, empeciei a proxectar forza e arelas para retratarme na palabra".



O HOTEL.

Autor: **Valentín Alvite**

104 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-08-5

PVP: **8 €**



O hotel narra un día na vida de dúas persoas pertencentes a grupos sociais moi distintos.

Partindo da premisa de que hai que inventar motivos para rir porque para sufrir xa sobran, O hotel pretende ser un relato humorístico adubado con moderadas doses de erotismo. A busca da amenidade complétase incorporando un argumento de enredo e de intriga onde as situacións nas que se ven inmersos os personaxes nunca son previsibles.



TORRES, VARAS E DEMOS. Os irmandiños da ría de Muros-Noia.

Autor: **Carlos Barros**
196 páx. (210x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-13-9


PVP: **13 €**



Nesta obra investigase a grande revolta irmandiña na ría Muros-Noia, con especial atención ao desaparecido castelo de Outes.

Amósase que, malia a crenza xeral naquel entón de que a Santa Irmandade caera do ceo para combater aos cabaleiros do demo, a rebelión social de 1467 ten tamén os seus antecedentes e consecuentes nas vilas e parroquias dos actuais concellos de Noia, Muros, Outes e Lousame. Tradición de revolta onde podemos admirar, por exemplo, a finura política da elite irmandiña cando se albisca, en 1469, o retorno señorial.

Revisase e actualízase, xa que logo, a historia da Baixa Idade Media nos portos occidentais de Compostela, e nos seus albores, desde un enfoque historiográfico, social, político e imaxinario, que procura devolver á xente común ao centro da vida histórica.



O BARQUILLEIRO, VENDEDOR D OLVIDO.

Autor: **Martín Álvarez e M^a Carmen Jiménez**
96 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-21-4

PVP: **12 €**

Versión en galego e castelán



A orixe do barquillo é posiblemente francesa. O título consiste na adaptación fonética ao galego do vocábulo francés marchand d'oublies, sendo este nome os que recibían os barquilleiros no país galo. Este libro rescata do olvido este costume galego de hai moitos anos e que deu de comer a moita xente en épocas nada boas. Esta tradición atópase ao longo de todo Ourense, tendo a súa focalización no concello de Parada de Sil.



OLLOS DA MEMORIA. Conversas no Monxoi con Isaac Díaz Pardo.

Autor: **Montse Nieto**
196 páx. (210x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-22-1

PVP: **15 €**



Neste libro queda de manifesto unha especial predisposición do noso intelectual galeguista ante a muller que indaga na súa vida e na historia do país que lle tocou vivir. A xornalista tece un relato non estritamente cronolóxico no que emerxe toda a vida e o pensamento de Díaz Pardo dun xeito ameno. Acompaña o libro un DVD documental sobre a figura de don Isaac.



50 ANOS DE POP, ROCK E MALDITISMO NA MÚSICA GALEGA.

Autor: **Fernando F. Rego**
408 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 978-84-92792-38-2

ESGOTADO



Primeiro libro que recompila o mellor do pop-rock galego desde a súa alborada. Percorrido pola historia dos grupos musicais galegos desde Os Tamara ata os máis recentes. O traballo reúne a discografía completa con enriquecedores comentarios e anécdotas. Un dobre CD acompaña o texto dando a posibilidade ao lector de escoitar algúns dos temas fundamentais do xénero.



BREVE DICCIONARIO GALEGO DE TERMOS TEATRAIS.

Autor: **Xohán Xabier Baldomir Cabanas**
167 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-92792-48-1

PVP: **14 €**



Por primeira vez en galego, publícase un traballo de consulta sobre o léxico do teatro universal. Termos de teoría teatral, historia e técnica do teatro chegan ao lector a un texto de manexo sinxelo, de exposición ben sistematizada e sintética sobre as cuestións básicas do xénero.



LA RAIÑA.

Autor: **José Vicente Domínguez**
275 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-92792-74-0

PVP: **12 €**



Benencia, grande como un pueblo y pequeña como una ciudad, el autor nos introduce en la vida y costumbres de esta localidad coruñesa que a finales del siglo XIX padecía las penurias de una España en decadencia, agravadas por los endémicos problemas de la Galicia rural. El interés de un joven por conocer la vida de sus antepasados hace aflorar los extraordinarios sucesos acaecidos en la casa familiar, desplegando una trama envolvente en la que le misterio nos acompaña hasta el final. El amor, los celos, la ignorancia y los abusos del poder, junto con las múltiples referencias históricas, configuran un relato que nos describe la difícil existencia de personas resignadas a vivir y sufrir al dictado de quienes regían sus destinos.

**O ESPANTALLO.**Autor: **Xosé Agrelo Hermo**

32 páx. (140x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-85-6

PVP: **7 €**

Conta o espantallo-dous paus cravados, un feixe de palla, unha chaqueta, un sombreiro escurado e mais unha cachimba inglesa que lle puxeron un fato de rapirigos-que, situado na agra fronte á escola, pode ver os nenos estudar e de paso vai adquirindo cultura. No recreo métense con el, pero sabe que é xogando, que lle mostran así a súa amizade. Cando eles faltan, bota longas parrafadas cos paxariños: parece unha árbore florecida, con todos enriba del. Como o amo emigrou para Alemaña, quedou sen traballo, pois na leira non hai nada cultivado. Os amigos de antes péndenlle o respecto e non o ollan nin de lonxe. Vaise desfecendo a modiño: un galopin rouballe a cachimba, un pobre a chaqueta en pleno xaneiro e o vento tíralle o sombreiro. Parece un cruceiro de carballo retorto. Se ata un peto está facendo un niño nun dos seus paus. E ben certo: "O fado dos espantallos ninguén o sabe".

**POR NINGUÉN ALOUINIADA. POESÍA COMPLETA I (1972-2005).**Autor: **Xosé Lois García**

415 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-93-1

PVP: **18 €**

A obra recolle integramente 22 poemarios publicados por García entre 1972 e o 2009, desde Cancioneiro de Pero Bernal ata Poemas pornofálcos. A edición non inclúe outro libro de poemas, Petroglífica, dedicado aos gravados rupestres de Sober e publicado pola mesma editorial a finais do ano pasado. A maior parte da poesía de Xosé Lois García, está escrita en galego, pero o autor chantadino tamén publicou en portugués os libros Labirinto incendiado, Sambizanga e África em sinfonia solar, que figuran igualmente nesta edición. O uso literario desta lingua está relacionado co intenso labor desenvolvido polo escritor chantadino como estudoso e divulgador das literaturas de expresión portuguesa.


**NO SANGUE DOS BARDOS. POESÍA COMPLETA II (2005-2009).**Autor: **Xosé Lois García**

320 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-92792-94-8

PVP: **17 €**

A edición recupera os prefacios redactados orixinalmente para algunhas destas obras polos escritores galegos Manuel María, Uxío Novoneyra, Basilio Losada, Xosé Luís Axeitos e Vicente Araguas, os portugueses Vergílio Alberto Vieira e María João Reynaud e o brasileiro Andyttias Soares de Moura. O conxunto está encabezado por un extenso estudo sobre a obra poética de García a cargo do escritor e crítico portugués Camilo Gómez Torres.

**RIP VAN WINKLE.**Autor: **Washington Irving**

145 páx. (140x160 mm.)

ISBN: 978-84-15400-00-4

PVP: **8 €**

Rip, un home de vida sinxela, un cheiñas temeroso da súa muller, vai ata a montaña onde é fascinado por un vello vestido de danés. Nin a Rip nin a Peter os enfeitizan unhas sereas coma as de Odiseo co seu belo canto, nin unha fermosa moura que custodía un tesouro: eles caen polo alcol que lles ofrecen un grupo de homes. Esta beberaxe fai que Rip teña a sensación de que durmiu unha noite, pero en realidade, son vinte anos os que se ausenta. O panorama que atopa cando volve é moi diferente ao que deixara: a colonia británica na que vivía é agora parte dos Estados Unidos de América.

**NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA.**Autor: **VV.AA.**

94 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-15400-13-4

PVP: **14 €**

Na contribución que Editorial Toxosoutos pretende respecto do léxico especializado en galego, un equipo de profesores e alumnos do IES de Negreira fannos chegar este traballo sistematizado a xeito de dicionario sobre os termos referidos ás embarcacións e termos relacionados co mundo do mar. Unha realidade explicada con textos e imaxes que resultará de grande utilidade no eido lexicográfico da lingua galega.

**COCIÑA DA TERRA DOS DOUS MARES**Autor: **Carlos A. Núñez Pombo**


104 páx. (145x210 mm.)

ISBN: 978-84-15400-86-8

PVP: **12 €**

Este libro só ten a humilde pretensión de dar a coñecer unha serie de pratos que foron preparados, moitos a bordo do Joaquín Vieta, outros no Tabernáculo da Santa Sede e outros máis nos dous sitios. Inclúe pratos da beira do mar e do interior, desde o norte de Portugal ata Asturias (de aí os dous mares).

Seguindo as teorías de don Álvaro Cunqueiro, a maioría das receitas levan moi poucos condimentos. Trátase de que os nosos produtos conserven o sabor orixinal, aínda que algunhas veces se utilizan algúns para aromatizar ou para realzar sabores, pero a tendencia é minimizar o seu uso.



JUEGO DE MÁSCARAS

Autor: **Concha Blanco**
150 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-15400-87-5

PVP: **10 €**



9 788415 400875

Xogo de máscaras, agora en versión castelá, pode ser considerada a súa segunda novela para adultos. Narra de forma directa e áxil parte da vida de Nuria, unha muller entrada na trintena que, tras o accidente de tráfico dun amigo, vese obrigada a darlle un xiro inesperado á súa existencia.



ANAQUIÑOS DE HISTORIA DO CONCELLO DE MUROS DE MUROS

Autor: **Santiago Llovo Taboada**
460 páx. (170x240 mm.)
ISBN: 978-84-942224-7-4

ESGOTADO



9 788494 222474

Nestes anaquiños de historia do Concello de Muros relátase a transformación que sufriu a costa da bisbarra de Muros dende principios do século XIX ata os nosos días. Son 200 anos de historia practicamente inédita, contada dunha forma amena, con información abundante e fidedigna sobre os preto de 50 grandes establecementos adicados á salga e á fabricación de conservas de peixe, sobre as familias que os dirixían e traballaban neles e sobre as súas embarcacións asociadas. Complétase o libro con información sobre as pequenas salgadasuras do Burgo e sobre a evolución do peirao da vila.



COA LINGUA NA TERRA

Autor: **Héitor Picallo Fuentes**
152 páx. (140x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-99-8

PVP: **13 €**



9 788415 400998

Esta obra é un ensaio sobre o idioma galego visto dende unha perspectiva sociolóxica e escrito en base a unha serie de artigos polos que o autor gaña o XVII Premio de Xornalismo Manuel Reimóndez Portela (2012). O libro -dedicado aos Equipos de Normalización Lingüística, á Asociación O Fervedoiro, ao egrexio galeguista Avelino Pousa Antelo e ao intelectual Isaac Díaz Pardo- está prologado polo escritor e académico correspondente Xosé María Lema Suárez, e remata cun epílogo de David Otero. Consta de varias partes, sendo a primeira delas onde se recompilan aqueles escritos galardoados co devandito premio. Os textos son do máis diversos, posto que ademais de tratar asuntos como a Igrexa e o Galego, tamén os hai vinculados aos deportes, á literatura actual e a escritores da relevancia nas letras galega.



ESCRIBIR NA MULTITUDE

Autor: **Martín Veiga Alonso**
424 páx. (150x235 mm.)
ISBN: 978-84-942224-8-1

PVP: **20 €**



9 788494 222481

A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos (1935-92) acadou nos últimos anos recoñecemento unánime e considerábel atención crítica, fenómenos que atoparon a súa culminación cando en 2003 se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Este libro examina aspectos como a dimensión metapoética da obra de Avilés de Taramancos, as fecundas relacións intertextuais e interdiscursivas que establece coa poesía doutros autores e tradicións, e as confluencias existentes entre o seu discurso literario e os alicerces da súa definición identitaria. Froito dunha reflexión demorada sobre a produción dun dos poetas máis sobranceiros da literatura galega contemporánea, Martín Veiga propón en *Escribir na multitude* unha viaxe apaixonante polas cimas dunha obra rica, profunda e luminosa.



FLORA E FAUNA NA POESÍA GALEGA

Autor: **Dores Valcárcel Guitián e María Valcárcel Ares**
224 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-57-8

PVP: **14 €**



9 788415 400578

Desde as primeiras composicións líricas galegas até a poesía contemporánea das penúltimas décadas, o patrimonio vexetal e animal, como soporte de imaxes, metáforas ou sinxelas evocacións determina profundamente innumerábeis poemas da literatura galega. O elemento animal é, moi nomeadamente, o vexetal son o espello que reflicte as visións do imaxinario cun esbellamento particular, con aquel "míroiteamente en dessor" do que falaba Mallarmé en relación ao significado do poema



CADERNO DE ORDES

Autor: **Euloxio R. Ruibal**
120 páx. (140x210 mm.)
ISBN: 978-84-15400-82-0

PVP: **10 €**



9 788415 400820

A primeira vez que lin nun libro algo sobre Ordes foi nun poema de Luís Seoane que falaba das penurias dos emigrantes en Bos Aires.

Tódolos ordenses temos algunha dor indiana no noso peito.



CONCELLO DE LOUSAME

Autor: **Clodio González Pérez**
112 páx. (165x235 mm.)
ISBN: 978-84-943014-4-5

PVP.: **14 €**



PATRIMONIO é o que se herda dos pais, cando se trata dos bens dunha familia, e no caso dun país, concello, parroquia ou aldea, todo canto se conserva dos devanceiros desde que se sabe da súa existencia atra os nosos días. Pode ser Material (flora, fauna, arqueoloxía, arquitectura, arte, ferramentas...) e Inmaterial (cantigas, música, contos, lendas...).

Este libro dedicado ao patrimonio do Concello de Lousame descubre toda esa riqueza, ata agora inédita en moitos casos, dándoa deste xeito a coñecer tanto aos veciños como tamén aos visitantes.



HOME MORTO NON FALA NIN...

Autor: **Vicente Piñeiro**
54 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-944314-9-4

PVP.: **10 €**



Home morto non fala nin... pequeno drama sobre a violencia de xénero (feminicidio) representado por personaxes da mitoloxía popular galega.

O autor galego Vicente Piñeiro González escribiu un libreto sobre un encontro entre Xan Quinto e Pepa a Loba que emociona e fai lembrar aqueles radio teatros que tanto marcaron e definiron a nosa cultura rioplatense, en espera de que se transforme en cine ou televisión. Esta si que era una galega brava, que nin Xan Quinto.



A RES VAI ARRAIADA

Autor: **Emilio Araúxo**
138 páx. (155x175 mm.)
ISBN: 978-84-945483-5-2

PVP.: **18 €**



Coa rúbrica, na Serra de Queixa, do grande rebaño e dos pastores das Forcadas. Un día, que ondulaba, do agosto de 1991.



AVÍA QUE AÍ VÉN O SOL

Autor: **Emilio Araúxo**
86 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-946001-4-2

PVP.: **12 €**



No traballo de mondar os soutos. Xullo do 2015.
Ela nacera o 10 de setembro do 1917.

Isolina Pumar Álvarez.

Todo se ordenaba ó imperativo de supervivencia.



POLOS CAMIÑOS DE AVIÓN

Autor: **Xesús Antonio Guías Lamas**
174 páx. (165x235 mm.)
ISBN: 978-84-945483-4-5

PVP.: **16 €**



Percorrer os camiños e perderse polas encrucilladas e polos currunchos dos ancestrais pobos do antigo Coto de Rubillón e da que foi a histórica xurisdición de Avián, produce no máis profundo da alma de calquera viaxeiro, por unha parte, unha sensación fantástica e por outra, un agradecemento infinito ós deuses dos lares, que protexen o noso patrimonio, por terlle dado a oportunidade a un de poder vivir no mesmo intre, e sen moverse do sitio, na mesmísima Idade Media, ó tempo de atoparse de bruzos co modernismo máis sofisticado. Así son estes pobos que dormen á sombra das Serras do Faro e so Suído: historia e tradición; presente fascinante e futuro con esperanza.



I. NOIA E MUROS. PAISAXES URBANAS DE SÉCULOS

Autor: **Pedro García Vidal**
428 páx. (210x297 mm.)
ISBN: 978-84-946001-1-1

PVP.: **30 €**



Na ría de Muros-Noia, onde o Atlántico perde a súa bravura convertido nun mar interior, as vilas que lle dan nome ofrécense como exemplos para mostrar como longa historia de procesos naturais e de intervención e imaxinación humanas. No espazo actual de Noia e Muros podemos ler o tempo por mor da presenza de vestixios do pasado –visibles uns, outros invisibles– que permanecen como pegada no territorio doutras xeracións que nos precederon. A análise da evolución histórica da súa paisaxe ten como principal obxectivo aportar elementos para un mellor coñecemento da paisaxe actual e da súa problemática así como criterios para unha mellor xestión do territorio.



MILTEMPOS

Autor: **Emilio Araújo**

278 páx. (180x130 mm.)

ISBN: 978-84-946837-0-1

PVP.: **16 €**



Un vagantío de visibilidade desaparecente. Agros. Cada pedra de soidade, unha ética que transmilenariza a dispersión de xestos pensantes, a distancia de paz desde a fronte das vacas. Inaudible, cando tropeza coa fronte, o óso de aire do sabugueiro medrando dentro das casas na aldea. Nunha túnica agora de imaxe, na brancura tecida de liño e de olvido. “Unha primeira vez, a man pregada sae da terra e agarra unha luz de nube. Unha segunda vez, afloxa os vencillos saudando o aire e o país que rodea a roupa. Despois, indica a dirección polo pulgar e os seus axudantes a fai unha sombra como unha espiga ou unha rama de horizonte”.



DO BARRAÑA SPORTING AO CD BOIRO 1922-1967

Autor: **Antón Rodríguez Gallardo**

192 páx. (225x220 mm.)

ISBN: 978-84-946837-6-3

PVP.: **18 €**



A historia do fútbol boirense iníciase nos extertores da Restauración Borbónica, cando as clases acomodadas liberais da localidade, crean en 1922 o Barraña Sporting Club. Tras este pioneiro conxunto irán aparecendo outros, como o Fortuna Athletic —filial e sucesor do Barraña S.C.—, Red Star (Bealo) e Colón (Escarabote), que ven a luz xa na ditadura de Primo de Rivera, ao igual que El Pueblo Gallego Football Club e o Club Sansón, representantes de A Tenencia e Cimadevila, creados no contexto de forte rivalidade que as clases acomodadas de ambos barrios boirenses sostíñan daquela. Unha rivalidade que cesaría na Segunda República ante a eclosión do movemento obreiro.



CHANCRAS

Autor: **Emilio Araújo**

104 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-947719-3-4

PVP.: **12 €**



Álbum fotográfico en branco e negro arredor dos zocos e as zocas.



NO RETRATO DOS ALUSTROS

Autor: **Emilio Araújo**

228 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-948341-1-0

PVP.: **16 €**



Un libro para viaxar unha miga na orella de nube de palabra felo. E dous eixes de mundo, dous entroidos, o de Lumeares e o de Parada do Sil, que renacendo veñen marcar a luz do ceo como preceptos de pensamento. Lumeares na precisión rugosa da noción de madama, viaxe nas trasgadas da palabra felo, da palabra irrio, da palabra irria, felos, irrios, madamas, buscando un pregue inédito na melancolía do olvido. Noutro renacemento de ruralidade, os anxeos de Parada do Sil, os anxeos de Parada do Sil, coma unha cuadrilla de heresiarcas na porfia poética de enumerar as ameazas.



ONS

Autor: **Emilio Araújo**

152 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 978-84-948341-7-2

PVP.: **15 €**



Algunhas páxinas do mar parlado. A illa de Ons. Descríndose pouco a pouco da sombra da xente e dos paxaros. Un dicionario de pedras perpétuas. Na que era acollida a promesa das mans. Todo o que alí foi pronunciado e berrado, alenta aínda no vento.



CEO CERCA DA TERRA

Autor: **Emilio Araújo**

364 páx. (148x210 mm.)

ISBN: 978-84-948966-9-9

PVP.: **20 €**



Ilimitada e continuante, unha lúa de confianza entre fial e fial das nubes de nomes da Serra de Queixa. As distancias do tempo da serra falando, na discontidude de sombras no aire dunha pluma de curuxa. O cancreiro é unha árbore escrava. Corzos debaixo da neve que levantan as balas. Antes a neve botaba meses e meses sen se levantar do sitio. Daquelas a res corría máis terra ca hoxe. As palabras son as que hai que saber. Cada cabeza é un mundo. O aire do norte é bravo. O custerio vai sempre na traseira. A flor da árnica. A copla do Leandro. Todo o día encima da fouce. Non todo o que queda no monte o come o lobo. O estante do Lombeiro do Carballal. Cando foi da guerra. As aldeas desaparecidas e as que están desaparecendo. Vén a res pola Canella dos Lagartos.



LAMEIRAS LONGAS

Autor: **Emilio Araújo**
304 páx. (148x210 mm.)
ISBN: 978-84-120613-7-6

ESGOTADO



Un testemuño lancinante da porfía de existencia do mundo da serra. Pode facer o pastor corenta quilómetros ó día. Quixeran que atoparas un sitio na serra onde non puxeran os pés. A serra é brava, brava, brava aguzadoiramente. Había un diluvio de res. A cotolovía está por riba dun, a cotolovía empeza a asubiñar, a asubiñar, canta moito, sempre está asubiñando, e veña e veña, ata que a perdes de vista, pérdese de vista, en subir para riba pérdese de vista. A cotolovía fai estrañar a un. Recinsadas de ceo, nubes por riba do Castelo. Agravándose concisas, árbores queimadas en agulla de reloxo. Continuante de frase, a luz dun candil facendo sombra.



NA NEVE DO LOBO DA XENTE

Autor: **Emilio Araújo**
188 páx. (148x210 mm.)
ISBN: 978-84-122541-3-6

PVP.: 17 €



Na páxina de sombra dunha corna de cabra, a vida da serra escribíndose coas pisadas de promesa do tempo. O lobo da Xente. O folión e as foliadas do entroido, as lardeiras e os lardeiros. Versos que facían chorar ás pedras. Unha copla que tiveron. O resposno do lobo. En conversación sempre se serq un cariño. Estamos esperando a lúa. Aqueela xentiña era digna de querer. A cotoloxía desfaiše cantando. A res rompía aínda que che dése a neve pola cintura. As aldeas quedamos na rexión do esquecemento.



XÚNTASE TODA A ONDA

Autor: **Emilio Araújo**
368 páx. (148x210 mm.)
ISBN: 978-84-120613-8-3

PVP.: 20 €



Entre Barcia e Vilaverde, o que se aventura en cada entroido de pregues memorizantes. Onde abanan, refacéndose azaloucadamente, se callar as oposicións entre festa e traballo, sagrado e profano, campo e cidade, ou masculino e feminino. Onde dalgunha maneira se poñen a proba as teses do teórico da literatura e da cultura popular, Mijail Bajtin, e as do historiador medievalista Georges Duby.



RECORDOS DE ENTROIDO

Autor: **Emilio Araújo**
215 páx. (148x210 mm.)
ISBN: 978-84-122541-4-3

PVP.: 18 €



Catro extraordinarias manifestacións de entroido que sobreviven, renacendo reacentuadas, á beira do inesquecible Río do Esquecemento. O alento de porvir e de paz dos Cabreiros de Muíños. A bendición vexetal dos Follateiros de Lobios. A sutileza liberadora das Madamitas do Entrimo. O espello de mundo reconciliado dos Troteiros de Bande.



II. NOIA E MUROS. PAISAXES URBANAS DE SÉCULOS

Autor: **Pedra García Vidal**
354 páx. (148x210 mm.)
ISBN: 978-84-122541-1-2

PVP.: 30 €



Na ría de Muros-Noia, onde o Atlántico perde a súa bravura convertido nun mar interior, as vilas que lle dan nome ofrécense como exemplos para mostrar como a riqueza cultural nace dunha longa historia de procesos naturais e de intervención e imaxinación humanas. No espazo actual de Noia e Muros podemos ler o tempo por mor da presenza de vestixios do pasado –visibles uns, outros invisibles– que permanecen como pegada territorial doutras xeracións que nos precederon. Dende un enfoque histórico-xeográfico achegámos a estas entidades urbanas coa pretensión de descifrar e realzar a súa riqueza cultural. A análise da evolución histórica da súa paisaxe ten como principal obxectivo aportar elementos para un mellor coñecemento da paisaxe actual e de súa problemática así como criterios para unha mellor xestión do territorio.



O FILÓSOFO DO ARADO (VARELA BUXÁN)

Autor: **Emilio Araújo**
134 páx. (148x210 mm.)
ISBN: 978-84-123409-4-5

PVP.: 14 €



No vocabulario terreo do sentimento, algunhas puntuacións de orixe. O teatro retrazando un camiño de sono entre as bágoas. Na fidelidade á memoria do inaparente, na reserva de alma da comedia, a letra da labranza revivida no detalle da súa pensatividade universal. A melancolía dos xestos. A melancolía dos nomes. Manuel Daniel Varela Buxán. "O Patriarca do Teatro Galego". A súa grande humanidade.



CANDA AS MÁZCARAS

Autor: **Emilio Araúxo**


192 páx. (148x210 mm.)

ISBN: 978-84-124226-8-9

PVP.: **16 €**



A idea do mundo que se reconstrúe en cada xesto de mázcara. Unha sinuosa xenialidade da Raia. Incidencias de espazo e creacións de tempo. A Xironda. A intimidación dos nomes fóra dos corpos. Un intervalo de corazóns convencidos do remate do desánimo. E algúns apuntes no horizonte compartido de Cualedro, Vilar de Lebres ou Vilar de Perdizes. E a etnografía na voz de Michèle Chadeisson e do padre Fontes. E o poema na voz de Eiléan Ní Chuilleanáin e de Helena Eriksson.



NUNHA BRANCURA DE CELLA ANCARES

Autor: **Emilio Araúxo**

214 páx. (148x210 mm.)

ISBN: 978-84-124910-7-4

PVP.: **18 €**



Uns apuntes de situación, da situación de mundo dos Ancares a finais dos anos 80 e principios dos anos 90 do século XX, no que atinxe tanto ás realidades materiais como ás realidades ideais. Apuntes e voces, a proximidade das cousas no espazo fibrado de néboa dun goxo. Aínda un pequeno portelo para entrar na amplitude de vida daquel universo. Unha cella, unha morea de neve que prometeu o vento. E a ponte pobre das bágoas, a nube de sentimento dunha porfía de atención.



HABÍA BOA VONTADE E REPARTÍASE CO SIÑOR AFRANIO

Autor: **Emilio Araúxo**


130 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-125915-2-1

PVP.: **16 €**



Dándalle aínda voz ós pasos tutelares do señor Afranio. Aldeas polas que pa-so, ruínas pensantes que cortan o paso. A errancia ao cabo dunha firma que afirmaba o porvir. O pulo dunha chamada que segue buscando. E sempre na liña de lama, non desviando nuna da liña, cun quizo, das matemáticas na lama dos camiños. Por onde se conta a súa historia, bendicido sempre cun desexo de ceo.



UN RESPLANDOR DE LÚA. A OLA

Autor: **Emilio Araúxo**

440 páx. (148x210 mm.)

ISBN: 978-84-126701-8-9

PVP.: **20 €**



Algunhas páxinas de barro para revisitar o universo da olaría a través da figura da ola. As sombras de sentimento de forma indigestada das olas aínda no cumio dos tellados. Nos encontros, nas despedidas, olas aínda hoxe cando se erguen os brazos. Non morreu aínda a noite da ola no silencio das cociñas. Debaixo dunha ancestralidade de palla, o colmo do tellado andando aínda por riba de ti. Unha idea de mundo tecida coas entrevivas, coas liñas de ola no espazo común. Memorizada nas mans, unha promesa de terra cocida, un arquivo de emocións extensivas. Cun paxaro de neve, ola elevándose na liña dos montes ó empardecer o día. Cun paxaro de neve, ola elevándose na liña dos montes ó empardecer o día.



FREMOSAS. CANTIGAS DE AMIGO E DE AMOR

Autor: **Barahúnda (Helena De Alfonso; Jose Lara Gruñeiro)**

212 páx. (150x230 mm.)

ISBN: 978-84-127039-9-3

PVP.: **20 €**



Este quinto traballo de Barahúnda pretende ser un artefacto musical, literario e divulgativo. Foi proxectado, na súa orixe, como un disco temático que reunise as cantigas que fomos creando a través dos anos, máis as que se compuxeron exclusivamente para esta, a nosa persoal colección de lírica medieval galego-portuguesa.



MORMENTELOS

Autor: **Emilio Araúxo**

386 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 978-84-127489-9-4

PVP.: **20 €**



Subtraída das présas da imaxe ávida, a invisibilidade da serra vén devagar. MormenteLOS, sentindo, cando se pronuncia o nome, a respiración agradecida da vida. A inagotable memoria da neve, o tempo gardando nos círculos virando das máscaras. As anfractuosidades de néboa embebidas sempre nos corpos. A clandestinidade emotiva de cada palabra entre as uceiras. A dor claridade das páxinas de trono. O dispositivo de brancura meditada dos carreiróns das res, cada xesto por alí arriba é o camiño interior dun pensamento.



SEMPRE EM WAIKIKI

Autor: **Suso Samartinho**
307 páx. (150x210 mm.)
ISBN: 978-84-127489-6-3

PVP.: **20 €**



No segundo trimestre do ano letivo 2018-19, grazas a uma "licenza por formación do profesorado" na modalidade de "perfeccionamento de lingua estranxeira no estranxeiro" concedida pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, un profesor do ensino secundario galego viaja para un estado dos EUA. Não para um estado qualquer, mas para um estado único: único estado insular, arquipelágico, extracontinental, "único estado composto completamente por rochas vulcánicas" (Ihawaii.com), "onde o café é comercialmente cultivável" (Wikipédia), o único estado que uma vez foi um reino independente...



QUE VIVA (O ENTROIDO DE COVELO)

Autor: **Emilio Araújo**
508 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-990202-1-2

PVP.: **22 €**



Guardando sempre o misterio dilatado do seu ser, o entroido de Covelo, un dos entroidos máis proxiosos de Europa, o entroido de Covelo de Quins, no concello de Melón (Ourense). Ninguén volverá. Ninguén volverá daquilo co corazón baleiro. O saúdo que perdura da incansable porfia dunha man espazosa. Debaixo da nube de nomes dos paxaros vellos, a aldea de Covelo transpoñendo sen canseira no confin pensativo das idades.



DAS PIONEIRAS ÁS PRIMEIRAS FEDERADAS


Autor: **Antón Rodríguez Gallardo**
145 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128497-7-6

PVP.: **16 €**



As mulleres en xeral e as de Boiro en particular son o núcleo desta obra que é de historia local, é de historia do deporte pero, sobre todo, é da historia da muller. Unha historia con perspectiva de xénero que, centrada nas mulleres dunha localidade costeira da Ría de Arousa, pon o foco, sobre as mulleres dunha realidade galega e española que pasaron dos anhelos de liberdade a ter que socializar e expresarse nunha ditadura que a contemplaba supeditada ao home e, a pesar disto, planeaba a súa participación nunha rede deportiva de orientación filofascista que evolucionaría dende os tempos da vitoria até o tardofranquismo.

Quen vai a dispoñerse a ler este libro que saiba que está ante un traballo complexo e, á vez, de lectura doada e prateira.



A CORAZÓN ABERTO. APRENDENDO A SER

Autor: **Carmen Penim**
170 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-990202-3-6

PVP.: **17 €**



Este libro é unha peculiar guía de viaxes. Dunha viaxe ao teu interior, ao teu verdadeiro ser, ao teu corazón. É indubidable que actualmente moitas persoas no mundo están a esperar e desexan vivir a súa vida e buscar a felicidade dunha forma máis consciente, afastada de automatismos e de vellos patróns de comportamento e de control social. Din que para ser felices non debemos estar na mente, no ego, e que escoitemos o noso corazón.

Pero, iso como se fai? Nun mundo cheo de ruído exterior e interior, a maioría vive en modo supervivencia, presa de medos e incerteza, a mercé de emocións difíciles de xestionar. A resposta de Carmen PENIM a esa pregunta é este libro, no que nos ofrece, de forma amena, prácticas ferramentas fáciles de usar e 12 meditacións audios que nos irán levando cada vez a un encontro máis auténtico e profundo co noso verdadeiro Eu. Un encontro que nos pode axudar a pornos en paz coa vida e co mundo.



ARREDOR

Autor: **Ronsel Pan**
120 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128497-4-5

PVP.: **15 €**



ARREDOR é un ensimesmamento, un soño, unha aparición. Estes escritos remiten ao sagrado e ao profano; a unha realidade distinta, creada, ad hoc, para guiarte no camiño correcto. Un xamán. Unha posta en escena. A mirada única, inquebrantábel do paxaro que canta. A resposta dunha pregunta aínda non pronunciada. A consideración derradeira antes da fin dun ciclo. A epifanía da pedra. O tesouro. O graal.



A FRAGA ESBORRALLADA CRÓNICAS NATURALISTAS DACABALO DE DOUS SÉCULOS

Autor: **Pedro Alonso Iglesias**
328 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128986-6-8

PVP.: **20 €**



A crónica dunha xeración e dun tempo de transformación da Galiza rural e salvaxe. O naturalismo como inspiración. Un persoal axuste de contas cos voceiros autóctonos do capitalismo depredador.



CANCIONEIRO POPULAR DO CONCELLO DE ROIS

Autor: **Clodio González Pérez**
300 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991192-5-1

PVP.: **20 €**



Cando cheguei ao Colexio Público de Urdilde en 1979, aínda moitos pais e nais do alumnado, e non digo xa as avoas e os avós, tomaran parte nas foliadas que se organizaban os domingos nas aldeas para pasar a tarde e, sobre todo, para relacionarse as mozas e os mozos. Era nestas xuntas onde agramaban os primeiros amores, dos que logo moitos remataban en casamento.

Malia que xa non se celebrasen, a maioría da veciñanza sabía ben como se desenvolvan polo que contaban os maiores e, en moitos casos, porque se celebraban cando eles eran novos, as últimas na década dos anos sesenta. Ante tal situación, e sabendo de certo que dentro de non moito tempo se ía perder para sempre todo este patrimonio literario e musical que se viña transmitindo oralmente entre as xeracións, foi polo que me propuxen recadar este cancionero, deixando constancia das variantes de cada aldea, que de varios cantigas, como se pode comprobar, son moitas.

Este labor silandeiro desenvolvido ao longo de máis de trinta anos, xa non sería posible levalo agora a cabo, porque faltan os protagonistas, as mulleres e os homes que viviron e gozaron plenamente as foliadas, as frías, as estollas e as requieiras. Grazas eternas pola heranza que nos deixastes.



AS TERRAS MÁXICAS DE BARAZÓN

Autor: **Carlos Miguélez Val**
106 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-990202-7-4

PVP.: **12 €**



Se les entre liñas, verás que, nesta aldea, na cerna de Galicia, non hai quen lle tusa á maxia.

Neste libro relátanse as vidas e aventuras das xentes deste lugar, que, nos anos 70, era aínda un paraíso natural.

É esta a historia dun vínculo que medra nun neno xogando, traballando e soñando na terra que o viu nacer.

Atrévete a coñecer as lendas e os persoeiros da Galicia máis meiga, relatados por Carlos que debulla tamén costumes, oficios, xogos, crenzas e rituais deste intre tan único no tempo.

Deixate enfeitizar!



A CARA DA SERRA (DO LADO D'AS FORCADAS)

Autor: **Emilio Araújo**
354 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991192-7-5

PVP.: **20 €**



Os grandes rabaños da serra espallándose no poñente á noite. Unha memoria de neve. Unha constelación ao lonxe reactivando as luminescencias da vida. A infancia dos ollos pode dar fe. A idea de herba, a idea de uceira, a idea de pan e de paz por todos os carreiros. Inda vivos, algúns nomes debaixo dun sudario de terra queimada. Un dos derradeiros testemuños do pastoreo de alta montaña en Galicia, o espazo de acollida da cara da serra nas voces, nos xestos, na amplitude temporal dos pensamentos de presente, de pasado e de porvir das xentes do Macizo Central. O tempo inmemorial da Serra de Queixa falando, e dándolle outra calma á lectura do posible.





HISTORIA DE LA ANTIGUA TRAÍDA DE AGUAS DE SAN PEDRO DE VISMA

Autor: **Fernando Cabanas López**

76 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-33-9

ESGOTADO



A antiga traída de augas de A Coruña axuda a completar o coñecemento dos esforzos humanos que levaron a esta cidade á gran urbe que é hoxe, desde a intervención do Xeneral Intendente de Galiza Rodrigo Caballero, que encarga o proxecto ao enxeñeiro militar Montaigu, ao que tamén se deben traballos no Hospital do Rei, na Capitanía Xeral de Galiza na Real Audiencia, no Arsenal de Artilleería: Castelo de San Antón e o seu pequeno porto e Casa do Botero.



MANUAL PARA ESCRITORES

Autor: **Manuel Miragaia**

90 páx. (130x200 mm.)

ISBN: 84-89129-38-X

PVP: **7 €**



Este libro que aquí ofrecemos, Manual para escritores e outras sátiras, trátase dun divertimento, sen maiores pretensións, que recolle parte dos seus mellores e provocadores textos e relatos humorísticos xuvenís, publicados en diversos medios escritos, cando só tiña uns vinte anos de idade. Componse dunha serie de irreverentes pezas narrativas para todo tipo de público, nas que o autor amosa os seus dotes de crítica, sarcasmo, inxenio, ironía e agudo humor.



HISTORIA DEL ANTIGUO PUERTO DEL PORTIÑO

-Seavella- San Pedro de Visma

Autor: **Fernando Cabanas López**

104 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-41-X

ESGOTADO



A obra *Historia del Puerto del Portiño* restablece na memoria dos coruñeses o status do asentamento da poboación e porto de abrigo de importancia capital no desenvolvemento das primeiras expansións en torno á cidade herculina, procurando recuperar a historia para unha mellor cimentación futura.



CÓMIC, APLICACIÓNS E ESTRATEXIAS

Autor: **Manuel Rajal Fernández**

80 páx. (245x335 mm.)

ISBN: 84-89129-53-3

PVP: **12 €**

Versión en galego e castelán



Este manual é unha axuda imprescindible para quen descoñeza a técnica narrativa e constructiva do cómic, é unha ferramenta metodolóxica e de traballo completa para quen desexe sacarlle o máximo partido a esta nova e única linguaxe aportados en plenitude por ese século que terminou.



BONECAS DE CRISTAL

Autor: **Xosé Martínez Abelleira**


162 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-55-X

PVP: **7 €**



Este conxunto de sesenta fasquías de mulleres forman un libro ameno, cheo de aspectos, quizais un pouco antimachistas ou teoloxistas pero interesantes e profundamente humanos. Un libro que se deba ler pouquiño a pouco, sen prása, como quen soletrea nunha casca de noz o contrapelo fusco dun mundo coma o noso.



NUEVE CUENTOS PARA NUEVE NOCHES

Autor: **Darío Acuña Lagos**

124 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-94-0

PVP: **9 €**



Estamos ante un libro que baixo o nome de *Nueve cuentos para nueve noches* recolle nove sorprendentes relatos ilustrados por Lokis, que non están englobados nunha mesma temática. Este é o primeiro libro de narrativa para Darío Acuña, que ademais é autor de numerosos artigos publicados en periódicos e revistas especializadas en medicina.



MANUAL DE SUPERVIVENCIA FRENTE AL STRESS

Autor: **Santiago Casal Quintáns**

112 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-62-9

PVP: **9 €**



Fronte ao reto de madurar a personalidade a través do esforzo persoal na persecución de obxectivos enriquecedores, valiosos e realistas, boa parte da sociedade actual, de clara tendencia hedonista, demoniza até o máis mínimo sacrificio e desenvolve manobras de evitación de todo aquilo que poda conlevalo. Paralelamente, os humanos perden habilidade na procura das melloras estratexias fronte a potenciais estresadores así como capacidade de respostas adaptativas e proporcionadas fronte a situacións que requiren un control das emocións.



CONSULTORIO LITERARIO.

Autor: **Luis Prego Carregal**

472 páx. (105x165 mm.)

ISBN: 978-84-92792-37-5

PVP: **18 €**



Un extraordinario traballo recopilatorio al que el autor dedicó pacientemente toda una vida y que, como él mismo indica, nació baseado esencialmente en el amor.



DE SANTIAGO SE SALE LLORANDO

Autor: **Eduardo González Menéndez**

202 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-04-8

PVP: **14 €**



Estudiantina que recrea o ambiente universitario santiagués dos anos '50, época na que foi escrita. A obra reflicte a situación da actual capital de Galicia na post-guerra. Un estudante madrileño apaixonado por esta terra debátase entre o amor de dúas mulleres, diferentes entre si, mais complementarias segundo a percepción sentimental do protagonista. Este mundo interior confirma, no remate da etapa estudiantil que... *de Santiago se sale llorando*.



FRAGMENTOS DE MI MOSAICO. CACHIÑOS, ESQUIRLAS Y TESELAS

Autor: **José Manuel Cairo Antelo**

1026 páx. (148x210 mm.)

ISBN: 978-84-121731-0-9

PVP: **40 €**



Cairo acierta a hacer esas combinaciones con las palabras que producen emoción y algo se mueve en nuestro interior cuando lo leemos. Parece que siempre encuentra las palabras precisas para expresar una idea, un pensamiento; para componer un poema, sin pararse con la métrica, pero con ritmo interno. Sus escritos nos impresionan, nos golpean y nos llevan a una reflexión profunda sobre nosotros mismos y nuestro entorno.



CUENTOS PARA EL OTOÑO

Autor: **Darío Acuña Lagos**

142 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-52-8

PVP: **12 €**



O segundo libro de narrativa de Darío Acuña, volve sorprendernos con dez relatos nos que é palpable estilisticamente a preocupación pola palabra exacta e pola frase breve e concisa, a búsqueda da esencia narrativa. Volve afondar na temática que estaba presente en *Nueve cuentos para nueve noches*, sempre preocupado pola variedade de rexistros, revestindo en todo momento os seus textos de certo ton lírico e un pouco triste, mirando con distancia cada historia das que aquí se narran.



LAS DIVERTIDAS MEMORIAS DE UN FERROVIARIO

Autor: **Manuel Jacobo González Outes**

155 páx. (148x210 mm.)

ISBN: 978-84-121731-7-8

PVP: **15 €**



Esta es una historia de historias. Manuel, un viejo jubilado de la Renfe, es el narrador de estas historias. Él acaba de ingresar en un geriátrico y se presenta a sus compañeros de asilo como "Contador de historias", don que heredó de su abuelo, que era el que mejor cantaba la regueifa de "A Costa da Morte".

Les cuenta la historia de Felipe Vilasantos, de oficio ladrón, que se arrepentía de los pecados antes de cometerlos, o la misteriosa belleza de Sabela Pazos, o la historia del fontanero Raul Parafilo que quería ser maestro de esgrima, o del demonio de segunda Abrahan Testaferro... docenas de divertidas historias que el ferroviario va hilvanando en cada capítulo.



LA VÍA DE PONIENTE

Autor: **Juan Luis Hernández Aguiar**
 313 páx. (145x210 mm.)
 ISBN: 978-84-127039-5-5

PVP.: **16 €**



La Vía Poniente responde a un proyecto que traslada al lector un enfoque más personal sobre el Camino de Santiago que el que puede encontrar en guías que ofrecen, desde la impersonalidad y el objetivismo, meras instrucciones sobre la senda a seguir hasta alcanzar la catedral compostelana.

A partir de su experiencia como peregrino, un lenguaje sencillo que hace la obra amena, el autor comparte las vivencias de cada etapa del Camino, la historia de sus monumentos, las costumbres e sus pueblos, el carácter de sus gentes, la gastronomía de cada lugar, las tradiciones y leyendas que encuentra a lo largo de su peregrinación, los paisajes en que puede profundizar a medida que avanza hacia Santiago...



LOS CAMINOS ROMANOS Y MEDIEVALES DEL MUNICIPIO DE CURTIS

Autor: **Fernando David Cabanas López**
 163 páx. (150x210 mm.)
 ISBN: 978-84-125915-0-7

PVP.: **18 €**



Analiza la evolución de las calzadas romanas de la zona de Curtis y su uso continuado o transformación durante la Edad Media.



PANAMOR. TOMO I

Autor: **José Manuel Cairo Antelo**
 980 páx. (148x210 mm.)
 ISBN: 978-84-126701-0-3


PVP.: **30 €**



PANAMOR son diez libros concatenados, cada uno con un título propio que se refiere al nombre del árbol del mundo celta, relacionado con el esoterismo y la magia de Galicia. El libro es un homenaje total a su medio natural inmediato.

Con PANAMOR, el autor nos incita a pensar a través de sus poemas filosóficos y nos transmite su pasión por el vivir intensamente, derribando todo o que se oponga y tirando los tabiques censores que impidan la plenitud, parece ser su compromiso espiritual.

PANAMOR es todo amor ...



PANAMOR. TOMO II

Autor: **José Manuel Cairo Antelo**
 1250 páx. (148x210 mm.)
 ISBN: 978-84-127489-4-9

PVP.: **35 €**



PANAMOR son diez libros concatenados, cada uno con un título propio que se refiere al nombre de un árbol del mundo celta, relacionado con el esoterismo y la magia de Galicia. El libro es un homenaje total a su medio natural inmediato.

Con PANAMOR, el autor nos incita a pensar a través de sus poemas filosóficos y nos transmite su pasión por el vivir intensamente y auténticamente, derribando todo lo que se oponga y tirando los tabiques censores que impidan la plenitud. parece ser su compromiso espiritual.

PANAMOR es todo amor...



EL TRANVÍA DE FERROL A NEDA. PRIMERA PARTE (1890-1939)


Autor: **Tomás Casal Pita**
 408 páx. (148x210 mm.)
 ISBN: 978-84-129628-5-7

PVP.: **21 €**



Los primeros tranvías que circularon en España lo hicieron, como no, en Madrid, en 1871, seguida de Barcelona al año siguiente. Usaban para ello la tracción animal, siendo los caballos y mulas sus primeros motores.

El siguiente paso vino dado por los tranvías a vapor que se instalaron en varias ciudades, siendo el primero en Santander. En Barcelona, se instalaron a partir de 1888 cuatro líneas que dieron servicio hasta que se cambiaron por los eléctricos, el último en 1903.



LA TORTUGA DE CUERO (O "EL VALOR DE APRENDER")

Autor: **José Manuel Cairo Antelo**
 276 páx. (148x210 mm.)
 ISBN: 978-84-129628-9-5

PVP.: **15 €**



"Mis maestros me han enseñado a pensar.
 Pensar me ha conducido a la búsqueda consciente.
 La consciencia me ha desconchado luces dormidas.
 Y los sueños me han abierto mundos desconocidos".

José M. Cairo



FORMAS DE GOBERNO VERTICAL E XESTIÓN EMPRESARIAL. Nº 1

Autor: **Nuria Rodríguez López e José Manuel García Vázquez**

207 páx. (160x240 mm.)
ISBN: 978-84-96673-37-3

PVP: **17 €**



A grande cantidade de traballos centrados en diversos aspectos da integración vertical, deu lugar a numerosas propostas tanto sobre o concepto de integración vertical como sobre os ratios de medida que é máis axeitado empregar. Esta diversidade de resultados levounos a centrar a atención nos diversos modos de materialización da estrutura vertical e a decantarnos por elaborar unha medida de integración vertical, resultante de codificar as principais posibles estruturas de goberno vertical dun modo discreto, atendendo ás opcións de relación de mercado, acordo de cooperación e integración da actividade.



PLAN XERAL DE CONTABILIDADE DE PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS. Casos prácticos. Nº 2

Autor: **Francisco Javier López Corrales e Mercedes Mareque Álvarez-Santullano**

232 páx. (160x240 mm.)
ISBN: 978-84-96673-59-5

PVP: **17 €**



Este libro de contido práctico, pretende ser útil para os que inicien a súa formación contable e tamén para os que necesiten actualizar os seus coñecementos debido á entrada en vigor a comezos do ano 2008 dunha nova normativa contable.

Cada capítulo analiza as distintas normas de rexistro e valoración que figuran na segunda parte do Plan das PEMES, onde se pon de manifesto as diferenzas máis relevantes en relación co Plan Xeral Contable do ano 1990.

Os dous últimos capítulos están adicados á resolución de dous supostos, o primeiro, recolle unha aplicación práctica da transformación do balance Plan do 90 - Plan 2007 e, o segundo, é outro suposto que contén un ciclo contable completo resolto segundo a normativa contable do Plan das PEMES.



A CONCENTRACIÓN PARCELARIA EN GALICIA. Unha oportunidade perdida para a transformación das explotacións gandeiras. Nº 3

Autor: **Alfonso Ribas Álvarez**

232 páx. (160x240 mm.)
ISBN: 978-84-96673-65-6

PVP: **17 €**



Neste libro estudase, a concentración parcelaria na explotacións con gando vacún en Galicia. A través do estudo das explotacións en áreas concentradas e non concentradas extráense conclusións relativas ao impacto da concentración parcelaria no desenvolvemento da gandería galega. Estúdase o impacto da concentración na base territorial, na mobilidade da terra, na variación dos usos do solo e na eficiencia técnica das explotacións. Ademais, estúdase a valoración por parte dos gandeiros da política de concentración parcelaria e cales son as súas principais queixas sobre a execución e as principais demandas. Para rematar realízase un estudo das concentracións privadas da provincia de A Coruña co fin de determinar o seu aplicabilidade como modelo prioritario de substitución da concentración parcelaria de carácter público.



PLAN XERAL DE CONTABILIDADE DE PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS. Nº 4

Autor: **Tradución de Afonso Ribas Fraga**

280 páx. (160x240 mm.)
ISBN: 978-84-96673-83-0

PVP: **18 €**



Este libro, traducido ao galego por Afonso Ribas Fraga, recolle os cambios introducidos no NOVO PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (PGC 2008) e no NOVO PLAN XERAL DE CONTABILIDADE PARA AS PEMES (PGC PEMES 2008), que entraron en vigor no estado español en xaneiro de 2008. Son modificacións substanciais na lexislación mercantil en materia contable que afectan a todas as empresas, persoas físicas ou Sociedades que teñan que formular as súas Contas Anuais. Tamén contempla as modificacións relacionadas en materia contable contidas no Código de Comercio e no Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas referidas principalmente aos "Negocios sobre as accións propias", e ás "Normas de formulación das contas anuais e de aplicación do resultado", así como a derogación doutra normativa da Lei de Sociedades Anónimas (Estrutura do Balance, da Conta de Perdas e Ganancias).



IN-MIGRACIÓN. Educación, cultura e políticas para a inclusión social en Galicia. Nº 5

Autor: **Nieves Lagares Diez e Mar Lorenzo Moledo**

248 páx. (140x240 mm.)
ISBN: 978-84-92792-25-2

PVP: **19 €**



A inmigración converteuse nos últimos anos, tamén en Galicia, nun tema de rotunda actualidade que precisa ser analizado en tódalas súas vertentes e dende diversas perspectivas. O presente libro é unha tentativa de abarcar algúns dos aspectos máis relevantes do fenómeno inmigratorio na Comunidade Galega. Trátase polo tanto dun libro multidisciplinar, no que os autores, baseándose nunha ampla serie de datos cuantitativos, analizan a inmigración en Galicia dende unha perspectiva sociolóxica, política, educativa e legal.



O PLANO XERAL CONTABLE DE PEMES. UNHA VISIÓN PRÁCTICA CON EXEMPLOS. Nº 6

Autor: **José M^a Martínez Fernández**

384 páx. (160x240 mm.)
ISBN: 978-84-92792-55-9

PVP: **21 €**



O obxectivo deste libro é o de axudar ó lector á interpretación do texto legal correspondente ó plano contable de PEMES. Con este obxectivo, o que se fixo á hora de ir tratando os diferentes temas, foi incluír unha breve explicación teórica previa, de seguido inclúese o texto do plan que lle afecta a ese tema, e posteriormente unha batería de exemplos que nos axuden a comprender, tanto a explicación teórica previa como o texto legal correspondente. Con este método, foise percorrendo o contido do plano de PEMES, desde a primeira parte, marco conceptual da contabilidade, ata a descrición da última conta na parte quinta, definicións e relacións contables.



A CRISE ECONÓMICA NA ÉPOCA PRESENTE E A DESCENTRALIZACIÓN REXIONAL. Nº 7

Autor: **Alfredo Brañas**

Limiar de **Xosé Manuel Beiras Torrado**

131 páx. (160x240 mm.)

ISBN: 978-84-92792-78-8

PVP: **15 €**



“Entremedias de todos eses Brañas que se contradin, todos iles certos, identifico a un home que tivo a paixón da Terra, e nil recoñezo sen reparo e conmovido a un devanceiro que asumo con tódalas suas contradicións, como asumo a historia terríbel do meu pobo e as terríbeis eivas do seu histórico presente. Aínda non conquerimos nin a sombra do que os nosos devanceiros arelaran. Non chegou o tempo de peneirarmos a nosa historia. Abóndanos, de Brañas, o ter teimado en deschoer vieiros para o país, o seu compromiso veraz con il. Abóndanos o fito chantado na protohistoria do nacionalismo por ese xurdio carballés afincado en Compostela que se chamou, en vida, Alfredo Brañas”.

Xosé Manuel Beiras Torrado



ARREDOR DO RURAL

Autor: **AA.VV.**

211 páx. (160x240 mm.)

ISBN: 978-84-127489-0-1

PVP: **19 €**



A Comunidade de Accións e Saberes Arredor do rural é unha plataforma onde nos xuntamos persoas que vimos de colectivos rurais moi diversos e persoas que vimos do eido docente, maioritariamente universitario, e tamén de áreas de coñecemento moi diversas.

Xuntámonos para aproximar mundos afastados e para visibilizar o medio rural como un lugar de oportunidade para desenvolver futuros profesionías e vitais, xustos e sostíbeis.

Neste libro recolleemos algunhas experiencias de como o tentamos de argallar, facendo uso da Aprendizaxe-Servizo como estratexia, para que o estudantado formen parte de proxectos que están a construír a innovación social nas nosas aldeas e pequenas vilas.



GUÍA DE INDICADORES DE XESTIÓN DEPORTIVA EN GALIZA.

Autores: **Patricio Sánchez Fernández, Ángel Barajas Alonso e José Antonio Fraiz Brea**

143 páx. (140x240 mm.)

ISBN: 978-84-96673-28-1

PVP: **15 €**

Versión en galego e castelán



Esta publicación parte da necesidade de avaliar, desde un punto de vista obxectivo, as inversións privadas e públicas nas actividades deportivas. Para o devandito adóptase a perspectiva usada a nivel privado no ámbito empresarial, realizando unha proposta para o deseño de indicadores da avaliación destas inversións.



LA PSICOLOGÍA DEL ÁRBITRO DE FUTBOL.

Autor: **Jacinto González-Oya e Joaquín Dosil**

184 páx. (140x240 mm.)

ISBN: 84-96673-19-2

PVP: **15 €**



Pártese do Modelo Jerárquico de Habilidades Psicológicas para árbitros, que propón comezar traballando a motivación e a prevención do agotamento para, posteriormente, controlar a activación, mellorar a comunicación no campo, aumentar a confianza e optimizar a concentración. O dominio destas habilidades psicolóxicas mellorarán o autocontrol e reflexaranse directamente na toma de decisións durante os partidos (considerada a habilidade psicolóxica máis avanzada).

O libro está dirixido principalmente a árbitros de fútbol e aos seus delegados, aínda que colexiados doutras modalidades como fútbol-sala, baloncesto, balonmán, etc... tamén encontrarán respostas ás cuestión relacionadas coa psicología.



O ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS EN GALICIA. Unha visión interdisciplinaria.

Autor: **VV.AA.**

352 páx. (140x240 mm.)

ISBN: 978-84-92792-03-0

PVP: **18 €**



A iniciativa da Asociación de Familiares de Doentes de Alzheimer e outras Demencias de Lugo (Afalú) fixo posible a publicación de O Alzheimer e outras demencias en Galicia, unha obra centrada nas dificultades que o Alzheimer e outras demencias presentan actualmente dentro da sociedade galega, onde máis de vinte e cinco mil persoas están afectadas por algunha destas enfermidades e cuxas consecuencias van máis alá do propio paciente, traendo consigo fondas implicacións para os familiares, para os cuidadores/as dos enfermos e para un amplísimo número de profesionais que, dun xeito ou doutro, dedican o seus esforzos a afrontalas e tratalas.



INTERVENCIÓN NAS AULAS.

Autor: **M^o Elena Añel Cabanelas**

265 páx. (140x240 mm.)

ISBN: 978-84-92792-

PVP: **18 €**



Este libro constitúe unha reflexión sobre cal é o papel que xoga o persoal educativo no proceso de aprendizaxe do alumnado con necesidades. É fundamental a colaboración de todos eles para participar na posta en marcha dos programas de intervención elaborados, a implicación e disposición para introducir melloras logo das avaliacións, e, en definitiva, a preocupación polo futuro deste tipo de alumnado.

Os docentes debemos ser conscientes da importancia do noso labor diario e da responsabilidade que o Estado nos encomenda ao poñer nas nosas mans o funcionamento dun servizo público que se establece como dereito fundamental.



Ilustración pertencente ao libro *A chuvia humana* de Ramón Caride Ogando



ESTUDIOS SOBRE POESÍA DE CANCIONERO. Nº 1

Autor: **VV.AA.**

136 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-83-5

PVP: **12 €**



O amplo estudo de Beltran examina a orixe, evolución e condicionantes dos traballos sobre cancionero desde mediados do XIX; ademais, sinala algunhas constantes estruturais na composición dos cancioneros casteláns catrocentistas. Campos centra o seu artigo nos problemas de atribución de dous poemas satíricos a diferentes membros da familia Manrique. Cuesta rastrea e analiza as referencias a personaxes da literatura artúrica e da poesía de cancionero. Tato revisa a posible autoría de poemas en catalán por parte de Pedro de Santa Fe, escritor en castelán e galego.



VIDA Y OBRA DE PEDRO DE SANTA FE. Nº 4

Autor: **Cleofé Tato**

256 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-87-8

PVP: **15 €**



Na primeira parte do estudo analízase detalladamente a traxectoria vital do poeta do XV Pedro de Santa Fe (orixes, formación, vinculación con Alfonso V, relacións con outros personaxes da época...). Na segunda, tras aclarar algúns equívocos sobre a súa obra, abórdase o problema da súa transmisión (dedicando especial atención ao Cancioneiro de Palacio, no que recolle a maior parte dos seus textos), establécese o inventario da súa produción e, finalmente, ofrécese unha cronoloxía aproximada da mesma...



LA CONSTITUCIÓN DE LA LEXICOGRAFÍA MÉDICA MODERNA EN ESPAÑA. Nº 2

Autor: **Bertha M. Gutiérrez Rodilla**

144 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-84-3

PVP: **13 €**



O libro non se limita a ofrecer unha relación exhaustiva das obras médicas de interese lexicográfico publicadas en España en castelán, dende o XVII ata 1910, senón que busca as razóns das peculiaridades do movemento lexicográfico médico español dentro do marco europeo. Recórrense as peripecias da produción editorial dun tipo de obra médica moi característica do XIX, dicionarios e enciclopedias, testemuños de excepción da evolución experimentada pola medicina neste século, que foron, nembargantes, bastante coñecidas tanto polos historiadores da medicina coma da lingua.



AMOR Y CORTE. LA MATERIA SENTIMENTAL EN LAS CUESTIONES POÉTICAS DEL SIGLO XV. Nº 5

Autor: **Antonio Chas Aguión**

168 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-93-2

PVP: **12 €**



Neste estudo ofrécese unha análise do tratamento que da materia sentimental levaron os poetas concionerís baixo o esquema dialóxico de preguntas e respostas. A este propósito vai encamiñado o exame dos destinatarios, unha clasificación tipolóxica das cuestións, a organización dos asuntos sobre os que se interpela (no marco do universo sentimental de fins da Idade media) e, finalmente, a determinación da intencionalidade cómica co que pode ser abordado o asunto. Ofrécense, varios índices relativos ao corpus analizado dos seus autores e das fontes que os transmitiron.



FUNCIÓN RETÓRICA DEL RECURSO ETIMOLÓGICO EN LA OBRA DE JOSÉ ORTEGA Y GASSET. Nº 3

Autor: **Luis Gabriel-Stheeman**

234 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-01-7

PVP: **14 €**



Este estudo examina o modo no que Ortega se serve ao longo da súa obra da etimoloxía dunha palabra ou expresión, exposta explícita ou implícitamente. A primeira parte mostra que o etimoloxismo de Ortega asume, na súa manifestación discursiva, unha moi complexa diversidade formal. A segunda demostra que o recurso etimolóxico non é para o filósofo tan só un instrumento de indagación filosófica ou de renovación lingüística, senón tamén unha importantísima ferramenta no seu intento de persuadir ao destinatario dos seus escritos.



LA CHRONICA GOTHORUM PSEUDO-ISIDORIANA. Nº 6

Autor: **Fernando González Muñoz**

200 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-47-9

ESGOTADO



A *chronica gothorum pseudo-isidoriana* (s. XII) contén unha descrición da Península Ibérica e un resumo da súa historia ata a conquista árabe. Os contidos remontan as fontes latinas como Orosio, Xerónimo e Isidoro, a crónica mozarabe de 754, etc., coa particularidade de que estes materiais foron utilizados polo anónimo cronista a través dunha compilación, redactada en árabe, relacionada coa *Historia de los reyes de al-Andalus de Al-razi*. A edición vai acompañada por un amplo estudio introductorio, tradución ao castelán e notas.



CANZONIERI IBERICI I. Nº 7

Autor: **VV.AA.**

358 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-30-0

PVP: **27 €**



Presentamos un compendio de traballos peculiar que mostra os cancioneiros peninsulares nas súas múltiples vertentes, abrangendo varios séculos e sen entender de fronteiras lingüísticas. O primeiro tomo dedicase aos cancioneiros galego-portugueses, ao catalán e ao exclusivamente portugués.



CANZONIERI IBERICI II. Nº 8

Autor: **VV.AA.**

400 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-32-7

PVP: **27 €**



Este volume coeditado pola Universidade de A Coruña, a Universidade de Pédova e a editorial Toxosoutsos continua a serie iniciada co volume anterior, Cancionere Iberici I.



EL CANCIONERO DEL COMERCIANTE DE A CORUÑA. Nº 9

Autor: **Carmen Parrilla**

180 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-89129-28-9

PVP: **14 €**



Estudo rigoroso do manuscrito 3777 da Biblioteca Nacional de Madrid, que é resultado dunha copia realizada en A Coruña polo erudito Enrique de Vedia en 1843. Na mesma hai material poético diverso tanto pola súa cronoloxía como polo seu xénero. A obra deixa ver a paixón bibliófila e a erudición dos nosos homes do XIX.



PROPIEDADES LÉXICAS Y EVOLUCIÓN SINTÁCTICA. EL DESARROLLO DE LOS MECANISMOS DE SUBORDINACIÓN EN ESPAÑOL. Nº 10

Autor: **Mario Barra Jover**

422 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-45-9

PVP: **27,50 €**



Análise dos mecanismos de subordinación partindo dun enfoque sintáctico para desentrañar o tipo de relación que, o que se consideran proposicións introducidas por *que*, establecen co seu entorno. O tema preséntase desde un punto de vista evolutivo por se tratar dun bo camiño para acceder á comprensión do sistema actual.



EL «PEQUEÑO CANCIONERO». Nº 11

Autor: **Paola Elia**

160 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-67-X

PVP: **14 €**



Edición crítica do manuscrito 3788 BNM, que pertenceu ao Marqués de la Romana e foi divulgado en 1957 por José M^o Azáceta co título de Pequeño Cancionero, xustamente polo seu reducido tamaño. Trátase dunha antoloxía poética do século XVI composta por vinte e cinco textos na que están representados, entre outros, Macías e Rodríguez del Padrón.



LA SUMA DE LA FLOR DE CIRUGÍA DE FERNANDO DE CÓRDOBA. Nº 12

Autor: **José Ignacio Pérez Pascual**

246 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-95622-76-9

PVP: **16 €**



Este volume ofrece a edición crítica, profusamente anotada, da *Suma de la flor de cirujía*, texto médico de fins do XV, acompañada dunha ampla introdución.

Desde o seu inicio o autor, que vén sendo identificado tradicionalmente co humanista Fernando de Córdoba, revela as súas intencións: seleccionar aqueles remedios que lle parecen especialmente efectivos para o tratamento de certas enfermidades, de maneira que nos encontramos diante dun breve manual de consulta. Cita as autoridades habituais neste tipo de obras (*Avicena, Galeno, Alberto Magno, Petrus Hispanus, Arnau de Vilanova*), personaxes descoñecidos (como *Juan de Santu Palle*), e remite, en diversas ocasións, a coñecementos transmitidos por vía oral.



ACTAS DEL IX CONGRESO INTERNACIONAL DE LA ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE LITERATURA MEDIEVAL I. Nº 13

Autor: **VV.AA.**

622 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-73-0

ESGOTADO



No outono do ano 2001 (do 18 ao 22 de setembro), no Campus de Elviña da Universidade da Coruña, celebrouse o IX Congreso Internacional da Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Presentamos pois un compendio da maior parte dos traballos lidos e discutidos no Congreso da Coruña. Este primeiro volume contén as ponencias plenarias e varias comunicacións.



EL "CANZONIERE MARCIANO". Nº 16

Autor: **Andrea Zinato**

336 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-76-5

PVP: 24 €



O manuscrito Str[anieri] App[endice] XXV, 268 da Biblioteca Marciana de Venecia, do século XV, coñecido como Cancioneiro da Marciana ou ben Cancioneiro de Venecia, transmite 69 poemas de diversos autores e unha carta da raíña de Aragón ao seu marido don Afonso, rexente en Italia. Quince dos poemas e a epístola van acompañados da tradución ao italiano, dous poemas escribíronse orixinalmente en italiano e outros dous son híbridos, en castelán e italiano. As notas críticas e a edición corren a cargo do profesor Andrea Zinato.



ACTAS DEL IX CONGRESO INTERNACIONAL DE LA ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE LITERATURA MEDIEVAL II. Nº 14

Autor: **VV.AA.**

606 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-74-9

ESGOTADO



Este volume é a segunda parte da compilación das actas do IX Congreso Internacional da Asociación Hispánica de Literatura Medieval, celebrado no Campus de Elviña da Universidade da Coruña entre os días 18 e 22 de setembro de 2001. As máis recentes e variadas liñas de investigación foron testemuñadas por máis dun cento de comunicacións, como as que se recollen nesta segunda parte.



ACTAS DEL IX CONGRESO INTERNACIONAL DE LA ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE LITERATURA MEDIEVAL III. Nº 15

Autor: **VV.AA.**

656 páx. (150x210 mm.)

ISBN: 84-96259-75-7

ESGOTADO



No último volume das Actas do IX Congreso Internacional da Asociación Hispánica de Literatura Medieval, publícanse as restantes intervencións dos participantes membros desta asociación, que compartiron coñecementos e tarefas durante as sesións destas xornadas de traballo, do 18 ao 22 de setembro de 2001.



DERIVACIÓN Y REPRESENTACIÓN: su alternancia cíclica en la teoría de la gramática. Nº 1

Autores: **V. M. Longa** e **Guillermo Lorenzo**

136 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-24-6

PVP: **12 €**



Interesantísimo traballo resultado das repercusións de que nunha relación biolóxico-cultura a linguaxe fora colocada no segundo termo; nel desenvólvese a importancia trascendental do momento no que a aprendiz lingüística adquire a lingua, ou se pon de manifesto a oposición entre a teoría mentalista fronte ó conductismo e o estruturalismo, ademais de salientar o impulso que recibiu a sintaxe por mor da Gramática Xenerativa. Todos estes aspectos implican o tema central da obra, a alternancia entre o enfoque derivacional e o representacional recorrendo, en moitos momentos, ás teorías de Chomsky.



DE LENGUAS Y LENGUAJES. Nº 2

Autor: **VV.AA.**

328 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-37-8

PVP: **24 €**



Esta obra é o resultado do Congreso Internacional de Lingüística «Léxico & Gramática» que tivo lugar en Lugo en setembro de 2000, centrado na interrelación léxico-gramática no sentido máis amplo do termo, e os da semántica e a lexicografía admitindo investigacións de orientación sinórnica ou diacrónica referidos tanto ó lingüística xeral como ao estudo de linguas concretas ou grupos de linguas.



LA CARACTERIZACIÓN MORFOSINTÁCTICA DEL NOMBRE PROPIO. Nº 3

Autor: **Elena Bajo Pérez**

244 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-42-4

PVP: **18 €**



Obra especializada que responde á pregunta, que é un nome propio? O texto mostra a distinción entre os que son do mesmo grao e as condicións nas que podemos considerar que perden estas categorías.



DE HISTORIA DE LA LEXICOGRAFÍA. Nº 4

Autores: **Mar Campos Souto** e

José Ignacio Pérez Pascual (Eds.)

192 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-46-7

PVP: **17 €**



Presentamos o resultado do Congreso Internacional de Lingüística «Léxico & Gramática», auspiciado polas tres universidades galegas, no que se debateron arredor de trescentos traballos que xiraron sobre un eixo común, a interrelación léxico-gramática no sentido máis amplo, así como os da semántica e a lexicografía. No libro tamén se inclúe unha escolma de artigos referidos ao estudo da *Historia da Lexicografía*.



ESTUDIOS DE FONOLÓGIA FUNCIONAL. Nº 5

Autor: **Alexandre Veiga**

382 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-59-9

PVP: **26 €**



No obra concíbese o sistema fonolóxico como conxunto de oposicións funcionais entre unidades que se manifiestan en realizacións fónicas concretas. Oito estudos aquí descritos versan sobre aspectos da estrutura do sistema fonolóxico do español, dous sobre o fonematismo do galego, outros dous de orientación xeral, un sobre a orientación diacrónica entrando no terreo do romanístico, e un analiza un problema de interpretación fonolóxica no sistema clásico latino.



LA ENSEÑANZA DE IDIOMAS EN FILIPINAS (SIGLOS XVI-XIX). Nº 6

Autor: **Joaquín Sueiro Justel**

150 páx. (170x240 mm.)

ISBN: 84-95622-70-X

PVP: **16 €**



A lingüística indíxena viría denominar ao conxunto de actividades lingüísticas e filolóxicas desenvolvidas polos europeos nos territorios sometidos a dominación. Estas actividades van desde a formación e utilización de intérpretes, a política lingüística de normalización, métodos de estudo de fontes, elaboración de gramáticas, chegando até as consecuencias que todo isto tivo sobre os aboríxenes sometidos. Este é un estudo que pretende relacionar o ensino e a aprendizaxe do español nas Filipinas cos estudos que se facían na Península e en Europa. Libro que abre un camiño de investigación que non foi explorado aínda nen na súa metodoloxía, nen na súa temática.



A MARELA OU AMARELA?

Autor: **Manu Sobral**
 Ilustrador: Manu Martínez
 40 páx. (210x148 mm.)
 ISBN: 978-84-124910-9-8

PVP.: 12 €



Porque o que conta é borarlle conto
 e o que o conte ha botarlle moito conto!



FAVONIO

Autor: **María del Carmen Rey Núñez**
 38 páx. (150x210 mm.)
 ISBN: 978-84-126701-5-8

PVP.: 12 €



Favonio é un burriño que vive nunha granxa xestionada por un home moi malo que, cando algo lle sae mal, a emprende a golpes co becho que teña máis preto. E a nai de Favonio, por saber do cotián que lle agarda ao seu fillo, animouno a que fose na procura da Fraga Encantada, lugar onde ningún animal é maltratado. Malia ter que se enfrontar aos perigos do camiño, aló foi...

A FRAGA DE PASACORRENDO

Autor: **Carmen Penim**
 45 páx. (148x210 mm.)
 ISBN: 978-84-125915-4-5

PVP.: 12 €



Un lobiño con frío, un paxariño cagón, un ratiño artista... e moitos personaxes máis co que vivir as aventuras desta marabillosa fraga!
 Con audiocontos e cancións!




40 INVERNOS

Autor: **Anxo Romar**
 119 páx. (210x300 mm.)
 ISBN: 978-84-128122-0-6

PVP.: 20 €



Moita xente aínda segue a preguntarse
 Quen foi Man?
 Era un autodidacta?
 Era un xenio?
 Foi realmente un artista?...
 Ou foi un tolo?



LUG

Autor: **Antón Piriz Calvo; Xosé Piriz Calvo**
 26 páx. (200x300 mm.)
 ISBN: 978-84-127039-7-9

PVP.: 15 €



Sempre se falou da maxia e das lendas do Castro da actual Baroña. Pero o que ningún sabe é o que aconteceu realmente...



CANDELA E O ESPELLO MÁXICO

Autor: **Andrés Villar Murillo**
 36 páx. (130x200 mm.)
 ISBN: 978-84-128122-2-0

PVP.: 12 €



Candela é unha nena de oito anos extravertida, simpática e rebuleira. Gústalle gozar da natureza, algo que aprendeu do seu avó. É meticulosa coas súas cousas. Non soporta ver lixo tirado no chan. A pesar da súa curta idade, é moi responsable co medio natural: gústalle plantar árbores e frecuentemente acompaña ao seu avó en longos paseos pola beira do río ou subindo polos montes próximos á súa vila.

Unha tarde despois do colexio, Candela atopa un espello no lixo. Aquel espello ten a virtude de limpar toda a suciedade que se reflicte nel e ela comparte o segredo co seu avó. Porén, había algo que os inquietaba, porque ningún dos dous podía verse nel. Iso os ten un pouco preocupados, pero pensan que o espello máxico é tan especial que só se poden reflectir nel as cousas malas que nos rodean.



LÚA E O PAXARO

Autor: **Mª del Carmen Rey Núñez**
46 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-128986-8-2

PVP.: **12 €**



Lúa é unha nena despistada e, segundo coidan os pais, desobediente. Raro é o día que non a castigan no cole. A hiperactividade que padece e ninguén lla detecta, impide que o seu maxín se centre nos estudos ou en cousas do cotián. Porén, grazas á axuda dun paxaro que acaba de aterrar cabo dela e asegura chamarse don Tomás, a realidade, de aquí en diante, promete ser ben distinta. Vexamos, pois, como se desenrola a historia de Lúa e o paxaro.



OS CONTOS DE ANDREA DE AXEYRAS

Autor: **Andrea Suárez Baquero**
40 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-129628-1-9

PVP.: **12 €**



Alseida é unha fada que leva un mandil amarelo e botíns marróns. Durante o día danza entre as corredoiras tras as bolboretas e á noiteña dorme no oco dunha sobreira coa compañía do seu amigo gnomo e o gato da capela.

E...

Seguro que escoitastes falar das Perseidas. Cada verán, Vega e as irmás, espallando as súas melenas douradas, atravesan o ceo a unha velocidade tan meteórica que hai que prestar moita atención para ollalas e pedirilles unha arela.

Deseguido, imos emocionarnos coas aventuras de Antía e outras cunchiñas de vieira, que logo de invernar nun aparador, son descubertas por Lois, un mozo ao que lle gusta moito a música folk.

E...



CUCO, O AMIGO INVISÍBEL

Autor: **Max Portela**
58 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 978-84-129628-2-6

PVP.: **12 €**



Unha nena, cunha nai atarefada e un pai que traballa fóra, ten que xogar soa polas tardes. Ata que se lle aparece un amigo que ninguén máis ve. Xuntos aprenden sobre a vida e as emocións. Pero cando a nena pide nun desexo de aniversario ter un irmanciño, todo cambia.



O ALGODÓN DE DON PIRIMPÓN

Autor: **José Calvar, Jacinto García**
42 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-990650-8-4

PVP.: **16 €**



Acompaña a don Pirimpón nas súas viaxes e descubre os segredos que agocha a natureza.



SURFIERAS

Autor: **Mimasurf**
52 páx. (130x200 mm.)
ISBN: 979-13-991192-2-0

PVP.: **15 €**





¡El surf me da endorfinaaaaa! El surf me da paz. ¡El surf me da alaaaaa! El surf nos da bienestar. El surf me estresa. El surf es agotador.





editorial@toxosoutos.com

www.toxosoutos.com



EDITORIAL
TOXOSOUTOS

Cruceiro do Rego, 2 - Obre • 15213 Noia (A Coruña)

editorial@toxosoutos.com

www.toxosoutos.com